**SESIÓN ORDINARIA DO EXCELENTÍSIMO CONCELLO PLENO DE DATA OITO DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO**

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 8 de maio de 2025. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García,** e coa asistencia dos edís:

**GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP)**

D. Miguel Lorenzo Torres
D. Roberto Rodríguez Martínez
D.ª Rosalía López Sánchez
D.ª Susana Catalán Morcillo
D. Gonzalo Mora do Campo
D. Carlos San Claudio Yáñez
D.ª Carmen María No Varela
D. Roberto García Fernández
D. Antonio Deus Álvarez
D.ª Mª Jesús Fariñas Andón
D. Roberto Luis Coira Andrade
D. Jose Ramón Amado de la Fuente

**GRUPO MUNICIPAL DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)**

D. José Manuel Lage Tuñas
D.ª Eudoxia María Neira Fernández
D. Gonzalo Henrique Castro Prado
Dª. Nereida María Canosa Domínguez
D. Francisco Dinís Díaz Gallego
D.ª Noemí Díaz Vázquez
D. Manuel José Vázquez Martínez
D.ª Diana María Sobral Cabanas
D. Juan Ignacio Borrego Vázquez
D.ª Montserrat Paz Romero

**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

***SESIÓN ORDINARIA DEL EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO PLENO DE FECHA OCHO DE MAYO DE DOS MIL VEINTICINCO***

*En el Salón de Sesiones de las Casas Consistoriales de la ciudad de A Coruña, a 8 de mayo de 2025. Bajo la presidencia de la* ***Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García,*** *y con la asistencia de los ediles:*

***GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR (PP)***

*D. Miguel Lorenzo Torres*
*D. Roberto Rodríguez Martínez*
*D.ª Rosalía López Sánchez*
*D.ª Susana Catalán Morcillo*
*D. Gonzalo Mora do Campo*
*D. Carlos San Claudio Yáñez*
*D.ª Carmen María No Varela*
*D. Roberto García Fernández*
*D. Antonio Deus Álvarez*
*D.ª Mª Jesús Fariñas Andón*
*D. Roberto Luis Coira Andrade*
*D. Jose Ramón Amado de la Fuente*

***GRUPO MUNICIPAL DE LOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE (PSdeG-PSOE)***

*D. José Manuel Lage Tuñas*
*D.ª Eudoxia María Neira Fernández*
*D. Gonzalo Henrique Castro Prado*
*Dª. Nereida María Canosa Domínguez*
*D. Francisco Dinís Díaz Gallego*
*D.ª Noemí Díaz Vázquez*
*D. Manuel José Vázquez Martínez*
*D.ª Diana María Sobral Cabanas*
*D. Juan Ignacio Borrego Vázquez*
*D.ª Montserrat Paz Romero*

***GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)***

D. Francisco Xesús Jorquera Caselas
D.ª Avia Veira González
D.ª María Mercedes Queixas Zas
D. David José Soto Díaz

*D. Francisco Xesús Jorquera Caselas*
*D.ª Avia Veira González*
*D.ª María Mercedes Queixas Zas*
*D. David José Soto Díaz*

reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello Pleno, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

*se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, al objeto de celebrar sesión ordinaria en primera convocatoria.*

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **interventor xeral, don Ángel David Murado Codesal.**

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno, don Manuel José Díaz Sánchez**, hallándose además presente el **interventor general, don Ángel David Murado Codesal.***

Ás dez horas e sete minutos, a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

*A las diez horas y siete minutos, la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en el orden del día.*

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Moi bo día a todos e a todas, benvidos a esta sesión ordinaria do Pleno correspondente ó mes de maio. Damos a benvida a todos os membros da Corporación, señor secretario xeral, señor interventor, persoal municipal que nos acompaña, xornalistas, medios gráficos e todos aqueles que nos seguen dende a Tribuna de Convidados e tamén a través do *streaming.*

*Muy buenos días a todos y a todas, bienvenidos a esta sesión ordinaria del Pleno correspondiente al mes de mayo. Damos la bienvenida a todos los miembros de la Corporación, señor secretario general, señor interventor, personal municipal que nos acompaña, periodistas, medios gráficos y a todos aquellos que nos siguen desde la Tribuna de Invitados y también en directo.*

**I – PARTE RESOLUTIVA**

***I – PARTE RESOLUTIVA***

**ASUNTO 1**

***ASUNTO 1***

**Comunicacións da Alcaldía.**

***Comunicaciones de la Alcaldía.***

**Presidencia**

**Presidencia**

Parte Resolutiva, señor secretario, asunto un.

*Parte Resolutiva, señor secretario, asunto uno.*

**Señor Secretario**

***Señor Secretario***

Comunicacións da Alcaldía.

*Comunicaciones de la Alcaldía.*

**53. Comunicado da Alcaldía sobre a violencia de xénero.**

***53. Comunicado de la Alcaldía sobre la violencia de género.***

**Presidencia**

***Presidencia***

Ben, nas Comunicacións da Alcaldía aprobouse... Garden silencio, señores do Goberno, garden silencio, por favor.

*Bien, en las Comunicaciones de la Alcaldía se aprobó... Guarden silencio, señores del Gobierno, guarden silencio, por favor.*

No Pleno do 14 de setembro aprobouse unha moción conxunta sobre..., setembro de 2015, unha moción conxunta sobre a violencia de xénero na que se acordaba iniciar cada Pleno ordinario gardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior Pleno.

*En el Pleno de 14 de septiembre se aprobó una moción conjunta sobre..., septiembre de 2015, una moción conjunta sobre la violencia de género en la que se acordaba iniciar cada Pleno ordinario guardando tantos minutos de silencio como personas fueran asesinadas por el machismo desde el anterior Pleno.*

Conforme os datos que facilita a Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero, o número de mulleres asasinadas por violencia de xénero en España ascendeu a 50 no ano 2022, 58 no 2023, 48 no 2024, 11 no 2025 e 1.305 desde o 1 de xaneiro de 2003, quedando 36 menores orfos en 2024, 8 no 2025 e 477 desde o ano 2013.

*Conforme los datos que facilita la Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género, el número de mujeres asesinadas por violencia de género en España ascendió a 50 en el año 2022, 58 en el 2023, 48 en el 2024, 11 en el 2025 y 1.305 desde el 1 de enero de 2003, quedando 36 menores huérfanos en 2024, 8 en el 2025 y 477 desde el año 2013.*

O número de menores asasinados ascende a un no ano 2025 e a 63 desde o 1 de xaneiro do 2013.

*El número de menores asesinados asciende a uno en el año 2025 y a 63 desde el 1 de enero del 2013.*

Dende o pasado Pleno ordinario confirmáronse catro mulleres asasinadas por violencia de xénero:

*Desde el pasado Pleno ordinario se confirmaron cuatro mujeres asesinadas por violencia de género:*

- O 11 de abril de 2025. Diana C., de 48 anos, en Las Palmas de Gran Canaria.

*- El 11 de abril de 2025. Diana C., de 48 años, en Las Palmas de Gran Canaria.*

- O 18 de abril de 2025. Marta, de apelidos descoñecidos, de 44 anos, en Calafell, Tarragona.

*- El 18 de abril de 2025. Marta, de apellidos desconocidos, de 44 años, en Calafell, Tarragona.*

- O 24 de abril de 2025. Rocío, de apelidos descoñecidos, de 55 anos, en Cartaya, Huelva.

*- El 24 de abril de 2025. Rocío, de apellidos desconocidos, de 55 años, en Cartaya, Huelva.*

- O 28 de abril de 2025. Miriam, de apelidos descoñecidos, de 35 anos, en Haro, La Rioja.

*- El 28 de abril de 2025. Miriam, de apellidos desconocidos, de 35 años, en Haro, Lana Rioja.*

**(Gárdanse catro minutos de silencio).**

***(Se guardan cuatro minutos de silencio).***

**54. Declaración institucional con motivo do Día das Letras Galegas.**

***54. Declaración institucional con motivo del Día de las Letras Gallegas.***

**Presidencia**

***Presidencia***

A continuación darei lectura ás dúas declaracións institucionais acordadas na Comisión de Voceiros. A primeira delas é de adhesión do Concello da Coruña á declaración da Fegamp con motivo da celebración do Día das Letras Galegas.

*A continuación daré lectura a las dos declaraciones institucionales acordadas en la Comisión de Portavoces. La primera de ellas es de adhesión del Ayuntamiento de A Coruña a la declaración de la Fegamp con motivo de la celebración del Día de las Letras Gallegas.*

A Corporación municipal da Coruña en Pleno manifesta a súa adhesión á declaración institucional promovida pola Federación Galega de Municipios e Provincias con motivo da celebración do 17 de maio de 2025, Día das Letras Galegas, que se reproduce a continuación.

*La Corporación municipal de A Coruña en Pleno manifiesta su adhesión a la declaración institucional promovida por la Federación Gallega de Municipios y Provincias con motivo de la celebración del 17 de mayo de 2025, Día das Letras Galegas, que se reproduce a continuación.*

A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) conmemora e celebra o Día das Letras Galegas este 17 de maio de 2025 compartindo o recoñecemento público ás cantareiras homenaxeadas, personificadas en Adolfina e Rosa Casás, de Cerceda; Asunción Garrido, Prudencia Garrido e Manuela Lema, de Mens, e Eva Castiñeira, de Muxía.

*La Federación Gallega de Municipios y Provincias (Fegamp) conmemora y celebra el Día das Letras Galegas este 17 de mayo de 2025 compartiendo el reconocimiento público a las cantareiras homenajeadas, personificadas en Adolfina y Rosa Casás, de Cerceda; Asunción Garrido, Prudencia Garrido y Manuela Lema, de Mens, y Eva Castiñeira, de Muxía.*

A Fegamp celebra dedicarlle un Día das Letras Galegas á lírica popular, cunha clara influencia local, representando as seis homenaxeadas a todas cantas mulleres, moitas delas con nomes coñecidos e outras aínda anónimas, cumpriron un papel principal na transmisión da lírica popular, de xoias poéticas extraordinarias e dun galego

*La Fegamp celebra dedicarle un Día das Letras Galegas a la lírica popular, con una clara influencia local, representando las seis homenajeadas a todas cuantas mujeres, muchas de ellas con nombres conocidos y otras aún anónimas, cumplieron un papel principal en la transmisión de la lírica popular, de joyas poéticas extraordinarias y de un gallego*

enxebre e saboroso.

*castizo y exquisito.*

Na conmemoración do Día das Letras Galegas, a Fegamp salienta que un dos seus obxectivos é promover a cultura e a lingua galegas no marco das competencias que o ordenamento xurídico lles atribúe ás corporacións locais de Galicia.

*En la conmemoración del Día das Letras Galegas, la Fegamp destaca que uno de sus objetivos es promover la cultura y la lengua gallegas en el marco de las competencias que el ordenamiento jurídico les atribuye a las corporaciones locales de Galicia.*

Xa nos anos oitenta, antes da aprobación do Estatuto de Autonomía, en 1981, e da Lei de Normalización Lingüística, en 1983, as corporacións locais tiveron un protagonismo decisivo na reivindicación do galego e na defensa da súa extensión social. E a Fegamp xa constituída como organización dos 313 concellos galegos e das catro deputacións provinciais, mantén vixente a 'Declaración do Hostal dos Reis Católicos', subscrita no 84, en Santiago de Compostela, por 184 alcaldías de todas as tendencias políticas e de todos os puntos da xeografía galega, motivando a defensa da implantación do galego en todas as administracións públicas en Galicia tanto no que se refire ao seu uso, como á esixencia do seu coñecemento como mérito para o acceso ao emprego público. Aínda hoxe, os esforzos deben centrarse en aumentar o número de galegofalantes potenciando a presencia do galego nas novas canles derivadas do desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

*Ya en los años ochenta, antes de la aprobación del Estatuto de Autonomía, en 1981, y de la Ley de Normalización Lingüística, en 1983, las corporaciones locales tuvieron un protagonismo decisivo en la reivindicación del gallego y en la defensa de su extensión social. Y la Fegamp ya constituida como organización de los 313 ayuntamientos gallegos y de las cuatro diputaciones provinciales, mantiene vigente la 'Declaración do Hostal dos Reis Católicos', suscrita en el 84, en Santiago de Compostela, por 184 alcaldías de todas las tendencias políticas y de todos los puntos de la geografía gallega, motivando la defensa de la implantación del gallego en todas las administraciones públicas en Galicia tanto en lo que se refiere a su uso, como a la exigencia de su conocimiento como mérito para el acceso al empleo público. Aun hoy, los esfuerzos deben centrarse en aumentar el número de gallegohablantes potenciando la presencia del gallego en los nuevos canales derivados del desarrollo de las nuevas tecnologías de la información y de la comunicación.*

Por mil primaveras máis para o galego, os concellos galegos sempre estarán coas Letras Galegas.

*Por mil primaveras más para el gallego, los ayuntamientos gallegos siempre estarán con las Letras Galegas.*

**55. Declaración institucional con motivo do Día Mundial da Fibromialxia e do Síndrome de Fatiga Crónica.**

***55. Declaración institucional con motivo del Día Mundial de la Fibromialgia y del Síndrome de la Fatiga Crónica.***

**Presidencia**

***Presidencia***

A segunda delas é a declaración institucional de adhesión do Concello da Coruña á Declaración da Asociación Fibro Visibles con motivo da celebración do Día Mundial da Fibromialxia e do Síndrome de Fatiga Crónica que se conmemora o 12 de maio.

*La segunda de ellas es la declaración institucional de adhesión del Ayuntamiento de A Coruña a la Declaración de la Asociación Fibro Visibles con motivo de la celebración del Día Mundial de la Fibromialgia y del Síndrome de Fatiga Crónica que se conmemora el 12 de mayo.*

A Corporación municipal da Coruña en Pleno manifesta a súa adhesión á declaración institucional promovida pola Asociación Fibro Visibles con motivo da celebración do 12 de maio, Día Mundial da Fibromialxia e do Síndrome de Fatiga Crónica, que se reproduce a continuación:

*La Corporación municipal de A Coruña en Pleno manifiesta su adhesión a la declaración institucional promovida por la Asociación Fibro Visibles con motivo de la celebración de 12 de mayo, Día Mundial de la Fibromialgia y del Síndrome de Fatiga Crónica, que se reproduce a continuación:*

"Dende a Asociación Galega de Fibromialxia e Síndrome de Fatiga Crónica, Fibro Visibles, considérase fundamental a sensibilización e visibilización destas e doutras enfermidades moitas veces invisibles, incomprendidas e lamentablemente, aínda subestimadas. Existen milleiros de persoas no mundo que conviven diariamente coa dor, o esgotamento extremo e con múltiples síntomas que impactan profundamente na súa calidade de vida.

*"Desde la Asociación Gallega de Fibromialgia y Síndrome de Fatiga Crónica, Fibro Visibles, se considera fundamental la sensibilización y visibilización de estas y de otras enfermedades muchas veces invisibles, incomprendidas y lamentablemente, aun subestimadas. Existen miles de personas en el mundo que conviven diariamente con el dolor, el agotamiento extremo y con múltiples síntomas que impactan profundamente en su calidad de vida.*

A fibromialxia e o síndrome da fatiga crónica son enfermidades crónicas, debilitantes e multisistémicas. Afectan principalmente ás mulleres, aínda que tamén a homes, nenos e adolescentes. Ambas patoloxías comparten o estigma da invisibilidade: os seus síntomas non sempre se reflicten en análises clínicos ou estudos por imaxe, o que leva con frecuencia ao descrédito, a diagnoses erróneas e á falla dunha atención médica axeitada e empática. Queremos alzar a nosa voz xunto a quen loita día a día contra estas condicións.

*La fibromialgia y el síndrome de la fatiga crónica son enfermedades crónicas, debilitantes y multisistémicas. Afectan principalmente a las mujeres, aunque también a hombres, niños y adolescentes. Ambas patologías comparten el estigma de la invisibilidad: sus síntomas no siempre se reflejan en análisis clínicos o estudios por imagen, lo que lleva con frecuencia al descrédito, a diagnosis erróneas y a la falta de una atención médica idónea y empática. Queremos alzar nuestra voz junto a quien lucha día a día contra estas condiciones.*

Reafirmamos o noso compromiso como entidade de acompañar as súas demandas e contribuír activamente á construción

*Reafirmamos nuestro compromiso como entidad de acompañar sus demandas y contribuir activamente a la construcción*

dunha sociedade máis xusta, onde o dereito á saúde e a unha vida digna estea garantido para todas as persoas sen importar a complexidade da súa diagnose.

As persoas con fibromialxia e síndrome de fatiga crónica demandamos:

1. Recoñecemento oficial pleno destas enfermidades como condicións discapacitantes cando o cadro clínico así o acredite, incluíndo a súa inclusión efectiva en normativas de discapacidade e prestacións sociais.

2. Capacitación médica específica, tanto a profesionais de atención primaria como a especialistas, para evitar diagnoses tardías, tratamentos inadecuados e revitimizacións.

3. Investigación científica que permita avanzar no coñecemento das causas, mecanismos fisiopatolóxicos e tratamentos efectivos, con enfoque interdisciplinario e perspectiva de xénero.

4. Acceso igualitario a tratamentos integrais, incluídas terapias farmacolóxicas, psicolóxicas e físicas cubertas polos sistemas de saúde públicos e privados.

5. Acompañamento escolar e laboral axeitado, que contemple adaptacións razoables, licenzas xustificadas e a promoción de contornas inclusivas e comprensivas.

6. Sensibilización social para combater o estigma, a desinformación e a discriminación que aínda padecen aqueles que viven con estas enfermidades.

Dende a nosa entidade vémonos na obriga de insistir en que a dor é un síntoma que endexamais debe ser

*de una sociedad más justa, donde el derecho a la salud y a una vida digna esté garantizado para todas las personas sin importar la complejidad de su diagnosis.*

*Las personas con fibromialgia y síndrome de fatiga crónica demandamos:*

*1. Reconocimiento oficial pleno de estas enfermedades como condiciones discapacitantes cuando el cuadro clínico así lo acredite, incluyendo su inclusión efectiva en normativas de discapacidad y prestaciones sociales.*

*2. Capacitación médica específica, tanto a profesionales de atención primaria como a especialistas, para evitar diagnosis tardías, tratamientos inadecuados y revictimizaciones.*

*3. Investigación científica que permita avanzar en el conocimiento de las causas, mecanismos fisiopatológicos y tratamientos efectivos, con enfoque interdisciplinario y perspectiva de género.*

*4. Acceso igualitario a tratamientos integrales, incluidas terapias farmacológicas, psicológicas y físicas cubiertas por los sistemas de salud públicos y privados.*

*5. Acompañamiento escolar y laboral adecuado, que contemple adaptaciones razonables, licencias justificadas y la promoción de entornos inclusivos y comprensivos.*

*6. Sensibilización social para combatir el estigma, la desinformación y la discriminación que aún padecen aquellos que viven con estas enfermedades.*

*Desde nuestra entidad nos vemos en la obligación de insistir en que el dolor es un síntoma que jamás debe ser ignorado, que*

ignorado, que o cansazo crónico non é preguiza e que detrás de cada diagnose hai unha historia de loita, resiliencia e dignidade.

*el cansancio crónico no es pereza y que detrás de cada diagnóstico hay una historia de lucha, resiliencia y dignidad.*

Por iso, facemos unha chamada aos estados, aos sistemas de saúde, ás comunidades médicas e científicas, aos empregadores e á sociedade no seu conxunto: escoiten, crean, acompañen e actúen. Porque vivir con fibromialxia ou síndrome de fatiga crónica non debería ser unha condena ao esquecemento, senón unha chamada á empatía e á xustiza.

*Por eso, hacemos una llamada a los estados, a los sistemas de salud, a las comunidades médicas y científicas, a los empleadores y a la sociedad en su conjunto: escuchen, crean, acompañen y actúen. Porque vivir con fibromialgia o síndrome de fatiga crónica no debería ser una condena al olvido, sino una llamada a la empatía y a la justicia.*

Non máis invisibilidade. Non máis indiferenza. É tempo de coidar con coñecemento, con respecto e con humanidade."

*No más invisibilidad. No más indiferencia. Es tiempo de cuidar con conocimiento, con respeto y con humanidad."*

Moitas grazas tamén a representantes da Asociación Fibro Visibles que hoxe nos acompañan na Tribuna.

*Muchas gracias también a representantes de la Asociación Fibro Visibles que hoy nos acompañan en la Tribuna.*

**56. Aprobación do borrador da acta da seguinte sesión:**

***56. Aprobación del borrador del acta de la siguiente sesión:***

**- Extraordinaria, de 11 de febreiro de 2025.**

***- Extraordinaria, de 11 de febrero de 2025.***

**- Ordinaria, de 13 de marzo de 2025.**

***- Ordinaria, de 13 de marzo de 2025.***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

O seguinte asunto dentro das Comunicacións da Alcaldía son a aprobación dos borradores das actas da sesión extraordinaria de 11 de febreiro de 2025 e ordinaria de 13 de marzo de 2025. Quedan aprobadas toda vez que non hai alegacións ás mesmas.

*El siguiente asunto dentro de las Comunicaciones de la Alcaldía son la aprobación de los borradores de las actas de la sesión extraordinaria de 11 de febrero de 2025 y ordinaria de 13 de marzo de 2025. Quedan aprobadas toda vez que no hay alegaciones a las mismas.*

**CONCELLARÍA DE CULTURA E TURISMO**

***CONCEJALÍA DE CULTURA Y TURISMO***

**Dirección da Área de Cultura**

***Dirección del Área de Cultura***

**Servizo de Cultura**

**ASUNTO 2**

**57. Expediente CI1/2023/716 Modificación dos Estatutos do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Fomento e Promoción da Cidade en sesión celebrada o 5 de maio de 2025, cos votos a favor dos Grupos municipais dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, e a abstención do Grupo municipal do Partido Popular, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

Aprobar a modificación dos Estatutos do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, cuxo texto achégase.

**(Xúntase a esta acta como anexo o texto dos Estatutos)**

**Intervencións**

**Presidencia**

Pasamos xa ó asunto número dous, da Concellería de Cultura e Turismo. Señor secretario.

**Señor Secretario**

Asunto número dous, Expediente de modificación dos Estatutos do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses.

**Presidencia**

Ben, moitas grazas.

Damos tamén a benvida e saudamos os

***Servicio de Cultura***

***ASUNTO 2***

***57. Expediente CI1/2023/716 Modificación de los Estatutos del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses.***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Fomento y Promoción de la Ciudad en sesión celebrada el 5 de mayo de 2025, con los votos a favor de los Grupos municipales de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego, y la abstención del Grupo municipal del Partido Popular, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:*

*Aprobar la modificación de los Estatutos del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, cuyo texto se adjunta.*

***(Se adjunta a esta acta como anexo el texto de los Estatutos)***

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Pasamos ya al asunto número dos, de la Concejalía de Cultura y Turismo. Señor secretario.*

***Señor Secretario***

*Asunto número dos, Expediente de modificación de los Estatutos del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses.*

***Presidencia***

*Bien, muchas gracias.*

*Damos también la bienvenida y saludamos*

membros do Instituto, nomeadamente á súa directora. Señora Romero, benvida.

*a los miembros del Instituto, especialmente a su directora. Señora Romero, bienvenida.*

Ten a palabra o concelleiro de Cultura, señor Castro Prado, para expoñer este asunto e despois haberá unha quenda de debate única de catro minutos. Señor Castro, ten a palabra.

*Tiene la palabra el concejal de Cultura, señor Castro Prado, para exponer este asunto y después habrá un turno de debate único de cuatro minutos. Señor Castro, tiene la palabra.*

**Señor Castro Prado**

***Señor Castro Prado***

Bo día, moitas grazas, señora alcaldesa. Bo día ós compañeiros e compañeiras de Corporación, ós funcionarios e traballadores municipais así como ós habilitados. Bo día a todos os veciños e veciñas que nos seguen por *streaming*, bo día ó público asistente a este pleno con especial consideración tanto ós empregados municipais adscritos ó Instituto José Cornide, Ángeles e Víctor, como á súa directora, Ana Romero.

*Buenos días, muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días a los compañeros y compañeras de Corporación, a los funcionarios y trabajadores municipales así como a los habilitados. Buenos día a todos los vecinos y vecinas que nos siguen en directo, buenos días al público asistente a este pleno con especial consideración tanto a los empleados municipales adscritos al Instituto José Cornide, Ángeles y Víctor, como a su directora, Ana Romero.*

A necesidade de reforma dos Estatutos do Instituto nace de dúas cuestións fundamentais, unha delas é adecuar a súa estrutura e funcionamento ós tempos actuais. Debemos lembrar que os Estatutos, os últimos Estatutos do Cornide, datan do ano 1988 e téñense producido moitísimos cambios, moitísimas evolucións, tanto no ámbito normativo, digamos formal, como tamén no ámbito material no que se refire á asunción de competencias e de actuacións de carácter material por parte do Instituto. Do que se trata é de resolver algunhas disfuncións e incoherencias que existían nos Estatutos que estaban en vigor ata a actualidade precisamente pola necesidade, digamos, de actualización dos mesmos, e previamente a trasladar un resumo do que sería, digamos, a reforma que se plantexa. Quería facer tamén fincapé nunha cuestión que, se ben é de carácter formal, creo que ten un valor importante no substantivo, e é que,

*La necesidad de reforma de los Estatutos del Instituto nace de dos cuestiones fundamentales, una de ellas es adecuar su estructura y funcionamiento a los tiempos actuales. Debemos recordar que los Estatutos, los últimos Estatutos del Cornide, datan del año 1988 y se han producido muchísimos cambios, muchísimas evoluciones, tanto en el ámbito normativo, digamos formal, como también en el ámbito material en lo que se refiere a la asunción de competencias y de actuaciones de carácter material por parte del Instituto. De lo que se trata es de resolver algunas disfunciones e incoherencias que existían en los Estatutos que estaban en vigor hasta la actualidad precisamente por la necesidad, digamos, de10xpedlización de los mismos, y previamente a trasladar un resumen de lo que sería, digamos, la reforma que se plantea. Quería hacer también hincapié en una cuestión que, si bien es de carácter formal, creo que tiene un valor importante*

efectivamente, traemos unha proposta ó Pleno da Corporación de modificación dos Estatutos José Cornide, pero debo facer a salvedade seguinte.

*en lo sustantivo, y es que, efectivamente, traemos una propuesta al Pleno de la Corporación de modificación de los Estatutos José Cornide, pero debo hacer la salvedad siguiente.*

Non sendo, digamos, o Pleno o órgano competente directamente para o mesmo, quero dicir que se poderían ter aprobado na propia Xunta de Goberno Local, por que se fai isto? Se fai isto, efectivamente, para recoñecer —creo que de forma clara, non?, palmaria— a relevancia, a importancia, a transcendencia que ten o Instituto e a necesidade, efectivamente, de que as modificacións que se operen no mesmo, non?, aínda que neste caso sexan fundamentalmente de carácter formal, pero cunha implicación substantiva e material indiscutible, que se acorden co máximo consenso político.

*No siendo, digamos, el Pleno el órgano competente directamente para el mismo, quiero decir que se podrían haber aprobado en la propia Junta de Gobierno Local, ¿por qué se hace esto? Se hace esto, efectivamente, para reconocer —creo que de forma clara, ¿no?, palmaria— la relevancia, la importancia, la trascendencia que tiene el Instituto y la necesidad, efectivamente, de que las modificaciones que se operen en el mismo, ¿no?, aunque en este caso sean fundamentalmente de carácter formal, pero con una implicación substantiva y material indiscutible, que se acuerden con el máximo consenso político.*

Bueno, entrando, digamos, nun resumo do que serían as modificacións, do que se trata é de reforzar a consideración do propio Instituto como un órgano especial de administración, reforzar tamén o propio, digamos, carácter autónomo e desconcentrado do propio Instituto, que conta cun orzamento municipal propio, con persoal adscrito, cunha ampla marxe de autonomía no que se refire fundamentalmente á súa actividade cultural, científica e investigadora, sen esquecer, efectivamente, a dependencia orgánica que ten da Alcaldía e a funcional que ten, neste caso, da Área de Cultura.

*Bueno, entrando, digamos, en un resumen de lo que serían las modificaciones, de lo que se trata es de reforzar la consideración del propio Instituto como un órgano especial de administración, reforzar también el propio, digamos, carácter autónomo y desconcentrado del propio Instituto, que cuenta con un presupuesto municipal propio, con personal adscrito, con un amplio margen de autonomía en lo que se refiere fundamentalmente a su actividad cultural, científica e investigadora, sin olvidar, efectivamente, la dependencia orgánica que tiene de la Alcaldía y la funcional que tiene, en este caso, del Área de Cultura.*

Se profundiza nos propios fins do Instituto e se fai especial fincapé no que ten que ver coa realización, publicación e impulso, e coordinación de estudos e investigacións, tanto no ámbito, digamos, histórico como cultural e patrimonial. Tamén as funcións de custodiar fondos, en especial o Fondo Salvador de Madariaga e de profundizar tamén nunha

*Se profundiza en los propios fines del Instituto y se hace especial hincapié en lo que tiene que ver con la realización, publicación e impulso, y coordinación de estudios e investigaciones, tanto en el ámbito, digamos, histórico como cultural y patrimonial. También las funciones de custodiar fondos, en especial el Fondo Salvador de Madariaga y de profundizar*

cuestión que creo que é moi importante e sobre todo a futuro para poñer en valor o traballo do propio Instituto que é o establecemento e o mantemento de relacións con universidades, institucións e organismos científicos de toda índole.

*también en una cuestión que creo que es muy importante y sobre todo a futuro para poner en valor el trabajo del propio Instituto que es el establecimiento y el mantenimiento de relaciones con universidades, instituciones y organismos científicos de toda índole.*

Tamén se aclara o carácter, digamos, de membros do Instituto, de honra, de número e colaboradores e, no que se refire ós órganos de goberno, se fai unha aclaración, digamos, identificando o que até agora era padroado con plenario e se establece, pois, efectivamente, a Presidencia nata por parte neste caso da alcaldesa e a Vicepresidencia do concelleiro de Cultura con membros numerarios e de honra. Tamén, efectivamente, se aclara, digamos, a composición da propia Xunta de Goberno e despois, no que se refire a cuestións que son moi importantes e que son as imprescindibles para que o Instituto poida desenvolver a súa función, non?, a función que ten encomendada desde o punto de vista de investigación e de divulgación científico, histórico e cultural, tamén se reforza, digamos, o establecemento nos Estatutos da existencia de persoal adscrito ó propio Instituto, que sería un coordinador ou coordinadora de xestión, un técnico de arquivos e un funcionario auxiliar administrativo.

*También se aclara el carácter, digamos, de miembros del Instituto, de honor, de número y colaboradores y, en lo que se refiere a los órganos de gobierno, se hace una aclaración, digamos, identificando lo que hasta ahora era patronato con plenario y se establece, pues, efectivamente, la Presidencia nata por parte en este caso de la alcaldesa y la Vicepresidencia del concejal de Cultura con miembros numerarios y de honor. También, efectivamente, se aclara, digamos, la composición de la propia Junta de Gobierno y después, en lo que se refiere a cuestiones que son muy importantes y que son las imprescindibles para que el Instituto pueda desarrollar su función, ¿no?, la función que tiene encomendada desde el punto de vista de investigación y de divulgación científico, histórico y cultural, también se refuerza, digamos, el establecimiento en los Estatutos de la existencia de personal adscrito al propio Instituto, que sería un coordinador o coordinadora de gestión, un técnico de archivos y un funcionario auxiliar administrativo.*

En canto ó réxime económico, se aclara a existencia, efectivamente, dun crédito orzamentario propio dentro do orzamento municipal e unha contabilidade —isto, aínda que poda parecer de Perogrullo, nunca está de máis lembralo— sometida ó control e fiscalización por parte da Intervención municipal, como ten que ser, obviamente.

*En cuanto al régimen económico, se aclara la existencia, efectivamente, de un crédito presupuestario propio dentro del presupuesto municipal y una contabilidad —esto, aunque pueda parecer de Perogrullo, nunca está de más recordarlo— sometida al control y fiscalización por parte de la Intervención municipal, como tiene que ser, obviamente.*

Esta reforma, esta modificación dos Estatutos, como dicía ó principio, o que trata é precisamente de acompañar unha

*Esta reforma, esta modificación de los Estatutos, como decía al principio, lo que trata es precisamente de acompañar una*

evolución, sobre todo ademais nos últimos anos, desde a chegada da nova dirección de Ana Romero ó Instituto, dun aumento inxente do traballo e das actividades do Instituto que, efectivamente, ten que vir acompañado, pois dun reforzo tanto desde o punto de vista administrativo como funcional e orgánico no que se refire ás propias competencias, non?, e encomendas que ten o Instituto.

Eu quero agradecer —xa para rematar— expresamente que, efectivamente, ese inxente traballo fixera, digamos, imprescindible esta modificación estatutaria e quero agradecer ademais explicitamente o traballo tanto dos funcionarios municipais adscritos ó Instituto da súa dirección, da súa xunta directiva e de todos os membros do Instituto, da natureza que sexan, a todos eles, porque, efectivamente, se ten producido, nos últimos anos, fundamentalmente desde a chegada, como dicía, da nova dirección, un crecemento exponencial, tanto da cantidade do traballo que realiza o Instituto, como da súa calidade. Creo que estamos asistindo a unha época donde o Instituto está a recuperar a súa función, efectivamente, de divulgación, de órgano de creación de opinión e de investigación na nosa cidade, tanto desde o punto de vista sociolóxico, cultural e, como non dicilo, político, porque en definitiva política é todo, e o histórico e o cultural un pouquiño máis, incluso.

Entón, para rematar, nada, reiterar ese agradecemento e desexar —non me cabe ningunha dúbida— de que se siga, pois traballando na liña actual de crecemento do Instituto.

**Ás dez horas e vinte e oito minutos sae do Salón de Sesións o señor Gallego Díaz.**

*evolución, sobre todo además en los últimos años, desde la llegada de la nueva dirección de Ana Romero al Instituto, de un aumento ingente del trabajo y de las actividades del Instituto que, efectivamente, tiene que venir acompañado, pues de un refuerzo tanto desde el punto de vista administrativo como funcional y orgánico en lo que se refiere a las propias competencias, ¿no?, y encargos que tiene el Instituto.*

*Yo quiero agradecer —ya para finalizar— expresamente que, efectivamente, ese ingente trabajo hiciera, digamos, imprescindible esta modificación estatutaria y quiero agradecer además explícitamente el trabajo tanto de los funcionarios municipales adscritos al Instituto de su dirección, de su junta directiva y de todos los miembros del Instituto, de la naturaleza que sean, a todos ellos, porque, efectivamente, se ha producido, en los últimos años, fundamentalmente desde la llegada, como decía, de la nueva dirección, un crecimiento exponencial, tanto de la cantidad del trabajo que realiza el Instituto, como de su calidad. Creo que estamos asistiendo a una época donde el Instituto está recuperando su función, efectivamente, de divulgación, de órgano de creación de opinión y de investigación en nuestra ciudad, tanto desde el punto de vista sociológico, cultural y, cómo no decirlo, político, porque en definitiva política es todo, y lo histórico y lo cultural un poquito más, incluso.*

*Entonces, para finalizar, nada, reiterar ese agradecimiento y desear —no me cabe ninguna duda— de que se siga, pues trabajando en la línea actual de crecimiento del Instituto.*

***A las diez horas y veintiocho minutos sale del Salón de Sesiones el señor Gallego Díaz.***

**Presidencia**

Ben, moitas grazas, señor Castro. Comezamos esta quenda polo BNG. Señora Queixas, ten a palabra.

**Señora Queixas Zas**

Moitas grazas, alcaldesa e moi bo día, en primeiro lugar, a tódolos compañeiros e compañeiras de Corporación así como ó conxunto do persoal do Concello que facilita o desenvolvemento deste pleno e tamén, por suposto, o noso labor día a día. Saúdo tamén a veciñanza da Coruña que nos está a seguir por *streaming* e, por suposto, pois o conxunto dos membros do Instituto José Cornide e nomeadamente a súa directora, Ana Romero, que nos acompaña.

Desde o BNG imos apoiar esta proposta de modificación de estatutos do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, tal e como xa adiantamos na Comisión Informativa que se celebrou o pasado luns 5 de maio. Esta será a terceira redacción duns estatutos que foron aprobados por primeira vez en 1964 e que tiveron a súa primeira modificación en 1988. 38 anos despois desta modificación, concordamos desde o BNG na necesidade de actualización e adecuación dos Estatutos ó tempo presente, sobre todo para un obxectivo fundamental, que é o mellor funcionamento dunha institución referente na nosa cidade.

Da lectura desta proposta de modificación de Estatutos, dedúcese que a nova redacción presenta sobre todo unha reorganización do articulado, que resulta agora moito máis ordenada e clarificadora, unha maior concreción das súas funcións, unha actualización da nomenclatura das diferentes seccións de investigación que o compoñen

***Presidencia***

*Bien, muchas gracias, señor Castro. Comenzamos este turno por el BNG. Señora Queixas, tiene la palabra.*

***Señora Queixas Zas***

*Muchas gracias, alcaldesa y muy buenos días, en primer lugar, a todos los compañeros y compañeras de Corporación así como al conjunto del personal del Ayuntamiento que facilita el desarrollo de este pleno y también, por supuesto, nuestra labor día a día. Saludo también al vecindario de A Coruña que nos está siguiendo en directo y, por supuesto, pues al conjunto de los miembros del Instituto José Cornide y especialmente a su directora, Ana Romero, que nos acompaña.*

*Desde el BNG vamos a apoyar esta propuesta de modificación de estatutos del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, tal y como ya adelantamos en la Comisión Informativa que se celebró el pasado lunes 5 de mayo. Esta será la tercera redacción de unos estatutos que fueron aprobados por primera vez en 1964 y que tuvieron su primera modificación en 1988. 38 años después de esta modificación, concordamos desde el BNG en la necesidad de actualización y adecuación de los Estatutos al tiempo presente, sobre todo para un objetivo fundamental, que es el mejor funcionamiento de una institución referente en nuestra ciudad.*

*De la lectura de esta propuesta de modificación de Estatutos, se deduce que la nueva redacción presenta sobre todo una reorganización del articulado, que resulta ahora mucho más ordenada y clarificadora, una mayor concreción de sus funciones, una actualización de la nomenclatura de las diferentes secciones de investigación que lo componen*

permitindo ademais ensanchar os campos de estudo, así como o acrecentamento até un número máximo de 30 os participantes nas categorías de membros de número e de colaboradores.

*permitiendo además ensanchar los campos de estudio, así como el acrecentamiento hasta un número máximo de 30 los participantes en las categorías de miembros de número y de colaboradores.*

Confiamos desde o BNG que esta proposta de actualización sirva sobre todo para reforzar as bases do traballo investigador e divulgador do Instituto José Cornide nas súas diferentes seccións, así como tamén dos grandes arquivos documentais do que son depositarios, como o de Salvador de Madariaga e tamén o do naturalista Víctor López Seoane.

*Confiamos desde el BNG que esta propuesta de actualización sirva sobre todo para reforzar las bases del trabajo investigador y divulgador del Instituto José Cornide en sus diferentes secciones, así como también de los grandes archivos documentales del que son depositarios, como el de Salvador de Madariaga y también el del naturalista Víctor López Seoane.*

Non podemos deixar de anotar o excesivo tempo de tramitación por parte do Goberno local desta proposta de modificación dos Estatutos desde a propia Dirección do Instituto, á vista da data do primeiro informe da Asesoría Xurídica, que é xa de novembro de 2023. E tampouco podemos deixar de pór en (...) que neste momento a importante revitalización da actividade do Instituto José Cornide nos últimos anos dende a actual Xunta de Goberno, para alén de agradecermos a inmensa xenerosidade de tódolos seus membros, todos os que participan no Instituto José Cornide, de forma sempre totalmente altruísta, compartindo coa comunidade o seu saber, o seu coñecemento e experiencia persoal e profesional. Por iso queremos reiterar a petición ó Goberno local de que atenda cos debidos recursos humanos, técnicos e económicos o proxecto do Instituto José Cornide para que poida dar cumprimento ás súas encomendas estatutarias que sen dúbida redundarán na formación sociocultural da cidade.

*No podemos dejar de apuntar el excesivo tiempo de tramitación por parte del Gobierno local de esta propuesta de modificación de los Estatutos desde la propia Dirección del Instituto, a la vista de la fecha del primer informe de la Asesoría Jurídica, que es ya de noviembre de 2023. Y tampoco podemos dejar de poner en (...) que en este momento la importante revitalización de la actividad del Instituto José Cornide en los últimos años desde la actual Junta de Gobierno, al margen de agradecer la inmensa generosidad de todos los sus miembros, todos los que participan en el Instituto José Cornide, de forma siempre totalmente altruista, compartiendo con la comunidad su saber, su conocimiento y experiencia personal y profesional. Por eso queremos reiterar la petición al Gobierno local de que atienda con los debidos recursos humanos, técnicos y económicos el proyecto del Instituto José Cornide para que pueda dar cumplimiento a sus encargos estatutarios que sin duda redundarán en la formación sociocultural de la ciudad.*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Queixas.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Queixas.*

Turno para o Partido Popular. Señor Coira.

***Señor Coira Andrade***

*Moitas grazas.*

*Antes de nada, saudar os traballadores e os medios de comunicación que fan o seguimento deste pleno, os empregados municipais, os membros da Corporación, os veciños que nos acompañan nesta sala de plenos e os que nos sigan en directo onde queira que estean, e un saúdo moi especial á directora do Instituto José Cornide, que nos acompaña, e aos traballadores e colaboradores que están tamén nun día tan especial, 38 anos despois, vendo como se modifican uns estatutos, uns estatutos dun instituto que se creou en 1964 baixo a iniciativa do entón alcalde Eduardo Sanjurjo de Carricarte e que hoxe sofre, realmente, unha breve modificación dos seus estatutos que consiste basicamente nuns cambios centrados en mellorar o funcionamento e axilizar o funcionamento e a organización.*

*Si é certo, como dicía a nosa compañeira do BNG, que para iniciar este procedemento alá polo mes de outubro de 2023, podiamos aproveitar para facer uns cambios máis profundos, pero bo, se nos leva tanto tempo facer unhas pequenas puntualizacións e matizacións, e concrecións sobre o funcionamento, a sede, o financiamento, o traballo dos colaboradores que achega o Concello, o orzamento e a contabilización, pois eu non sei un cambio profundo dos Estatutos o que podería levar esta tramitación.*

**Ás dez horas e trinta e tres minutos entra no Salón de Sesións o señor Díaz Gallego.**

*Desexamos, insisto, que estes cambios no*

*Turno para el Partido Popular. Señor Coira.*

**Señor Coira Andrade**

Muchas gracias.

Antes de nada, saludar a los trabajadores y los medios de comunicación que hacen el seguimiento de este pleno, a los empleados municipales, a los miembros de la Corporación, a los vecinos que nos acompañan en esta sala de plenos y a los que nos sigan por *streaming* dondequiera que estén, y un saludo muy especial a la directora del Instituto José Cornide, que nos acompaña, y a los trabajadores y colaboradores que están también en un día tan especial, 38 años después, viendo cómo se modifican unos estatutos, unos estatutos de un instituto que se creó en 1964 bajo la iniciativa del entonces alcalde Eduardo Sanjurjo de Carricarte y que hoy sufre, realmente, una breve modificación de sus estatutos que consiste básicamente en unos cambios centrados en mejorar el funcionamiento y agilizar el funcionamiento y la organización.

Sí es cierto, como decía nuestra compañera del BNG, que para haber iniciado este procedimiento allá por el mes de octubre de 2023, podíamos haber aprovechado para hacer unos cambios más profundos, pero bueno, si nos lleva tanto tiempo hacer unas pequeñas puntualizaciones y matizaciones, y concreciones sobre el funcionamiento, la sede, la financiación, el trabajo de los colaboradores que aporta el Ayuntamiento, el presupuesto y la contabilización, pues yo no sé un cambio profundo de los Estatutos lo que podría llevar esta tramitación.

***A las diez horas y treinta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Díaz Gallego.***

Deseamos, insisto, que estos cambios en el

*Estatuto que afectan profundamente, por exemplo, elimínase o Padroado, que é talvez o máis significativo, créase un plenario do Instituto, un novo plenario, amplíase o número de membros de número e colaboradores que pasan de 25 a 30 e despois puntualízanse, pois o que son as relacións co Concello e o que se refire ao persoal adscrito a este instituto e as súas funcións, o financiamento directo do Concello e nós botamos talvez de menos que se puntualicen un pouco máis algunhas cousas que creo que se fala dunha forma moi xenérica e que podería e sería desexable unha maior concreción de como se articulan as propostas, os mecanismos de elección, como se autorizan as investigacións, que mecanismos utilízanse para acceder aos fondos, como se establecen as relacións con outras institucións culturais e científicas para intercambiar información e acceso a fondos. Tamén se mellora un pouco, especifícase un pouco, as seccións que ten o propio Instituto, clarifícanse algunhas funcións, nalgúns casos amplíanse e no que se refire a estas seccións elimínase a figura do presidente e se establece unha de coordinación, de coordinador.*

*O Grupo municipal do Partido Popular, como non pode ser doutra maneira, a un instituto que leva tantos anos realizando un labor de investigación e de informes para a cidade, imos votar favorablemente a estes estatutos na idea de que todos estes cambios melloren a calidade do traballo das persoas que colaboran de forma altruísta neste instituto e con iso manter o espírito de José Cornide, ese coruñesismo, ese humanismo, esa procura do progreso cultural, económico e social cara á cidade a través do nobre esforzo de investigar e de facer informes para mellorar a calidade de vida dos coruñeses.*

*Cremos que isto é un primeiro paso, pero*

Estatuto que afectan profundamente, por ejemplo, se elimina el Patronato, que es tal vez lo más significativo, se crea un plenario del Instituto, un nuevo plenario, se amplía el número de miembros de número y colaboradores que pasan de 25 a 30 y después se puntualizan, pues lo que son las relaciones con el Ayuntamiento y lo que se refiere al personal adscrito a este instituto y sus funciones, la financiación directa del Ayuntamiento y nosotros echamos tal vez de menos que se puntualicen un poco más algunas cosas que creo que se habla de una forma muy genérica y que podría y sería deseable una mayor concreción de cómo se articulan las propuestas, los mecanismos de elección, cómo se autorizan las investigaciones, qué mecanismos se utilizan para acceder a los fondos, cómo se establecen las relaciones con otras instituciones culturales y científicas para intercambiar información y acceso a fondos. También se mejora un poco, se especifica un poco, las secciones que tiene el propio Instituto, se clarifican algunas funciones, en algunos casos se amplían y en lo que se refiere a estas secciones se elimina la figura del presidente y se establece una de coordinación, de coordinador.

El Grupo municipal del Partido Popular, como no puede ser de otra manera, a un instituto que lleva tantos años realizando una labor de investigación y de informes para la ciudad, vamos a votar favorablemente a estos estatutos en la idea de que todos estos cambios mejoren la calidad del trabajo de las personas que colaboran de forma altruista en este instituto y con ello mantener el espíritu de José Cornide, ese coruñesismo, ese humanismo, esa búsqueda del progreso cultural, económico y social hacia la ciudad a través del noble esfuerzo de investigar y de hacer informes para mejorar la calidad de vida de los coruñeses.

Creemos que esto es un primer paso, pero

*que este concello necesita realmente dotar de máis recursos a este instituto e realmente queremos que sexa un buque insignia. A sede que ten o Instituto realmente é moi mellorable, como son moi mellorables todas as infraestruturas culturais que ten este concello. Lembrar que nós no Pleno de novembro do 2023 aprobouse por unanimidade un plan para reformar todas as estruturas municipais dedicadas á cultura, que están nun estado lamentable. Nada se sabe deste plan, a Domus segue tendo unha rede, o Teatro Rosalía segue tendo pingueiras, o Coliseum tamén, non sabemos que vai pasar con todos estes recursos e cando volvan as choivas os actores e os cantantes cantarán novamente baixo a choiva e os asistentes terán que ver se teñen unha pingueira encima da súa butaca ou non.*

*Insisto, creo que debemos demostrar unha maior preocupación polo Instituto e pola cultura porque se non, arriscámonos a ter entidades culturais con moito nome e con moito prestixio, pero que non teñen os recursos* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *nin humanos nin materiais para funcionar adecuadamente, e temos moitos exemplos: o Imce, o Consorcio para a Promoción da Música, o Consello Municipal da Cultura, que non sabemos nada del desde a súa constitución, as sociedades culturais que teñen uns convenios nominativos conxelados desde hai anos e que non poden realizar as súas funcións, que non poden ensaiar, etcétera, etcétera.*

*Nada máis. Longa vida ao Instituto José Cornide e que realmente sexamos capaces de manter cun bo traballo e cos colaboradores e cos recursos necesarios dignificar o motivo polo que foi creado o Instituto no seu día.*

que este ayuntamiento necesita realmente dotar de más recursos a este instituto y realmente queremos que sea un buque insignia. La sede que tiene el Instituto realmente es muy mejorable, como son muy mejorables todas las infraestructuras culturales que tiene este ayuntamiento. Recordar que nosotros en el Pleno de noviembre del 2023 se aprobó por unanimidad un plan para reformar todas las estructuras municipales dedicadas a la cultura, que están en un estado lamentable. Nada se sabe de este plan, la Domus sigue teniendo una red, el Teatro Rosalía sigue teniendo goteras, el Coliseum también, no sabemos qué va a pasar con todos estos recursos y cuando vuelvan las lluvias los actores y los cantantes cantarán nuevamente bajo la lluvia y los asistentes tendrán que ver si tienen una gotera encima de su butaca o no.

Insisto, creo que debemos demostrar una mayor preocupación por el Instituto y por la cultura porque si no, nos arriesgamos a tener entidades culturales con mucho nombre y con mucho prestigio, pero que no tienen los recursos ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** ni humanos ni materiales para funcionar adecuadamente, y tenemos muchos ejemplos: el Imce, el Consorcio para la Promoción de la Música, el Consejo Municipal de la Cultura, que no sabemos nada de él desde su constitución, las sociedades culturales que tienen unos convenios nominativos congelados desde hace años y que no pueden realizar sus funciones, que no pueden ensayar, etcétera, etcétera.

Nada más. Larga vida al Instituto José Cornide y que realmente seamos capaces de mantener con un buen trabajo y con los colaboradores y con los recursos necesarios dignificar el motivo por el que fue creado el Instituto en su día.

Nada más y muchas gracias.

*Nada máis e moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Coira. Turno para o Goberno, señor Castro.

**Señor Castro Prado**

En primeiro lugar, bueno, agradecer —como non podería ser doutro xeito— o apoio unánime da Corporación municipal á modificación destes estatutos, e centrándome no obxecto, non? desta proposta, da parte resolutiva, ó Pleno, como se ten trasladado, digamos, problemas, non? por parte da oposición en canto á ausencia teórica de recursos humanos e materiais no Instituto, eu quero facer a seguinte reflexión, a pesar de que estritamente non forma parte do obxecto desta..., do que estamos a debater, pero creo que é importante mencionalo porque acompaña, e acompaña de forma creo que moi importante, á decisión tamén dunha reforma estatutaria do Instituto.

O Instituto en canto a recursos humanos atópase na actualidade, pois no mellor momento da súa historia recente. É máis, no seu mellor momento que se recorda, tendo, efectivamente, dúas persoas, dous funcionarios municipais adscritos permanentemente ó mesmo e tendo unha persoa na propia Área de Cultura encargada tamén desde a Área de Cultura do seguimento do propio Instituto. Frente a isto, a realidade que se atopou a nosa alcaldesa cando chegou a este concello que existía unha persoa, exclusivamente unha persoa, no Instituto adicándose enteiramente el, persoa que se xubilou e sobre a que quero facer, digamos, unha mención especial porque ten feito un traballo inxente en condicións moitas veces moi complicadas e duras, non? como foi María Jesús e para ela vaia un recoñecemento público creo que moi

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Coira. Turno para el Gobierno, señor Castro.*

***Señor Castro Prado***

*En primer lugar, bueno, agradecer —como no podría ser de otro modo— el apoyo unánime de la Corporación municipal a la modificación de estos estatutos, y centrándome en el objeto, ¿no? de esta propuesta, de la parte resolutiva, al Pleno, como se ha trasladado, digamos, problemas, ¿no? por parte de la oposición en cuanto a la ausencia teórica de recursos humanos y materiales en el Instituto, yo quiero hacer la siguiente reflexión, a pesar de que estrictamente no forma parte del objeto de esta..., de lo que estamos debatiendo, pero creo que es importante mencionarlo porque acompaña, y acompaña de forma creo que muy importante, a la decisión también de una reforma estatutaria del Instituto.*

*El Instituto en cuanto a recursos humanos se encuentra en la actualidad, pues en el mejor momento de su historia reciente. Es más, en su mejor momento que se recuerda, teniendo, efectivamente, dos personas, dos funcionarios municipales adscritos permanentemente al mismo y teniendo una persona en la propio Área de Cultura encargada también desde el Área de Cultura del seguimiento del propio Instituto. Frente a esto, la realidad que se encontró nuestra alcaldesa cuando llegó a este ayuntamiento que existía una persona, exclusivamente una persona, en el Instituto dedicándose enteramente él, persona que se jubiló y sobre la que quiero hacer, digamos, una mención especial porque ha hecho un trabajo ingente en condiciones muchas veces muy complicadas y duras, ¿no? como fue María Jesús y para ella vaya un reconocimiento público creo que muy merecido. Dicho esto, en recursos*

merecido. Dito isto, en recursos humanos, reitero, está no mellor momento da historia que se lembra na nosa cidade.

En canto a recursos materiais e en concreto ós económicos, creo que é importante trasladar cifras porque nos dan, efectivamente, idea, non? de cal é a situación e frente ós datos, pois pouco máis ou nada máis hai que dicir. Cando chegou a nosa alcaldesa ó Goberno desta cidade, o Instituto tiña un orzamento de 33.226 €. No orzamento de 2025 que vimos de aprobar, o orzamento do Instituto é de 58.475, 33.000 frente a 58.000. Esa é a diferencia de como se atopou a nosa alcaldesa o Instituto e como está na actualidade. Estamos a falar practicamente do dobre de orzamento no Instituto de aquel co que se atopou este goberno municipal presidido pola nosa alcaldesa cando chegou aquí, e efectivamente, do dobre ou máis, non? de recursos humanos no mesmo, e por unha razón fundamental, se toman estas decisións porque, efectivamente, a nosa alcaldesa cre, e cre firmemente, na importante labor e función que ten encomendada o Instituto, xa non só, efectivamente, de investigación, senón tamén divulgativa e, como dicía antes, mesmo de creación de opinión, porque eu creo que é moi importante que existan organismos, e neste caso incluso municipais, que contribúan decisivamente a abrir reflexións de carácter público, amplo, transversal e tolerante —como non podía ser doutro xeito— na nosa sociedade, creando ámbitos de discusión e de debate que contribúan finalmente a definir, porque se trata tamén diso, cal é o proxecto de cidade que temos que sacar adiante entre todos co liderazgo, coa dirección da nosa alcaldesa.

Bueno, con respecto, digamos, á mención que se fai a que se se tardou máis ou

*humanos, reitero, está en el mejor momento de la historia que se recuerda en nuestra ciudad.*

*En cuanto a recursos materiales y en concreto a los económicos, creo que es importante trasladar cifras porque nos dan, efectivamente, idea, ¿no? de 20xpe es la situación y frente a los datos, pues poco más o nada más hay que decir. Cuando llegó nuestra alcaldesa al Gobierno de esta ciudad, el Instituto tenía un presupuesto de 33.226 €. En el presupuesto de 2025 que acabamos de aprobar, el presupuesto del Instituto es de 58.475, 33.000 frente a 58.000. Esa es la diferencia de cómo se encontró nuestra alcaldesa el Instituto y cómo está en la actualidad. Estamos hablando prácticamente del doble de presupuesto en el Instituto de aquel con el que se encontró este gobierno municipal presidido por nuestra alcaldesa cuando llegó aquí, y efectivamente, del doble o más, ¿no? de recursos humanos en el mismo, y por una razón fundamental, se toman estas decisiones porque, efectivamente, nuestra alcaldesa cree, y cree firmemente, en la importante labor y función que tiene encomendada el Instituto, ya no solo, efectivamente, de investigación, sino también divulgativa y, como decía antes, incluso de creación de opinión, porque yo creo que es muy importante que existan organismos, y en este caso incluso municipales, que contribuyan decisivamente a abrir reflexiones de carácter público, amplio, transversal y tolerante —como no podía ser de otro modo— en nuestra sociedad, creando ámbitos de discusión y de debate que contribuyan finalmente a definir, porque se trata también de eso, cuál es el proyecto de ciudad que tenemos que sacar adelante entre todos con el liderazgo, con la dirección de nuestra alcaldesa.*

*Bueno, con respecto, digamos, a la mención que se hace a que si se tardó más o menos en tramitar la modificación*

menos en tramitar a modificación estatutaria, bueno, eu sempre son das persoas que penso que hai que facer as cousas ben, fundamentalmente para evitar problemas futuros, pero non deixa de ser chamativo que se critique precisamente iso cando se modifican uns estatutos que non foron modificados nos últimos 37 anos. Non creo que, efectivamente, que se tarde uns meses máis ou menos en tramitar algo que non se tramitou nos últimos 37 anos, poida ser obxecto de crítica, fundamentalmente porque neses 37 anos houbo oportunidades por parte de todos e todas os que estamos aquí para poder telo feito. Pero bueno, como aconteceu con outras cuestións, foi precisamente o Goberno da nosa alcaldesa quen afrontou e asumiu esta modificación, como foi, por poñer un exemplo creo que claro, non?, o Goberno desta alcaldesa quen aprobou unha ordenanza do uso do galego no noso concello inexistente até que chegou ela, como moitas outras cousas.

Nada máis, moitas grazas e agradecer, como dicía ó principio, o consenso nesta modificación estatutaria e desde logo agradecer o compromiso de toda a Corporación municipal no impulso do traballo do Instituto e o apoio ó Instituto.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas.

Procedemos á votación deste asunto.

**<u>Votación do asunto número dous</u>**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número dous relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

*estatutaria, bueno, yo siempre soy de las personas que creo que hay que hacer las cosas bien, fundamentalmente para evitar problemas futuros, pero no deja de ser llamativo que se critique precisamente eso cuando se modifican unos estatutos que no fueron modificados en los últimos 37 años. No creo que, efectivamente, que se tarde unos meses más o menos en tramitar algo que no se tramitó en los últimos 37 años, pueda ser objeto de crítica, fundamentalmente porque en esos 37 años hubo oportunidades por parte de todos y todas los que estamos aquí para poder haberlo hecho. Pero bueno, como sucedió con otras cuestiones, fue precisamente el Gobierno de nuestra alcaldesa quien afrontó y asumió esta modificación, como fue, por poner un ejemplo creo que claro, ¿no?, el Gobierno de esta alcaldesa quien aprobó una ordenanza del uso del gallego en nuestro ayuntamiento inexistente hasta que llegó ella, como muchas otras cosas.*

*Nada más, muchas gracias y agradecer, como decía al principio, el consenso en esta modificación estatutaria y desde luego agradecer el compromiso de toda la Corporación municipal en el impulso del trabajo del Instituto y el apoyo al Instituto.*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias.*

*Procedemos a la votación de este asunto.*

***<u>Votación del asunto número dos</u>***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número dos relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobado por unanimidade da Corporación.

**Acordo**

Aprobar a modificación dos Estatutos do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, cuxo texto achégase.

**(Xúntase a esta acta como anexo o texto dos Estatutos)**

**CONCELLARÍA DE URBANISMO**

**Dirección da Área de Urbanismo**

**Servizo de Planeamento e Xestión do Solo**

**ASUNTO 3**

**58. Expediente 631/2024/227**
**Aprobación definitiva da modificación puntual número 3 do Plan Parcial do Sector 7 "Recinto feiral de Someso".**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 5 de maio de 2025, co voto a favor do Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE e as abstencións dos grupos municipais do Partido Popular e do Bloque Nacionalista Galego, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

Primeiro. Aprobar o informe elaborado

*Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobado por unanimidad de la Corporación.*

***Acuerdo***

*Aprobar la modificación de los Estatutos del Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, cuyo texto se adjunta.*

***(Se adjunta a esta acta como anexo el texto de los Estatutos)***

***CONCEJALÍA DE URBANISMO***

***Dirección del Área de Urbanismo***

***Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo***

***ASUNTO 3***

***58. Expediente 631/2024/227***
***Aprobación definitiva de la modificación puntual número 3 del Plan Parcial del Sector 7 "Recinto feiral de Someso".***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 5 de mayo de 2025, con el voto a favor del Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE y las abstenciones de los grupos municipales del Partido Popular y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación a adopción de los acuerdos siguientes nos propios términos de la propuesta formulada:*

*Primero. Aprobar el informe elaborado por los técnicos municipales el 10.04.2025,*

polos técnicos municipais o 10.04.2025, de resposta á alegación presentada durante o período de exposición pública.

Segundo. Aprobar definitivamente o documento denominado “Modificación puntual n.º 3 do Plan Parcial do Sector 7 “Recinto Feiral de Someso”. Normativa presentado o 22.04.2025 por Espacio Coruña Shopping, S.L, e asinado dixitalmente polo arquitecto Álvaro Fernández Carballada e a arquitecta Beatriz Aneiros Filgueiras.

Terceiro. Notificar este acordo á entidade titular da parcela afectada e aos Servizos e Departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.

Cuarto. Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia e realizar a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, segundo o disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

**Intervencións**

**Presidencia**

Pasamos xa ós asuntos da Concellería de Urbanismo, asunto número tres.

**Señor Secretario**

Asunto número tres, aprobación definitiva da modificación puntual número 3 do Plan Parcial do Sector 7 “Recinto feiral de Someso”.

**Presidencia**

Ben. Ten a palabra o concelleiro de Urbanismo, señor Díaz, e despois unha quenda única de cinco minutos.

**Señor Díaz Gallego**

*de respuesta a la alegación presentada durante el período de exposición pública.*

*Segundo. Aprobar definitivamente el documento denominado “Modificación puntual n.º 3 del Plan Parcial del Sector 7 “Recinto Feiral de Someso”. Normativa”, presentado el 22.04.2025 por Espacio Coruña Shopping, S.L, y firmado digitalmente por el arquitecto Álvaro Fernández Carballada y la arquitecta Beatriz Aneiros Filgueiras.*

*Tercero. Notificar este acuerdo a la entidad titular de la parcela afectada y a los Servicios y Departamentos municipales interesados en la tramitación del expediente.*

*Cuarto. Publicar este acuerdo en el Diario Oficial de Galicia y en el Boletín Oficial de la Provincia y realizar su inscripción en el Registro de Planeamiento Urbanístico de Galicia, según lo dispuesto en el artículo 82 de la Ley 2/2016, del Suelo de Galicia.*

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Pasamos ya a los asuntos de la Concejalía de Urbanismo, asunto número tres.*

***Señor Secretario***

*Asunto número tres, aprobación definitiva de la modificación puntual número 3 del Plan Parcial del Sector 7 “Recinto feiral de Someso”.*

***Presidencia***

*Bien. Tiene la palabra el concejal de Urbanismo, señor Díaz, y después un turno único de cinco minutos.*

***Señor Díaz Gallego***

*Gracias, señora alcaldesa.*

Gracias, señora alcaldesa.

Traemos a este pleno municipal o documento para a aprobación definitiva da modificación puntual número 3 do Plan Parcial do Sector 7 “Recinto feiral de Someso”. Este documento que hoxe traemos a Pleno, como dicía, é unha modificación puntual que se limita a actualizar a Ordenanza que regula o centro comercial, complementando o réxime de usos previstos coa finalidade de facilitar o desenvolvemento da dotación comercial, polo que en síntese pretende favorecer o cumprimento das previsións urbanísticas do Concello no referido a potenciar a funcionalidade urbanística do sector, razóns de utilidade pública que motivan a súa redacción.

Esta incorporación de novos usos, usos compatibles co da parcela do centro comercial coa finalidade de dinamizar este pode favorecer, dende logo, a diversidade de usos no eido mellorando asemade a cohesión social do entorno, polo que se poden considerar razóns de interese público que xustifican a modificación que traemos hoxe a este pleno municipal.

O ámbito da modificación puntual está situado no extremo sur do municipio limitando polo norte co campo de fútbol de Elviña, polo sur co Campus Universitario da UDC, polo leste co Coliseum e polo oeste co Centro Integrado de Formación Profesional de Someso. Este espazo está composto por zonas de equipamentos, espazos libres e áreas privadas destinadas a uso residencial e comercial, sendo que a maior parte deste sector xa está urbanizado e edificado.

A actual Ordenanza do Plan Parcial de Someso, aprobada no ano 2004, permite unicamente a implantación do uso terciario comercial, admitindo como usos

*Traemos a este pleno municipal el documento para la aprobación definitiva de la modificación puntual número 3 del Plan Parcial del Sector 7 “Recinto ferial de Someso”. Este documento que hoy traemos a Pleno, como decía, es una modificación puntual que se limita a actualizar la Ordenanza que regula el centro comercial, complementando el régimen de usos previstos con la finalidad de facilitar el desarrollo de la dotación comercial, por lo que en síntesis pretende favorecer el cumplimiento de las previsiones urbanísticas del Ayuntamiento en lo referido a potenciar la funcionalidad urbanística del sector, razones de utilidad pública que motivan su redacción.*

*Esta incorporación de nuevos usos, usos compatibles con el de la parcela del centro comercial con la finalidad de dinamizar este puede favorecer, desde luego, la diversidad de usos en el ámbito mejorando al mismo tiempo la cohesión social del entorno, por lo que se pueden considerar razones de interés público que justifican la modificación que traemos hoy a este pleno municipal.*

*El ámbito de la modificación puntual está situado en el extremo sur del municipio limitando por el norte con el campo de fútbol de Elviña, por el sur con el Campus Universitario de la UDC, por el este con el Coliseum y por el oeste con el Centro Integrado de Formación Profesional de Someso. Este espacio está compuesto por zonas de equipamientos, espacios libres y áreas privadas destinadas a uso residencial y comercial, siendo que la mayor parte de este sector ya está urbanizado y edificado.*

*La actual Ordenanza del Plan Parcial de Someso, aprobada en el año 2004, permite únicamente la implantación del uso terciario comercial, admitiendo como usos complementarios el terciario de*

complementarios o terciario de espectáculos e recreativo e o terciario de salas de reunión, previsións que limitan a posibilidade de introducir novos servizos que se requiren na Zona 3, na zona na que se atopa o centro comercial, o que dificulta, dende logo, a adaptación do espazo ás novas demandas. Para dar resposta a este problema proponse modificar a normativa vixente para permitir a inclusión destes usos complementarios, ampliando así a oferta do centro comercial centrada exclusivamente en usos comerciais e mellorando os servizos dispoñibles para a poboación do barrio de Someso.

A modificación proposta afectará, polo tanto, só á Ordenanza de aplicación na parcela de uso comercial que regula os usos no centro comercial da Zona 3. Non se introducirán cambios —nin se introducen, dende logo— cambios noutros parámetros urbanísticos do Plan Parcial, polo que se mantén a volumetría do Plan en vigor. Só se actualizará a normativa para permitir, como digo, eses usos solicitados sen que isto afecte a outros aspectos fundamentais de ordenación urbana da zona.

Os novos usos que se permitirán no centro comercial, na Zona 3 do centro comercial de Someso, son os seguintes: industrial de clase xeral, almacén, servizos empresariais, informática, oficinas, espectáculos recreativos, que xa estaba permitido, salas de reunión, hostaleiro, equipamento e garaxe-aparcamento. A finalidade, por tanto, é dar un maior número de usos a esta dotación comercial do barrio de Someso, homologando con outros centros comerciais da cidade que xa teñen permitidos estes usos complementarios e, como digo, coa finalidade de que poda convertirse outra vez nese polo de atracción para o barrio e incorporar, pois eses usos de oficina ou dotacionais que

*espectáculos y recreativo y el terciario de salas de reunión, previsiones que limitan la posibilidad de introducir nuevos servicios que se requieren en la Zona 3, en la zona en la que se encuentra el centro comercial, lo que dificulta, desde luego, la adaptación del espacio a las nuevas demandas. Para dar respuesta a este problema se propone modificar la normativa vigente para permitir la inclusión de estos usos complementarios, ampliando así la oferta del centro comercial centrada exclusivamente en usos comerciales y mejorando los servicios disponibles para la población del barrio de Someso.*

*La modificación propuesta afectará, por lo tanto, solo a la Ordenanza de aplicación en la parcela de uso comercial que regula los usos en el centro comercial de la Zona 3. No se introducirán cambios —ni se introducen, desde luego— cambios en otros parámetros urbanísticos del Plan Parcial, por lo que se mantiene la volumetría del Plan en vigor. Solo se actualizará la normativa para permitir, como digo, esos usos solicitados sin que esto afecte a otros aspectos fundamentales de ordenación urbana de la zona.*

*Los nuevos usos que se permitirán en el centro comercial, en la Zona 3 del centro comercial de Someso, son los siguientes: industrial de clase general, almacén, servicios empresariales, informática, oficinas, espectáculos recreativos, que ya estaba permitido, salas de reunión, hostelero, equipamiento y garaje-aparcamiento. La finalidad, por tanto, es dar un mayor número de usos a esta dotación comercial del barrio de Someso, homologando con otros centros comerciales de la ciudad que ya tienen permitidos estos usos complementarios y, como digo, con la finalidad de que pueda convertirse otra vez en ese polo de atracción para el barrio e incorporar, pues esos usos de oficina o dotacionales que pueden dar vida a una zona que desde*

poden dar vida a unha zona que dende logo o que non lle sobran son espacios dotacionais ou espacios de reunión e de ocio para a xente do barrio.

Polo tanto, traemos a este pleno municipal a seguinte proposta de acordo: primeiro, aprobar o informe elaborado polos técnicos municipais o 10 de abril de 2025, de resposta á alegación presentada durante o período de exposición pública; segundo, aprobar definitivamente o documento denominado "Modificación puntual n.º 3 do Plan Parcial do Sector 7 "Recinto Feiral de Someso", normativa presentada o 22.04.2025 por Espacio Coruña Shopping SL, e asinado polos arquitectos Álvaro Fernández Carballada e Beatriz Aneiros Filgueiras; terceiro, notificar este acordo á entidade titular da parcela afectada e aos servizos e departamentos municipais interesados na tramitación do expediente; e cuarto, publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia, e realizar a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

Nada máis e moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas.

Iniciamos a quenda de debate de cinco minutos. Señora Veira, polo BNG, ten a palabra.

**Señora Veira González**

Moitas grazas.

Pois canto a este asunto da orde do día, desde o Grupo municipal do BNG anunciamos o noso voto favorábel. Consideramos positivo que Espacio Coruña poida ter outros usos alén do puramente comercial. É preciso que

*luego lo que no le sobran son espacios dotacionales o espacios de reunión y de ocio para la gente del barrio.*

*Por lo tanto, traemos la este pleno municipal la siguiente propuesta de acuerdo: primero, aprobar el informe elaborado por los técnicos municipales el 10 de abril de 2025, de respuesta a la alegación presentada durante el período de exposición pública; segundo, aprobar definitivamente el documento denominado "Modificación puntual n.º 3 del Plan Parcial del Sector 7 "Recinto Ferial de Someso", normativa presentada el 22.04.2025 por Espacio Coruña Shopping SL, y firmado por los arquitectos Álvaro Fernández Carballada y Beatriz Aneiros Filgueiras; tercero, notificar este acuerdo a la entidad titular de la parcela afectada y a los servicios y departamentos municipales interesados en la tramitación del26xpedíente; y cuarto, publicar este acuerdo en el Diario Oficial de Galicia y en el Boletín Oficial de la Provincia, y realizar su inscripción en el Registro de Planeamiento Urbanístico de Galicia.*

*Nada más y muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Iniciamos el turno de debate de cinco minutos. Señora Veira, por el BNG, tiene la palabra.*

***Señora Veira González***

*Muchas gracias.*

*Pues en cuanto a este asunto del orden del día, desde el Grupo municipal del BNG anunciamos nuestro voto favorable. Consideramos positivo que Espacio Coruña pueda tener otros usos además del puramente comercial. Es preciso que semejante infraestructura pueda*

semellante infraestrutura poida aproveitarse para ofrecerlle á cidadanía outros servizos que esta demanda. Só nos gustaría apuntar un par de cuestións.

En primeiro lugar, que consideramos que con esta necesidade que ten Espacio Coruña precisamente de reinventarse, culmina un proceso de fracaso demostrado dun modelo de proliferación de centros comerciais na periferia dunha cidade de 37,5 km2 do que temos moito que aprender precisamente para non volver a el nunca máis, para protexer e poñer en valor o noso comercio local que fai cidade, que alumea as nosas rúas, que non pecha nin cos apagóns, que nos fía durante os apagóns e que nos coñece e nos agasalla día a día con sorrisos e detalles. Temos que protexer máis o noso comercio local, temos que, efectivamente, impulsar e protexer, e pór en valor moito máis o noso comercio local, que nunca nos falla, e daquel modelo de proliferación de centros comerciais na cidade hai moito que aprender para non repetir ese erro.

E unha última cuestión. Xa que estamos polo Sector 7, pois lembrámoslle ó Goberno local todas as demandas que ten este barrio, entre comillas, de nova creación, non?, e que ten, pois deficiencias evidentes e palmarias que este goberno ten que resolver e aínda lle queda moito por facer. Lembrámosllo aquí para que se poñan as pilas porque son cuestións do máis básico que ningún outro barrio xa demanda porque son tan, tan básicas que non faltan en ningún outro lado. Sabemos que non é un tema doado, pero que desde logo hai que resolver dunha vez.

Nada máis.

**Presidencia**

*aprovecharse para ofrecerle a la ciudadanía otros servicios que esta demanda. Solo nos gustaría apuntar un par de cuestiones.*

*En primer lugar, que consideramos que con esta necesidad que tiene Espacio Coruña precisamente de reinventarse, culmina un proceso de fracaso demostrado de un modelo de proliferación de centros comerciales en la periferia de una ciudad de 37,5 km2 del que tenemos mucho que aprender precisamente para no volver a él nunca más, para proteger y poner en valor nuestro comercio local que hace ciudad, que alumbra nuestras calles, que no cierra ni con los apagones, que nos fía durante los apagones y que nos conoce y nos agasaja día a día con sonrisas y detalles. Tenemos que proteger más nuestro comercio local, tenemos que, efectivamente, impulsar y proteger, y poner en valor mucho más nuestro comercio local, que nunca nos falla, y de aquel modelo de proliferación de centros comerciales en la ciudad hay mucho que aprender para no repetir ese error.*

*Y una última cuestión. Ya que estamos por el Sector 7, pues le recordamos al Gobierno local todas las demandas que tiene este barrio, entre comillas, de nueva creación, ¿no?, y que tiene, pues deficiencias evidentes y palmarias que este gobierno tiene que resolver y aún le queda mucho por hacer. Se lo recordamos aquí para que se pongan las pilas porque son cuestiones de lo más básico que ningún otro barrio ya demanda porque son tan, tan básicas que no faltan en ningún otro lado. Sabemos que no es un tema fácil, pero que desde luego hay que resolver de una vez.*

*Nada más.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Veira.*

Moitas grazas, señora Veira.

Turno para o Partido Popular. Señor Deus.

***Señor Deus Álvarez***

*Ola, bos días a todos. Grazas, señora alcaldesa. Bos días a todos os compañeiros da Corporación, a todas as persoas que nos seguen en directo e aos funcionarios municipais que tanto nos axudan.*

*O asunto que se trae a este pleno para a súa aprobación definitiva, promovido pola propiedade actual do centro comercial Espacio Coruña, pretende a modificación puntual do Plan Parcial do Sector 7 Recinto Feiral de Someso no que se refire á parcela na que se sitúa este centro comercial. Como todos sabemos, este edificio comercial xurdiu nos primeiros anos deste século e é froito dunha política comercial que encheu a nosa cidade de grandes centros comerciais, moitos dos cales colapsaron debido á previsión de excesiva dimensión da capacidade da cidade e da área metropolitana para absorber esta oferta, e este centro comercial sufriu esas consecuencias, atopándose na actualidade utilizado por baixo das súas posibilidades, coa maioría dos seus locais sen ningún tipo de uso, practicamente o edificio mantense en uso grazas á existencia dun supermercado, os cinemas, un ximnasio e algún local destinado a hostalería.*

*Por estes motivos, e dada a capacidade e a dimensión deste edificio, parécenos adecuado tratar de buscar novos usos para revitalizar este centro comercial. Para levar a cabo esta modificación puntual é necesario xustificar, en primeiro lugar, o interese público da mesma. Esta modificación puntual limítase a actualizar a Ordenanza que*

*Turno para el Partido Popular. Señor Deus.*

**Señor Deus Álvarez**

Hola, buenos días a todos. Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos los compañeros de la Corporación, a todas las personas que nos siguen por *streaming* y a los funcionarios municipales que tanto nos ayudan.

El asunto que se trae a este pleno para su aprobación definitiva, promovido por la propiedad actual del centro comercial Espacio Coruña, pretende la modificación puntual del Plan Parcial del Sector 7 Recinto Ferial de Someso en lo que se refiere a la parcela en la que se sitúa este centro comercial. Como todos sabemos, este edificio comercial surgió en los primeros años de este siglo y es fruto de una política comercial que llenó nuestra ciudad de grandes centros comerciales, muchos de los cuales colapsaron debido al sobredimensionamiento de la capacidad de la ciudad y del área metropolitana para absorber esta oferta, y este centro comercial sufrió esas consecuencias, encontrándose en la actualidad infrautilizado, con la mayoría de sus locales sin ningún tipo de uso, prácticamente el edificio se mantiene en uso gracias a la existencia de un supermercado, los cines, un gimnasio y algún local destinado a hostelería.

Por estos motivos, y dada la capacidad y la dimensión de este edificio, nos parece adecuado tratar de buscar nuevos usos para revitalizar este centro comercial. Para llevar a cabo esta modificación puntual es necesario justificar, en primer lugar, el interés público de la misma. Esta modificación puntual se limita a actualizar la Ordenanza que regula el centro comercial incorporando nuevos usos

*regula o centro comercial incorporando novos usos compatibles na parcela e que esta diversidade de usos mellore a utilización do edificio e a súa funcionalidade, adaptándoo ás novas necesidades e demandas da poboación. Entre eses usos que se demandan atópanse os espazos deportivos, espazos sanitarios e todo tipo de equipamentos nas categorías de públicos ou privados, tamén docentes, uso docente tan de actualidade na cidade co apoio da alcaldesa a esa nova universidade privada que se pretende instalar na cidade. Coa Ordenanza vixente do Plan Parcial de 2004 limítase a posibilidade de adaptar o centro comercial a estas novas necesidades.*

*Tal e como figura no expediente, a modificación puntual afectará unicamente á Ordenanza de aplicación na parcela, a de uso comercial, sen afectar o resto das previsións do Plan Parcial. É por iso que a modificación se cualifica como non substancial, xa que se mantén o aproveitamento lucrativo e mantense a clasificación do solo e a edificabilidade do ámbito. Queda aclarado ademais no informe realizado para a contestación da única alegación presentada que o uso industrial que se introduce na modificación puntual refírese só á categoría A, industria compatible coas vivendas, e segundo a promotora reducirase ao desenvolvemento e produción de sistemas informáticos, audiovisuais e outros similares.*

*Adiantamos xa o voto favorable do noso grupo a esta modificación puntual, pero quería aproveitar a ocasión tamén para comentar a retirada como asunto a debater neste pleno do convenio urbanístico para o desenvolvemento do API U-28 Parque de Oza. Entendemos...*

**Presidencia**

compatibles en la parcela y que esta diversidad de usos mejore la utilización del edificio y su funcionalidad, adaptándolo a las nuevas necesidades y demandas de la población. Entre esos usos que se demandan se encuentran los espacios deportivos, espacios sanitarios y todo tipo de equipamientos en las categorías de públicos o privados, también docentes, uso docente tan de actualidad en la ciudad con el apoyo de la alcaldesa a esa nueva universidad privada que se pretende instalar en la ciudad. Con la Ordenanza vigente del Plan Parcial de 2004 se limita la posibilidad de adaptar el centro comercial a estas nuevas necesidades.

Tal y como figura en el expediente, la modificación puntual afectará únicamente a la Ordenanza de aplicación en la parcela, la de uso comercial, sin afectar al resto de las previsiones del Plan Parcial. Es por ello que la modificación se califica como no sustancial, ya que se mantiene el aprovechamiento lucrativo y se mantiene la clasificación del suelo y la edificabilidad del ámbito. Queda aclarado además en el informe realizado para la contestación de la única alegación presentada que el uso industrial que se introduce en la modificación puntual se refiere solo a la categoría A, industria compatible con las viviendas, y según la promotora se reducirá al desarrollo y producción de sistemas informáticos, audiovisuales y otros similares.

Adelantamos ya el voto favorable de nuestro grupo a esta modificación puntual, pero quería aprovechar la ocasión también para comentar la retirada como asunto a debatir en este pleno del convenio urbanístico para el desarrollo del API U-28 Parque de Oza. Entendemos...

***Presidencia***

Non, síntoo, señor Deus, non se comentan asuntos que non se traen a debate e, polo tanto, neste punto teño que reconducir o debate. Estamos falando do Plan Parcial do Sector 7, Recinto Feiral de Someso, vostede non pode vir aquí a facer tertulia. É dicir, se hai un asunto que non está na orde do día, non é obxecto de debate. Cando estea na orde do día, se debaterá.

Algo máis sobre...?

***Señor Deus Álvarez***

*Señora alcaldesa, se me permite, era un asunto...*

**Presidencia**

Non, mire... Señor Deus...

***Señor Deus Álvarez***

*...que estaba incluído e que retirouse.*

**Presidencia**

...señor Deus, non quero discutir, nin con vostede nin con ninguén, de verdade. As miñas funcións como presidenta son as de dirixir o debate. Neste momento considero que teño que reconducilo.

Algo máis sobre Someso? Quédalle un minuto vinte e cinco...

***Señor Deus Álvarez***

*Non, moitas grazas.*

**Presidencia**

Non. Moitas grazas.

Señor Díaz.

**Señor Díaz Gallego**

*No, lo siento, señor Deus, no se comentan asuntos que no se traen a debate y, por lo tanto, en este punto tengo que reconducir el debate. Estamos hablando del Plan Parcial del Sector 7, Recinto Ferial de Someso, usted no puede venir aquí a hacer tertulia. Es decir, si hay un asunto que no está en el orden del día, no es objeto de debate. Cuando esté en el orden del día, se debatirá.*

*¿Algo más sobre...?*

**Señor Deus Álvarez**

Señora alcaldesa, si me permite, era un asunto...

***Presidencia***

*No, mire... Señor Deus...,*

**Señor Deus Álvarez**

...que estaba incluido y que se retiró.

***Presidencia***

*...señor Deus, no quiero discutir, ni con usted ni con nadie, de verdad. Mis funciones como presidenta son las de dirigir el debate. En este momento considero que tengo que reconducirlo.*

*¿Algo más sobre Someso? Le queda un minuto veinticinco...*

**Señor Deus Álvarez**

No, muchas gracias.

***Presidencia***

*No. Muchas gracias.*

*Señor Díaz.*

***Señor Díaz Gallego***

Grazas, señora alcaldesa.

Agradecer, señora Veira, o voto favorable do BNG a este asunto. Compartimos a visión que ten o Bloque Nacionalista Galego da necesidade de dinamizar, dende logo, ese centro comercial, Espacio Coruña, con usos dotacionais de oficinas que poidan servir, dende logo, á veciñanza da zona para dinamizar o barrio. Polo tanto, nese sentido é no que está motivada a modificación e é ese interese público da modificación que presenta a dirección do centro comercial.

Coincido coa visión, dende logo, tamén dese urbanismo do pasado que se xenerou no barrio de Someso, e que creo que non debe de volver a repetirse na nosa cidade, no que os únicos usos comerciais están situados nun centro comercial en lugar de estar nos baixos dos edificios facendo vida e creando rúas, e no que esas rúas, que deberían de estar cheas de xente e de comercios, pois desde logo semellan máis a autopistas que rúas dun barrio da nosa cidade.

En canto ás demandas, dende logo, do Sector 7 de Someso, cónstanme que están..., que a miña compañeira Noemí Díaz, dende logo está enriba delas para atendelas á maior axilidade. Xa houbo moitas, non? que viñan pendentes do mandato anterior, cando eu asumía esas competencias, que se foron executando, como ese carril bici que ía á Universidade, que se puido arranxar ou outras melloras no espazo público do barrio, e pola parte de Urbanismo, dende logo, estamos a traballar intensamente, aínda que recoñezo que non coa rapidez que nos gustaría, coa Xunta de Compensación para finalizar esas obras de urbanización. Bueno, eles teñen os seus tempos, os seus problemas, digamos, dentro da Xunta e nós o que queremos é, dende logo, que a finalicen canto antes

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Agradecer, señora Veira, el voto favorable del BNG a este asunto. Compartimos la visión que tiene el Bloque Nacionalista Galego de la necesidad de dinamizar, desde luego, ese centro comercial, Espacio Coruña, con usos dotacionales de oficinas que puedan servir, desde luego, al vecindario de la zona para dinamizar el barrio. Por lo tanto, en ese sentido es en el que está motivada la modificación y es ese interés público de la modificación que presenta la dirección del centro comercial.*

*Coincido con la visión, desde luego, también de ese urbanismo del pasado que se generó en el barrio de Someso, y que creo que no debe de volver a repetirse en nuestra ciudad, en el que los únicos usos comerciales están situados en un centro comercial en lugar de estar en los bajos de los edificios haciendo vida y creando calles, y en el que esas calles, que deberían de estar llenas de gente y de comercios, pues desde luego parecen más autopistas que calles de un barrio de unestra ciudad.*

*En cuanto a las demandas, desde luego, del Sector 7 de Someso, me constan que están..., que mi compañera Noemí Díaz, desde luego está encima de ellas para atenderlas a la mayor agilidad. Ya hubo muchas, ¿no? que venían pendientes del mandato anterior, cuando yo asumía esas competencias, que se fueron ejecutando, como ese carril bici que iba a la Universidad, que se pudo arreglar u otras mejoras en el espacio público del barrio, y por la parte de Urbanismo, desde luego, estamos trabajando intensamente, aunque reconozco que no con la rapidez que nos gustaría, con la Junta de Compensación para finalizar esas obras de urbanización. Bueno, ellos tienen sus tiempos, sus problemas, digamos, dentro de la Junta y nosotros lo que queremos es, desde luego, que la finalicen lo antes posible para que el barrio pueda ser un barrio lo más rápido*

para que o barrio poida ser un barrio o máis rápido posible.

Señor Deus, dende logo, o mesmo, agradecer tamén ese voto favorable do Grupo Popular a este asunto. Reitero o que xa..., bueno, compartimos creo que todos, non? neste pleno, polo que vos escoitei tanto á señora Veira como ó señor Deus, de a necesidade de dinamizar ese equipamento que se construíu no momento no que, bueno, non só na nosa cidade, en todas as cidades de España, estaba de moda a construción dos centros comerciais e que dende logo son espacios cun valor económico xa pola súa construción en que teñen que servir, dende logo, como novos polos de atracción, tanto dotacional como de oficinas, comercial, doutros usos e por iso esa modificación do Plan Parcial de Someso.

Dende logo, valorar moi positivamente a unanimidade neste asunto. Moitas grazas.

**Presidencia**

Ben, moitas grazas.

Procedemos á votación deste asunto.

**Votación do asunto número tres**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número tres relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

*posible.*

*Señor Deus, desde luego, lo mismo, agradecer también ese voto favorable del Grupo Popular a este asunto. Reitero el que ya..., bueno, compartimos creo que todos, ¿no? en este pleno, por lo que os escuché tanto a la señora Veira como al señor Deus, de la necesidad de dinamizar ese equipamiento que se construyó en el momento en el que, bueno, no solo en nuestra ciudad, en todas las ciudades de España, estaba de moda la construcción de los centros comerciales y que desde luego son espacios con un valor económico ya por su construcción en que tienen que servir, desde luego, como nuevos polos de atracción, tanto dotacional como de oficinas, comercial, de otros usos y por eso esa modificación del Plan Parcial de Someso.*

*Desde luego, valorar muy positivamente la unanimidad en este asunto. Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Bien, muchas gracias.*

*Procedemos a la votación de este asunto.*

***Votación del asunto número tres***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número tres relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobado por unanimidade.

**Acordo**

Primeiro. Aprobar o informe elaborado polos técnicos municipais o 10.04.2025, de resposta á alegación presentada durante o período de exposición pública.

Segundo. Aprobar definitivamente o documento denominado "Modificación puntual n.º 3 do Plan Parcial do Sector 7 "Recinto Feiral de Someso". Normativa presentado o 22.04.2025 por Espacio Coruña Shopping, S.L, e asinado dixitalmente polo arquitecto Álvaro Fernández Carballada e a arquitecta Beatriz Aneiros Filgueiras.

Terceiro. Notificar este acordo á entidade titular da parcela afectada e aos Servizos e Departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.

Cuarto. Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia e realizar a súa inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, segundo o disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do Solo de Galicia.

**ASUNTO 4**

**59. Expediente 631/2022/280**
**Aprobación definitiva do Estudo de Detalle para a cubrición dunha pista exterior no IES Salvador de Madariaga.**

Este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Planificación Urbana e Administración Xeral en sesión celebrada o 5 de maio de 2025, por unanimidade, co voto a favor

*Gracias. Queda aprobado por unanimidad.*

**Acuerdo**

*Primero. Aprobar el informe elaborado por los técnicos municipales el 10.04.2025, de respuesta a la alegación presentada durante el período de exposición pública.*

*Segundo. Aprobar definitivamente el documento denominado "Modificación puntual n.º 3 del Plan Parcial del Sector 7 "Recinto Feiral de Someso". Normativa", presentado el 22.04.2025 por Espacio Coruña Shopping, S.L, y firmado digitalmente por el arquitecto Álvaro Fernández Carballada y la arquitecta Beatriz Aneiros Filgueiras.*

*Tercero. Notificar este acuerdo a la entidad titular de la parcela afectada y a los Servicios y Departamentos municipales interesados en la tramitación del expediente.*

*Cuarto. Publicar este acuerdo en el Diario Oficial de Galicia y en el Boletín Oficial de la Provincia y realizar su inscripción en el Registro de Planeamiento Urbanístico de Galicia, según lo dispuesto en el artículo 82 de la Ley 2/2016, del Suelo de Galicia.*

***ASUNTO 4***

***59. Expediente 631/2022/280***
***Aprobación definitiva del Estudio de Detalle para la cubrición de una pista exterior en el IES Salvador de Madariaga.***

*Este asunto fue dictaminado favorablemente por la Comisión Informativa de Economía, Hacienda, Planificación Urbana y Administración General en sesión celebrada el 5 de mayo de 2025, por unanimidad, con el voto a favor de los grupos municipales del*

dos grupos municipais do Partido Popular, dos Socialistas de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego, propoñendo ó Pleno da Corporación a adopción dos acordos seguintes nos propios termos da proposta formulada:

Primeiro. Aprobar definitivamente o documento denominado "Estudio de detalle de cubrición de pista exterior del IES Salvador de Madariaga. Febreiro 2025", promovido pola Vicesecretaría Xeral da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e asinado por Juan R. Iglesias Babío e Iván López Veiga, colexiados do COAG números 2663 e 2714, respectivamente.

Segundo. Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta lei, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

Terceiro. Notificar este acordo ao promotor do documento e aos Departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.

**Intervencións**

**Presidencia**

Señor secretario, asunto catro.

**Señor Secretario**

Expediente de aprobación definitiva do Estudo de Detalle para a cubrición dunha pista exterior no IES Salvador de Madariaga.

**Presidencia**

*Partido Popular, de los Socialistas de Galicia-PSOE y del Bloque Nacionalista Galego, proponiendo al Pleno de la Corporación la adopción de los acuerdos siguientes en los propios términos de la propuesta formulada:*

*Primero. Aprobar definitivamente el documento denominado "Estudio de detalle de cubrición de pista exterior del IES Salvador de Madariaga. Febrero 2025", promovido por la Vicesecretaría General de la Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, y firmado por Juan R. Iglesias Babío e Iván López Veiga, colegiados del COAG números 2663 y 2714, respectivamente.*

*Segundo. Ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, y concordantes del reglamento de desarrollo de esta ley, para procurar la eficacia del acto de aprobación definitiva y la entrada en vigor del estudio de detalle aprobado.*

*Tercero. Notificar este acuerdo al promotor del documento y a los Departamentos municipales interesados en la tramitación del expediente.*

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Señor secretario, asunto cuatro.*

***Señor Secretario***

*Expediente de aprobación definitiva del Estudio de Detalle para la cubrición de una pista exterior en el IES Salvador de Madariaga.*

***Presidencia***

Ben. Igual que no punto anterior, expón o asunto o concelleiro de Urbanismo e despois unha quenda de cinco minutos. Señor Díaz.

*Bien. Igual que en el punto anterior, expone el asunto el concejal de Urbanismo y después un turno de cinco minutos. Señor Díaz.*

**<u>Señor Díaz Gallego</u>**

Si. Traemos neste caso ó Pleno do Concello da Coruña a proposta para a aprobación definitiva do Estudo de Detalle no IES Salvador de Madariaga da nosa cidade. O ámbito do Estudo de Detalle é a parcela catastral do propio Instituto, do IES Salvador de Madariaga, o cal comparte quinteiro con outros equipamentos públicos da Cidade Escolar. Esta parcela está clasificada polo Plan Xeral como solo urbano consolidado coa cualificación urbanística de sistema xeral de equipamento público educativo e con ordenanza de aplicación á Norma Zonal 8 de equipamentos. A parcela está ademais incluída no Catálogo do Plan Xeral do 2013 cun nivel de protección estrutural regulado no Plan Xeral no que respecta ó Instituto Salvador de Madariaga proxectado no seu momento por Antonio Tenreiro.

Deberase atender tamén a esa lei de rehabilitación e rexeneración urbana de Galicia no que, digamos que fala, non? da regulación, da instrución interpretativa conxunta que se fixo para intervir nos bens catalogados que requiren, polo tanto, autorización da Consellería competente na materia de patrimonio cultural.

Hoxe todo estudo de detalle é a análise pormenorizada da parcela do IES Salvador de Madariaga para a execución dunha cuberta para as pistas exteriores, tendo en conta a posición do inmoble, a contorna e o valor histórico dos edificios que integran esa contorna, non só o propio instituto, senón tamén, bueno, pois

**<u>*Señor Díaz Gallego*</u>**

*Sí. Traemos en este caso al Pleno del Ayuntamiento de A Coruña la propuesta para la aprobación definitiva del Estudio de Detalle en el IES Salvador de Madariaga de nuestra ciudad. El ámbito del Estudio de Detalle es la parcela catastral del propio Instituto, del IES Salvador de Madariaga, el cual comparte manzana con otros equipamientos públicos de la Ciudad Escolar. Esta parcela está clasificada por el Plan General como suelo urbano consolidado con la calificación urbanística de sistema general de equipamiento público educativo y con ordenanza de aplicación a la Norma Zonal 8 de equipamientos. La parcela está además incluida en el Catálogo del Plan General de 2013 con un nivel de protección estructural regulado en el Plan General en lo que respecta al Instituto Salvador de Madariaga proyectado en su momento por Antonio Tenreiro.*

*Se deberá atender también a esa ley de rehabilitación y regeneración urbana de Galicia en lo que, digamos que habla, ¿no? de la regulación, de la instrucción interpretativa conjunta que se hizo para intervenir en los bienes catalogados que requieren, por lo tanto, autorización de la Consellería competente en materia de patrimonio cultural.*

*Hoy todo estudio de detalle es el análisis pormenorizado de la parcela del IES Salvador de Madariaga para la ejecución de una cubierta para las pistas exteriores, teniendo en cuenta la posición del inmueble, el entorno y el valor histórico de los edificios que integran ese entorno, no solo el propio instituto, sino también, bueno, pues el colegio del edificio de la*

o colexio do edificio da Normal ou os edificios do Conservatorio e da Escola de Idiomas tamén, de Andrés Fernández Albalat.

*Normal o los edificios del Conservatorio y de la Escuela de Idiomas también, de Andrés Fernández Albalat.*

Polo tanto, trátase dun estudo de detalle de ordenación de volumes que entra nos obxectivos previstos na Lei do solo de Galicia e a ordenación do Estudo de Detalle está encamiñada a lograr unha mellora do uso do espazo do centro, mellorando o confort no exterior do edificio e posibilitando o uso das zonas exteriores cubertas todo o ano.

*Por lo tanto, se trata de un estudio de detalle de ordenación de volúmenes que entra en los objetivos previstos en la Ley del suelo de Galicia y la ordenación del Estudio de Detalle está encaminada a lograr una mejora del uso del espacio del centro, mejorando el confort en el exterior del edificio y posibilitando el uso de las zonas exteriores cubiertas todo el año.*

Este estudo de detalle vén motivado pola necesidade de atender as condicións do planeamento urbanístico da Coruña nesa citada norma zonal 8 e dende logo deberá tamén ó regulado no Plan Xeral e, bueno, no que ten que ver con..., a relación desa parte non ocupada pola cobertura do patio coa edificación protexida.

*Este estudio de detalle viene motivado por la necesidad de atender las condiciones del planeamiento urbanístico de A Coruña en esa citada norma zonal 8 y desde luego deberá también al regulado en el Plan General y, bueno, en lo que tiene que ver con..., la relación de esa parte no ocupada por la cobertura del patio con la edificación protegida.*

Regúlase tamén que os equipamentos e dotacións adaptaranse tipoloxicamente á ordenación da zona donde se encadran e manterán a súa composición urbanística, respectando e mantendo as aliñacións do seu quinteiro e estremeiro. O resto dos parámetros urbanísticos neste caso son libres e poderán adaptar as condicións da edificación, estándares e programas á súa lexislación específica mediante redacción deste estudo de detalle, o que hoxe traemos a Pleno.

*Se regula también que los equipamientos y dotaciones se adaptarán tipológicamente a la ordenación de la zona donde se encuadran y mantendrán su composición urbanística, respetando y manteniendo las alineaciones de su manzana y colindante. El resto de los parámetros urbanísticos en este caso son libres y podrán adaptar las condiciones de la edificación, estándares y programas a su legislación específica mediante redacción de este estudio de detalle, el que hoy traemos a Pleno.*

No documento recóllese tamén esa ordenación, digamos, mediante o Estudo de Detalle que atende, como digo, a esa norma zonal 8. Recóllese tamén esa norma zonal 8 que se encontra neste momento en aprobación inicial e en trámites para a súa aprobación provisional, pero se ben, como aínda non está aprobada, pois requírese dese estudo de detalle que coa modificación da Norma Zonal 8 que traeremos a Pleno se

*En el documento se recoge también esa ordenación, digamos, mediante el Estudio de Detalle que atiende, como digo, la esa norma zonal 8. Se recoge también esa norma zonal 8 que se encuentra en este momento en aprobación inicial y en trámites para su aprobación provisional, pero si bien, como aún no está aprobada, pues se requiere de ese estudio de detalle que con la modificación de la Norma Zonal 8 que traeremos a Pleno se eliminará, digamos, esa necesidad en breve.*

eliminará, digamos, esa necesidade en breves.

Polo tanto, a proposta de acordo que traemos hoxe a Pleno é, primeiro, aprobar definitivamente o documento denominado "Estudio de Detalle de cubrición de pista exterior del IES Salvador de Madariaga. Febreiro 2025", promovido pola Vicesecretaría Xeral da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e asinado polos arquitectos Juan Iglesias Babío e Iván López Veiga; segundo, ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei do solo de Galicia para procurar a eficacia da aprobación definitiva deste estudo de detalle; e terceiro, notificar este acordo ao promotor do documento e aos departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Grazas, señor Díaz.

Turno para o BNG. Señora Veira.

**Señora Veira González**

Si. Como no asunto anterior, este grupo municipal vai votar a favor porque entendemos que é necesaria a cubrición da pista exterior do Instituto Salvador de Madariaga. Agradecemos que se recolla na documentación do Estudo de Detalle, na memoria xustificativa, a necesidade de que esta cuberta sexa harmónica coa contorna porque se trata dunha zona que arquitectonicamente é moi interesante, os edificios que hai nesa contorna son moi interesantes, ademais do propio Instituto. Polo tanto, pois parabéns por ter en conta iso.

Consideramos positivo, evidentemente,

*Por lo tanto, la propuesta de acuerdo que traemos hoy a Pleno es, primero, aprobar definitivamente el documento denominado "Estudio de Detalle de cubrición de pista exterior de él IES Salvador de Madariaga. Febrero 2025", promovido por la Vicesecretaría General de la Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional y Universidades, y firmado por los arquitectos Juan Iglesias Babío e Iván López Veiga; segundo, ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley del suelo de Galicia para procurar la eficacia de la aprobación definitiva de este estudio de detalle; y tercero, notificar este acuerdo al promotor del documento y a los departamentos municipales interesados en la tramitación del expediente.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Gracias, señor Díaz.*

*Turno para el BNG. Señora Veira.*

***Señora Veira González***

*Sí. Como en el asunto anterior, este grupo municipal va a votar a favor porque entendemos que es necesaria la cubrición de la pista exterior del Instituto Salvador de Madariaga. Agradecemos que se recoja en la documentación del Estudio de Detalle, en la memoria justificativa, la necesidad de que esta cubierta sea armónica con el entorno porque se trata de una zona que arquitectónicamente es muy interesante, los edificios que hay en ese entorno son muy interesantes, además del propio Instituto. Por lo tanto, pues felicitaciones por tener en cuenta eso.*

*Consideramos positivo, evidentemente, que se instalen estas infraestructuras para*

que se instalen estas infraestruturas para cubrir os patios, tanto dos colexios como dos institutos, para permitir que aínda que chova, os nenos e as nenas, as adolescentes, poidan socializar entre eles, saír, respirar, desafogar, porque é moitas veces tan importante para eles como estar na propia aula e aprender na propia aula. Polo tanto, este é o camiño, o de cubrir os patios dos colexios, dos centros educativos da nosa cidade e cremos que é, evidentemente, positivo para todas e para todos e ese é o motivo polo que imos votar a favor.

Nada máis.

**Presidencia**

Grazas, señora Veira.

Turno para o Partido Popular. Señor Deus.

**Ás once horas e un minuto sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

***Señor Deus Álvarez***

*Moitas grazas, señora alcaldesa.*

*Desde outubro do ano 2022 en que o promotor, neste caso a Xunta de Galicia, presenta a solicitude para a tramitación dun estudo de detalle para a ordenación de volumes para a cubrición dunha pista exterior no IES Salvador de Madariaga, transcorreron máis de dous anos e medio. Neste momento debatemos a aprobación definitiva deste documento urbanístico.*

*Este estudo de detalle desenvólvese nunha parcela clasificada como solo urbano consolidado polo Plan Xeral de 2013, coa cualificación de sistema xeral de equipamento público educativo, sendo a ordenanza de aplicación a Norma*

*cubrir los patios, tanto de los colegios como de los institutos, para permitir que aunque llueva, los niños y las niñas, las adolescentes, puedan socializar entre ellos, salir, respirar, desahogarse, porque es muchas veces tan importante para ellos como estar en la propia aula y aprender en la propia aula. Por lo tanto, este es el camino, el de cubrir los patios de los colegios, de los centros educativos de nuestra ciudad y creemos que es, evidentemente, positivo para todas y para todos y ese es el motivo por el que vamos a votar a favor.*

*Nada más.*

***Presidencia***

*Gracias, señora Veira.*

*Turno para el Partido Popular. Señor Deus.*

***A las once horas y un minuto sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

**Señor Deus Álvarez**

Muchas gracias, señora alcaldesa.

Desde octubre del año 2022 en que el promotor, en este caso la Xunta de Galicia, presenta la solicitud para la tramitación de un estudio de detalle para la ordenación de volúmenes para la cubrición de una pista exterior en el IES Salvador de Madariaga, han transcurrido más de dos años y medio. En este momento debatimos la aprobación definitiva de este documento urbanístico.

Este estudio de detalle se desarrolla en una parcela clasificada como suelo urbano consolidado por el Plan General de 2013, con la calificación de sistema general de equipamiento público educativo, siendo la ordenanza de aplicación la Norma Zonal 8 de equipamientos, la cual exige la

*Zonal 8 de equipamentos, a cal esixe a ordenación volumétrica que se fixe a través dun estudo de detalle. Ademais, a parcela está incluída no Catálogo do Plan Xeral cun nivel 2 de protección estrutural. Na contorna desta parcela existen outros elementos catalogados, o máis próximo deles o edificio do Conservatorio, polo que cobra especial importancia o establecido no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que é favorable.*

*Cobra tamén especial importancia tamén para a tramitación dese estudo de detalle a aplicación da Norma Zonal 8 de equipamentos, polo que neste punto quero facer unha especial énfase.*

*No Pleno do 13 de outubro de 2022 tróuxose a este pleno o asunto para a aprobación inicial da modificación desta norma zonal. Como consecuencia diso, este estudo de detalle na súa memoria xustifica o cumprimento tanto do plan en vigor como da ordenación correspondente á modificación inicialmente aprobada. Aínda que é certo que na actualidade xa non é necesario facelo ao transcorrer máis de dous anos desde a aprobación inicial da modificación, que se cumpriron, ademais, no mes de novembro do ano pasado. Levamos moito tempo pedíndolles que traian a este pleno a aprobación definitiva da Norma Zonal 8, que é a que regula as condicións das edificacións e de uso aplicables ás parcelas de equipamentos, tanto públicas como privadas, incluída a Universidade. Coa súa modificación preténdese flexibilizar e facilitar a mellora e a construción de instalacións en centros educativos, sanitarios ou sociais que permita cubrir a demanda social que xustifica ditas ampliacións. Con iso vanse a desbloquear proxectos para realizar equipamentos no Campus Universitario de Elviña, ampliar colexios*

ordenación volumétrica que se fije a través de un estudio de detalle. Además, la parcela está incluida en el Catálogo del Plan General con un nivel 2 de protección estructural. En el entorno de esta parcela existen otros elementos catalogados, el más próximo de ellos el edificio del Conservatorio, por lo que cobra especial importancia lo establecido en el informe de la Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que es favorable.

Cobra también especial importancia también para la tramitación de ese estudio de detalle la aplicación de la Norma Zonal 8 de equipamientos, por lo que en este punto quiero hacer un especial énfasis.

En el Pleno del 13 de octubre de 2022 se trajo a este pleno el asunto para la aprobación inicial de la modificación de esta norma zonal. Como consecuencia de ello, este estudio de detalle en su memoria justifica el cumplimiento tanto del planeamiento en vigor como de la ordenación correspondiente a la modificación inicialmente aprobada. Si bien es cierto que en la actualidad ya no es necesario hacerlo al haber transcurrido más de dos años desde la aprobación inicial de la modificación, que se cumplieron, además, en el mes de noviembre del año pasado. Llevamos mucho tiempo pidiéndoles que traigan a este pleno la aprobación definitiva de la Norma Zonal 8, que es la que regula las condiciones edificatorias y de uso aplicables a las parcelas de equipamientos, tanto públicas como privadas, incluida la Universidad. Con su modificación se pretende flexibilizar y facilitar la mejora y la construcción de instalaciones en centros educativos, sanitarios o sociales que permita cubrir la demanda social que justifica dichas ampliaciones. Con ello se van a desbloquear proyectos para realizar equipamientos en el Campus Universitario de Elviña, ampliar colegios como el de Eirís o mejorar instalaciones de otros,

*como o de Eirís ou mellorar instalacións doutros, como o das Escravas, ou de centros sanitarios como o Hospital San Rafael, ou sociais como Padre Rubinos. Non ten ningún sentido que existindo un amplo consenso neste asunto, vostedes o teñan gardado nun caixón.*

*E sen máis, tamén, facer outra advertencia en relación co programa de axudas ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio. Aínda non se convocaron e o prazo de execución termina o próximo día 30 de xuño. Por favor, póñanse as pilas, que se non, imos perder, como noutros casos, os fondos europeos.*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Deus. Turno para o concelleiro de Urbanismo.

**Ás once horas e tres minutos sae do Salón de Sesións a señora Canosa Domínguez.**

**Señor Díaz Gallego**

Si. Pola miña parte, desde logo agradecer o voto favorable tanto do Grupo Popular como do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Dende logo, creo, bueno..., é un estudo de detalle, este que traemos hoxe a Pleno, que vai mellorar dende logo as condicións do Instituto, do IES Salvador de Madariaga, e as condicións dos rapaces que alí están a estudar.

Aproveitar tamén este asunto para, bueno, animar a Xunta de Galicia a devolver a eses espazos públicos da Cidade Escolar ó seu carácter orixinal, un carácter no que non había muros, no que era un gran campus universitario, escolar, digamos, rodeado de xardíns. É unha demanda veciñal moi intensa dende hai moitos anos para que se eliminen os

como el de las Esclavas, o de centros sanitarios como el Hospital San Rafael, o sociales como Padre Rubinos. No tiene ningún sentido que existiendo un amplio consenso en este asunto, ustedes lo tengan guardado en un cajón.

Y sin más, también, hacer otra advertencia en relación con el programa de ayudas a las actuaciones de rehabilitación a nivel de barrio. Aún no se han convocado y el plazo de ejecución termina el próximo día 30 de junio. Por favor, pónganse las pilas, que si no, vamos a perder, como en otros casos, los fondos europeos.

Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Deus. Turno para el concejal de Urbanismo.*

***A las once horas y tres minutos sale del Salón de Sesiones la señora Canosa Domínguez.***

***Señor Díaz Gallego***

*Sí. Por mi parte, desde luego agradecer el voto favorable tanto del Grupo Popular como del Grupo del Bloque Nacionalista Galego. Desde luego, creo, bueno..., es un estudio de detalle, este que traemos hoy a Pleno, que va a mejorar desde luego las condiciones del Instituto, del IES Salvador de Madariaga, y las condiciones de los chicos que allí están estudiando.*

*Aprovechar también este asunto para, bueno, animar a la Xunta de Galicia a devolver a esos espacios públicos de la Ciudad Escolar a su carácter original, un carácter en el que no había muros, en el que era un gran campus universitario, escolar, digamos, rodeado de jardines. Es una demanda vecinal muy intensa desde hace muchos años para que se eliminen los muros que separan el Conservatorio de la*

muros que separan o Conservatorio da Escola de Idiomas e entre os centros educativos, permitindo ese gran parque no que estean eses equipamentos. Este mesmo goberno municipal traballou no seu momento coa Universidade da Coruña precisamente para eliminar os muros da Normal e creo que debería aproveitarse, xa que estamos a falar do IES Salvador de Madariaga, para que se mellore esa contorna nas parcelas que sexan titularidade da Xunta.

**Ás once horas e cinco minutos entra no Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas.**

Como sabía, señor Deus, que ía sacarme o tema do tempo transcorrido na tramitación do expediente, se veu ese tempo tamén tivo tempo de ver, valga a redundancia, os cinco informes desfavorables da Oficina Técnica de Planeamento. Teñen vostedes un problema. É a Xunta de Galicia que é quen elabora unhas normas técnicas e planeamento que despois son incapaces de cumprir. Entón, eu coincido en que as Normas Técnicas de Planeamento son un horror para todos os técnicos que traballamos en urbanismo, porque son..., complexizan todo moito e xeneran uns documentos, dende logo, canto menos, vamos a dicir, complexos e esteticamente dudosos a súa configuración, pero xa que están creadas e xa que as crea a propia Xunta de Galicia, o mínimo é que na tramitación dos seus propios expedientes os técnicos que contratan cumpran as Normas Técnicas de Planeamento. Non pasa só neste expediente, pasou tamén no de María Mariño, que estivemos instando a Xunta de Galicia dous anos a que o documento presentado cumpra as Normas Técnicas porque non podemos aprobar definitivamente ningún documento que non cumpra as Normas Técnicas.

*Escuela de Idiomas y entre los centros educativos, permitiendo ese gran parque en el que estén esos equipamientos. Este mismo gobierno municipal trabajó en su momento con la Universidad de A Coruña precisamente para eliminar los muros de la Normal y creo que debería aprovecharse, ya que estamos hablando del IES Salvador de Madariaga, para que se mejore ese entorno en las parcelas que sean titularidad de la Xunta.*

***A las once horas y cinco minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas.***

*Como sabía, señor Deus, que me iba a sacar el tema del tiempo transcurrido en la tramitación del expediente, si vio ese tiempo también tuvo tiempo de ver, valga la redundancia, los cinco informes desfavorables de la Oficina Técnica de Planeamiento. Tienen ustedes un problema. Es la Xunta de Galicia que es quien elabora unas normas técnicas y planeamiento que después son incapaces de cumplir. Entonces, yo coincido en que las Normas Técnicas de Planeamiento son un horror para todos los técnicos que trabajamos en urbanismo, porque son..., complejizan todo mucho y generan unos documentos, desde luego, cuanto menos, vamos a decir, complejos y estéticamente dudosos su configuración, pero ya que están creadas y ya que las crea la propia Xunta de Galicia, lo mínimo es que en la tramitación de sus propios expedientes los técnicos que contratan cumplan las Normas Técnicas de Planeamiento. No pasa solo en este expediente, pasó también en el de María Mariño, que estuvimos instando a la Xunta de Galicia dos años a que el documento presentado cumpla las Normas Técnicas porque no podemos aprobar definitivamente ningún documento que no cumpla las Normas Técnicas.*

*Entonces, yo creo que es un buen momento*

Entón, eu creo que é un bo momento outra vez para que lle trasladen ós seus compañeiros da Xunta de Galicia que, ou ben acaben coas Normas Técnicas e xa está, se non son capaces de cumprilas, ou que os documentos, dende logo, cumpran con elas porque ademais, como poden comprobar no asunto anterior, na modificación do Plan Parcial de Someso, foron seis meses de tramitación. Polo tanto, o problema non está, dende logo, na Oficina Técnica de Planeamento, nin nos técnicos de Planeamento, senón, bueno, nos documentos que se presentan e na calidade dos mesmos en canto a contido e a documentación técnica.

Pola miña parte, dende logo, bueno, voltar a agradecer esa unanimidade neste asunto de Urbanismo, que podamos sacalo adiante co voto favorable de tódolos grupos municipais, e nada máis. Grazas.

**Ás once horas e seis minutos entra no Salón de Sesións a señora Canosa Domínguez.**

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señor Díaz.

Procedemos á votación deste asunto número catro.

**<u>Votación do asunto número catro</u>**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número catro relacionado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do

*otra vez para que le trasladen a sus compañeros de la Xunta de Galicia que, o bien acaben con las Normas Técnicas y ya está, si no son capaces de cumplirlas, o que los documentos, desde luego, cumplan con ellas porque además, como pueden comprobar en el asunto anterior, en la modificación del Plan Parcial de Someso, fueron seis meses de tramitación. Por lo tanto, el problema no está, desde luego, en la Oficina Técnica de Planeamiento, ni en los técnicos de Planeamiento, sino, bueno, en los documentos que se presentan y en la calidad de los mismos en cuanto a contenido y a documentación técnica.*

*Por mi parte, desde luego, bueno, volver a agradecer esa unanimidad en este asunto de Urbanismo, que podamos sacarlo adelante con el voto favorable de todos los grupos municipales, y nada más. Gracias.*

***A las once horas y seis minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Canosa Domínguez.***

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor Díaz.*

*Procedemos a la votación de este asunto número cuatro.*

***<u>Votación del asunto número cuatro</u>***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número cuatro relacionado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobado por unanimidade.

**Acordo**

Primeiro. Aprobar definitivamente o documento denominado "Estudio de detalle de cubrición de pista exterior del IES Salvador de Madariaga. Febreiro 2025", promovido pola Vicesecretaría Xeral da Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, e asinado por Juan R. Iglesias Babío e Iván López Veiga, colexiados do COAG números 2663 e 2714, respectivamente.

Segundo. Ordenar a realización dos trámites administrativos recollidos no artigo 82 e 88 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e concordantes do regulamento de desenvolvemento desta lei, para procurar a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do estudo de detalle aprobado.

Terceiro. Notificar este acordo ao promotor do documento e aos Departamentos municipais interesados na tramitación do expediente.

**Intervencións**

**Presidencia**

Remata aquí a Parte Resolutiva. Parte Non Resolutiva, Control e seguimento da xestión. Señor secretario.

**II. PARTE NON RESOLUTIVA. CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN:**

**60. 1º. Ter coñecemento:**

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobado por unanimidad.*

***Acuerdo***

*Primero. Aprobar definitivamente el documento denominado "Estudio de detalle de cubrición de pista exterior del IES Salvador de Madariaga. Febrero 2025", promovido por la Vicesecretaría General de la Consellaría de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, y firmado por Juan R. Iglesias Babío e Iván López Veiga, colegiados del COAG números 2663 y 2714, respectivamente.*

*Segundo. Ordenar la realización de los trámites administrativos recogidos en el artículo 82 y 88 de la Ley 2/2016, de 10 de febrero, del suelo de Galicia, y concordantes del reglamento de desarrollo de esta ley, para procurar la eficacia del acto de aprobación definitiva y la entrada en vigor del estudio de detalle aprobado.*

*Tercero. Notificar este acuerdo al promotor del documento y a los Departamentos municipales interesados en la tramitación del expediente.*

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Finaliza aquí la Parte Resolutiva. Parte No Resolutiva, Control y seguimiento de la gestión. Señor secretario.*

***II. PARTE NO RESOLUTIVA. CONTROL Y SEGUIMIENTO DE LA GESTIÓN:***

***60. 1º. Tomar conocimiento:***

- Das resolucións da Xunta de Goberno Local, desde a número seis mil sesenta e seis (6.066) de seis de abril de dous mil vinte e cinco á oito mil setenta e sete (8.077) de catro de maio de dous mil vinte e cinco.

- E dos decretos da Alcaldía, desde o dous mil douscentos trinta e oito (2.238) de sete da abril de dous mil vinte e cinco ao tres mil sesenta e catro (3.064) de catro de maio de dous mil vinte e cinco.

**Señor Secretario**

A continuación, mocións, rogos e preguntas.

**2º. Mocións**

**MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

**Primeira. Moción sobre o barrio da Silva.**

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda polo Grupo municipal do Partido Popular.**

**Intervencións**

**Presidencia**

Ben. Comezamos pola primeira das mocións presentadas polo Bloque Nacionalista Galego sobre o barrio da Silva. Ten a palabra a señora Queixas.

**Ás once horas e sete minutos sae do Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres.**

**Señora Queixas Zas**

Grazas, alcaldesa.

*- De las resoluciones de la Junta de Gobierno Local, desde la número seis mil sesenta y seis (6.066) de seis de abril de dos mil veinticinco a la ocho mil setenta y siete (8.077) de cuatro de mayo de dos mil veinticinco.*

*- Y de los decretos de la Alcaldía, desde el dos mil doscientos treinta y ocho (2.238) de siete de abril de dos mil veinticinco al tres mil sesenta y cuatro (3.064) de cuatro de mayo de dos mil veinticinco.*

***Señor Secretario***

*A continuación, mociones, ruegos y preguntas.*

***2º. Mociones***

***MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

***Primera. Moción sobre el barrio de A Silva.***

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda por el Grupo municipal del Partido Popular.***

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Bien. Comenzamos por la primera de las mociones presentadas por el Bloque Nacionalista Galego sobre el barrio de A Silva. Tiene la palabra a señora Queixas.*

***A las once horas y siete minutos sale del Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres.***

***Señora Queixas Zas***

*Gracias, alcaldesa.*

*La realidad que nos transmite la ciudad de*

A realidade que nos transmite a cidade da Coruña é que a desigualdade nela vai por barrios, unha desigualdade no acceso a servizos básicos que vén determinada pola falta de atención necesaria e continuada por parte do Goberno local dende hai anos e até a actualidade. Un exemplo deste abandono son os barrios da Silva e de Cances, e unha mostra máis que evidente deste abandono é que o Goberno local non deu cumprimento ós acordos tomados por unanimidade no Pleno celebrado en xaneiro de 2021 en que se expoñían unha serie de accións, dez accións concretamente, encamiñadas a manter a vitalidade, a habitabilidade e a igualdade nestes núcleos urbanos da Silva e de Cances.

É por iso que dende o Grupo municipal do BNG, catro anos despois de ter tomado estes acordos que benefician a vida..., beneficiarían a vida das veciñas e veciños dos barrios da Silva e de Cances, volvemos traer a este pleno esta moción onde instamos o Goberno local a que cumpra no actual mandato tódolos acordos pendentes de executar recollidos na moción impulsada polo BNG e aprobada, insistimos, no Pleno de xaneiro de 2021 que recollía as seguintes demandas.

En primeiro lugar, executar tódalas accións aprobadas nos orzamentos participativos dos anos 2017, 2018 e 2019; en segundo lugar, dotar a entrada da Silva dunha maior seguridade para os peóns coas seguintes medidas: elevar os dous pasos de peóns da rúa Jaime Hervada; instalar semáforos para rebaixar a velocidade dos vehículos; construír unha pequena beirarrúa entre a saída da Silva e a de Penamoa, onde debería haber, ademais, un paso de peóns para acceder á parada da liña 7; arranxar o pavimento e sinalización das vías do barrio.

*A Coruña es que la desigualdad en ella va por barrios, una desigualdad en el acceso a servicios básicos que viene determinada por la falta de atención necesaria y continuada por parte del Gobierno local desde hace años y hasta la actualidad. Un ejemplo de este abandono son los barrios de A Silva y de Cances, y una muestra más que evidente de este abandono es que el Gobierno local no dio cumplimiento a los acuerdos tomados por unanimidad en el Pleno celebrado en enero de 2021 en que se exponían una serie de acciones, diez acciones concretamente, encaminadas a mantener la vitalidad, la habitabilidad y la igualdad en estos núcleos urbanos de A Silva y de Cances.*

*Es por eso que desde el Grupo municipal del BNG, cuatro años después de haber tomado estos acuerdos que benefician la vida..., beneficiarían la vida de las vecinas y vecinos de los barrios de A Silva y de Cances, volvemos a traer a este pleno esta moción donde instamos al Gobierno local a que cumpla en el actual mandato todos los acuerdos pendientes de ejecutar recogidos en la moción impulsada por el BNG y aprobada, insistimos, en el Pleno de enero de 2021 que recogía las siguientes demandas.*

*En primer lugar, ejecutar todas las acciones aprobadas en los presupuestos participativos de los años 2017, 2018 y 2019; en segundo lugar, dotar la entrada de A Silva de una mayor seguridad para los peatones con las siguientes medidas: elevar los dos pasos de cebra de la calle Jaime Hervada; instalar semáforos para rebajar la velocidad de los vehículos; construir una pequeña acera entre la salida de A Silva y la de Penamoa, donde debería haber, además, un paso de cebra para acceder a la parada de la línea 7; arreglar el pavimento y señalización de las vías del barrio.*

*En tercer lugar, el tercer punto del acuerdo*

En terceiro lugar, o terceiro punto do acordo era chegar precisamente a acordos para eliminar os obstáculos das propiedades privadas que impiden o paso aos vehículos de emerxencia e dificultan o paso aos da recollida de lixo; en cuarto lugar, instalar un parque infantil e unhas máquinas biosaudábeis no patio traseiro do Centro Cívico da Silva, así como dotar este centro de actividades socioculturais para todas as idades; en quinto lugar, chegar a acordos cos propietarios privados para garantir a dotación de fibra de internet no barrio; en sexto lugar, instalar a rede pública de saneamento co fin de que poida chegar ás vivendas do barrio que aínda a día de hoxe carecen dela; en sétimo lugar, chegar a acordos cos propietarios dos terreos que permanecen sen urbanizar na zona da Fontenova, en Cances, e que a día de hoxe..., hoxe en día, perdón, son punto de tráfico e consumo de drogas, co fin de que se instale alumeado e se poida pasar a fibra para garantir que todas as persoas do barrio poidan ter internet; en oitavo lugar, retirar a herba da Pampa da contorna da rolda do Real Club Deportivo que están a expandirse polas fincas privadas da veciñanza e procurar tamén a eliminación dos eucaliptos que limitan cos camiños públicos dado que son un perigo en caso de incendio ou temporal; en noveno lugar, notificar ós propietarios e ás propietarias sobre as obrigas de limpar a maleza das fincas e vixiar o seu cumprimento; e en décimo e último lugar, volver realizar limpezas periódicas das vías polas que pasa a auga dos canos naturais do barrio e que emprega moita veciñanza.

**Ás once horas e dez minutos sae do Salón de Sesións o señor Coira Andrade.**

Entendemos desde o BNG que o feito de estar neste momento a facer un parque

*era llegar precisamente a acuerdos para eliminar los obstáculos de las propiedades privadas que impiden el paso a los vehículos de emergencia y dificultan el paso a los de la recogida de basura; en cuarto lugar, instalar un parque infantil y unas máquinas biosaludables en el patio trasero del Centro Cívico de A Silva, así como dotar a este centro de actividades socioculturales para todas las edades; en quinto lugar, llegar a acuerdos con los propietarios privados para garantizar la dotación de fibra de internet en el barrio; en sexto lugar, instalar la red pública de saneamiento con el fin de que pueda llegar a las viviendas del barrio que aún a día de hoy carecen de ella; en séptimo lugar, llegar a acuerdos con los propietarios de los terrenos que permanecen sin urbanizar en la zona de la Fontenova, en Cances, y que a día de hoy..., hoy en día, perdón, son punto de tráfico y consumo de drogas, con el fin de que se instale alumbrado y se pueda pasar la fibra para garantizar que todas las personas del barrio puedan tener internet; en octavo lugar, retirar la hierba de la Pampa del entorno de la ronda del Real Club Deportivo que están expandiéndose por las fincas privadas del vecindario y procurar también la eliminación de los eucaliptos que limitan con los caminos públicos dado que son un peligro en caso de incendio o temporal; en noveno lugar, notificar a los propietarios y a las propietarias sobre los deberes de limpiar la maleza de las hincas y vigilar su cumplimiento; y en décimo y último lugar, volver a realizar limpiezas periódicas de las vías por las que pasa el agua de los caños naturales del barrio y que emplea mucho vecindario.*

***A las once horas y diez minutos sale del Salón de Sesiones el señor Coira Andrade.***

*Entendemos desde el BNG que el hecho de estar en este momento haciéndose un parque infantil en el Centro Cívico, que*

infantil no Centro Cívico, que antes fixemos referencia, ou ben anunciar a través dos medios de comunicación a adxudicación da mellora do firme en dúas rúas do núcleo da Silva non xustifica o abandono reiterado dende o Goberno local deste barrio e por iso nos obriga a reiterar esta moción.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Queixas.

Turno para o Partido Popular, señor García.

**Ás once horas e once minutos sae do Salón de Sesións a señora Veira González.**

***Señor García Fernández***

*Grazas, señora alcaldesa.*

*É dicir, señora Queixas, está todo sen facer despois de cinco anos.*

*Esta moción é un claro exemplo que define a xestión do Goberno de Inés Rey e o papel que cumpre o BNG neste concello despois de seis anos. Poderíase definir con dúas palabras, unha, incompetencia, porque despois do ano 2020 que este grupo xa realizou unha moción sobre este barrio e despois, como dixo a señora Queixas, no ano 21, no ano 25 volven traer a mesma que fai catro ano.*

*Vostedes, señores do Goberno municipal, cos orzamentos máis altos da historia e despois de seis anos non cubriron os servizos máis básicos aos cidadáns do barrio da Silva. É o peor goberno a nivel de xestión da historia da Coruña, que xa é dicir. Xestionando os orzamentos máis altos, repito, en seis anos mellorou algo*

*antes hicimos referencia, o bien anunciar a través de los medios de comunicación la adjudicación de la mejora del firme en dos calles del núcleo de A Silva no justifica el abandono reiterado desde el Gobierno local de este barrio y por eso nos obliga a reiterar esta moción.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Queixas.*

*Turno para el Partido Popular, señor García.*

***A las once horas y once minutos sale del Salón de Sesiones la señora Veira González.***

**Señor García Fernández**

Gracias, señora alcaldesa.

Es decir, señora Queixas, está todo sin hacer después de cinco años.

Esta moción es un claro ejemplo que define la gestión del Gobierno de Inés Rey y el papel que cumple el BNG en este concello después de seis años. Se podría definir con dos palabras, una, incompetencia, porque después del año 2020 que este grupo ya realizó una moción sobre este barrio y después, como dijo la señora Queixas, en el año 21, en el año 25 vuelven a traer la misma que hace cuatro año.

Ustedes, señores del Gobierno municipal, con los presupuestos más altos de la historia y después de seis años no han cubierto los servicios más básicos a los ciudadanos del barrio de A Silva. Es el peor gobierno a nivel de gestión de la historia de La Coruña, que ya es decir. Gestionando los presupuestos más altos, repito, en seis años ¿mejoró algo el barrio de A Silva en

*o barrio da Silva nestes seis anos? Pois á vista do que se trasladou é que non e a súa capacidade é supina, e é unha responsabilidade do Grupo do BNG porque ninguén entende que, como di vostede, despois duns acordos tomados a bombo, prato, en prensa, con fogos de artificio, vostedes van e seguen apoiándoos. Cando alguén incumpre un acordo ou un compromiso, o que debe de levar é a unha caída dese goberno e a unha falta de apoio en calquera das súas accións de goberno. Vostedes tamén son cómplices de que estas melloras tan básicas non cheguen aos cidadáns da Silva e por tanto traizóanos.*

*A ninguén lle sorprenderá a conclusión de que a desigualdade nestes barrios, coñecendo a demanda dos veciños, que denuncian unha e outra vez, son máis patentes á hora que poidan acceder aos espazos públicos, aos equipamentos e aos servizos municipais. Repito, seis anos, máis de 300 millóns por exercicio e sen cumprir co barrio da Silva.*

*Este grupo trouxo neste salón de plenos multitude de mocións nas que lles trasladabamos as necesidades dos barrios despois de visitalos con eles. Presenciamos como persoas, aquí no Escano Cidadán, defendendo ao seu barrio pintábanlles vostedes a cara de vermello e dábanlles a razón, que é o curioso, pero o Goberno municipal, que optou? Non cumprir nin coas mocións nin cos rogos dos veciños. O mandato pasado caracterizouse porque este goberno foi incapaz de executar todo o capítulo de investimentos. É máis, no exercicio pasado máis de 80 millóns de euros en investimento.*

*Esta falta de estabilidade e unha nefasta xestión provocaron que a situación dos barrios chegou a esta situación de degradación tan importante do espazo público, dos servizos que presta o*

estos seis años? Pues a la vista de lo que se ha trasladado es que no y su capacidad es supina, y es una responsabilidad del Grupo del BNG porque nadie entiende que, como dice usted, después de unos acuerdos tomados a bombo, platillo, en prensa, con fuegos de artificio, ustedes van y siguen apoyándolos. Cuando alguien incumple un acuerdo o un compromiso, lo que debe de llevar es a una caída de ese gobierno y a una falta de apoyo en cualquiera de sus acciones de gobierno. Ustedes también son cómplices de que estas mejoras tan básicas no lleguen a los ciudadanos de A Silva y por lo tanto los traicionan.

A nadie le sorprenderá la conclusión de que la desigualdad en estos barrios, conociendo la demanda de los vecinos, que denuncian una y otra vez, son más patentes a la hora que puedan acceder a los espacios públicos, a los equipamientos y a los servicios municipales. Repito, seis años, más de 300 millones por ejercicio y sin cumplir con el barrio de la Silva.

Este grupo ha traído en este salón de plenos multitud de mociones en las que les trasladábamos las necesidades de los barrios después de haberlos visitados con ellos. Hemos presenciado cómo personas, aquí en el Escaño Ciudadano, defendiendo a su barrio les pintaban ustedes la cara de rojo y les daban la razón, que es lo curioso, pero el Gobierno municipal ¿que ha optado? No cumplir ni con las mociones ni con los ruegos de los vecinos. El mandato pasado se caracterizó porque este gobierno fue incapaz de ejecutar todo el capítulo de inversiones. Es más, en el ejercicio pasado más de 80 millones de euros en inversión.

Esta falta de estabilidad y una nefasta gestión han provocado que la situación de los barrios ha llegado a esta situación de degradación tan importante del espacio público, de los servicios que presta el Gobierno de Inés Rey. Para este grupo

*Goberno de Inés Rey. Para este grupo existe unha problemática común a todos os barrios, reclaman limpeza, mellora de iluminación nas rúas, mellor mantemento de espazo público que se concreta sempre no estado das nosas beirarrúas e rúas, creación de novas zonas públicas municipais, a accesibilidade. É preciso realizar un verdadeiro plan de mantemento, que era nosa proposta que o BNG rexeitou, un plan integral para a Silva. Viron vostedes o centro cívico, que cae a cachos? ou o parque das Eiriñas?*

**Ás once horas e catorce minutos entran no Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres e a señora Veira González.**

*En definitiva, estamos diante do peor equipo xestor da historia da Coruña e, por que estamos diante do peor equipo xestor? Pode ser por varias causas: porque son poucos. Pois evidentemente non, son once. Podía ser outra posibilidade, que non saben xestionar. Pois podería ser porque son persoas con pouca experiencia na xestión pública, é un dato obxectivo, pode ser. Ou porque hai poucas horas de navegación, suficientes, tamén pode ser. Pero, home, podería compensarse con ter ganas de facer algo, ter paixón polo que se fai, pero nin iso. É un clamor non só na cidade, senón* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *nos barrios —finalizo, señora alcaldesa—, é un clamor non só na cidade, senón nos barrios e tamén no persoal desta casa porque teñen pouca experiencia do público e cada vez, cada ano, menos ganas. Repito, seis anos, 300 millóns de orzamento por exercicio e o barrio da Silva segue igual.*

*Moitas grazas.*

**<u>Presidencia</u>**

existe una problemática común a todos los barrios, reclaman limpieza, mejora de iluminación en las calles, mejor mantenimiento de espacio público que se concreta siempre en el estado de nuestras aceras y calles, creación de nuevas zonas públicas municipales, la accesibilidad. Es preciso realizar un verdadero plan de mantenimiento, que era nuestra propuesta que el BNG ha rechazado, un plan integral para la Silva ¿Han visto ustedes el centro cívico, que se cae a cachos? ¿o el parque de las Eiriñas?

***A las once horas y catorce minutos entran en el Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres y la señora Veira González.***

En definitiva, estamos ante el peor equipo gestor de la historia de La Coruña y ¿por qué estamos ante el peor equipo gestor? Puede ser por varias causas: porque son pocos. Pues evidentemente no, son once. Podía ser otra posibilidad, que no saben gestionar. Pues podría ser porque son personas con poca experiencia en la gestión pública, es un dato objetivo, puede ser. O porque hay pocas horas de navegación, suficientes, también puede ser. Pero, hombre, podría compensarse con tener ganas de hacer algo, tener pasión por lo que se hace, pero ni eso. Es un clamor no solo en la ciudad, sino ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** en los barrios —finalizo, señora alcaldesa—, es un clamor no solo en la ciudad, sino en los barrios y también en el personal de esta casa porque tienen poca experiencia de lo público y cada vez, cada año, menos ganas. Repito, seis años, 300 millones de presupuesto por ejercicio y el barrio de la Silva sigue igual.

Muchas gracias.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor García. Turno para*

Moitas grazas, señor García. Turno para o Goberno, señora Díaz.

**Ás once horas e quince minutos entra no Salón de Sesións o señor Coira Andrade.**

**Señora Díaz Vázquez**

Si, señora alcaldesa, moitas grazas.

En primeiro lugar dicir que votaremos a favor da moción porque se non está todo feito, está practicamente todo feito ademais doutras tantas moitas cousas.

Por seguir a orde da moción, con respecto ós orzamentos participativos, non hai nada pendente deses anos en infraestruturas. Con respecto a dotar de maior seguridade vial, os pasos peonís de Jaime Hervada están xa deseñados e previstos para facer co mantemento e aproveitando iso farase tamén un estudio de tráfico de todo o barrio para tomar as decisións e medidas pertinentes de calmado de tráfico.

Con respecto a incidencias de pavimento e sinalización, como no resto da cidade, a medida que van xurdindo vanse resolvendo. O que si, e falando de seguridade, acabamos de executar unha nova glorieta entre a avenida Finisterre e Gambrinus e estamos iniciando outra entre a avenida Finisterre e rúa Gutemberg. Aproveitando dita actuación vaise proceder á eliminación do paso peonil con escaleiras totalmente inaccesible pola diferenza de cota entrambas beirarrúas, creando dous novos pasos peonís accesibles próximos a esta nova rotonda entre Finisterre e Gutemberg, desprazándose tamén as paradas de autobús cara ós novos pasos peonís, mellorando deste xeito a accesibilidade.

Como dicía, lembrar tamén que se acaba

*el Gobierno, señora Díaz.*

***A las once horas y quince minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Coira Andrade.***

***Señora Díaz Vázquez***

*Sí, señora alcaldesa, muchas gracias.*

*En primer lugar decir que votaremos a favor de la moción porque si no está todo hecho, está prácticamente todo hecho además de otras tantas muchas cosas.*

*Por seguir el orden de la moción, con respecto a los presupuestos participativos, no hay nada pendiente de esos años en infraestructuras. Con respecto a dotar de mayor seguridad vial, los pasos peatonales de Jaime Hervada están ya diseñados y previstos para hacer con el mantenimiento y aprovechando eso se hará también un estudio de tráfico de todo el barrio para tomar las decisiones y medidas pertinentes de calmado de tráfico.*

*Con respecto a incidencias de pavimento y señalización, como en el resto de la ciudad, a medida que van surgiendo se van resolviendo. Lo que sí, y hablando de seguridad, acabamos de ejecutar una nueva glorieta entre la avenida Finisterre y Gambrinus y estamos iniciando otra entre la avenida Finisterre y calle Gutemberg. Aprovechando dicha actuación se va a proceder a la eliminación del paso peatonal con escaleras totalmente inaccesible por la diferencia de cota ambas aceras, creando dos nuevos pasos peatonales accesibles próximos a esta nueva rotonda entre Finisterre y Gutemberg, desplazándose también las paradas de autobús hacia los nuevos pasos peatonales, mejorando de este modo la accesibilidad.*

*Como decía, recordar también que se acaba de adjudicar el proyecto de*

de adxudicar o proxecto de repavimentación en Lugar da Silva de Arriba, en Lugar de Silva de Abaixo, A Venela, que pertence ós orzamentos participativos do 2023. Logo cos orzamentos participativos imos ó día.

*repavimentación en Lugar de A Silva de Arriba, en Lugar de Silva de Abajo, A Venela, que pertenece a los presupuestos participativos de 2023. Luego con los presupuestos participativos vamos al día.*

Con respecto ós puntos 3 e 7, que teñen que ver coa Concellería de Urbanismo, o meu compañeiro, o señor Díaz, coméntame que fixarán unha visita co concelleiro do distrito, o señor Vázquez, para que vexan eses puntos ós que se refire, tratar de mellorar, valorar as posibles solucións, por exemplo cesións gratuítas dalgúns propietarios para anchear camiños, expropiacións, etcétera. Deste xeito tratarase de axilizar eses desenvolvementos existentes na Silva procurando solucións similares ás que xa se aplicaron en Bens para obter maior sección nas rúas e accesibilidade e acceso de vehículos de emerxencia.

*Con respecto a los puntos 3 y 7, que tienen que ver con la Concejalía de Urbanismo, mi compañero, el señor Díaz, me comenta que fijarán una visita con el concejal del distrito, el señor Vázquez, para que vean esos puntos a los que se refiere, tratar de mejorar, valorar las posibles soluciones, por ejemplo cesiones gratuitas de algunos propietarios para ensanchar caminos, expropiaciones, etcétera. De este modo se tratará de agilizar esos desarrollos existentes en A Silva procurando soluciones similares a las que ya se aplicaron en Bens para obtener mayor sección en las calles y accesibilidad y acceso de vehículos de emergencia.*

No tocante ó punto 4, pois efectivamente, supoño que xa foron por alí, non aparecía así na moción, pero como comentou, estase a executar o parque infantil que conleva os biosaludables, que por certo, xa estaban antes da obra, e tamén a instalación dunha pista multideporte. Todo esto estará finalizado probablemente a primeira semana de agosto.

*En lo tocante al punto 4, pues efectivamente, supongo que ya fueron por allí, no aparecía así en la moción, pero como comentó, se está ejecutando el parque infantil que conlleva los biosaludables, que por cierto, ya estaban antes de la obra, y también la instalación de una pista multideporte. Todo esto estará finalizado probablemente la primera semana de agosto.*

Tamén falaban de actividades socioculturais no centro cívico, supoño que xa viron que hai unha ampla e nutrida oferta de actividades, de ximnasia de mantemento, pasea pola cidade, ioga, *aerobic mixt*, taichí, pilates, obradoiros de abalorios..., unha serie de actividades.

*También hablaban de actividades socioculturales en el centro cívico, supongo que ya vieron que hay una amplia y nutrida oferta de actividades, de gimnasia de mantenimiento, pasea por la ciudad, yoga, aerobic mixto, taichí, pilates, talleres de abalorios..., una serie de actividades.*

Con respecto á rede de saneamento, todas as casas da zona da Silva que están a menos de 100 m da rede, teñen saneamento e como saberán, aquelas que están a máis de 100 m teñen a

*Con respecto a la red de saneamiento, todas las casas de la zona de A Silva que están a menos de 100 m de la red, tienen saneamiento y como sabrán, aquellas que están a más de 100 m tienen la responsabilidad, la propiedad, de hacer la*

responsabilidade, a propiedade, de facer a conexión.

Da herba da Pampa, bueno, creo que falei bastante o Pleno pasado, así que non me vou estender. Nós eliminamos, pero o control é competencia da Xunta de Galicia, así que non especifico máis.

As notificacións ós propietarios para rozar as fincas, segundo me comenta a señora Neira, concelleira de Medio Ambiente, as fincas privadas da Silva non están incluídas no plan de incendios. Quere dicir isto que non se lles require de oficio, o que si, envíase a Inspección para revisar todas aquelas fincas que o precisen para proceder a requirirlle á propiedade.

A limpeza dos canos, supoño que se refire á fonte Andrés Soto. A fonte na actualidade bota auga normalmente, mantense co contrato de fontes e aí ademais rozamos a finca municipal que queda augas arriba cara o lavadoiro **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, de feito a roza estaba prevista para esta semana, así que probablemente xa estea feito, igual que o resto de rozas de parcelas municipais. Son dúas rozas, en primavera e inverno, así que ó longo deste mes de abril e maio procederase a rozar todas as parcelas municipais.

E por último, simplemente, señor García, eu sei que vostede repite, pero eu repito tamén: vostedes só gobernaron catro anos e o único que fixeron é un buraco, así que por favor, leccións as mínimas.

Nada máis, grazas.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señora Díaz.

*conexión.*

*De la hierba de la Pampa, bueno, creo que hablé bastante el Pleno pasado, así que no me voy a extender. Nosotros eliminamos, pero el control es competencia de la Xunta de Galicia, así que no especifico más.*

*Las notificaciones a los propietarios para rozar las fincas, según me comenta la señora Neira, concejala de Medio Ambiente, las fincas privadas de A Silva no están incluidas en el plan de incendios. Quiere decir esto que no se les requiere de oficio, lo que sí, se envía a Inspección para revisar todas aquellas fincas que lo necesiten para proceder a requerirle a la propiedad.*

*La limpieza de las cañerías, supongo que se refiere a la fuente Andrés Soto. La fuente en la actualidad echa agua normalmente, se mantiene con el contrato de fuentes y ahí además rozamos la finca municipal que queda aguas arriba cara al lavadero **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**, de hecho el desbroce estaba previsto para esta semana, así que probablemente ya esté hecho, igual que el resto de desbroces de parcelas municipales. Son dos desbroces, en primavera e invierno, así que a lo largo de este mes de abril y mayo se procederá a rozar todas las parcelas municipales.*

*Y por último, simplemente, señor García, yo sé que usted repite, pero yo repito también: ustedes solo gobernaron cuatro años y lo único que hicieron es un agujero, así que por favor, lecciones las mínimas.*

*Nada más, gracias.*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señora Díaz.*

*Señora Queixas, hay una enmienda de*

Señora Queixas, hai unha emenda de adición do Grupo municipal do PP, acepta a emenda?

**Señora Queixas Zas**

Si. Pido disculpas por non telo mencionado antes. Non aceptamos a emenda porque dilúe o contido da moción, que o que se quere é centrar precisamente nos acordos que estaban a día de hoxe incumpridos. Grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas.

Ben, daquela votaremos primeiro a emenda do Partido Popular. Se se rexeita dariamos paso á votación da moción.

**Votación da emenda do Grupo municipal do Partido Popular á primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda do Grupo municipal do Partido Popular á primeira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre o barrio da Silva, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota en contra o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota en contra o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Queda rexeitada.

**Votación da primeira moción do**

*adición del Grupo municipal del PP, ¿acepta la enmienda?*

***Señora Queixas Zas***

*Sí. Pido disculpas por no haberlo mencionado antes. No aceptamos la enmienda porque diluye el contenido de la moción, que lo que se quiere es centrar precisamente en los acuerdos que estaban a día de hoy incumplidos. Gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias.*

*Bien, entonces votaremos primero la enmienda del Partido Popular. Si se rechaza daríamos paso a la votación de la moción.*

***Votación de la enmienda del Grupo municipal del Partido Popular a la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda del Grupo municipal del Partido Popular a la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, sobre el barrio de A Silva, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota en contra el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota en contra el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Queda rechazada.*

***Votación de la primera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista***

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o barrio da Silva, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobada por unanimidade.

**61. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre o barrio da Silva.**

**Acordo**

1.- Que o Goberno Local cumpra no actual mandato todos os acordos pendentes de executar recollidos na moción impulsada polo BNG e aprobada no Pleno de xaneiro de 2021, que recollía as seguintes demandas:

1. Executar as actuacións aprobadas nos orzamentos participativos dos anos 2017, 2018 e 2019.

2. Dotar a entrada da Silva dunha maior seguridade para os peóns coas seguintes medidas:

- Elevar os dous pasos de peóns da rúa Jaime Hervada.

- Instalar semáforos para rebaixar a

***Galego***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el barrio de A Silva, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobada por unanimidad.*

***61. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre el barrio de A Silva***

***Acuerdo***

*1.- Que el Gobierno Local cumpla en el actual mandato todos los acuerdos pendientes de ejecutar recogidos en la moción impulsada por el BNG y aprobada en el Pleno de enero de 2021, que recogía las siguientes demandas:*

*1. Ejecutar las actuaciones aprobadas en los presupuestos participativos de los años 2017, 2018 y 2019.*

*2. Dotar la entrada de A Silva de una mayor seguridad para los peatones con las siguientes medidas:*

*- Elevar los dos pasos de cebra de la calle Jaime Hervada.*

*- Instalar semáforos para rebajar la velocidad de los vehículos.*

velocidade dos vehículos.

- Construír unha pequena beirarrúa entre a saída da Silva e a de Penamoa, onde deberá haber un paso de peóns para acceder a parada da liña 7.

- Arranxar o pavimento e sinalización das vías do barrio.

3. Chegar a acordos para eliminar os obstáculos das propiedades privadas que impiden o paso aos vehículos de emerxencia e dificultan o paso aos da recollida de lixo.

4. Instalar un parque infantil e unhas máquinas biosaudábeis no patio traseiro do Centro Cívico da Silva así como dotar o centro de actividades socioculturais para todas as idades.

5. Chegar a acordos cos propietarios privados para garantir a dotación de fibra de internet no barrio.

6. Instalar a rede pública de saneamento co fin de que poida chegar ás vivendas do barrio que carecen dela.

7. Chegar a acordos cos propietarios dos terreos que permanecen sen urbanizar na zona da Fontenova e Cances, e que hoxe en día son punto de tráfico e consumo de drogas, co fin de que se instale alumeado e se poida pasar a fibra para garantir que todas as persoas do barrio poidan ter internet.

8. Retirar a herba da Pampa da contorna da rolda do Real Club Deportivo que están a expandirse agora polas fincas privadas da veciñanza e procurar a eliminación dos eucaliptos que limitan cos camiños públicos dado que son un perigo en caso de incendio ou temporal.

9. Notificar os propietarios e as

*- Construir una pequeña acera entre la salida de A Silva y la de Penamoa, donde deberá haber un paso de cebra para acceder a la parada de la línea 7.*

*- Arreglar el pavimento y señalización de las vías del barrio.*

*3. Llegar a acuerdos para eliminar los obstáculos de las propiedades privadas que impiden el paso a los vehículos de emergencia y dificultan el paso a los de la recogida de basura.*

*4. Instalar un parque infantil y unas máquinas biosaludables en el patio trasero del Centro Cívico de A Silva así como dotar al centro de actividades socioculturales para todas las edades.*

*5. Llegar a acuerdos con los propietarios privados para garantizar la dotación de fibra de internet en el barrio.*

*6. Instalar la red pública de saneamiento con el fin de que pueda llegar a las viviendas del barrio que carecen de ella.*

*7. Llegar a acuerdos con los propietarios de los terrenos que permanecen sin urbanizar en la zona de A Fontenova y Cances, y que hoy en día son punto de tráfico y consumo de drogas, con el fin de que se instale alumbrado y se pueda pasar la fibra para garantizar que todas las personas del barrio puedan tener internet.*

*8. Retirar la hierba de la Pampa del entorno de la ronda del Real Club Deportivo que están expandiéndose ahora por las fincas privadas del vecindario y procurar la eliminación de los eucaliptos que limitan con los caminos públicos dado que son un peligro en caso de incendio o temporal.*

*9. Notificar a los propietarios y las propietarias sobre las obligaciones de*

propietarias sobre as obrigas de limpar a maleza das fincas e vixiar o seu cumprimento.

10. Volver realizar limpezas periódicas das vías polas que pasa a auga dos canos naturais do barrio, e que emprega moita veciñanza.

**Segunda. Moción sobre o Centro de Orientación Familiar de Orillamar.**

**Sobre esta moción constan presentadas dúas emendas polos grupos municipais do Partido Popular e dos Socialistas de Galicia-PSOE.**

**Intervencións**

**Presidencia**

Segunda moción presentada polo BNG sobre o Centro de Orientación Familiar de Orillamar. Hai unha emenda de adición do PP e hai unha emenda de substitución do PSOE.

Ten a palabra —pode saír— ten a.. —pode saír tamén—, ten a palabra a señora Veira.

**Ás once horas e vinte minutos saen do Salón de Sesións os señores Castro Prado e Amado de la Fuente.**

**Señora Veira González**

Grazas, señora Rey.

Pois ben, o Centro de Orientación Familiar de Orillamar é un centro especializado en tratar de xeito integral a saúde sexual e reprodutiva das mulleres, porén a súa continuidade está en risco. Os COF da cidade da Coruña veñen experimentando recortes continuados desde 2013 cando a Xunta de Galiza, en mans do Partido Popular, eliminou o servizo de xinecoloxía do Centro do

*limpiar la maleza de las fincas y vigilar su cumplimiento.*

*10. Volver a realizar limpiezas periódicas de las vías por las que pasa el agua de las cañerías naturales del barrio, y que emplea muchos vecinos.*

***Segunda. Moción sobre el Centro de Orientación Familiar de Orillamar.***

***Sobre esta moción constan presentadas dos enmiendas por los grupos municipales del Partido Popular y de los Socialistas de Galicia-PSOE.***

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Segunda moción presentada por el BNG sobre el Centro de Orientación Familiar de Orillamar. Hay una enmienda de adición del PP y hay una enmienda de sustitución del PSOE.*

*Tiene la palabra —puede salir— tiene la.. —puede salir también—, tiene la palabra la señora Veira.*

***A las once horas y veinte minutos salen del Salón de Sesiones los señores Castro Prado y Amado de la Fuente.***

***Señora Veira González***

*Gracias, señora Rey.*

*Pues bien, el Centro de Orientación Familiar de Orillamar es un centro especializado en tratar de manera integral la salud sexual y reproductiva de las mujeres, sin embargo su continuidad está en riesgo. Los COF de la ciudad de A Coruña vienen experimentando recortes continuados desde 2013 cuando la Xunta de Galicia, en manos del Partido Popular, eliminó el servicio de ginecología del Centro del Ventorrillo, suprimió el horario*

Ventorrillo, suprimiu o horario de tarde no Centro de Orillamar, que está moi ben que o inclúan vostedes dentro da súa moción, pero foi o propio Partido Popular quen eliminou ese horario que era tan fundamental para a atención á mocidade e tamén para a conciliación das mulleres, etcétera, etcétera, e neste momento o Partido Popular dende a Xunta de Galiza non está a cubrir a segunda praza de xinecoloxía precisamente deste centro de Orillamar.

O problema agora é que a precarización dos COF, que xa historicamente viña executando o Partido Popular, o seu goberno, señora Rey, é o que se nega a cubrir as prazas de persoal administrativo, psicoloxía e traballo social. Se ben é certo que o convenio é de 1986 e está asinado co Insalud, o certo é que os servizos levan anos prestándose a cargo do Sergas e do Concello da Coruña con absoluta normalidade, e o certo é que é verdade que é un convenio que se pode reformular e que o Sergas ten que asumir a súa parte sanitaria, porque o Concello é certo que non ten competencias nesta materia, mais o que nós dicimos é que esta reformulación tiña que terse feito con tempo e que en ningún momento se producise o que se está a producir agora, que é a suspensión dos servizos ofrecidos ás mulleres usuarias do COF. O que non é xusto é que as mulleres paguemos coa nosa saúde a falta de previsión para cubrir os servizos de traballo social, psicoloxía e xinecoloxía que ofrecen anticoncepción de urxencia, os trámites para a interrupción voluntaria do embarazo, ofrécese atención e asesoramento da demanda de anticoncepción, instauración e revisión do método, exames de saúde xinecolóxica, consultas sobre cambio de xénero e transexualidade. É punto de consulta tamén en materia afectivo-sexual conflitos de parella e mesmo detección e prevención de casos de violencia machista.

*de tarde en el Centro de Orillamar, que está muy bien que lo incluyan ustedes dentro de su moción, pero fue el propio Partido Popular quien eliminó ese horario que era tan fundamental para la atención a la juventud y también para la conciliación de las mujeres, etcétera, etcétera, y en este momento el Partido Popular desde la Xunta de Galicia no está cubriendo la segunda plaza de ginecología precisamente de este centro de Orillamar.*

*El problema ahora es que la precarización de los COF, que ya históricamente venía ejecutando el Partido Popular, su gobierno, señora Rey, es el que se niega a cubrir las plazas de personal administrativo, psicología y trabajo social. Si bien es cierto que el convenio es de 1986 y está firmado con el Insalud, lo cierto es que los servicios llevan años prestándose a cargo del Sergas y del Ayuntamiento de A Coruña con absoluta normalidad, y lo cierto es que es verdad que es un convenio que se puede replantear y que el Sergas tiene que asumir su parte sanitaria, porque el Ayuntamiento es cierto que no tiene competencias en esta materia, pero lo que nosotros decimos es que esta reformulación tenía que haberse hecho con tiempo y que en ningún momento se produjera lo que se está produciendo ahora, que es la suspensión de los servicios ofrecidos a las mujeres usuarias del COF. Lo que no es justo es que las mujeres paguemos con nuestra salud la falta de previsión para cubrir los servicios de trabajo social, psicología y ginecología que ofrecen anticoncepción de urgencia, los trámites para la interrupción voluntaria del embarazo, se ofrece atención y asesoramiento de la demanda de anticoncepción, instauración y revisión del método, exámenes de salud ginecológica, consultas sobre cambio de género y transexualidad. Es punto de consulta también en materia afectivo-sexual conflictos de pareja y detección y prevención de casos de violencia machista.*

Estamos falando dunha cuestión moi delicada, de servizos moi delicados, e todo isto se ofrece de xeito universal a todas as mulleres que o precisamos.

O problema é que agora mesmo estes servizos se están derivando a outros servizos ou ben ó propio COF do Ventorrillo, a profesionais do COF do Ventorrillo ou ben ó Hospital de Oza no caso dos cambios de xénero e transexualidade e a verdade é que é un perigo isto porque se pode soster no tempo estes recortes e nós o que queremos coa nosa acción política é que non se afiancen estes parches.

O que pedimos é que se se negocia, estamos dispostas a aceptar a emenda do Partido Socialista, pero se se negocia co Sergas un novo convenio, ten que ser só garantindo que a atención se fai con persoal específico e de xeito definitivo para o COF; que o posto de xinecoloxía que fica por cubrir, se cubra; que haxa un psicólogo, unha psicóloga, específico; un traballador ou traballadora social específico para alí; e o de administración, do mesmo xeito. Iso é o que nós lle imos exixir ó Goberno de Inés Rey coa nosa acción política aquí e *onde faga falta* porque a atención á saúde sexual e reprodutiva das mulleres nun mesmo centro, que foi pioneira no seu día, é algo ó que non podemos **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** renunciar como mulleres e como feministas.

E non imos aceptar, quixemos chegar a un acordo co Partido Popular para transaccionar as dúas emendas que había. O Partido Popular non admite esa transacción, queriamos admitir os dous primeiros puntos da súa emenda e recoller o que estaba na emenda do

*Estamos hablando de una cuestión muy delicada, de servicios muy delicados, y todo esto se ofrece de manera universal a todas las mujeres que lo necesitamos.*

*El problema es que ahora mismo estos servicios se están derivando la otros servicios o bien al propio COF del Ventorrillo, la profesionales del COF del Ventorrillo o bien al Hospital de Oza en el caso de los cambios de género y transexualidad y la verdad es que es un peligro esto porque se puede sostener en el tiempo estos recortes y nosotros lo que queremos con nuestra acción política es que no se afiancen estos parches.*

*Lo que pedimos es que si se negocia, estamos dispuestas a aceptar la enmienda del Partido Socialista, pero si se negocia con el Sergas un nuevo convenio, tiene que ser solo garantizando que la atención se hace con personal específico y de manera definitiva para el COF; que el puesto de ginecología que queda por cubrir, se cubra; que haya un psicólogo, una psicóloga, específico; un trabajador o trabajadora social específico para allí; y el de administración, del mismo modo. Eso es lo que nosotros le vamos a exigir al Gobierno de Inés Rey con nuestra acción política aquí y* donde haga falta *porque la atención a la salud sexual y reproductiva de las mujeres en un mismo centro, que fue pionera en su día, es algo al que no podemos* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *renunciar como mujeres y como feministas.*

*Y no vamos a aceptar, quisimos llegar a un acuerdo con el Partido Popular para transaccionar las dos enmiendas que había. El Partido Popular no admite esa transacción, queríamos admitir los dos primeros puntos de su enmienda y recoger lo que estaba en la enmienda del Partido Socialista, pero lo que vemos es que el*

Partido Socialista, pero o que vemos é que o Partido Popular, pois non está disposto a..., polo menos o Grupo municipal do Partido Popular non está disposto a que sexa o Sergas quen se faga cargo da parte sanitaria do COF, e está moi ben que se preocupen agora polas enfermidades de transmisión sexual e pola información, e por que a xente estea informada, efectivamente, nesta materia, pero xa podían estar de toda a vida preocupados por iso porque foron quen recortaron os horarios de tarde e foron quen recortaron os servizos "Quérote", os centros "Quérote", que precisamente estaban encargados de dar todo ese servizo á mocidade **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** e vostedes o que fixeron foi cargarse ese proxecto que era absolutamente pioneiro.

Nada máis.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Veira. Turno do Partido Popular. Señora López.

**Ás once horas e vinte e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor Amado de la Fuente.**

**Señora López Sánchez**

Grazas, alcaldesa. Bo día a todos e a todas.

Si que é certo que o COF de Orillamar foi un recurso pioneiro e un recurso que naceu con varios obxectivos. O primeiro, prestar unha atención equitativa en materia de saúde sexual e reprodutiva a todas as mulleres, supostamente; unha atención integral e personalizada; e ademais tamén participar de xeito activo na prevención e na educación desenvolvendo programas de promoción da saúde sexual e reprodutiva,

*Partido Popular, pues no está dispuesto a..., por lo menos el Grupo municipal del Partido Popular no está dispuesto a que sea el Sergas quien se haga cargo de la parte sanitaria del COF, y está muy bien que se preocupen ahora por las enfermedades de transmisión sexual y por la información, y por que la gente esté informada, efectivamente, en esta materia, pero ya podían estar de toda la vida preocupados por eso porque fueron quienes recortaron los horarios de tarde y fueron quienes recortaron los servicios "Quérote", los centros "Quérote", que precisamente estaban encargados de dar todo ese servicio a la juventud* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *y ustedes lo que hicieron fue cargarse ese proyecto que era absolutamente pionero.*

*Nada más.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Veira. Turno del Partido Popular. Señora López.*

***A las once horas y veintiséis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Amado de la Fuente.***

***Señora López Sánchez***

*Gracias, alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.*

*Sí que es cierto que el COF de Orillamar fue un recurso pionero y un recurso que nació con varios objetivos. El primero, prestar una atención equitativa en materia de salud sexual y reproductiva a todas las mujeres, supuestamente; una atención integral y personalizada; y además también participar de manera activa en la prevención y en la educación desarrollando programas de promoción de la salud sexual y reproductiva, participando en campañas de educación*

participando en campañas de educación para previr ETS, asesoramento, en definitiva, contribuíndo á educación en materia de sexualidade en toda a comunidade, ben. E por último, concibiuse tamén como un espazo seguro e un espazo de confianza para aquelas mulleres que se atopasen nunha situación complexa, nunha situación complicada e para moitas mulleres que se puideran atopar nunha situación de vulnerabilidade.

Tendo en conta todo isto, hai moitos anos asinouse este convenio entre o Concello da Coruña e a Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade, na que a Consellería de Sanidade asumía a atención sanitaria, fundamentalmente xinecolóxica, e os equipos asociados a este servizo e o Concello asumía o mantemento das infraestruturas e tamén asumía a atención non sanitaria. Ben.

Pasaron os anos e o deterioro deste centro, do COF, foi tanto en aumento que na actualidade é materialmente imposible prestar ningún tipo de servizo de calidade. Primeiro, hai falla de persoal, persoal que depende do Concello: non hai traballo social, non hai equipo de psicoloxía, non hai suficientes administrativos. A plaza vacante de psicoloxía está vacante dende o ano 2023 e o traballo vaise acumulando e os profesionais que quedan vense sobrecargados.

Ademais, nós fixemos fai un ano dúas propostas que foi, a primeira, que o Goberno municipal plantexase unha oferta de emprego público específica e ademais presentamos algo que tamén vai na nosa emenda e que vostede critica e ó final rexeita, unha cousa totalmente contraditoria, que é que se modifique o horario do COF, que se faga máis flexible para facilitar a conciliación e que non

*para prevenir ETS, asesoramiento, en definitiva, contribuyendo a la educación en materia de sexualidad en toda la comunidad, bien. Y por último, se concibió también como un espacio seguro y un espacio de confianza para aquellas mujeres que se encontraran en una situación compleja, en una situación complicada y para muchas mujeres que se pudieran encontrar en una situación de vulnerabilidad.*

*Teniendo en cuenta todo esto, hace muchos años se firmó este convenio entre el Ayuntamiento de A Coruña y la Xunta de Galicia, Consellería de Sanidad, en la que la Consellería de Sanidad asumía la atención sanitaria, fundamentalmente ginecológica, y los equipos asociados a este servicio y el Ayuntamiento asumía el mantenimiento de las infraestructuras y también asumía la atención no sanitaria. Ben.*

*Pasaron los años y el deterioro de este centro, del COF, fue tanto en aumento que en la actualidad es materialmente imposible prestar ningún tipo de servicio de calidad. Primero, hay falta de personal, personal que depende del Ayuntamiento: no hay trabajo social, no hay equipo de psicología, no hay suficientes administrativos. La plaza vacante de psicología está vacante desde el año 2023 y el trabajo se va acumulando y los profesionales que quedan se ven sobrecargados.*

*Además, nosotros hicimos hace un año dos propuestas que fue, la primera, que el Gobierno municipal planteara una oferta de empleo público específica y además presentamos algo que también va en nuestra enmienda y que usted critica y al final rechaza, una cosa totalmente contradictoria, que es que se modifique el horario del COF, que se haga más flexible para facilitar la conciliación y que no haya ninguna mujer que quede sin asistir a las*

haxa ningunha muller que quede sen asistir ás citas no COF por mor de non poder conciliar ditas visitas coa súa vida familiar ou coa súa vida laboral, e vostede di: esto vai incluído na nosa emenda, e vostede rexéitao, co cal, non sei que critica. Ben.

Ademais, agora mesmo non hai ningún tipo de proxecto didáctico en materia de sexualidade para adolescentes e para a mocidade, como charlas ou obradoiros en materias de ETS, tipos de ETS, como previr as ETS, as consecuencias de prácticas sexuais de risco que se están a dar na nosa cidade e que van asociadas a consumo de drogas ou incluso as consecuencias de consumir en idades temperás a ciberpornografía.

Os expertos din que desde o ano 2016 na Coruña non deixan de medrar as persoas que se ven contaxiadas de ETS e que máis dun 4 % destas persoas teñen menos de 15 anos na nosa cidade. Esta é unha realidade terrible á que non lle podemos dar as costas. Alá polo ano 94 existían xa programas de educación sexual, programas informativos baixo o título de "Tarde xove" que vostedes, xunto co Partido Socialista nun goberno supostamente progresista, eliminaron. Así que, hipocresía a xusta. Ben.

Despois falamos de infraestruturas. A infraestrutura do COF está totalmente deteriorada e o Partido Socialista, o Goberno municipal non fixo nada nin por modernizala nin por acondicionala e moito menos por facer **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** (...) intentar que fora accesible universalmente, de xeito que ese acceso universal a tódalas mulleres non se está a dar porque se nos está a negar ás mulleres con discapacidade o acceso a unha educación e o acceso a servizos de educación e de saúde sexual e reprodutiva, como tantas

*citas en el COF a causa de no poder conciliar dichas visitas con su vida familiar o con su vida laboral, y usted dice: esto va incluido en nuestra enmienda, y usted lo rechaza, con lo cual, no sé qué critica. Ben.*

*Además, ahora mismo no hay ningún tipo de proyecto didáctico en materia de sexualidad para adolescentes y para la juventud, como charlas o talleres en materias de ETS, tipos de ETS, como prevenir las ETS, las consecuencias de prácticas sexuales de riesgo que se están dando en nuestra ciudad y que van asociadas a consumo de drogas o incluso las consecuencias de consumir en edades tempranas la ciberpornografía.*

*Los expertos dicen que desde el año 2016 en A Coruña no dejan de crecer las personas que se ven contagiadas de ETS y que más de un 4 % de estas personas tienen menos de 15 años en nuestra ciudad. Esta es una realidad terrible a la que no le podemos dar la espalda. Allá por el año 94 existían ya programas de educación sexual, programas informativos bajo el título de "Tarde xove" que ustedes, junto con el Partido Socialista en un gobierno supuestamente progresista, eliminaron. Así que, hipocresía la justa. Ben.*

*Después hablamos de infraestructuras. La infraestructura del COF está totalmente deteriorada y el Partido Socialista, el Gobierno municipal no hizo nada ni por modernizarla ni por acondicionarla y mucho menos por hacer **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** (...) intentar que fuera accesible universalmente, de manera que ese acceso universal a todas las mujeres no se está dando porque se nos está negando a las mujeres con discapacidad el acceso la una educación y el acceso a servicios de educación y de salud sexual y reproductiva, como tantas veces ocurre.*

veces ocorre.

***Ás once horas e vinte e nove minutos entra no Salón de Sesións o señor Castro Prado.***

É crucial a colaboración institucional, é dicir, as mulleres —e aí concordo con vostede— non podemos pagar o feito de que o Goberno municipal non poña interese nin capacidade á hora de traballar e negociar a tempo e en tempo un novo acordo xunto coa Xunta de Galicia para poder adaptarse ás novas necesidades do COF ou un novo sistema de xestión eficiente coordinado do servicio. O que non se pode é tres días antes de que quede vacante a plaza de traballadora social que vaia o Goberno municipal a falar coa Consellería de Sanidade para desvincularse completamente de calquera servizo **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**, cousa que vostedes van apoiar porque ademais o COF, como xa digo, vai máis alá dunha intervención sanitaria, vai..., inclúese dentro dun servizo de educación e de prevención.

E agora xa remato. Non imos aceptar a súa moción porque van crear vostedes un texto transaccionado que desvirtúa completamente as peticións iniciais da súa moción, da súa moción inicial, un texto no que o Goberno municipal se exime totalmente de calquera responsabilidade con respecto ó COF, cousa que cremos que é absolutamente negativa, por todo o exposto, para a cidadanía da Coruña.

Máis nada pola nosa banda. Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señora López. Turno para a señora Canosa polo Goberno.

***A las once horas y veintinueve minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Castro Prado.***

*Es crucial la colaboración institucional, es decir, las mujeres —y ahí concuerdo con usted— no podemos pagar el hecho de que el Gobierno municipal no ponga interés ni capacidad a la hora de trabajar y negociar a tiempo y en tiempo un nuevo acuerdo junto con la Xunta de Galicia para poder adaptarse a las nuevas necesidades del COF o un nuevo sistema de gestión eficiente coordinado del servicio. Lo que no se puede es tres días antes de que quede vacante a plaza de trabajadora social que vaya el Gobierno municipal a hablar con la Consellería de Sanidad para desvincularse completamente de cualquier servicio* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)****, cosa que ustedes van a apoyar porque además el COF, como ya digo, va más allá de una intervención sanitaria, va..., se incluye dentro de un servicio de educación y de prevención.*

*Y ahora ya finalizo. No vamos a aceptar su moción porque van a crear ustedes un texto transaccionado que desvirtúa completamente las peticiones iniciales de su moción, de su moción inicial, un texto en el que el Gobierno municipal se exime totalmente de cualquier responsabilidad con respeto al COF, cosa que creemos que es absolutamente negativa, por todo lo expuesto, para la ciudadanía de A Coruña.*

*Nada más por nuestra parte. Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora López. Turno para la señora Canosa por el Gobierno.*

***Señora Canosa Domínguez***

**Señora Canosa Domínguez**

Grazas, señora alcaldesa. Bo día a todos e a todas, compañeiras e compañeiros da Corporación e tamén ás persoas que nos seguen polo *streaming*.

*Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas, compañeras y compañeros de la Corporación y también a las personas que nos siguen en directo.*

En primeiro lugar, dicir que compartimos a preocupación do BNG pola atención ás mulleres, tamén no relativo á saúde sexual e reprodutiva. O noso recoñecemento, por suposto, ó COF de Orillamar como servizo pioneiro e de referencia, especialmente nos anos 80 e 90.

*En primer lugar, decir que compartimos la preocupación del BNG por la atención a las mujeres, también en lo relativo a la salud sexual y reproductiva. Nuestro reconocimiento, por supuesto, al COF de Orillamar como servicio pionero y de referencia, especialmente en los años 80 y 90.*

Por empezar a contextualizar, dicir que o Centro de Orientación Familiar de Orillamar rexíase por un convenio asinado no 86 entre o Concello da Coruña e o antigo Insalud. Aquel acordo establecía que o Concello aportaría o local e certos postos de persoal, mentres o Insalud ofrecería equipo médico e asistencia ás mulleres usuarias. Este convenio ten hoxe unha evidente falta de vixencia legal, tal e como o precisa a Asesoría Xurídica deste concello.

*Por empezar a contextualizar, decir que el Centro de Orientación Familiar de Orillamar se regía por un convenio firmado en el 86 entre el Ayuntamiento de A Coruña y el antiguo Insalud. Aquel acuerdo establecía que el Ayuntamiento aportaría el local y ciertos puestos de personal, mientras el Insalud ofrecería equipo médico y asistencia a las mujeres usuarias. Este convenio tiene hoy una evidente falta de vigencia legal, tal y como lo precisa la Asesoría Jurídica de este ayuntamiento.*

En 1990 transfírense ás Comunidades Autónomas as competencias en materia de sanidade especializada. A Lei de saúde do 2008 e a Lei Xeral de sanidade refiren que a prestación de servizos como a orientación e a planificación familiar son competencia da Xunta de Galicia, e isto non é unha opinión política.

*En 1990 se transfieren a las Comunidades Autónomas las competencias en materia de sanidad especializada. La Ley de salud de 2008 y la Ley General de sanidad refieren que la prestación de servicios como la orientación y la planificación familiar son competencia de la Xunta de Galicia, y esto no es una opinión política.*

Por outra banda, ó ser substituído o Insalud polo Sergas, as obrigas recollidas polo convenio quedan sen efecto. Ademais, a Lei de 2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece un novo marco para que os convenios entre as administracións..., un novo marco para os convenios entre as administracións, perdón, dando un prazo máximo de catro anos para adaptar ou

*Por otra parte, al ser sustituido el Insalud por el Sergas, las obligaciones recogidas por el convenio quedan sin efecto. Además, la Ley de 2015, de 1 de octubre, de régimen jurídico del sector público, establece un nuevo marco para que los convenios entre las administraciones..., un nuevo marco para los convenios entre las administraciones, perdón, dando un plazo máximo de cuatro años para adaptar o renovar esos convenios. Este convenio del*

renovar eses convenios. Este convenio do COF nunca foi formalmente adaptado a esa norma. Así o conclúe o informe da Asesoría Xurídica do 5 de febreiro deste ano, que di: ó non terse adaptado nin renovado no prazo legal, o convenio debe considerarse extinguido de pleno dereito. Calquera actuación que queramos terá que enmarcarse, polo tanto, nun novo contexto legal.

O Concello, polo tanto, non pode convocar nin cubrir legalmente prazas de persoal sanitario especializado, primeiro, por non ter competencias en atención sanitaria especializada nin na prestación de servizos clínicos, e ademais porque non existe convenio.

Dito isto, o Concello si, señora López, está a actuar en materia de prevención e atención en saúde afectivo-sexual, por exemplo, a través do programa municipal "Educa Coruña" e do Servizo de Igualdade e Diversidade. Si, se desenvolven obradoiros que teñen como obxectivo sensibilizar o alumnado e crear espazos de confianza para falar e promover unha sexualidade igualitaria, libre e saudable entre a mocidade. Tamén temos en marcha outros programas de información e asesoramento ás mulleres. Exemplo: a través do CIM se realizan campañas, tamén nesta liña para xoves e para mulleres en colaboración co tecido asociativo da cidade.

Para rematar quero facer un breve repaso sobre as xestións que realizamos no último trimestre do 24 e neste ano 2025 e que tamén xa iniciara con anterioridade a miña compañeira, a señora Neira.

Entre outubro e xaneiro —outubro 24 e xaneiro 25— se mantiveron diversos contactos informais co Sergas, poden vostedes preguntar ó xerente **(óese un**

*COF nunca fue formalmente adaptado a esa norma. Así lo concluye el informe de la Asesoría Jurídica de 5 de febrero de este año, que dice: al no haberse adaptado ni renovado en el plazo legal, el convenio debe considerarse extinguido de pleno derecho. Cualquier actuación que queramos tendrá que enmarcarse, por lo tanto, en un nuevo contexto legal.*

*El Ayuntamiento, por lo tanto, no puede convocar ni cubrir legalmente plazas de personal sanitario especializado, primero, por no tener competencias en atención sanitaria especializada ni en la prestación de servicios clínicos, y además porque no existe convenio.*

*Dicho esto, el Ayuntamiento sí, señora López, está actuando en materia de prevención y atención en salud afectivo-sexual, por ejemplo, a través del programa municipal "Educa Coruña" y del Servicio de Igualdad y Diversidad. Sí, se desarrollan talleres que tienen como objetivo sensibilizar al alumnado y crear espacios de confianza para hablar y promover una sexualidad igualitaria, libre y saludable entre la juventud. También tenemos en marcha otros programas de información y asesoramiento a las mujeres. Ejemplo: a través del CIM se realizan campañas, también en esta línea para jueves y para mujeres en colaboración con el tejido asociativo de la ciudad.*

*Para finalizar quiero hacer un breve repaso sobre las gestiones que realizamos en el último trimestre del 24 y en este año 2025 y que también ya había iniciado con anterioridad mi compañera, la señora Neira.*

*Entre octubre y enero —octubre 24 y enero 25— se mantuvieron diversos contactos informales con el Sergas, pueden ustedes preguntar al gerente* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del***

**sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**; o 25 de xaneiro se celebrou unha reunión entre o Concello e o Sergas. Nela falamos da situación xurídica do convenio subliñando a súa invalidez e propuxemos unha folla de ruta para regularizar o servizo. É certo que houbo algunhas discrepancias, pero aínda así acordamos remitir o informe xurídico para o seu estudo por parte do Sergas e mesmo solicitar por escrito a disolución do convenio.

O 5 de febreiro, a Asesoría Xurídica emitiu un informe que ratificou por escrito a perda de vixencia do convenio. O 7 de febreiro se remitiu este informe ó Sergas dando así ese cumprimento que se nos solicitara. Entre febreiro e abril deste ano se realizaron distintas tentativas e houbo diversas comunicacións informais; o 22 de abril se dirixiu especificamente toda a documentación á Consellería de Sanidade expoñendo a urxencia de asinar un novo convenio. Non hai unha resposta firme escrita, pero si sabemos que a teremos brevemente.

Como **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** —remato, señora alcaldesa—, como verán, o Goberno ten actuado con dilixencia, responsabilidade, pero sobre todo con lealdade institucional. Non existe inacción, senón unha vontade de solventar esta situación, solventar no que propoñemos nesa emenda, que agardabamos que contase co apoio unánime da Corporación. Parece que non vai a ser así, realmente isto sería positivo para as usuarias que seguirían recibindo atención no seu centro de sempre, pero si cun servizo reforzado dentro da estrutura sanitaria pública, permitindo ademais a coordinación cos centros de saúde.

O compromiso deste goberno, señora

***tiempo de intervención)****; el 25 de enero se celebró una reunión entre el Ayuntamiento y el Sergas. En ella hablamos de la situación jurídica del convenio subrayando su invalidez y propusimos una hoja de ruta para regularizar el servicio. Es cierto que hubo algunas discrepancias, pero aun así acordamos remitir el informe jurídico para su estudio por parte del Sergas y incluso solicitar por escrito la disolución del convenio.*

*El 5 de febrero, la Asesoría Jurídica emitió un informe que ratificó por escrito la pérdida de vigencia del convenio. El 7 de febrero se remitió este informe al Sergas dando así ese cumplimiento que se nos había solicitado. Entre febrero y abril de este año se realizaron distintas tentativas y hubo diversas comunicaciones informales; el 22 de abril se dirigió específicamente toda la documentación a la Consellería de Sanidad exponiendo la urgencia de firmar un nuevo convenio. No hay una respuesta firme escrita, pero sí sabemos que la tendremos brevemente.*

*Como* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *—finalizo, señora alcaldesa—, como verán, el Gobierno ha actuado con diligencia, responsabilidad, pero sobre todo con lealtad institucional. No existe inacción, sino una voluntad de solventar esta situación, solventar en lo que proponemos en esa enmienda, que esperábamos que contara con el apoyo unánime de la Corporación. Parece que no va a ser así, realmente esto sería positivo para las usuarias que seguirían recibiendo atención en su centro de siempre, pero sí con un servicio reforzado dentro de la estructura sanitaria pública, permitiendo además la coordinación con los centros de salud.*

*El compromiso de este gobierno, señora Veira, con la continuidad del servicio del*

Veira, coa continuidade do servizo do COF de atención ás mulleres é absoluto. Non podemos permitir que as coruñesas queden desatendidas por conflitos burocráticos, polo que apelamos á colaboración interadministrativa. Confío en que a Xunta estará á altura das circunstancias.

Nada máis e moitas grazas.

**Presidencia**

Ben, moitas grazas.

Se acepta a emenda do PSOE e se rexeita a do PP. Polo tanto imos votar, en primeiro lugar, a emenda do Partido Popular e de non prosperar se votaría a moción do BNG coa emenda do PSOE incorporada.

**Votación da emenda do Grupo municipal do Partido Popular á segunda moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda presentada polo Grupo municipal do Partido Popular á segunda moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, sobre o Centro de Orientación Familiar de Orillamar, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota en contra o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota en contra o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Grazas. Queda rexeitada.

*COF de atención a las mujeres es absoluto. No podemos permitir que las coruñesas se queden desatendidas por conflictos burocráticos, por lo que apelamos a la colaboración interadministrativa. Confío en que la Xunta estará a la altura de las circunstancias.*

*Nada más y muchas gracias.*

***Presidencia***

*Bien, muchas gracias.*

*Se acepta la enmienda del PSOE y se rechaza la del PP. Por lo tanto vamos a votar, en primer lugar, la enmienda del Partido Popular y de no prosperar se votaría la moción del BNG con la enmienda del PSOE incorporada.*

***Votación de la enmienda del Grupo municipal del Partido Popular a la segunda moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda presentada por el Grupo municipal del Partido Popular a la segunda moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, sobre el Centro de Orientación Familiar de Orillamar, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota en contra el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota en contra el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Gracias. Queda rechazada.*

***Votación de la segunda moción del Grupo***

**Votación da segunda moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, transaccionada co Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, sobre o Centro de Orientación Familiar de Orillamar, producíndose o seguinte resultado:

Vota en contra o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Queda aprobada.

**62. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego transaccionada co Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE sobre o Centro de Orientación Familiar de Orillamar.**

**Acordo**

1. Instar a Xunta de Galicia a formalizar, coa máxima urxencia, un novo convenio de colaboración co Concello da Coruña para manter o Centro de Orientación Familiar (COF) de Orillamar, garantindo a atención específica á saúde sexual e reprodutiva das mulleres, no que o SERGAS asuma a cobertura específica e definitiva da segunda praza de xinecoloxía, psicoloxía clínica, traballo social e auxiliar administrativo e o Concello da Coruña achegue o equipamento e a instalación para o seu funcionamento.

***Votación de la segunda moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego, transaccionada con el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE, sobre el Centro de Orientación Familiar de Orillamar, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota en contra el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Queda aprobada.*

***62. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego transaccionada con el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE sobre el Centro de Orientación Familiar de Orillamar.***

***Acuerdo***

*1. Instar a la Xunta de Galicia a formalizar, con la máxima urgencia, un nuevo convenio de colaboración con el Ayuntamiento de A Coruña para mantener el Centro de Orientación Familiar (COF) de Orillamar, garantizando la atención específica a la salud sexual y reproductiva de las mujeres, en el que el SERGAS asuma la cobertura específica y definitiva de la segunda plaza de ginecología, psicología clínica, trabajo social y auxiliar administrativo y el Ayuntamiento de A Coruña contribuya con el equipamiento y la instalación para su funcionamiento.*

2. Dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade para os efectos oportunos.

**Terceira. Moción sobre memoria democrática.**

**<u>Intervencións</u>**

**<u>Presidencia</u>**

Terceira e última moción do BNG sobre memoria democrática. Señora Queixas.

**Ás once horas e trinta e oito minutos saen do Salón de Sesións a señora Neira Fernández e o señor Deus Álvarez.**

**<u>Señora Queixas Zas</u>**

Grazas de novo, alcaldesa.

Como todos vostedes saben, en novembro deste ano fanse 50 anos da morte do ditador Francisco Franco e co gallo deste cabodano o Goberno local agora vese apurado para impulsar o nomeamento de lugares da memoria, mais cómpre lembrar que o está a facer tres anos despois de ter sido aprobada a Lei de memoria democrática. A proposta de nomeamento de lugares de memoria anunciada ós medios de comunicación, entendemos desde o BNG que debe ser traballada con tempo e sobre todo, e o máis importante, da man do tecido social que leva tantas décadas loitando na cidade pola memoria democrática. O Goberno local está desaproveitando a sorte e a oportunidade que ten de contar cun foro de participación específico sobre esta materia como é o Consello de Memoria Democrática que leva catro anos sen convocar, malia as reiteradas solicitudes ó Goberno por parte deste órgano de participación.

*2. Dar traslado de este acuerdo a la Consellería de Sanidade a los efectos oportunos.*

***Tercera. Moción sobre memoria democrática.***

***<u>Intervenciones</u>***

***<u>Presidencia</u>***

*Tercera y última moción del BNG sobre memoria democrática. Señora Queixas.*

***A las once horas y treinta y ocho minutos salen del Salón de Sesiones la señora Neira Fernández y el señor Deus Álvarez.***

***<u>Señora Queixas Zas</u>***

*Gracias de nuevo, alcaldesa.*

*Como todos ustedes saben, en noviembre de este año se cumplen 50 años de la muerte del dictador Francisco Franco y con motivo de este aniversario el Gobierno local ahora se ve apurado para impulsar el nombramiento de lugares de la memoria, pero hay que recordar que lo está haciendo tres años después de haber sido aprobada la Ley de memoria democrática. La propuesta de nombramiento de lugares de memoria anunciada a los medios de comunicación, entendemos desde el BNG que debe ser trabajada con tiempo y sobre todo, y lo más importante, de la mano del tejido social que lleva tantas décadas luchando en la ciudad por la memoria democrática. El Gobierno local está desaprovechando la suerte y la oportunidad que tiene de contar con un foro de participación específico sobre esta materia como es el Consejo de Memoria Democrática que lleva cuatro años sin convocarse, a pesar de las reiteradas solicitudes al Gobierno por parte de este órgano de participación.*

*Por otra parte, esta prisa por nombrar*

Por outra banda, esta présa por nomear lugares de memoria contrasta co feito de que o Goberno local teña no caixón desde hai seis anos un informe do Instituto José Cornide sobre a retirada de honras e distincións a persoas participantes no golpe de Estado de 1936 e na posterior represión.

Agardemos que dunha vez por todas o Goberno de Inés Rey rectifique e comece a cumprir a Lei de memoria sen que os teña que denunciar a propia sociedade e actuar a Fiscalía como acaba de facer recentemente en Santander por unha situación moi parecida.

Tampouco se sabe nada do compromiso ó que chegou o Goberno de Inés Rey con Selva García, filla de Pepín García, que doou —como xa temos traído a este pleno noutras ocasións— unha escultura realizada por Ramón Conde en memoria dos Irmáns da Lixivia. Este compromiso fíxose firme na Xunta de Goberno Local do 1 de xullo de 2020 e cinco anos despois segue sen executarse este acordo e sen dar explicacións á familia.

Por iso, desde o Grupo municipal do BNG solicitámoslle a este pleno que adopte o seguinte acordo: en primeiro lugar, instar o Goberno local a convocar antes do vindeiro pleno da Corporación o Consello da Memoria Democrática —xa vemos que o desenvolvemento deste pleno fai milagros e xa acaba de ser agora mesmo convocado para o próximo 30 de maio, agardemos que no desenvolvemento deste pleno tamén se empecen a executar xa os seguintes acordos—; informar ó Consello de Memoria Democrática do estado en que se atopa o proceso de revisión de oficio dos acordos municipais e ministeriais que logo provocaron que a Casa Cornide rematase fraudulentamente nas mans da familia Franco; cumprir co

*lugares de memoria contrasta con el hecho de que el Gobierno local tenga en el cajón desde hace seis años un informe del Instituto José Cornide sobre la retirada de honores y distinciones a personas participantes en el golpe de Estado de 1936 y en la posterior represión.*

*Esperemos que de una vez por todas el Gobierno de Inés Rey rectifique y comience a cumplir la Ley de memoria sin que los tenga que denunciar la propia sociedad y actuar la Fiscalía como acaba de hacer recientemente en Santander por una situación muy parecida.*

*Tampoco se sabe nada del compromiso al que llegó el Gobierno de Inés Rey con Selva García, hija de Pepín García, que donó —como ya hemos traído a este pleno en otras ocasiones— una escultura realizada por Ramón Conde en memoria de los Hermanos de la Lejía. Este compromiso se hizo firme en la Junta de Gobierno Local de 1 de julio de 2020 y cinco años después sigue sin ejecutarse este acuerdo y sin dar explicaciones a la familia.*

*Por eso, desde el Grupo municipal del BNG le solicitamos a este pleno que adopte el siguiente acuerdo: en primer lugar, instar al Gobierno local a convocar antes del próximo pleno de la Corporación el Consejo de la Memoria Democrática —ya vemos que el desarrollo de este pleno hace milagros y ya acaba de ser ahora mismo convocado para el próximo 30 de mayo, esperemos que en el desarrollo de este pleno también se empiecen a ejecutar ya los siguientes acuerdos—; informar al Consejo de Memoria Democrática del estado en que se encuentra el proceso de revisión de oficio de los acuerdos municipales y ministeriales que luego provocaron que la Casa Cornide finalizara fraudulentamente en las manos de la familia Franco; cumplir con el comprometido con Selva García, hija de*

comprometido con Selva García, filla de Pepín García, instalando antes de que remate o verán a escultura en memoria da represión sufrida polos Irmáns da Lixivia, da autoría de Ramón Conde e cedida pola familia, tal e como xa se aprobou en Xunta de Goberno Local o 1 de xullo de 2020; incoar, antes de rematar 2025, os expedientes de retirada de honras e distincións a persoas participantes no golpe de Estado de 1936 e na posterior represión recollidas no informe elaborado polo Instituto José Comide de Estudos Coruñeses no ano 2019; encargarlle, no marco do Consello da Memoria Democrática, un novo informe ao Instituto José Comide de Estudos Coruñeses para estudar e recoller aquelas outras honras e distincións que deben ser retiradas ao abeiro da Lei 20/2022, de 19 de outubro, de memoria democrática. Sería este, desde logo, unha boa mostra e un bon exemplo do respecto que hoxe todos e todas manifestamos aquí cara ó Instituto José Cornide.

E en segundo lugar sería instar a Xunta de Galiza a facerlles cumprir ós actuais propietarios da Casa Comide, á familia do ditador Francisco Franco, as condicións **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** que veñen determinadas pola declaración de Ben de Interese Cultural deste inmóbel e que, polo tanto, cumpran coa súa obriga de abrila á cidadanía e cumpran coa Lei de patrimonio cultural de Galiza.

Moitas grazas.

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señora Queixas.

Turno para o Partido Popular. Señor Mora.

*Pepín García, instalando antes de que finalice el verano la escultura en memoria de la represión sufrida por los Hermanos de la Lejía, de la autoría de Ramón Conde y cedida por la familia, tal y como ya se aprobó en Junta de Gobierno Local el 1 de julio de 2020; incoar, antes de finalizar 2025, los expedientes de retirada de honores y distinciones a personas participantes en el golpe de Estado de 1936 y en la posterior represión recogidas en el informe elaborado por el Instituto José Comide de Estudios Coruñeses en el año 2019; encargarle, en el marco del Consejo de Memoria Democrática, un nuevo informe al Instituto José Comide de Estudios Coruñeses para estudiar y recoger aquellos otros honores y distinciones que deben ser retirados al amparo de la Ley 20/2022, de 19 de octubre, de memoria democrática. Sería este, desde luego, una buena muestra y un buen ejemplo del respeto que hoy todos y todas manifestamos aquí hacia el Instituto José Cornide.*

*Y en segundo lugar sería instar a la Xunta de Galicia a hacerles cumplir a los actuales propietarios de la Casa Comide, a la familia del dictador Francisco Franco, las condiciones **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** que vienen determinadas por la declaración de Bien de Interés Cultural de este inmueble y que, por lo tanto, cumplan con su obligación de abrirla a la ciudadanía y cumplan con la Ley de patrimonio cultural de Galicia.*

*Muchas gracias.*

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señora Queixas.*

*Turno para el Partido Popular. Señor Mora.*

**<u>Señor Mora do Campo</u>**

***Señor Mora do Campo***

*Bos días, moitas grazas.*

*Como varios dos presentes saben, son licenciado en Socioloxía e durante aquela época na Facultade conseguir unha bolsa para traballar no CIS era símbolo de fortuna, prestixio e o agoiro dun bo futuro profesional. Desde que o afiliado socialista Tezanos apropiouse desta institución e provocou a perda de prestixio coas súas análises e, o que é peor, tirou por terra o traballo de moitos anos e moitas persoas coas súas modificacións metodolóxicas, a profesión e as súas ferramentas non atravesan o seu mellor momento. En calquera caso, sigo crendo que as enquisas son unha vía moi útil, a través da información que nos proporcionan, para chegar a coñecer a realidade social da nosa contorna. Por iso hoxe creo que é bo que falemos dunha delas e voulles a refrescar uns datos da última enquisa de Sondaxe sobre as principais preocupacións dos coruñeses.*

***Ás once horas e corenta e tres minutos entra no Salón de Sesións a señora Neira Fernández e sae o señor Soto Díaz.***

*Cunha taxa de paro próxima ao 11 % e máis de 12.000 persoas na cidade en situación de desemprego, a maior preocupación que teñen os coruñeses nestes momentos é o risco de poder acabar nas listas de demandantes de emprego. Ademais, este estudo tamén nos indica que os colectivos máis preocupados cos que teñen peor índice de ocupación son os mozos e as mulleres.*

*No segundo posto da clasificación de problemas que ven os cidadáns, aínda que moi parello en canto a porcentaxe, estarían a delincuencia e a inseguridade, algo que preocupa a todas as franxas de*

Buenos días, muchas gracias.

Como varios de los presentes saben, soy licenciado en Sociología y durante aquella época en la Facultad conseguir una beca para trabajar en el CIS era símbolo de fortuna, prestigio y el augurio de un buen futuro profesional. Desde que el afiliado socialista Tezanos se apropió de esta institución y provocó la pérdida de prestigio con sus análisis y, lo que es peor, tiró por tierra el trabajo de muchos años y muchas personas con sus modificaciones metodológicas, la profesión y sus herramientas no atraviesan su mejor momento. En cualquier caso, sigo creyendo que las encuestas son una vía muy útil, a través de la información que nos proporcionan, para llegar a conocer la realidad social de nuestro entorno. Por eso hoy creo que es bueno que hablemos de una de ellas y les voy a refrescar unos datos de la última encuesta de Sondaxe sobre las principales preocupaciones de los coruñeses.

***A las once horas y cuarenta y tres minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Neira Fernández y sale el señor Soto Díaz.***

Con una tasa de paro cercana al 11 % y más de 12.000 personas en la ciudad en situación de desempleo, la mayor preocupación que tienen los coruñeses en estos momentos es el riesgo de poder acabar en las listas de demandantes de empleo. Además, este estudio también nos indica que los colectivos más preocupados con los que tienen peor índice de ocupación son los jóvenes y las mujeres.

En el segundo puesto del ranquin de problemas que ven los ciudadanos, aunque muy parejo en cuanto a porcentaje, estarían la delincuencia y la inseguridad, algo que preocupa a todas las franjas de edad, y a nosotros nos preocupa mucho, y noticias

*idade, e a nós preocúpanos moito, e noticias como as que lemos a diario corroboran que a inquietude veciñal creza.*

*Tamén a situación da cidade supón un motivo de preocupación para os coruñeses. O estado das rúas, as beirarrúas e as estradas é o que xera maiores críticas.*

*E en cuarto lugar, por non seguir, están os temas relacionados coa mobilidade, a situación do tráfico, a circulación, o problema dos aparcamentos, pero tamén temos temas como a limpeza e a recollida de lixo, e a vivenda.*

*Como ven, mes tras mes, pleno tras pleno, o Grupo Popular trae a debate estes temas e non porque o diga unha enquisa, senón porque no noso contacto permanente cos veciños fannos chegar as súas principais preocupacións. Para o BNG os problemas de seguridade non son unha preocupación e aos feitos remítome, como non é a situación e o estado das infraestruturas da nosa cidade, pero polo que o vemos si o son outros temas. Dúas veces en cinco meses trouxeron a este pleno un tema similar como o de hoxe. En xaneiro díxenlles que se existe a obriga legal de convocar un ente como o Consorcio de Turismo cada tres meses e non o fan, para que o ían a facer cun órgano como este, que non ten esa natureza, pero acábano de facer hai cinco minutos, como dicía a señora Queixas, a través dun dos milagres do señor Castro.*

*Naquel pleno adianteime ao que o señor Castro ía responder na súa intervención e case o cravo, e hoxe atreveríame a dicir o mesmo, e á vista da convocatoria reafírmome. Lémbrollo: diralles que si, que teñen razón, que están a traballar neste tema e que o tiñan previsto, e que é unha prioridade. O que eu me pregunto é*

como las que leemos a diario corroboran que la inquietud vecinal crezca.

También la situación de la ciudad supone un motivo de preocupación para los coruñeses. El estado de las calles, las aceras y las carreteras es lo que genera mayores críticas.

Y en cuarto lugar, por no seguir, están los temas relacionados con la movilidad, la situación del tráfico, la circulación, el problema de los aparcamientos, pero también tenemos temas como la limpieza y la recogida de basuras, y la vivienda.

Como ven, mes tras mes, pleno tras pleno, el Grupo Popular trae a debate estos temas y no porque lo diga una encuesta, sino porque en nuestro contacto permanente con los vecinos nos hacen llegar sus principales preocupaciones. Para el BNG los problemas de seguridad no son una preocupación y a los hechos me remito, como no es la situación y el estado de las infraestructuras de nuestra ciudad, pero por lo que lo vemos sí lo son otros temas. Dos veces en cinco meses han traído a este pleno un tema similar como el de hoy. En enero les dije que si existe la obligación legal de convocar un ente como el Consorcio de Turismo cada tres meses y no lo hacen, para qué lo iban a hacer con un órgano como este, que no tiene esa naturaleza, pero lo acaban de hacer hace cinco minutos, como decía la señora Queixas, a través de uno de los milagros del señor Castro.

En aquel pleno me adelanté a lo que el señor Castro les iba a responder en su intervención y casi lo clavo, y hoy me atrevería a decir lo mismo, y a la vista de la convocatoria me reafirmo. Se lo recuerdo: les dirá que sí, que tienen razón, que están trabajando en este tema y que lo tenían previsto, y que es una prioridad. Lo que yo me pregunto es si realmente les interesa a

*se realmente lles interesa a vostedes que este tema se resolva. Pénseno ben, compénsalles? que farán despois? presentarán a estas pleno cuestións que realmente preocupan aos coruñeses e axuden a mellorar o seu día a día?*

*Miren, vostedes e os seus socios non son quen de xestionar o 2025. Céntrense niso e deixen de tentar xestionar o que xa pasou hai 90 anos.*

**Ás once horas e corenta e seis minutos entra no Salón de sesións o señor Soto Díaz.**

*Por certo, o Instituto José Cornide do que hoxe falamos, como saberán e lembrou o meu compañeiro Roberto Coira, foi fundado en xullo do 64 a iniciativa do alcalde de entón, Eduardo Sanjurjo de Carricarte. Que paradoxal que pretendan usar a obra dunha persoa da que reclaman que se retiren as súas distincións e honras para levala a cabo Non debería desaparecer seguindo a súa lóxica?*

*Termino xa* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *lembrándolles o compromiso do Partido Popular en derrogar a mal chamada Lei de memoria democrática que persegue o enfrontamento, está baseada no rancor e é froito, acórdense, dun acordo con Bildu.*

*En calquera caso, e xa llo dixen no Pleno do mes de xaneiro, o Partido Popular é unha organización que sempre avoga polo cumprimento da lei, polo máximo respecto ás normas e pola materialización dos compromisos adoptados.*

*Moitas grazas.*

**<u>Presidencia</u>**

ustedes que este tema se resuelva. Piénsenlo bien, ¿les compensa? ¿qué harán después? ¿presentarán a este pleno cuestiones que realmente preocupan a los coruñeses y ayuden a mejorar su día a día?

Miren, ustedes y sus socios no son capaces de gestionar el 2025. Céntrense en eso y dejen de intentar gestionar lo que ya pasó hace 90 años.

***A las once horas y cuarenta y seis minutos entra en el Salón de sesiones el señore Soto Díaz.***

Por cierto, el Instituto José Cornide del que hoy hablamos, como sabrán y recordó mi compañero Roberto Coira, fue fundado en julio del 64 a iniciativa del alcalde de entonces, Eduardo Sanjurjo de Carricarte. Qué paradójico que pretendan usar la obra de una persona de la que reclaman que se retiren sus distinciones y honores para llevarla a cabo ¿No debería desaparecer siguiendo su lógica?

Termino ya ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** recordándoles el compromiso del Partido Popular en derogar la mal llamada Ley de memoria democrática que persigue el enfrentamiento, está basada en el rencor y es fruto, acuérdense, de un acuerdo con Bildu.

En cualquier caso, y ya se lo dije en el Pleno del mes de enero, el Partido Popular es una organización que siempre aboga por el cumplimiento de la ley, por el máximo respeto a las normas y por la materialización de los compromisos adoptados.

Muchas gracias.

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Mora.

Pode pasar, señor Deus.

**Ás once horas e corenta e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor Deus Álvarez.**

Señor Castro, o seu turno.

**<u>Señor Castro Prado</u>**

Si. Bueno, previamente eu quero comentar unha cuestión que non por obvia, creo que debe de lembrarse. O Partido Socialista é o partido que impulsou a Lei de memoria histórica no ano 2007 e é o partido que impulsou a Lei de memoria democrática no ano 2022 y, efectivamente, é o partido que ten conseguido pois que, efectivamente, en institucións como esta debatamos sobre accións que desenvolven ou executan o previsto nunha normativa que, reitero, foi impulsada polo Partido Socialista. Digo isto porque a veces parece como que se pon en dúbida o compromiso, non?, deste partido e por extensión deste goberno municipal coa restauración da memoria democrática e iso, efectivamente, está moi lonxe da realidade.

Compartimos —como non podía ser doutro xeito— co Bloque Nacionalista Galego o desexo de que se avance e se avance de forma decidida en accións que desenvolvan e que executen o previsto na lexislación impulsada polo Partido Socialista, e facémolo, pois como o hai que facer, dialogando co propio sector, non? e coa sociedade organizada que tanto ten traballado en todo este período democrático e que tanto ten loitado no período anterior de ditadura pola defensa dos principios básicos de convivencia democrática.

*Muchas gracias, señor Mora.*

*Puede pasar, señor Deus.*

***A las once horas y cuarenta y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Deus Álvarez.***

*Señor Castro, su turno.*

***<u>Señor Castro Prado</u>***

*Sí. Bueno, previamente yo quiero comentar una cuestión que no por obvia, creo que debe de recordarse. El Partido Socialista es el partido que impulsó la Ley de memoria histórica en el año 2007 y es el partido que impulsó la Ley de memoria democrática en el año 2022 y, efectivamente, es el partido que ha conseguido pues que, efectivamente, en instituciones como esta debatamos sobre acciones que desarrollan o ejecutan lo previsto en una normativa que, reitero, fue impulsada por el Partido Socialista. Digo esto porque a veces parece como que se pone en entredicho el compromiso, ¿no?, de este partido y por extensión de este gobierno municipal con la restauración de la memoria democrática y eso, efectivamente, está muy lejos de la realidad.*

*Compartimos —como no podía ser de otro modo— con el Bloque Nacionalista Galego el deseo de que se avance y se avance de forma decidida en acciones que desarrollen y que ejecuten lo previsto en la legislación impulsada por el Partido Socialista, y lo hacemos, pues como hay que hacerlo, dialogando con el propio sector, ¿no? y con la sociedad organizada que tanto ha trabajado en todo este período democrático y que tanto ha luchado en el período anterior de dictadura por la defensa de los principios básicos de convivencia democrática.*

*No me daría tiempo a desarrollar todo lo*

Non me daría tempo a desenvolver todo o que se leva feito por parte deste goberno municipal en materia de memoria democrática, pero só por poñer algúns exemplos, bueno, estamos a traballar de forma decidida coa Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica en accións moi importantes, non?, como a entrega de restos de coruñeses e coruñesas no propio Palacio Municipal de María Pita, colocación de *stop and stay* e estase a traballar para que en setembro se poida realizar a entrega de restos e inhumación de Francisco de Miguel no Cementerio de Santo Amaro e en colaboración coa Asociación da Recuperación da Memoria Histórica e con outros concellos da nosa área metropolitana ou a nosa área de influencia, se ten solicitado formalmente á Real Academia de Belas Artes que no ano 2026 sexa dedicada por esta academia o ano á figura de Francisco Miguel.

Hai unha cuestión que a min me chama a atención, porque a veces parece que si fas non debes facer porque tes moita présa e se non fas é que non te adicas ó que tes que adicarte. Efectivamente, se ten trasladado unha solicitude ó Ministerio para a declaración como lugares da memoria da Casa Museo Casares Quiroga, da Casa Cornide e, efectivamente, da península da Torre con Punta Herminia, Campo da Rata, e non entendemos moi ben cal é o motivo de preocupación con que se faga esta solicitude de declaración de lugares da memoria democrática amparada pola propia Lei de memoria democrática do ano 2022. Se nos traslada que actuamos con présa cando ó mesmo tempo se nos di que non estamos facendo nada do que impulsa, ampara e lexisla esa lei.

Con présa non estamos actuando e estamos actuando, efectivamente, tamén da man da sociedade civil organizada e da

*que se lleva hecho por parte de este gobierno municipal en materia de memoria democrática, pero solo por poner algunos ejemplos, bueno, estamos trabajando de forma decidida con la Asociación por la Recuperación de la Memoria Histórica en acciones muy importantes, ¿no?, como la entrega de restos de coruñeses y coruñesas en el propio Palacio Municipal de María Pita, colocación de "stop and stay" y se está trabajando para que en septiembre se pueda realizar la entrega de restos e inhumación de Francisco de Miguel en el Cementerio de Santo Amaro y en colaboración con la Asociación de la Recuperación de la Memoria Histórica y con otros ayuntamientos de nuestra área metropolitana o nuestro área de influencia, se ha solicitado formalmente a la Real Academia de Bellas Artes que en el año 2026 sea dedicada por esta academia el año a la figura de Francisco Miguel.*

*Hay una cuestión que a mí me llama la atención, porque a veces parece que si haces no debes hacer porque tienes mucha prisa y si no haces es que no te dedicas a lo que tienes que dedicarte. Efectivamente, se ha trasladado una solicitud al Ministerio para la declaración como lugares de la memoria de la Casa Museo Casares Quiroga, de la Casa Cornide y, efectivamente, de la península de la Torre con Punta Herminia, Campo de la Rata, y no entendemos muy bien cuál es el motivo de preocupación con que se haga esta solicitud de declaración de lugares de la memoria democrática amparada por la propia Ley de memoria democrática del año 2022. Se nos traslada que actuamos con prisa cuando al mismo tiempo se nos dice que no estamos haciendo nada de lo que impulsa, ampara y legisla esa ley.*

*Con prisa no estamos actuando y estamos actuando, efectivamente, también de la mano de la sociedad civil organizada y de la mano de algo que tiene salido hoy aquí*

man de algo que ten salido hoxe aquí no Pleno que é o propio Instituto Cornide. Esta solicitude de declaración de lugares da memoria democrática que é absolutamente pioneira no noso país, en Galicia, realízase non por unha ocurrencia deste concelleiro nin deste goberno, senón por uns informes realizados polo Instituto José Cornide que impulsan, amparan e dan cobertura e argumentación **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** á declaración —xa remato, señora alcaldesa— destes tres lugares como lugares da memoria. Creo que nadie discute a lexitimidade e a autoridade, incluso a representatividade do propio Instituto para realizar uns informes que propoñan isto e que —como non podía ser doutro xeito— o Goberno apoia decididamente.

E, efectivamente, si que se ten convocado o Consello da Memoria Democrática porque isto foi o que trasladou este concelleiro, que se iba a convocar no mes de maio, e trasladou en diferentes foros, incluso en debates específicos organizados polas asociacións e entidades que traballan no ámbito da memoria democrática con asuntos da orde do día como, efectivamente, debate e valoración, algo que tamén trasladamos, da posible ampliación da composición do Consello tendo en conta o contido da Lei de memoria democrática. E tamén, e tamén, unha actualización do informe do Instituto José Cornide e das súas implicacións ó abeiro do contido da Lei de memoria democrática **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)**, algo que este concelleiro —xa remato, señora alcaldesa—, algo que este concelleiro trasladou neste pleno que se ía a facer e que, pois eu agradezo que o Bloque Nacionalista Galego, pois a asuma tamén como proposta propia porque nisto, sen ningún xénero de

*en el Pleno que es el propio Instituto Cornide. Esta solicitud de declaración de lugares de la memoria democrática que es absolutamente pionera en nuestro país, en Galicia, se realiza no por una ocurrencia de este concejal ni de este gobierno, sino por unos informes realizados por el Instituto José Cornide que impulsan, amparan y dan cobertura y argumentación* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *a la declaración —ya finalizo, señora alcaldesa— de estos tres lugares como lugares de la memoria. Creo que nadie discute la legitimidad y la autoridad, incluso la representatividad del propio Instituto para realizar unos informes que propongan esto y que —como no podía ser de otro modo— el Gobierno apoya decididamente.*

*Y, efectivamente, sí que se ha convocado el Consejo de la Memoria Democrática porque esto fue lo que trasladó este concejal, que se iba a convocar en el mes de mayo, y trasladó en diferentes foros, incluso en debates específicos organizados por las asociaciones y entidades que trabajan en el ámbito de la memoria democrática con asuntos del orden del día como, efectivamente, debate y valoración, algo que también trasladamos, de la posible ampliación de la composición del Consejo teniendo en cuenta el contenido de la Ley de memoria democrática. Y también, y también, una actualización del informe del Instituto José Cornide y de sus implicaciones al amparo del contenido de la Ley de memoria democrática* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)****, algo que este concejal —ya finalizo, señora alcaldesa—, algo que este concejal trasladó en este pleno que se iba a hacer y que, pues yo agradezco que el Bloque Nacionalista Galego, pues la asuma también como propuesta propia porque en esto, sin ningún género de dudas, deberíamos estar absolutamente todos.*

dúbidas, deberiamos estar absolutamente todos. Lamento profundamente que non estemos todos e o lamento porque eu creo que sería un síntoma de normalidade democrática que o Partido Popular subscribise unha moción como a presentada polo Bloque Nacionalista Galego que máis alá dos matices que poida haber, que bueno, son lexítimos na defensa, digamos, da posición, ou do protagonismo, más que posición, porque na posición coincidimos todos, que poida querer ter cada un, lexítimo no ámbito político, pero, efectivamente, que non esconde que a realidade é que coincidimos esencialmente e fundamentalmente o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego na defensa da memoria democrática.

Agardo que por parte do Partido Popular se poida, pois producir unha rectificación nese sentido porque iría en ben do conxunto da cidadanía, creo que reforzaría a democracia no sentido más amplo...

**Presidencia**

Remate, señor Castro, por favor.

**Señor Castro Prado**

...e contribuiría.

**Presidencia**

Ben. Procedemos á votación desta moción.

**Votación da terceira moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a terceira moción presentada polo Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre memoria democrática, producíndose o seguinte

*Lamento profundamente que no estemos todos y lo lamento porque yo creo que sería un síntoma de normalidad democrática que el Partido Popular suscribiera una moción como la presentada por el Bloque Nacionalista Galego que más allá de los matices que pueda haber, que bueno, son legítimos en la defensa, digamos, de la posición, o del protagonismo, más que posición, porque en la posición coincidimos todos, que pueda querer tener cada uno, legítimo en el ámbito político, pero, efectivamente, que no esconde que la realidad es que coincidimos esencialmente y fundamentalmente el Partido Socialista y el Bloque Nacionalista Galego en la defensa de la memoria democrática.*

*Espero que por parte del Partido Popular se pueda, pues producir una rectificación en ese sentido porque iría en bien del conjunto de la ciudadanía, creo que reforzaría la democracia en el sentido más amplio...*

***Presidencia***

*Termine, señor Castro, por favor.*

***Señor Castro Prado***

*...y contribuiría.*

***Presidencia***

*Bien. Procedemos a la votación de esta moción.*

***Votación de la tercera moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la tercera moción presentada por el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre memoria democrática, produciéndose el siguiente resultado:*

resultado:

Vota en contra o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Grazas.

**63. Moción do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego sobre memoria democrática.**

**Acordo**

1. Instar o Goberno Local a:

a. Convocar antes do vindeiro Pleno da Corporación o Consello da Memoria Democrática.

b. Informar o Consello da Memoria Democrática do estado en que se atopa o proceso de revisión de oficio dos acordos municipais e ministeriais que logo provocaron que a Casa Comide rematase nas mans da familia Franco.

c. Cumprir co comprometido con Selva García, filla de Pepín García, instalando antes de que remate o verán a escultura en memoria da represión sufrida polos irmáns da Lixivia, da autoría de Ramón Conde e cedida pola familia, tal e como se aprobou na Xunta de Goberno Local de 1 de xullo de 2020.

d. Incoar, antes de rematar 2025, os expedientes de retirada de honras e distincións a persoas participantes no Golpe de Estado de 1936 e na posterior represión recollidas no informe elaborado

*Vota en contra el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Gracias.*

***63. Moción del Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego sobre memoria democrática.***

***Acuerdo***

*1. Instar al Gobierno Local a:*

*a. Convocar antes del próximo Pleno de la Corporación el Consello da Memoria Democrática.*

*b. Informar al Consello da Memoria Democrática del estado en que se encuentra el proceso de revisión de oficio de los acuerdos municipales y ministeriales que luego provocaron que la Casa Comide acabase en las manos de la familia Franco.*

*c. Cumplir con lo comprometido con Selva García, hija de Pepín García, instalando antes de que finalice el verano la escultura en memoria de la represión sufrida por los hermanos de la Lejía, de la autoría de Ramón Conde y cedida por la familia, tal y como se aprobó en la Junta de Gobierno Local de 1 de julio de 2020.*

*d. Incoar, antes de finalizar 2025, los expedientes de retirada de honores y distinciones a personas participantes en el Golpe de estado de 1936 y en la posterior represión recogidas en el informe elaborado por el Instituto José Comide de*

polo Instituto José Comide de Estudos Coruñeses no ano 2019.

e. Encargarlle, no marco do Consello de Memoria Democrática, un novo informe ao Instituto José Comide de Estudos Coruñeses para estudar e recoller aquelas outras honras e distincións que deben ser retiradas ao abeiro da Lei 20/2022, de 19 de outubro, de Memoria Democrática.

2. Instar a Xunta de Galiza a facerlles cumprir aos actuais propietarios da Casa Comide, á familia Franco, as condicións de declaración BIC deste inmóbel e que, polo tanto, cumpran coa súa obriga de abrila á cidadanía como regula a Lei de patrimonio cultural de Galiza.

**Presidencia**

Remata aquí o turno do BNG. Se lles parece, imos facer unha pequena pausa. Retomamos a sesión ás doce e dez. Grazas.

**Ás once horas e cincuenta e tres minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión, que se retoma ás doce horas e quince minutos cos mesmos asistentes relacionados ut supra a excepción do señor Borrego Vázquez e das señoras Neira Fernández e Díaz Vázquez, que non se atopan presentes no Salón de Sesións.**

***MOCIÓNS PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR***

***Primeira. Moción relativa á redacción dun novo plan de emerxencias municipal (PEMU).***

***Intervencións***

***Presidencia***

*Estudios Coruñeses en el año 2019.*

*e. Encargarle, en el marco del Consello da Memoria Democrática, un nuevo informe al Instituto José Comide de Estudios Coruñeses para estudiar y recoger aquellos otros honores y distinciones que deben ser retirados al amparo de la Ley 20/2022, de 19 de octubre, de Memoria Democrática.*

*2. Instar a la Xunta de Galicia a hacerles cumplir a los actuales propietarios de la Casa Comide, a la familia Franco, las condiciones de declaración BIC de este inmueble y que, por lo tanto, cumplan con su obligación de abrirla a la ciudadanía como regula la Ley de patrimonio cultural de Galicia.*

***Presidencia***

*Finaliza aquí el turno del BNG. Si les parece, vamos a hacer una pequeña pausa. Retomamos la sesión a las doce y diez. Gracias.*

***A las once horas y cincuenta y tres minutos la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión, que se reanuda a las doce horas y quince minutos con los mismos asistentes relacionados ut supra a excepción del señor Borrego Vázquez y de las señoras Neira Fernández y Díaz Vázquez, que no se encuentran presentes en el Salón de Sesiones.***

***MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR***

***Primera. Moción relativa a la redacción de un nuevo plan de emergencias municipal (PEMU).***

***Intervenciones***

***Presidencia***

Ben, retomamos a sesión coa... Poden sentarse os concelleiros, deben sentarse os concelleiros.

Ben, primeira moción do Partido Popular relativa ó novo Plan de Emerxencia Municipal (PEMU).

Señor Lorenzo —poden pasar—, señor Lorenzo, ten a palabra.

***Señor Lorenzo Torres***

*Ben, grazas, señora alcaldesa. Bos días a todos e a todas.*

*Sen dúbida todos imos lembrar o que pasou o día 28 de abril, algo que parecía ou mesmo se anunciou vía parlamentaria por parte do presidente do Goberno, don Pedro Sánchez, que nunca ía ocorrer e non cabe dúbida de que ao final ocorreu, e que de súpeto, pois todos quedamos sen rede eléctrica e sen rede de comunicacións. E eu creo que as miñas primeiras palabras teñen que ser un pouco de poñer en valor e facer un recoñecemento da boa resposta que houbo neste concello por parte de todos os membros dos servizos de emerxencia. Estou a falar da Policía Local, estou a falar dos Bombeiros, estou a falar tamén da Protección Civil, estou a falar tamén dos funcionarios que quedaron traballando e que eu recordo que ao día seguinte, cando lin os xornais, e unha persoa comentábame que a gran noticia fora o apagamento, eu creo que a boa noticia que houbo nesta cidade que todo o que se contaba, pois hoxe aos ollos..., á vista dos días que pasaron, pois que se converteron en anécdotas, e quizais, quizais, que son anécdotas e non houbo malas noticias nin graves noticias por esa resposta que tivo, xa digo, os servizos de emerxencia, pero sobre todo tamén a sociedade coruñesa e por suposto un agradecemento ás radios, ás radios que*

*Bien, retomamos la sesión con la... Pueden sentarse los concejales, deben sentarse los concejales.*

*Bien, primera moción del Partido Popular relativa al nuevo Plan de Emergencia Municipal (PEMU).*

*Señor Lorenzo —pueden pasar—, señor Lorenzo, tiene la palabra.*

**Señor Lorenzo Torres**

Bueno, gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todos y a todas.

Sin lugar a dudas todos vamos a recordar lo que pasó el día 28 de abril, algo que parecía o incluso se había anunciado vía parlamentaria por parte del presidente del Gobierno, don Pedro Sánchez, que nunca iba a ocurrir y no cabe duda de que al final ocurrió, y que de repente, pues todos nos quedamos sin red eléctrica y sin red de comunicaciones. Y yo creo que mis primeras palabras tienen que ser un poco de poner en valor y hacer un reconocimiento de la buena respuesta que ha habido en este concello por parte de todos los miembros de los servicios de emergencia. Estoy hablando de la Policía Local, estoy hablando de los Bomberos, estoy hablando también de la Protección Civil, estoy hablando también de los funcionarios que se quedaron trabajando y que yo recuerdo que al día siguiente, cuando leí los periódicos, y una persona me comentaba que la gran noticia había sido el apagón, yo creo que la buena noticia que hubo en esta ciudad que todo lo que se contaba, pues hoy a los ojos..., a la vista de los días que han pasado, pues que se convirtieron en anécdotas, y quizás, quizás, que son anécdotas y no hubo malas noticias ni graves noticias por esa respuesta que ha tenido, ya digo, los servicios de emergencia, pero sobre todo también la sociedad coruñesa y por supuesto un agradecimiento a las radios, a las radios

*naquel momento foron as que nos tiveron informados, pero non cabe dúbida de que tamén houbo un cambio de mentalidade, mesmo na propia sociedade, porque ata o que facía uns días, pois un pouco todos riamos no sentido de que o "kit" de seguridade foi obxecto de bromas, chanzas e mesmo de memes, pois a partir do apagamento eu creo que todos saímos correndo dunha maneira ou outra a comprarnos a lanterna, a comprar pilas, a ter diñeiro en efectivo na casa, mesmo, mesmo, o cámping gas. Entón, quero dicir que bo, debemos felicitarnos como cidade, como cidade, do bo resultado que pasou, que ocorreu na cidade de que non houbo noticias a destacar e a gran resposta da cidadanía e tamén dos servizos.*

**Ás doce horas e dezaoito minutos entran no Salón de Sesións o señor Borrego Vázquez e as señoras Neira Fernández, Díaz Vázquez e Sobral Cabanas.**

*Pero bo, onte vimos un pleno, en Madrid, e naquel pleno onde se ían pedir explicacións respecto a todo o que pasara, a conclusión que sacamos que a día de hoxe o Goberno non pode dar ningunha explicación do que pasou. Por suposto non deu..., esixido ningún tipo de responsabilidade política, pero si, o que si quedou de manifesto que se descoñecen as causas, e descoñécense as causas seguramente tamén é que estes momentos pódense volver producir.*

*Eu creo que é bo facer da necesidade virtude e ás veces cando pasa unha situación deste tipo, que a todos nos colle de imprevisto, pois é importante facer unha reflexión, unha reflexión de ver como funcionaron, perdón, funcionaron todos os servizos, ver que debilidades houbo nos servizos, porque claro, houbo un momento, pois que a Policía non se*

que en aquel momento fueron las que nos tuvieron informados, pero no cabe duda de que también hubo un cambio de mentalidad, incluso en la propia sociedad, porque hasta lo que hacía unos días, pues un poco todos nos reíamos en el sentido de que el kit de seguridad fue objeto de bromas, chanzas e incluso de memes, pues a partir del apagón yo creo que todos salimos corriendo de una manera u otra a comprarnos la linterna, a comprar pilas, a tener dinero en efectivo en casa, incluso, incluso, el camping gas. Entonces, quiero decir que bueno, debemos felicitarnos como ciudad, como ciudad, del buen resultado que pasó, que ocurrió en la ciudad de que no hubo noticias a destacar y la gran respuesta de la ciudadanía y también de los servicios.

***A las doce horas y dieciocho minutos entran en el Salón de Sesiones el señor Borrego Vázquez y las señoras Neira Fernández, Díaz Vázquez y Sobral Cabanas.***

Pero bueno, ayer vimos un pleno, en Madrid, y en aquel pleno donde se iban a pedir explicaciones respecto a todo lo que había pasado, la conclusión que sacamos que a día de hoy el Gobierno no puede dar ninguna explicación de lo que pasó. Por supuesto no ha dado..., exigido ningún tipo de responsabilidad política, pero sí, lo que sí quedó de manifiesto que se desconocen las causas, y se desconocen las causas seguramente también es que estos momentos se pueden volver a producir.

Yo creo que es bueno hacer de la necesidad virtud y a veces cuando pasa una situación de este tipo, que a todos nos coje de imprevisto, pues es importante hacer una reflexión, una reflexión de ver cómo funcionaron, perdón, funcionaron todos los servicios, ver qué debilidades hubo en los servicios, porque claro, hubo un momento, pues que la Policía no se podía conectar con ella, que los Bomberos no se podían

*podía conectar con ela, que os Bombeiros non se podían conectar con eles, houbo un momento na cidade, parte da cidade quedou sen auga, nos barrios altos, por exemplo Eirís e Monte Alto, houbo situacións de xente que, con problemas de discapacidade, que quedaron..., que non podían entrar nas súas casas, houbo temas de persoas que se atopaban soas e que non sabían, non se sabía delas. Eu creo que quero dicir con isto que estas experiencias, estas situacións que vivimos pódennos servir para reflexionar e sobre todo para mellorar. Por iso* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *esta moción quere ser construtiva, sobre todo construtiva no sentido de que collamos esas experiencias, falemos con aquelas persoas que tiveron unha intervención directa para que nada ocorrese, para que nada malo pasase, e sobre todo que melloremos estes protocolos.*

*Por iso falamos dunha actualización do novo Plan de Emerxencias Municipal, digo novo plan... Nós presentamos unha serie de medidas. Quero dicir que non son medidas números pechados, que son unhas medidas abertas para reflexionar entre todos, pero si que mellorar o novo Plan de Emerxencias Municipal, sobre todo atendendo as novas realidades, sobre todo tamén atendendo os novos avances tecnolóxicos e tamén actualizar os protocolos de actualización e coordinación entre as distintas administracións.*

*Tamén falamos de respecto aos equipos de emerxencia, que haxa un servizo técnico de atención permanente, que haxa un comité multisectorial de crise municipal, que creo importante na que formen expertos e tamén, aproveitando que se están elaborando por parte do Concello dous plans* **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do**

conectar con ellos, hubo un momento en la ciudad, parte de la ciudad se quedó sin agua, en los barrios altos, por ejemplo Eirís y Monte Alto, hubo situaciones de gente que, con problemas de discapacidad, que quedaron..., que no podían entrar en sus casas, hubo temas de personas que se encontraban solas y que no sabían, no se sabía de ellas. Yo creo que quiero decir con esto que estas experiencias, estas situaciones que hemos vivido nos pueden servir para reflexionar y sobre todo para mejorar. Por eso ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** esta moción quiere ser constructiva, sobre todo constructiva en el sentido de que cojamos esas experiencias, hablemos con aquellas personas que han tenido una intervención directa para que nada haya ocurrido, para que nada malo haya pasado, y sobre todo que mejoremos estos protocolos.

Por eso hablamos de una actualización del nuevo Plan de Emergencias Municipal, digo nuevo plan... Nosotros presentamos una serie de medidas. Quiero decir que no son medidas números clausus, que son unas medidas abiertas para reflexionar entre todos, pero sí que mejorar el nuevo Plan de Emergencias Municipal, sobre todo atendiendo a las nuevas realidades, sobre todo también atendiendo a los nuevos avances tecnológicos y también actualizar los protocolos de actualización y coordinación entre las distintas administraciones.

También hablamos de respeto a los equipos de emergencia, que haya un servicio técnico de atención permanente, que haya un comité multisectorial de crisis municipal, que creo importante en la que formen expertos y también, aprovechando que se están elaborando por parte del Ayuntamiento dos planes ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)***

**tempo de intervención)** *—termino xa, señora alcaldesa—, o plan municipal de saúde mental e o plan de persoas que viven soas, que se aproveiten neses plans para adoptar medidas que poidan ter en conta a estas persoas, sobre todo medidas de xestión psicoemocional ou como podemos atender a estas persoas que viven soas. E por último tamén, unha proposta que facemos é unha guía de boas prácticas que todos debemos coñecer para saber como temos que reaccionar nun momento que se poida producir unha situación deste tipo.*

*O dito, é unha moción construtiva, pero sobre todo poñer en valor e recoñecer que os servizos, os servizos deste concello e a cidadanía responderon a unha situación un tanto inesperada.*

*Moitísimas grazas pola súa atención.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lorenzo. Turno para o BNG, señor Soto.

**Señor Soto Díaz**

Grazas, señora alcaldesa.

Eu a verdade é que celebro, e dígoo con toda a honradez, o ton construtivo por parte do Partido Popular. Eu creo que a veciñanza desta cidade se merece que no Pleno traiamos máis mocións deste tipo e sobre todo que o ton do debate sexa máis nese sentido.

Nós estamos de acordo co sentido da moción, iso fóra de calquera dúbida. Tamén é verdade que nos chama a atención que se..., que bueno, que traian vostedes aquí a necesidade, que compartimos, como digo, de actualizar o Plan de Emerxencias Municipal á vista dos acontecementos recentes, pero tamén

—termino ya, señora alcaldesa—, el plan municipal de salud mental y el plan de personas que viven solas, que se aprovechen en esos planes para adoptar medidas que puedan tener en cuenta a estas personas, sobre todo medidas de gestión psicoemocional o cómo podemos atender a estas personas que viven solas. Y por último también, una propuesta que hacemos es una guía de buenas prácticas que todos debemos conocer para saber cómo tenemos que reaccionar en un momento que se pueda producir una situación de este tipo.

Lo dicho, es una moción constructiva, pero sobre todo poner en valor y reconocer que los servicios, los servicios de este concello y la ciudadanía han respondido a una situación un tanto inesperada.

Muchísimas gracias por su atención.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lorenzo. Turno para el BNG, señor Soto.*

***Señor Soto Díaz***

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Yo la verdad es que celebro, y lo digo con toda la honradez, el tono constructivo por parte del Partido Popular. Yo creo que el vecindario de esta ciudad se merece que en el Pleno traigamos más mociones de este tipo y sobre todo que el tono del debate sea más en ese sentido.*

*Nosotros estamos de acuerdo con el sentido de la moción, eso fuera de cualquier duda. También es verdad que nos llama la atención que se..., que bueno, que traigan ustedes aquí la necesidad, que compartimos, como digo, de actualizar el Plan de Emergencias Municipal a la vista de los acontecimientos recientes, pero también es verdad que el Plan Gallego de*

é verdade que o Plan Galego de Emerxencias, o PLATERGA, foi aprobado polo Goberno do Bipartito no ano 2009 e a día de hoxe aínda nunca se modificou nin se actualizou. A min isto chámame a atención. Dezaseis anos, polo tanto, no que o Partido Popular na Xunta de Galiza, pois non, non, non actualizou, non tivo a ben actualizar ese plan de emerxencias.

**Ás doce horas e vinte e dous minutos sae do Salón de Sesións o señor San Claudio Yáñez.**

Tamén me chama a atención que se preocupen vostedes por isto, aínda que, a verdade, como digo, honradamente..., bueno, perdón, sinceramente o celebro, cando o Partido Popular aínda mantén a Carlos Mazón na Generalitat de Valencia despois da súa nefastísima xestión do desastre natural causada pola dana.

En fin, tamén me chama a atención que o Partido popular traia aquí esta moción cando correu o señor Rueda a devolverlle as competencias todas en xestión de emerxencias ó Goberno central. Entendo que é porque non confía, digamos, na xestión, no autogoberno ou na capacidade de autogoberno galego para facer fronte a situacións deste calibre.

Pero bueno, en fin, este partido que ó meu entender, ó noso entender, non fai os seus deberes na Xunta hoxe vén a recordarlle ó Goberno da Coruña que o Goberno da Coruña tampouco fai os seus deberes e nós aí, evidentemente, non podemos máis que constatar que nisto teñen razón. O Pemu da Coruña nin é público —non está publicado en ningún sitio—, non se pode acceder nin está integrado no PLATERGA, no Plan de Emerxencias autonómico, a pesar de que a nosa cidade se ve afectada por riscos especiais.

*Emergencias, el PLATERGA, fue aprobado por el Gobierno del Bipartito en el año 2009 y a día de hoy aún nunca se modificó ni se actualizó. A mí esto me llama la atención. Dieciséis años, por lo tanto, en el que el Partido Popular en la Xunta de Galicia, pues no, no, no actualizó, no tuvo a bien actualizar ese plan de emergencias.*

***A las doce horas y veintidós minutos sale del Salón de Sesiones el señor San Claudio Yáñez.***

*También me llama la atención que se preocupen ustedes por esto, aunque, la verdad, como digo, honradamente..., bueno, perdón, sinceramente lo celebro, cuando el Partido Popular aun mantiene a Carlos Mazón en la Generalitat de Valencia después de su nefastísima gestión del desastre natural causada por la daña.*

*En fin, también me llama la atención que el Partido popular traiga aquí esta moción cuando corrió el señor Rueda a devolverle todas las competencias en gestión de emergencias al Gobierno central. Entiendo que es porque no confía, digamos, en la gestión, en el autogobierno o en la capacidad de autogobierno gallego para hacer frente a situaciones de este calibre.*

*Pero bueno, en fin, este partido que a mi entender, a nuestro entender, no hace sus deberes en la Xunta hoy viene la recordarle al Gobierno de A Coruña que el Gobierno de A Coruña tampoco hace sus deberes y nosotros ahí, evidentemente, no podemos más que constatar que en esto tienen razón. El Pemu de A Coruña ni es público —no está publicado en ningún sitio—, no se puede acceder ni está integrado en el PLATERGA, en el Plan de Emergencias autonómico, a pesar de que nuestra ciudad se ve afectada por riesgos especiales.*

***A las doce horas y veinticuatro minutos***

**Ás doce horas e vinte e catro minutos entra no Salón de Sesións o señor San Claudio Yánez.**

Agora ben, a proposta do Partido Popular, a verdade é que a min particularmente resúltame un tanto extravagante. A exposición do señor Lorenzo a verdade é que me pareceu bastante sensata, pero a redacción da exposición de motivos a min chocoume moito. Eu, nós, non entendemos..., perdón, non podemos estar en maior desacordo co popurrí de ocorrencias que se recollen nesa exposición de motivos. Para comezar porque na súa liña o PP da Coruña intenta aproveitar o acontecido o pasado 28 de abril para aboar a súa idea de que a inseguridade na cidade aumentou. Alí fálase..., non se está dicindo que acontecese o 28 de abril, pero di que son situacións nas que adoitan aumentar os saqueos a locais, os roubos, as agresións sexuais, incluso. Eu informeime sobre isto e a verdade é que o 28 de abril os datos oficiais o que din é que houbo un decrecemento das denuncias por delito en toda a cidade da Coruña.

Aínda menos podo estar de acordo con unha idea que considero totalmente desfasada, infundada e antiempírica de que as persoas con ansiedade ou con TDH, con diagnósticos de TDH, son ou somos propensos a orixinar incidentes críticos. Non atoparán vostedes ningún estudo serio, ningún estudo científico que relacione un diagnóstico deste tipo cun maior risco de delincuencia ou con riscos de situacións críticas, como din vostedes **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** e creo que todo o Grupo municipal do Partido Popular lle debe unha boa desculpa a todas as persoas con problemas de saúde mental por suxerir tal cousa nunha moción presentada para o seu debate neste pleno.

***entra en el Salón de Sesiones el señor San Claudio Yánez.***

*Ahora bien, la propuesta del Partido Popular, la verdad es que a mí particularmente me resulta un tanto extravagante. La exposición del señor Lorenzo la verdad es que me pareció bastante sensata, pero la redacción de la exposición de motivos a mí me chocó mucho. Yo, nosotros, no entendemos..., perdón, no podemos estar en mayor desacuerdo con el popurrí de ocurrencias que se recogen en esa exposición de motivos. Para comenzar porque en su línea el PP de A Coruña intenta aprovechar lo sucedido el pasado 28 de abril para abonar su idea de que la inseguridad en la ciudad aumentó. Allí se habla..., no se está diciendo que sucediera el 28 de abril, pero dice que son situaciones en las que suelen aumentar los saqueos a locales, los robos, las agresiones sexuales, incluso. Yo me informé sobre esto y la verdad es que el 28 de abril los datos oficiales lo que dicen es que hubo un decrecimiento de las denuncias por delito en toda la ciudad de A Coruña.*

*Aun menos puedo estar de acuerdo con una idea que considero totalmente desfasada, infundada y antiempírica de que las personas con ansiedad o con TDH, con diagnósticos de TDH, son o somos propensos a originar incidentes críticos. No encontrarán ustedes ningún estudio serio, ningún estudio científico que relacione un diagnóstico de este tipo con un mayor riesgo de delincuencia o con riesgos de situaciones críticas, como dicen ustedes* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *y creo que todo el Grupo municipal del Partido Popular le debe una buena disculpa a todas las personas con problemas de salud mental por sugerir tal cosa en una moción presentada para su debate en este pleno.*

Si creo que tería sido necesario propoñer que o Plan de Emerxencias teña en conta, por exemplo, o que as situacións catastróficas e de emerxencias inciden de distinta forma segundo as condicións socioeconómicas das persoas, e polo tanto deben ter esa desigualdade social en conta. Hai barrios que son máis densamente populados e alí as situacións de emerxencia se viven dunha situación, dunha forma moito máis crítica. Ha edificios que teñen carencias na súa construción, que non teñen ascensores, que non teñen un sistema eléctrico, por dicilo así, actualizado e todo isto si que se debería de ter en conta.

En fin, nós non queremos acabar a intervención sen agradecer a tódolos servizos públicos desta cidade polo seu desempeño o día do apagón, ós Bombeiros, á Policía Local, a Protección Civil e, por suposto, a unha cidadanía que deu mostras de serenidade nunha situación de grandísima incertidume e moi persoalmente eu quero agradecer a un medio ó que me une moitísimo afecto, que é a radio, radio da Coruña, pero á radio en xeral tamén.

En fin, anunciamos o noso voto crítico, pero favorable.

**Presidencia**

Grazas, señor Soto, pola súa intervención. Turno do Goberno, señora Paz.

***Señora Paz Romero***

*Grazas, señora alcaldesa. Bos días a todas e todos.*

*Existe un plan de emerxencias municipal, o PEMU, de 2015. Este plan é un instrumento de normas e procedementos de actuación que constitúen o sistema de*

*Sí creo que habría sido necesario proponer que el Plan de Emergencias tenga en cuenta, por ejemplo, lo que las situaciones catastróficas y de emergencias inciden de distinta forma segundo las condiciones socioeconómicas de las personas, y por lo tanto deben tener esa desigualdad social en cuenta. Hay barrios que son más densamente poblados y allí las situaciones de emergencia se viven de una situación, de una forma mucho más crítica. Ha edificios que tienen carencias en su construcción, que no tienen ascensores, que no tienen un sistema eléctrico, por decirlo así, actualizado y todo esto sí que se debería tener en cuenta.*

*En fin, nosotros no queremos acabar la intervención sin agradecer a todos los servicios públicos de esta ciudad por su desempeño el día del apagón, a los Bomberos, a la Policía Local, a Protección Civil y, por supuesto, a una ciudadanía que dio muestras de serenidad en una situación de grandísima incertidumbre y muy personalmente yo quiero agradecer a un medio al que me une muchísimo afecto, que es la radio, radio de A Coruña, pero a la radio en general también.*

*En fin, anunciamos nuestro voto crítico, pero favorable.*

***Presidencia***

*Gracias, señor Soto, por su intervención. Turno del Gobierno, señora Paz.*

**Señora Paz Romero**

Gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todas y todos.

Existe un plan de emergencias municipal, el PEMU, de 2015. Este plan es un instrumento de normas y procedimientos de actuación que constituyen el sistema de respuesta de emergencias. En este

*resposta de emerxencias. Neste momento xa dispoñemos do prego técnico do novo plan de emerxencias municipal e está previsto que este mes poida continuar a súa tramitación no Servizo de Contratación e dotarase así á cidade dun plan revisado e actualizado.*

*O instrumento marco no que se integra o PEMU é o Plan Territorial de Emerxencias de Galicia, PLATERGA. Este plan de emerxencias é responsabilidade da Xunta e foi aprobado o século pasado, en 1994, e actualizado en 2010.*

*O luns 28 e abril, diante da situación de emerxencia vivida, o Concello constituíu de forma inmediata un gabinete de crise no que se avaliou de forma permanente a situación e as necesidades da cidade. Este goberno municipal non desaparece nin delega competencias, asúmeas con responsabilidade.*

*A nosa preocupación principal foron as persoas, en primeiro lugar as que se atopaban en situación de emerxencia. Rescatáronse a máis de 90 persoas atrapadas nos ascensores ou garaxes, asistiuse ás persoas maiores que o precisaban e levaron a cabo máis de 30 intervencións con cidadáns e cidadás con mobilidade reducida. Os servizos de emerxencia da cidade funcionaron liderados polo gabinete de crise e agradecemos o importante labor desempeñado por Bombeiros, Policía Local, Protección Civil e funcionarios do Concello.*

*Por último, a proposta de incorporar un apartado específico sobre xestión psicoemocional en situacións críticas dentro do Plan de Emerxencia Municipal non pode ser asumida por esta administración local xa que a saúde mental non é competencia propia, como xa saben, senón da Xunta de Galicia. Este*

momento ya disponemos del pliego técnico del nuevo plan de emergencias municipal y está previsto que este mes pueda continuar su tramitación en el Servicio de Contratación y se dotará así a la ciudad de un plan revisado y actualizado.

El instrumento marco en el que se integra el PEMU es el Plan Territorial de Emergencias de Galicia, PLATERGA. Este plan de emergencias es responsabilidad de la Xunta y fue aprobado el siglo pasado, en 1994, y actualizado en 2010.

El
lunes 28 e abril, ante la situación de emergencia vivida, el Concello constituyó de forma inmediata un gabinete de crisis en el que se evaluó de forma permanente la situación y las necesidades de la ciudad. Este gobierno municipal no desaparece ni delega competencias, las asume con responsabilidad.

Nuestra preocupación principal fueron las personas, en primer lugar las que se encontraban en situación de emergencia. Se rescataron a más de 90 personas atrapadas en los ascensores o garajes, se asistió a las personas mayores que lo precisaban y se llevaron a cabo más de 30 intervenciones con ciudadanos y ciudadanas con movilidad reducida. Los servicios de emergencia de la ciudad funcionaron liderados por el gabinete de crisis y agradecemos la importante labor desempeñada por Bomberos, Policía Local, Protección Civil y funcionarios del Concello.

Por último, la propuesta de incorporar un apartado específico sobre gestión psicoemocional en situaciones críticas dentro del Plan de Emergencia Municipal no puede ser asumida por esta administración local ya que la salud mental no es competencia propia, como ya saben, sino de la Xunta de Galicia. Este gobierno

*goberno municipal non desiste das súas competencias nin as delega, asúmeas con responsabilidade e así, o Goberno local en situacións de crise activa mecanismos de coordinación e crea redes de colaboración co terceiro sector, pero non é posible realizar intervención en saúde mental. Quizais deban realizar esta solicitude ao seu goberno autonómico.*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señora Paz.

Remata aquí o debate desta moción.

**Votación da primeira moción do Grupo municipal do Partido Popular**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular relativa á redacción do novo Plan de Emerxencias Municipal, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobada por unanimidade.

**64. Moción do Grupo municipal do Partido Popular relativa á redacción do novo Plan de Emerxencias Municipal (PEMU).**

**Acordo**

municipal no desiste de sus competencias ni las delega, las asume con responsabilidad y así, el Gobierno local en situaciones de crisis activa mecanismos de coordinación y crea redes de colaboración con el tercer sector, pero no es posible realizar intervención en salud mental. Quizás deban realizar esta solicitud a su gobierno autonómico.

Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señora Paz.*

*Finaliza aquí el debate de esta moción.*

***Votación de la primera moción del Grupo municipal del Partido Popular***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular relativa a la redacción del nuevo Plan de Emergencias Municipal, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobada por unanimidad.*

***64. Moción del Grupo municipal del Partido Popular relativa a la redacción del nuevo Plan de Emergencias Municipal (PEMU)***

***Acuerdo***

1. Que se redacte un novo Plan de Emerxencias Municipal (PEMU) que se adapte a novas realidades e medios tecnolóxicos ao alcance das administracións e dos servizos de emerxencias, incluíndo os avances en IA, manexo de drons, comunicación satelital, etc. e que desenvolva plenamente os parámetros establecidos na normativa vixente, adheríndoo, por suposto, ao PLATERGA, coa consecuente revisión técnica periódica e as actualizacións oportunas que sexan necesarias.

*1. Que se redacte un nuevo Plan de Emergencias Municipal (PEMU) que se adapte a nuevas realidades y medios tecnológicos al alcance de las administraciones y de los servicios de emergencias, incluyendo los avances en IA, manejo de drones, comunicación satelital, etc. y que desarrolle plenamente los parámetros establecidos en la normativa vigente, adhiriéndolo, por supuesto, al PLATERGA, con la consiguiente revisión técnica periódica y las actualizaciones oportunas que sean necesarias.*

2. Que se actualicen os protocolos de actuación e a coordinación entre administracións e axentes implicados na xestión de situacións de emerxencia extremas, como ocorreu co apagamento, que poidan estar derivados do PEMU.

*2. Que se actualicen los protocolos de actuación y la coordinación entre administraciones y agentes implicados en la gestión de situaciones de emergencia extremas, como ocurrió con el apagón, que puedan estar derivados del PEMU.*

3. Que se revisen de oficio todos os equipos de emerxencias (p.e. xeradores), creando un Servizo técnico de atención permanente.

*3. Que se revisen de oficio todos los equipos de emergencias (p.e. generadores), creando un Servicio técnico de atención permanente.*

4. Que se cre un Comité multisectorial de crise municipal, de carácter interdisciplinar e experto, que interveña, en caso dunha emerxencia como a que nos ocupa, cos casos máis complexos, como aqueles en os que interveñen diversos factores como a situación social, a saúde mental ou o mero abastecemento de alimentos, de auga ou medicamentos en determinadas zonas.

*4. Que se cree un Comité multisectorial de crisis municipal, de carácter interdisciplinar y experto, que intervenga, en caso de una emergencia como la que nos ocupa, con los casos más complejos, como aquellos en los que intervienen diversos factores como la situación social, la salud mental o el mero abastecimiento de alimentos, de agua o medicamentos en determinadas zonas.*

5. Que se desenvolva, no seo do Plan Municipal de Saúde Mental, un apartado relativo á xestión psicoemocional de situacións críticas, onde se incorporen unhas pautas básicas tanto para os pacientes como para as persoas que traballan con eles no ámbito municipal.

*5. Que se desarrolle, en el seno del Plan Municipal de Salud Mental, un apartado relativo a la gestión psicoemocional de situaciones críticas, donde se incorporen unas pautas básicas tanto para los pacientes como para las personas que trabajan con ellos en el ámbito municipal.*

6. Que se cre unha Guía de boas prácticas en situacións de emerxencia, onde se incorporan pautas sinxelas e básicas para

*6. Que se cree una Guía de buenas prácticas en situaciones de emergencia, donde se incorporan pautas sencillas y*

que toda a sociedade se incorpore á cultura de prevención que evite que se sucedan situacións de caos en caso de emerxencia grave. Dita guía, debería ir acompañada dun labor de divulgación desenvolvido de forma coordinada por todos os ámbitos implicados na xestión municipal das emerxencias.

*básicas para que toda la sociedad se incorpore a la cultura de prevención que evite que se sucedan situaciones de caos en caso de emergencia grave. Dicha guía, debería ir acompañada de una labor de divulgación desarrollada de forma coordinada por todos los ámbitos implicados en la gestión municipal de las emergencias.*

**Segunda. Moción do Grupo municipal do Partido Popular relativa ó barrio de Monte Alto.**

***Segunda. Moción del Grupo municipal del Partido Popular relativa al barrio de Monte Alto.***

**Intervencións**

***Intervenciones***

**Presidencia**

***Presidencia***

Segunda moción do Partido Popular sobre o barrio de Monte Alto. Señor San Claudio.

*Segunda moción del Partido Popular sobre el barrio de Monte Alto. Señor San Claudio.*

**Señor San Claudio Yáñez**

***Señor San Claudio Yáñez***

*Moitas grazas.*

Muchas gracias.

A moción que hoxe traemos á súa consideración podería analizarse como unha emenda á totalidade da xestión da señora Inés Rey como alcaldesa: ausencia absoluta de rendición de contas á cidadanía, o desprezo total á calidade de vida dos coruñeses, obxecto da súa política orzamentaria confiscadora e inexistencia dunha planificación dos recursos públicos ordenada, previsora e estable. Tamén lévanos ó concreto, a tres realidades que deberían ser a pedra angular da súa actuación política local.

*La moción que hoy traemos a su consideración podría analizarse como una enmienda a la totalidad de la gestión de la señora Inés Rey como alcaldesa: ausencia absoluta de rendición de cuentas a la ciudadanía, el desprecio total a la calidad de vida de los coruñeses, objeto de su política presupuestaria confiscadora e inexistencia de una planificación de los recursos públicos ordenada, previsora y estable. También nos lleva a lo concreto, a tres realidades que deberían ser la piedra angular de su actuación política local.*

En primeiro lugar a seguridade dos coruñeses. Invítolle que ó salir deste pleno pregunte como foi a evolución da seguridade en Monte Alto dende que vostede é alcaldesa. O deterioro dos espazos urbanos, remítolle a facer unha inspección en Monte Alto de cal é o estado da limpeza, coidado das praias, das rúas, da súa iluminación e a

*En primer lugarl a seguridad de los coruñeses. Le invito que al salir de este pleno pregunte cómo fue la evolución de la seguridad en Monte Alto desde que usted es alcaldesa. El deterioro de los espacios urbanos, le remito a hacer una inspección en Monte Alto de cuáll es el estado de la limpieza, cuidado de las playas, de las calles, de su iluminación y la movilidad*

mobilidade que se opón ás necesidades dos coruñeses. Sabe vostede canto custa alugar unha praza de aparcadoiro en Monte Alto?

*que se opone a las necesidades de los coruñeses ¿Sabe usted cuánto cuesta alquilar una plaza de aparcamiento en Monte Alto?*

Poderiamos dicir que Inés Rey, por tanto, renunciou a liderar esta cidade, pero lamentablemente non podemos máis que aludir á súa incapacidade e ausencia ó fronte da Coruña porque liderar non é sentarse na Presidencia deste pleno e esperar a que todo pase, liderar non é ter unha oportunidade de ouro respecto á antiga cárcere da Torre e non mover un só papel na súa defensa para que pase a ser patrimonio dos coruñeses, liderar non é anunciar a creación do parque do Vixía, orzamentar fai 15 meses 1,2 millóns de euros e ter hoxe sometidos os veciños a descoñecemento e mentira absoluto, liderar non é deixar sen executar máis de 200 millóns de euros que saen dos bolsillos dos coruñeses, convertindo a súa recaudación en incautación.

*Podríamos decir que Inés Rey, por tanto, renunció a liderar esta ciudad, pero lamentablemente no podemos más que aludir a su incapacidad y ausencia al frente de A Coruña porque liderar no es sentarse en la Presidencia de este pleno y esperar a que todo pase, liderar no es tener una oportunidad de oro respecto a la antigua cárcel de la Torre y no mover un solo papel en su defensa para que pase a ser patrimonio de los coruñeses, liderar no es anunciar la creación del parque del Vixía, presupuestar hace 15 meses 1,2 millones de euros y tener hoy sometidos a los vecinos a desconocimiento y mentira absoluto, liderar no es dejar sin ejecutar más de 200 millones de euros que salen de los bolsillos de los coruñeses, convirtiendo su recaudación en incautación.*

Sabe Inés Rey o frustrante do esforzo das familias coruñesas que pagan os seus impostos relixiosamente mentres vostedes se permiten unha xestión na que nin siquera gastan o que recaudan?

*¿Sabe Inés Rey lo frustrante del esfuerzo de las familias coruñesas que pagan sus impuestos religiosamente mientras ustedes se permiten una gestión en la que ni siquiera gastan lo que recaudan?*

Agora ben, todo isto non é máis que a conformación da soberbia dunha alcaldesa que perdeu en todas as eleccións nas que se presentou, recórdolle tamén no distrito de Monte Alto, e se erixe no seu progresismo *fake* entregada á axenda política do BNG, cada vez máis radicalizado e oteguizado. A soberbia dunha alcaldesa por sorpresa que pensa que gobernar a cidade da Coruña pode estar baseada na improvisación.

*Ahora bien, todo esto no es más que la conformación de la soberbia de una alcaldesa que perdió en todas las elecciones en las que se presentó, le recuerdo también en el distrito de Monte Alto, y se erige en su progresismo "fake" entregada a la agenda política del BNG, cada vez más radicalizado y oteguizado. La soberbia de una alcaldesa por sorpresa que piensa que gobernar la ciudad de A Coruña puede estar basada en la improvisación.*

Que axenda teñen con Monte Alto? Cal é o seu proxecto para o barrio de Monte Alto máis aló das reformas que non son capaces de sacar adiante en prazo? ó mercado de Monte Alto me refiro. Agora

*¿Qué agenda tienen con Monte Alto? ¿Cuál es su proyecto para el barrio de Monte Alto más allá de las reformas que no son capaces de sacar adelante en plazo? al mercado de Monte Alto me refiero. Ahora*

ben, cando volva a Monte Alto non se esqueza de quen ten fronte a vostede, ós miles de coruñeses que a pesar do seu maltrato continuado ó estado do barrio con orgullo defenden o seu coruñesismo, o que vostedes non poden nin mirar á cara.

*bien, cuando vuelva a Monte Alto no se olvide de quién tiene frente a usted, a los miles de coruñeses que a pesar de su maltrato continuado al estado del barrio con orgullo defienden su coruñesismo, lo que ustedes no pueden ni mirar a la cara.*

Pero vostede, que cidade cree que está a gobernar? Que cre que pensan os veciños de Monte Alto co seu futuro? Que proxecto máis aló para o barrio, para o seu futuro, para o seu dinamismo teñen?

*Pero usted ¿qué ciudad cree que está gobernando? ¿Qué cree que piensan los vecinos de Monte Alto con su futuro? ¿Qué proyecto más allá para el barrio, para su futuro, para su dinamismo tienen?*

E que dicir doutros barrios. Non fai falta que residan miles de personas nel, como é no caso de Monte Alto, podo falar da Cidade Vella. Como é posible que no barrio da Cidade Vella a xente caia polas rúas polo estado do asfalto e que vostedes non movan nin sequera unha soa papel para arranxar o sistema? É incrible. E despois se lle chea a boca dicindo que recauda máis e historicamente, en total máis de 1.000 millóns de euros dende que é alcaldesa, e eso é execución?

*Y qué decir de otros barrios. No hace falta que residan miles de personas en él, como es en el caso de Monte Alto, puedo hablar de la Ciudad Vieja ¿Cómo es posible que en el barrio de la Ciudad Vieja la gente se caiga por las calles por el estado del asfalto y que ustedes no muevan ni siquiera una sola papel para arreglar el sistema? Es increíble. Y después se le llena la boca diciendo que recauda más y históricamente, en total más de 1.000 millones de euros desde que es alcaldesa, ¿y eso es ejecución?*

A que estamos esperando para que vostede faga algo en pro dos intereses da vida dos coruñeses?

*¿A qué estamos esperando para que usted haga algo en pro de los intereses de la vida de los coruñeses?*

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas, señor San Claudio.

Turno do BNG. Señora Veira.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor San Claudio.*

*Turno del BNG. Señora Veira.*

**<u>Señora Veira González</u>**

Pois a verdade, señor San Claudio, imos votar a favor da moción, pero non pola súa intervención, xa tiñamos decidido, evidentemente, votar a favor. Como coruñesa orgullosa residente en Monte Alto, pois comparto a inquedanza nas cuestións concretas que recollen vostedes

***<u>Señora Veira González</u>***

*Pues la verdad, señor San Claudio, vamos a votar a favor de la moción, pero no por su intervención, ya teníamos decidido, evidentemente, votar a favor. Como coruñesa orgullosa residente en Monte Alto, pues comparto la inquietud en las cuestiones concretas que recogen ustedes*

na súa moción, non tanto na súa exposición agora, verbal no Pleno.

*en su moción, no tanto en su exposición ahora, verbal en el Pleno.*

A verdade é que o Partido Popular nunca deixa de sorprendernos, non? Parece que agora o *copy & paste*, o control c, control v, é a súa nova marca de partido, xa non no Parlamento de Galiza, non?, con esa Galiza pensada en grande, senón agora traendo aquí a Pleno reivindicacións, non?, que xa o Bloque Nacionalista Galego ten posto enriba da mesa, unha e outra vez, e vostedes, pois collen e traen. A min paréceme ben, eh?, paréceme ben, como tamén me parece ben que digan vostedes que a alcaldesa segue a axenda política do BNG. Como non me vai parecer ben? Vostedes apúntanse ás iniciativas do BNG e din que a alcaldesa, efectivamente, segue a axenda política do BNG. En fin, é unha cousa absolutamente tremenda, non?

*La verdad es que el Partido Popular nunca deja de sorprendernos, ¿no? Parece que ahora el "copy & paste", el control c, control v, es su nueva marca de partido, ya no en el Parlamento de Galicia, ¿no?, con esa Galicia pensada en grande, sino ahora trayendo aquí a Pleno reivindicaciones, ¿no?, que ya el Bloque Nacionalista Galego ha puesto encima de la mesa, una y otra vez, y ustedes, pues cogen y traen. A mí me parece bien, ¿eh?, me parece bien, como también me parece bien que digan ustedes que la alcaldesa sigue la agenda política del BNG ¿Cómo no me va a parecer bien? Ustedes se apuntan a las iniciativas del BNG y dicen que la alcaldesa, efectivamente, sigue la agenda política del BNG. En fin, es una cosa absolutamente tremenda, ¿no?*

Pero está ben que reivindiquen o parque do Vixía. Nós xa trouxemos unha moción aquí a Pleno o ano pasado precisamente porque nós incluímos no acordo orzamentario que houbese unha partida orzamentaria para o parque do Vixía e trouxemos a metade de ano —creo que foi en xullo— unha moción para que se executase precisamente esta actuación. Evidentemente estamos a favor, como non, de que se xestione o que sexa necesario para que o Cárcere Provincial acabe de novo en mans do Concello da Coruña e que se cumpra, polo tanto, aquel convenio de inicio do século pasado que dicía que precisamente no momento en que ese terreo se deixase de utilizar para ser un cárcere iso tiña que devolvérselle á cidade. O que botamos de menos é que vostedes na súa época, na que gobernaron no Concello da Coruña, na Deputación da Coruña, na Xunta de Galiza e no Estado, non chegasen a un acordo precisamente para que isto fose realidade.

*Pero está bien que reivindiquen el parque del Vixía. Nosotros ya trajimos una moción aquí a Pleno el año pasado precisamente porque nosotros incluimos en el acuerdo presupuestario que hubiera una partida presupuestaria para el parque del Vixía y trajimos a mitad de año —creo que fue en julio— una moción para que se ejecutara precisamente esta actuación. Evidentemente estamos a favor, cómo no, de que se gestione lo que sea necesario para que la Cárcel Provincial acabe de nuevo en manos del Ayuntamiento de A Coruña y que se cumpla, por lo tanto, aquel convenio de inicio del siglo pasado que decía que precisamente en el momento en que ese terreno se dejara de utilizar para ser una cárcel eso tenía que devolvérsele a la ciudad. Lo que echamos de menos es que ustedes en su época, en la que gobernaron en el Ayuntamiento de A Coruña, en la Diputación de A Coruña, en la Xunta de Galicia y en el Estado, no llegaran a un acuerdo precisamente para que esto fuera realidad.*

Claro que estamos de acordo con que se finalice de xeito urxente as obras do mercado de Monte Alto, pero foi o Bloque Nacionalista Galego quen trouxo precisamente unha moción a Pleno para que isto fose así e xa o fixemos este ano.

*Claro que estamos de acuerdo con que se finalice de manera urgente las obras del mercado de Monte Alto, pero fue el Bloque Nacionalista Galego quien trajo precisamente una moción a Pleno para que esto fuera así y ya lo hicimos este año.*

Está moi ben que reclamen un plan de choque de limpeza, mantemento e mellora urbana no barrio de Monte Alto. Comparto que fai falta en moitas ocasións e, bueno, temos as beirarrúas en bastante mal estado nalgunhas zonas do barrio, o tema, bueno, dos cans, etcétera, etcétera. É dicir, fai falta unha limpeza intensiva e fai falta un mantemento desa limpeza e desa mellora no barrio de Monte Alto.

*Está muy bien que reclamen un plan de choque de limpieza, mantenimiento y mejora urbana en el barrio de Monte Alto. Comparto que hace falta en muchas ocasiones y, bueno, tenemos las aceras en bastante mal estado en algunas zonas del barrio, el tema, bueno, de los perros, etcétera, etcétera. Es decir, hace falta una limpieza intensiva y hace falta un mantenimiento de esa limpieza y de esa mejora en el barrio de Monte Alto.*

O tema do reforzo da presencia policial na zona, bueno, están vostedes no seu discurso instalados. Evidentemente, mal non vén que haxa Policía, evidentemente, pero tampouco hai un problema de seguridade en Monte Alto, dígollo eu que vivo alí, vivo en Monte Alto, levo os meus fillos ó colexio a Monte Alto, os meus fillos van sós pola rúa en Monte Alto, fíxese vostede se non hai un problema de seguridade que os meus fillos van sós ó colexio en Monte Alto, eh? e teñen que subir toda unha rúa, e non **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** teñen absolutamente ningún problema. Haberá cousas, como hai en todos os barrios en todas as cidades do mundo, pero non é un barrio inseguro, non digan iso.

*El tema del refuerzo de la presencia policial en la zona, bueno, están ustedes en su discurso instalados. Evidentemente, mal no viene que haya Policía, evidentemente, pero tampoco hay un problema de seguridad en Monte Alto, se lo digo yo que vivo allí, vivo en Monte Alto, llevo mis hijos al colegio a Monte Alto, mis hijos van solos por la calle en Monte Alto, fíjese usted si no hay un problema de seguridad que mis hijos van solos al colegio en Monte Alto, ¿eh? y tienen que subir toda una calle, y no* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *tienen absolutamente ningún problema. Habrá cosas, como hay en todos los barrios en todas las ciudades del mundo, pero no es un barrio inseguro, no digan eso.*

Nada máis.

*Nada más.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas, señora Veira. Turno para o señor Castro.

*Gracias, señora Veira. Turno para el señor Castro.*

**Señor Castro Prado**

***Señor Castro Prado***

Bueno, eu parafraseando así un pouco, para min é un orgullo e satisfacción que o Partido Popular asuma e apoie os proxectos deste goberno, como o parque do Vixía, non?, o impulso do mercado de Monte Alto, da construción do novo mercado de Monte Alto ou, efectivamente, as xestións necesarias para a rehabilitación do Cárcere. Como dicía a compañeira do BNG, a señora Veira, efectivamente, nada disto soubemos no período 2011-2015, a pesar do teórico apoio que logo na práctica creo que se traduciu en ben pouco, por non dicir nada, para esta cidade do Goberno central, da Xunta e da Deputación, como ben se ten manifestado. É máis, no caso en concreto da prisión provincial creo que máis que apoiar puxeron paus nas rodas porque nese período se paralizaron todos os proxectos que tiña o Partido Socialista xa estudados e impulsados desde os gobernos municipais desta cidade con respecto á prisión provincial. Máis ben foi, digamos, o mandato da paralización desta cuestión.

*Bueno, yo parafraseando así un poco, para mí es un orgullo y satisfacción que el Partido Popular asuma y apoye los proyectos de este gobierno, como el parque del Vixía, ¿no?, el impulso del mercado de Monte Alto, de la construcción del nuevo mercado de Monte Alto o, efectivamente, las gestiones necesarias para la rehabilitación de la Cárcel. Como decía la compañera del BNG, la señora Veira, efectivamente, nada de esto supimos en el período 2011-2015, a pesar del teórico apoyo que luego en la práctica creo que se tradujo en bien poco, por no decir nada, para esta ciudad del Gobierno central, de la Xunta y de la Diputación, como bien se ha manifestado. Es más, en el caso en concreto de la prisión provincial creo que más que apoyar pusieron palos en las ruedas porque en ese período se paralizaron todos los proyectos que tenía el Partido Socialista ya estudiados e impulsados desde los gobiernos municipales de esta ciudad con respecto a la prisión provincial. Más bien fue, digamos, el mandato de la paralización de esta cuestión.*

Para quen empezou a dar as súas primeiras patadas a un balón no parque de Vixía, do Vixía, con, efectivamente, moita discusión con respecto a quen xogaba na parte de arriba ou de abaixo porque ese campo ten, no que xogabamos, unha pendente, non?, evidente, aprendías moito, sobre todo aprendías a non lanzarte cando a costa era favorable e, efectivamente, a ter moita cautela e a reservar, non? os esforzos cando tiñas o campo costa arriba. Pois, efectivamente, ese proxecto está aí, se vai executar e desde o punto de vista persoal, pola propia experiencia vital, creo que é un proxecto que vai a cambiar esencialmente a fisonomía e sobre todo a calidade de vida dun barrio onde non é certo que exista inseguridade. É unha falacia absoluta, e ademais, como eu me caracterizo por falar ademais claro e non

*Para quien empezó a dar sus primeras patadas a un balón en el parque de Vixía, del Vixía, con, efectivamente, mucha discusión con respecto a quién jugaba en la parte de arriba o de abajo porque ese campo tiene, en el que jugábamos, una pendiente, ¿no?, evidente, aprendías mucho, sobre todo aprendías a no lanzarte cuando la cuesta era favorable y, efectivamente, a tener mucha cautela y a reservar, ¿no? los esfuerzos cuando tenías el campo cuesta arriba. Pues, efectivamente, ese proyecto está ahí, se va a ejecutar y desde el punto de vista personal, por la propia experiencia vital, creo que es un proyecto que va a cambiar esencialmente la fisonomía y sobre todo la calidad de vida de un barrio donde no es cierto que exista inseguridad. Es una falacia absoluta, y además, como yo me caracterizo por hablar además claro y no*

esconder absolutamente nada, este concelleiro creo que ten camiñado só por ese barrio nas 24 horas do día, 24, 24, porque bueno, adoito aproveitar o día, nas 24 horas do día. Nunca tiven ningunha sensación, nin sequera subxectiva, de inseguridade. 24 horas, efectivamente. Creo que, bueno, hai que aproveitar, digamos, a vida en toda a súa extensión. É unha forma tamén de coñecer a tirios, troianos e os que están no medio de ambos, non?

*esconder absolutamente nada, este concejal creo que ha caminado sólo por ese barrio en las 24 horas del día, 24, 24, porque bueno, suelo aprovechar el día, en las 24 horas del día. Nunca tuve ninguna sensación, ni siquiera subjetiva, de inseguridad. 24 horas, efectivamente. Creo que, bueno, hay que aprovechar, digamos, la vida en toda su extensión. Es una forma también de conocer a tirios, troyanos y los que están en medio de ambos, ¿no?*

Dito isto, efectivamente, relatan unha realidade que non se corresponde para nada co que se vive no barrio, reitero, en materia de inseguridade e, vamos a ver, eu creo que incluso neste pleno se falou de cuestións que son moi importantes. Falabamos da antiga prisión provincial, a súa solicitude de declaración dentro do marco, non?, do entorno da Torre de Hércules como lugar de memoria democrática, creo que é unha palanca moi importante para resolver o problema que existe de rehabilitación.

*Dicho esto, efectivamente, relatan una realidad que no se corresponde para nada con lo que se vive en el barrio, reitero, en materia de inseguridad y, vamos a ver, yo creo que incluso en este pleno se habló de cuestiones que son muy importantes. Hablábamos de la antigua prisión provincial, su solicitud de declaración dentro del marco, ¿no?, del entorno de la Torre de Hércules como lugar de memoria democrática, creo que es una palanca muy importante para resolver el problema que existe de rehabilitación.*

O mercado de Monte Alto vai a executarse como xa se ten dito por activa e por pasiva, e finalizarse antes de que acabe este ano, pero é que existe unha realidade de execución xa de proxectos, como por exemplo foi, non?, o tramo do Paseo Marítimo á altura de Pelamios por máis de 3 millóns de euros, o mercado, como dicía antes, máis de 10 millóns de euros, a escaleira de Adelaida Muro, a rampa de Matadeiro, un proxecto de mellora da biodiversidade do parque Carlos Casares e a súa conexión co ENIL da Torre por case medio millón de euros **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** e o corredor verde do camiño do Vixía por 723.000 € e se adxudicou un proxecto hai escasos días de eliminación das barreiras arquitectónicas no acceso ó Campo de Marte e ó local da Asociación de Veciños Atochas-Monte Alto,

*El mercado de Monte Alto va a ejecutarse como ya se ha dicho por activa y por pasiva, y finalizarse antes de que acabe este año, pero es que existe una realidad de ejecución ya de proyectos, como por ejemplo fue, ¿no?, el tramo del Paseo Marítimo a la altura de Pelamios por más de 3 millones de euros, el mercado, como decía antes, más de 10 millones de euros, la escalera de Adelaida Muro, la rampa de Matadeiro, un proyecto de mejora de la biodiversidad del parque Carlos Casares y su conexión con el ENIL de la Torre por casi medio millón de euros* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *y el corredor verde del camino del Vixía por 723.000 € y se adjudicó un proyecto hace escasos días de eliminación de las barreras arquitectónicas en el acceso al Campo de Marte y al local de la Asociación de Vecinos Atochas-Monte Alto, asociación*

asociación exemplar na dinamización cultural e veciñal deste barrio. En total máis de 20 millóns de investimento nun barrio que foi absolutamente esquecido durante o mandato do Partido Popular.

*ejemplar en la dinamización cultural y vecinal de este barrio. En total más de 20 millones de inversión en un barrio que fue absolutamente olvidado durante el mandato del Partido Popular.*

Eu creo que, máis que coherencia, o que se debe de pedir é autoridade moral para plantexar, digamos, as cuestións e o que é certo é que grazas ó Goberno da nosa alcaldesa estase a recuperar o pulso, o investimento e o compromiso do Goberno municipal cun barrio que forma parte esencial da identidade da nosa cidade. Eu adoito dicir que non todo comezou no 15001, comezou no 15002 coa Torre de Hércules, entre outras cousas.

*Yo creo que, más que coherencia, lo que se debe de pedir es autoridad moral para plantear, digamos, las cuestiones y lo que es cierto es que gracias al Gobierno de nuestra alcaldesa se está recuperando el pulso, la inversión y el compromiso del Gobierno municipal con un barrio que forma parte esencial de la identidad de nuestra ciudad. Yo suelo decir que no todo comenzó en el 15001, comenzó en el 15002 con la Torre de Hércules, entre otras cosas.*

**Presidencia**

***Presidencia***

Moitas grazas, señor Castro.

*Muchas gracias, señor Castro.*

Procedemos á votación da moción.

*Procedemos a la votación de la moción.*

**Votación da segunda moción do Grupo municipal do Partido Popular**

***Votación de la segunda moción del Grupo municipal del Partido Popular***

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular sobre o barrio de Monte Alto, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular sobre el barrio de Monte Alto, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

**Presidencia**

***Presidencia***

Grazas. Queda aprobada por unanimidade.

*Gracias. Queda aprobada por unanimidad.*

**65. Moción do Grupo municipal do**

***65. Moción del Grupo municipal del***

**Partido Popular relativa ao barrio de Monte Alto.**

**Acordo**

Instar o Goberno municipal a:

1. O cumprimento inmediato do compromiso de creación do Parque do Vixía.

2. Retomar as xestións necesarias para a rehabilitación e posta en uso da antiga prisión provincial.

3. Instar á finalización urxente das obras do mercado de Monte Alto.

4. Reclamar un plan de choque de limpeza, mantemento e mellora urbana no barrio de Monte Alto.

5. Solicitar un reforzo da presenza policial na zona.

**Terceira. Moción relativa á Cooperativa de Xuxán.**

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda de substitución polo Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE.**

**Intervencións**

**Presidencia**

Segunda —perdón— terceira e última moción do Partido Popular sobre a Cooperativa de Xuxán. Hai unha emenda de substitución que presentou o Grupo Socialista que foi transaccionada cos propoñentes, polo tanto, xa se debate a moción con esa transacción incorporada.

Señor Rodríguez, ten a palabra.

**Señor Rodríguez Martínez**

***Partido Popular relativa al barrio de Monte Alto.***

***Acuerdo***

*Instar al Gobierno municipal a:*

*1. El cumplimiento inmediato del compromiso de creación del Parque do Vixía.*

*2. Retomar las gestiones necesarias para la rehabilitación y puesta en uso de la antigua prisión provincial.*

*3. Instar a la finalización urgente de las obras del mercado de Monte Alto.*

*4. Reclamar un plan de choque de limpieza, mantenimiento y mejora urbana en el barrio de Monte Alto.*

*5. Solicitar un refuerzo de la presencia policial en la zona.*

***Tercera. Moción relativa a la Cooperativa de Xuxán.***

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda de sustitución por el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE.***

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Segunda —perdón— tercera y última moción del Partido Popular sobre la Cooperativa de Xuxán. Hay una enmienda de sustitución que presentó el Grupo Socialista que fue transaccionada con los proponentes, por lo tanto, ya se debate la moción con esa transacción incorporada.*

*Señor Rodríguez, tiene la palabra.*

***Señor Rodríguez Martínez***

Bo día a todos e un saúdo especial aos representantes dos cooperativistas afectados pola moción que hoxe debatemos, e que nos acompañan.

Quero comezar por confesar a decepción inicial coa que viña hoxe a este pleno, porque hoxe a este pleno traiamos a lóxica preocupación dos cooperativistas das 224 vivendas protexidas en réxime de alugueiro que está a promover Galivivenda en terreos cedidos pola Xunta, logo de ter coñecemento días atrás da posible modificación por parte do Instituto de Crédito Oficial das condicións de financiamento, novas condicións que se traducen nunha suba de cotas inasumible para moitos dos adxudicatarios desas vivendas e que mesmo desvirtúan o carácter social da promoción. E por iso esta moción, para exixirlle ao Goberno de España que o ICO garanta unhas condicións de financiamento asumibles que faciliten o acceso á vivenda das persoas e fogares con menos recursos, máis aínda cando esta mesma semana o propio ICO sen desmentir en ningún momento este posible cambio, afirmou que a operación está aínda en fase de análise polo que non se teñen cerrado os termos e condicións definitivos de financiamento, polo tanto, estamos a tempo. E por iso esperábamos a unanimidade en torno a esta petición, de aí a nosa sorpresa e a nosa preocupación pola emenda presentada polo Goberno municipal, que pretendía apoiar o BNG, que eliminaba da ecuación ao ICO, clave na solución do problema destes cooperativistas. Pero, afortunadamente, igual que comecei confesando a miña decepción, termino confesando a miña satisfacción, penso que a de todos, e agradecendo a disposición de Partido Socialista e de Bloque Nacionalista Galego para chegar a un acordo.

*Buenos días a todos y un saludo especial a los representantes de los cooperativistas afectados por la moción que hoy debatimos, y que nos acompañan.*

*Quiero comenzar por confesar la decepción inicial con la que venía hoy a este pleno, porque hoy a este pleno traíamos la lógica preocupación de los cooperativistas de las 224 viviendas protegidas en régimen de alquiler que está promoviendo Galivivenda en terrenos cedidos por la Xunta, después de tener conocimiento días atrás de la posible modificación por parte del Instituto de Crédito Oficial de las condiciones de financiación, nuevas condiciones que se traducen en una subida de cuotas inasumible para muchos de los adjudicatarios de esas viviendas y que desvirtúan el carácter social de la promoción. Y por eso esta moción, para exigirle al Gobierno de España que el ICO garantice unas condiciones de financiación asumibles que faciliten el acceso a la vivienda de las personas y hogares con menos recursos, más aún cuando esta misma semana el propio ICO sin desmentir en ningún momento este posible cambio, afirmó que la operación está aún en fase de análisis por lo que no se han cerrado los términos y condiciones definitivos de financiación, por lo tanto, estamos a tiempo. Y por eso esperábamos la unanimidad en torno a esta petición, de ahí nuestra sorpresa y nuestra preocupación por la enmienda presentada por el Gobierno municipal, que pretendía apoyar el BNG, que eliminaba de la ecuación al ICO, clave en la solución del problema de estos cooperativistas. Pero, afortunadamente, igual que comencé confesando mi decepción, termino confesando mi satisfacción, creo que la de todos, y agradeciendo la disposición de Partido Socialista y de Bloque Nacionalista Gallego para llegar a un acuerdo.*

Temos que felicitarnos por estar hoxe á altura e antepoñer a defensa dos cooperativistas á defensa das cores políticas das respectivas administracións implicadas. Non somos inxenuos, as nosas posicións en materia de vivenda son mesmo antagónicas, pero hoxe non tocaba. Podería falar do esforzo que está a facer a Xunta en Xuxán, onde ademais das 40 vivendas xa entregadas ten outras 360 en construción, 104 en promoción propia e 256 en terreos cedidos a cooperativas, entre elas esta que hoxe nos ocupa, e preto de 600 máis que están en fase de tramitación urbanística en colaboración con este concello, pero non tocaba.

*Tenemos que felicitarnos por estar hoy a la altura y anteponer la defensa de los cooperativistas a la defensa de los colores políticos de las respectivas administraciones implicadas. No somos ingenuos, nuestras posiciones en materia de vivienda son incluso antagónicas, pero hoy no tocaba. Podría hablar del esfuerzo que está haciendo la Xunta en Xuxán, donde además de las 40 viviendas ya entregadas tiene otras 360 en construcción, 104 en promoción propia y 256 en terrenos cedidos a cooperativas, entre ellas esta que hoy nos ocupa, y cerca de 600 más que están en fase de tramitación urbanística en colaboración con este ayuntamiento, pero no tocaba.*

Toca falar, por exemplo, de que si, de que esta mesma semana vénse de anunciar a licitación do proxecto básico para a construción de 58 vivendas de promoción pública en terreos cedidos polo Concello hai apenas dúas semanas en el barrio dos Rosais e festexamos tamén esta colaboración, porque a actuación coordinada entre administracións é o mellor camiño para facerlle fronte ao problema da vivenda.

*Toca hablar, por ejemplo, de que sí, de que esta misma semana se acaba de anunciar la licitación del proyecto básico para la construcción de 58 viviendas de promoción pública en terrenos cedidos por el Ayuntamiento hace apenas dos semanas en el barrio de Os Rosais y festejamos también esta colaboración, porque la actuación coordinada entre administraciones es el mejor camino para hacer frente al problema de la vivienda.*

Hoxe non toca falar de as medidas que no ámbito das súas competencias o Concello non adopta e nós votamos en falta ou de aquelas que si adopta e non concordamos, nin das críticas á lexislación estatal nin tampouco desas vivendas da Sareb comprometidas nesta cidade das que non se volveu a saber.

*Hoy no toca hablar de las medidas que en el ámbito de sus competencias el Ayuntamiento no adopta y nosotros echamos en falta o de aquellas que sí adopta y no concordamos, ni de las críticas a la legislación estatal ni tampoco de esas viviendas de la Sareb comprometidas en esta ciudad de las que no se volvió a saber.*

Hoxe tocaba falar exclusivamente do que era a preocupación destes cooperativistas, e por iso nós entendiamos que non tiña sentido deixar fóra da ecuación a quen ten a capacidade ou garantir a solución do seu problema, que é o ICO, sexan cales sexan as razóns e, polo tanto, exixirlle que ten que establecer un marco financeiro que facilite o alugueiro social.

*Hoy tocaba hablar exclusivamente de lo que era la preocupación de estos cooperativistas, y por eso nosotros entendíamos que no tenía sentido dejar fuera de la ecuación a quien tiene la capacidad o garantizar la solución de su problema, que es el ICO, sean cuales sean las razones y, por lo tanto, exigirle que tiene que establecer un marco financiero que facilite el alquiler social.*

Remato xa. Iniciativas como estas dependen de tres piares: un solo barato, axudas públicas e un financiamento en condicións que respecte o carácter social da promoción, que para eso recibiu fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia o ICO. Non xestiona eses fondos para establecer ou permitir **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** condicións que poidan supoñer cotas de 1.000 € ao mes a maiores do custe da solución habitacional que soportan na actualidade estes cooperativistas, porque desvirtúa totalmente a finalidade coa que se cedeu ese solo. E hoxe falamos dun terreo que foi cedido pola Xunta, pero mañá podemos falar dun terreo que sexa cedido polo propio Concello. Polo tanto, concordamos con que a Xunta sega a facer o que está facendo desde o primeiro momento en contacto permanente coa cooperativa, co ministerio e, por suposto, cos propios cooperativistas, e que o Estado non malogre o esforzo doutras administracións para facer fronte ao problema da vivenda.

*Finalizo ya. Iniciativas como estas dependen de tres pilares: un suelo barato, ayudas públicas y una financiación en condiciones que respete el carácter social de la promoción, que para eso recibió fondos del mecanismo de recuperación y resiliencia el ICO. No gestiona esos fondos para establecer o permitir **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** condiciones que puedan suponer cuotas de 1.000 € al mes además del coste de la solución habitacional que soportan en la actualidad estos cooperativistas, porque desvirtúa totalmente la finalidad con la que se cedió ese suelo. Y hoy hablamos de un terreno que fue cedido por la Xunta, pero mañana podemos hablar de un terreno que sea cedido por el propio Ayuntamiento. Por lo tanto, concordamos con que la Xunta siga haciendo lo que está haciendo desde el primer momento en contacto permanente con la cooperativa, con el ministerio y, por supuesto, con los propios cooperativistas, y que el Estado no malogre el esfuerzo de otras administraciones para hacer frente al problema de la vivienda.*

Penso —e remato xa— que acertamos todos co acordo e coa unanimidade, polo que reitero o meu agradecemento ao Goberno municipal e ao Bloque Nacionalista Galego.

*Creo —y finalizo ya— que acertamos todos con el acuerdo y con la unanimidad, por lo que reitero mi agradecimiento al Gobierno municipal y al Bloque Nacionalista Galego.*

Máis nada e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**<u>Presidencia</u>**

***<u>Presidencia</u>***

Moitas grazas, señor Rodríguez.

*Muchas gracias, señor Rodríguez.*

Turno para o BNG, señora Veira.

*Turno para el BNG, señora Veira.*

**<u>Señora Veira González</u>**

***<u>Señora Veira González</u>***

Gracias, señora alcaldesa.

*Gracias, señora alcaldesa.*

Pois desde logo é unha felicidade que nos

*Pues desde luego es una felicidad que nos*

poidamos poñer de acordo para sacar adiante esta moción, porque aquí o principal é o problema que teñen as persoas cooperativistas, e nese sentido trasladamos toda a nosa solidariedade, empatía e cariño ás persoas afectadas por esta situación. A verdade é que hai que poñerse no seu lugar e pensar que son persoas que con toda a ilusión do mundo acceden a formar parte disto, non?, que posiblemente sexa a única das formas de acceder, pois, a unha vivenda asequíbel e durante un tempo, pois, tan estábel. É moi difícil chegar a iso na cidade e en realidade, pois claro, todo isto que está a pasar é unha cuestión que lles ten que afectar moitísimo pola cuestión de que se lle escape, non?, esa posibilidade das mans. E desde logo para o que estamos nas administracións públicas, para o que estamos no Pleno do Concello, para o que se está no Parlamento de Galiza, para o que se está no Congreso dos Deputados precisamente é para darlle solución a todo isto. E desde logo, desde o Bloque Nacionalista Galego en todo o que poidamos achegar solucións aí estaremos.

*podamos poner de acuerdo para sacar adelante esta moción, porque aquí lo principal es el problema que tienen las personas cooperativistas, y en ese sentido trasladamos toda nuestra solidaridad, empatía y cariño a las personas afectadas por esta situación. La verdad es que hay que ponerse en su lugar y pensar que son personas que con toda la ilusión del mundo acceden a formar parte de esto, ¿no?, que posiblemente sea la única de las formas de acceder, pues, a una vivienda asequible y durante un tiempo, pues, tan estable. Es muy difícil llegar a eso en la ciudad y en realidad, pues claro, todo esto que está pasando es una cuestión que les tiene que afectar muchísimo por la cuestión de que se le escape, ¿no?, esa posibilidad de las manos. Y desde luego para lo que estamos en las administraciones públicas, para lo que estamos en el Pleno del Ayuntamiento, para lo que se está en el Parlamento de Galicia, para lo que se está en el Congreso de los Diputados precisamente es para darle solución a todo esto. Y desde luego, desde el Bloque Nacionalista Galego en todo lo que podamos aportar soluciones ahí estaremos.*

Xa presentou o meu compañeiro, Néstor Rego, iniciativas para pedirlle explicacións ao ICO do que saíu publicamente dese eventual cambio que hai ou poida haber no financiamento. Desde logo ten que ter un correcto financiamento esta cooperativa e desde logo hai que cumprir con esa finalidade coa que a cooperativa accedeu a ese solo. Esa cooperativa accedeu a ese solo para poñer a disposición da xente vivendas asequibeis e dun xeito estábel e, polo tanto, aí a Xunta de Galiza ten que facer a súa parte de garantir que iso se cumpra, non?

*Ya presentó mi compañero, Néstor Rego, iniciativas para pedirle explicaciones al ICO de lo que salió públicamente de ese eventual cambio que hay o pueda haber en la financiación. Desde luego tiene que tener una correcta financiación esta cooperativa y desde luego hay que cumplir con esa finalidad con la que la cooperativa accedió a ese suelo. Esa cooperativa accedió a ese suelo para poner a disposición de la gente viviendas asequibles y de una manera estable y, por lo tanto, ahí la Xunta de Galicia tiene que hacer su parte de garantizar que eso se cumpla, ¿no?*

A verdade é que creo que non corresponde, efectivamente, entrar noutras disquisicións, noutras insinuacións que se deixaron na súa

*La verdad es que creo que no corresponde, efectivamente, entrar en otras disquisiciones, en otras insinuaciones que se dejaron en su intervención, señor*

intervención, señor Rodríguez, porque, evidentemente, falou vostede das 40 vivendas entregadas en Xuxán, e eu podería dicirlle que son 40 en 30 anos, pero non vamos entrar niso. Eu creo que o positivo é que chegamos a un acordo e o positivo é que aquí as tres administracións: o Concello, no que depende da súa preocupación máis inmediata porque está na súa cidade, a Xunta de Galiza porque é o seu solo e o Estado porque é o financiamento por parte do ICO, e aquí todos temos que estar a unha, apoiar aos corporativistas e poñer riba da mesa solucións.

Nada máis pola miña parte.

**Presidencia**

Grazas, señora Veira.

Turno de peche para o Goberno, señor Díaz.

***Señor Díaz Gallego***

*Si, grazas, señora alcaldesa.*

*Con respecto a esta moción, señor Rodríguez, desde logo alegrarme de que puidésemos chegar a un acordo de transacción que poida ser votado por unanimidade polos membros desta corporación, por toda a nosa corporación, e que os cooperativistas hoxe aquí representados poidan sentir o apoio unánime de todos os grupos municipais no problema que están a atopar para poder acceder a esas vivendas de aluguer alcanzable.*

*Pero, en todo caso eu creo que é importante aclarar que se esta moción se presenta aquí e os problemas que estamos a ler en prensa preséntanse así, é porque se parte dunha premisa que de entrada é falsa ou polo menos matizable, non? A realidade é que a día de hoxe*

*Rodríguez, porque, evidentemente, habló usted de las 40 viviendas entregadas en Xuxán, y yo podría decirle que son 40 en 30 años, pero no vamos a entrar en eso. Yo creo que lo positivo es que llegamos a un acuerdo y lo positivo es que aquí las tres administraciones: el Ayuntamiento, en lo que depende de su preocupación más inmediata porque está en su ciudad, la Xunta de Galicia, porque es su suelo y el Estado, porque es la financiación por parte del ICO, y aquí todos tenemos que estar a una, apoyar a los corporativistas y poner encima de la mesa soluciones.*

*Nada más por mi parte.*

***Presidencia***

*Gracias, señora Veira.*

*Turno de cierre para el Gobierno, señor Díaz.*

**Señor Díaz Gallego**

Sí, gracias, señora alcaldesa.

Con respecto a esta moción, señor Rodríguez, desde luego alegrarme de que hayamos podido llegar a un acuerdo de transacción que pueda ser votado por unanimidad por los miembros de esta corporación, por toda nuestra corporación, y que los cooperativistas hoy aquí representados puedan sentir el apoyo unánime de todos los grupos municipales en el problema que están encontrando para poder acceder a esas viviendas de alquiler asequible.

Pero, en todo caso yo creo que es importante aclarar que si esta moción se presenta aquí y los problemas que estamos leyendo en prensa se presentan así, es porque se parte de una premisa que de entrada es falsa o por lo menos matizable, ¿no? La realidad es que a día de hoy como

*como trasladou o ICO nunha nota de prensa, e como nos trasladou a este goberno municipal, porque nos puxemos en contacto directo co ICO, é que non achegaron á xestora da cooperativa ningunha oferta relacionada co financiamento, que é un financiamento que se atopa en estudo. Un financiamento que se atopa en estudo e que segundo a vontade dese convenio do Ministerio de Vivenda co ICO o que ten que facer é favorecer precisamente este tipo de iniciativas e precisamente os cooperativistas sábeno porque na penúltima asemblea que tiveron coa xestora da cooperativa a propia xestora o que lles traslada é: cando consigamos ese financiamento do ICO, que estaban a negociar, que están a negociar, as condicións van ser mesmo mellores que as que vos expuxemos. Por tanto, eu creo que o quid da cuestión non está no ICO, por máis que nos poida servir un pouco como explicación rápida ou explicación rápida motivada por esa primeira reunión que tivo a Xunta de Galicia coa xestora da cooperativa, eu creo que o quid da cuestión pode estar noutro lado e é nos dez millóns de euros de fondos europeos que outorgou o Estado a esa cooperativa e que se van a perder, e non se van perder por este Goberno local, non se van perder pola Xunta de Galicia e non se van perder tampouco polo Ministerio de Vivenda, vanse perder por unha mala xestión da xestora da cooperativa na tramitación das licenzas. Nas Xuntas de Goberno do mes pasado trasladeino publicamente, estaba o señor Deus cando concedemos as licenzas a Galivivienda e expliquei, porque me temía que podía xa pasar isto, expliqueille: esta licenza leva parada un ano porque a cooperativa non pagou nin o aval nin a taxa de tramitación da licenza. Un ano no que lles podo garantir que trasladei tanto ao Instituto Galego de Vivenda e Solo como á propia xestora da Cooperativa mes tras mes esta situación,*

ha trasladado el ICO en una nota de prensa, y como nos ha trasladado a este gobierno municipal, porque nos hemos puesto en contacto directo con el ICO, es que no han aportado a la gestora de la cooperativa ninguna oferta relacionada con la financiación, que es una financiación que se encuentra en estudio. Una financiación que se encuentra en estudio y que según la voluntad de ese convenio del Ministerio de Vivienda con el ICO lo que tiene que hacer es favorecer precisamente este tipo de iniciativas y precisamente los cooperativistas lo saben porque en la penúltima asamblea que tuvieron con la gestora de la cooperativa la propia gestora lo que les traslada es: cuando consigamos esa financiación del ICO, que estaban negociando, que están negociando, las condiciones van a ser incluso mejores que las que os hemos planteado. Por lo tanto, yo creo que el quid de la cuestión no está en el ICO, por más que nos pueda servir un poco como explicación rápida o explicación rápida motivada por esa primera reunión que tuvo la Xunta de Galicia con la gestora de la cooperativa, yo creo que el quid de la cuestión puede estar en otro lado y es en los diez millones de euros de fondos europeos que otorgó el Estado a esa cooperativa y que se van a perder, y no se van a perder por este Gobierno local, no se van a perder por la Xunta de Galicia y no se van a perder tampoco por el Ministerio de Vivienda, se van a perder por una mala gestión de la gestora de la cooperativa en la tramitación de las licencias. En las Juntas de Gobierno del mes pasado lo trasladé públicamente, estaba el señor Deus cuando concedimos las licencias a Galivivienda y expliqué, porque me temía que podía ya pasar esto, le expliqué: esta licencia lleva parada un año porque la cooperativa no ha pagado ni el aval ni la tasa de tramitación de la licencia. Un año en el que les puedo garantizar que trasladé tanto al Instituto Galego de Vivenda e Solo como a la propia gestora de la Cooperativa mes tras mes esta

*porque tanto o xestor da cooperativa como o Instituto Galego de Vivenda e Solo como este concelleiro estamos no Observatorio de Vivenda de Galicia, e en cada reunión trasladábaselles existe este problema, non están a pagar a taxa, non están a pagar o aval, levan un ano sen pagar nin a taxas nin o aval e non podemos conceder esa licenza.*

*A día de hoxe é absolutamente imposible que cumpran cos prazos dos fondos Next para manter esa axuda de dez millóns de euros do Estado. O sexa, de entrada, o Estado outorgou dez millóns de euros así a fondo perdido, porque falamos do Estado, do Ministerio de Vivenda, de entrada esa cooperativa ten dez millóns de euros do Estado que lles entregou sen máis, por tanto, o Estado, de entrada, xa fixo un labor desde logo importante e un labor para poder facer viable esa promoción. E o que está a pasar é que hai unha xestora que desde logo está a ocultar ós seus cooperativistas que vai perder esa axuda e estallas cargando, eses dez millóns de euros, nunhas cotas nos dez primeiros anos que van supoñer, pois, efectivamente, que estean, que paguen eses 1.000 € en lugar dos preto de 500 que tiñan que pagar segundo as condicións que lle impoñía a Xunta de Galicia, e non é un problema xeral. Si é certo que as cooperativas teñen problemas para acceder ao financiamento que se cadra outras promotoras non teñen, pero é que hai unha cooperativa neste momento que está no mesmo réxime da Xunta de Galicia, a quinta cooperativa, a cooperativa que obtivo a quinta parcela que está a construír, está no último piso soto da súa promoción de vivendas, tivo financiamento, non tivo ningún problema, obtivo a licenza en tres meses e está a construír.*

*Por tanto, non é un problema das cooperativas, é un problema concreto de*

situación, porque tanto el gestor de la cooperativa como el Instituto Galego de Vivenda e Solo como este concejal estamos en el Observatorio de Vivienda de Galicia, y en cada reunión se les trasladaba existe este problema, no están pagando la tasa, no están pagando el aval, llevan un año sin pagar ni la tasas ni el aval y no podemos conceder esa licencia.

A día de hoy es absolutamente imposible que cumplan con los plazos de los fondos Next para mantener esa ayuda de diez millones de euros del Estado. O sea, de entrada, el Estado ha otorgado diez millones de euros así a fondo perdido, porque hablamos del Estado, del Ministerio de Vivienda, de entrada, esa cooperativa tiene diez millones de euros del Estado que les ha entregado sin más, por lo tanto, el Estado de entrada ya ha hecho una labor desde luego importante y una labor para poder viabilizar esa promoción. Y lo que está pasando es que hay una gestora que desde luego está ocultando a sus cooperativistas que va a perder esa ayuda y se las está cargando, esos diez millones de euros, en unas cuotas en los diez primeros años que van a suponer, pues, efectivamente, que estén, que paguen esos 1.000 € en lugar de los cerca de 500 que tenían que pagar según las condiciones que le imponía la Xunta de Galicia, y no es un problema general. Sí es cierto que las cooperativas tienen problemas para acceder a la financiación que a lo mejor otras promotoras no tienen, pero es que hay una cooperativa en este momento que está en el mismo régimen de la Xunta de Galicia, la quinta cooperativa, la cooperativa que obtuvo la quinta parcela que está construyendo, está en el último piso sótano de su promoción de viviendas, ha tenido financiación, no ha tenido ningún problema, ha obtenido la licencia en tres meses y está construyendo.

Por lo tanto, no es un problema de las cooperativas, es un problema concreto de

*que é o que hai que analizar por parte da Xunta de Galicia e pola nosa banda. O Concello, desde logo, todas as facilidades posibles mesmo de interlocución co Estado.*

*Por que con este xestor de cooperativas está a haber este problema?, porque* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *repito, creo que o problema non está nas administracións públicas neste caso, senón que está en como se está xestionando por parte da xestora da cooperativa este tema, porque ademais, ben, eu creo que todos somos conscientes que estas cesións de superficie a 50 anos a vontade que teñen é a de repartir custos e beneficios en 50 anos e que se faga viable esa promoción, e témome, polas contas que nos puideron achegar os cooperativistas e que se lles ensinaron na última reunión, que alguén pretende enriquecerse aos dez anos e non esperar eses 50 anos que sería o lóxico nesas cesións de superficie.*

*Por tanto, eu creo que temos que ir ao quid da cuestión, temos que analizar con calma o que está a pasar e desde logo se a responsabilidade, como parece, é única e exclusiva da propia xestión da cooperativa, a Xunta de Galicia deberá tomar cartas no asunto porque son parcelas que desde logo cedeu a propia administración autonómica para vivenda alcanzable e desde logo o que ten que garantir é que esas 224 persoas ou familias que ían acceder a unha vivenda de aluguer alcanzable van poder seguir facéndoo nesas parcelas de titularidade autonómica.*

*Moitas grazas.*

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Díaz.

que es lo que hay que analizar por parte de la Xunta de Galicia y por nuestra parte. El Ayuntamiento, desde luego, todas las facilidades posibles incluso de interlocución con el Estado.

¿Por qué con este gestor de cooperativas está habiendo este problema?, porque ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** repito, creo que el problema no está en las administraciones públicas en este caso, sino que está en cómo se está gestionando por parte de la gestora de la cooperativa este tema, porque además, bueno, yo creo que todos somos conscientes que estas cesiones de superficie a 50 años la voluntad que tienen es la de repartir costes y beneficios en 50 años y que se haga viable esa promoción, y me temo, por las cuentas que nos han podido aportar los cooperativistas y que se les han enseñado en la última reunión, que alguien pretende enriquecerse a los diez años y no esperar esos 50 años que sería lo lógico en esas cesiones de superficie.

Por lo tanto, yo creo que tenemos que ir al quid de la cuestión, tenemos que analizar con calma lo que está pasando y desde luego si la responsabilidad, como parece, es única y exclusiva de la propia gestión de la cooperativa, la Xunta de Galicia deberá tomar cartas en el asunto porque son parcelas que desde luego ha cedido la propia administración autonómica para vivienda asequible y desde luego lo que tiene que garantizar es que esas 224 personas o familias que iban a acceder a una vivienda de alquiler asequible van a poder seguir haciéndolo en esas parcelas de titularidad autonómica.

Muchas gracias.

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Díaz.*

Procedemos á votación desta moción.

**Votación da terceira moción do Grupo municipal do Partido Popular**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada polo Grupo municipal do Partido Popular, transaccionada co Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE, relativa á Cooperativa de Xuxán, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo municipal do Partido Popular (12 votos)

Vota a favor o Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)

Vota a favor o Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (4 votos)

**Presidencia**

Grazas. Queda aprobada por unanimidade.

**66. Moción do Grupo municipal do Partido Popular transaccionada co Grupo municipal dos Socialistas de Galicia-PSOE relativa á Cooperativa de Xuxán.**

**Acordo**

Instar a Xunta de Galicia a :

- Dirixirse ao Goberno de España para que aclare, flexibilice e garanta que os termos de financiamento proposto para as vivendas en aluguer social de Xuxán (A Coruña) non malogren as expectativas dos cooperativistas de acceder a unha vivenda a un prezo alcanzable e o carácter social da promoción.

- Dirixirse ao Goberno de España para que, con carácter xeral, estableza unhas condicións de acceso ao financiamento da

*Procedemos a la votación de esta moción.*

***Votación de la segunda moción del Grupo municipal del Partido Popular***

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por el Grupo municipal del Partido Popular, transaccionada con el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE, relativa a la Cooperativa de Xuxán, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo municipal del Partido Popular (12 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE (11 votos)*

*Vota a favor el Grupo municipal del Bloque Nacionalista Galego (4 votos)*

***Presidencia***

*Gracias. Queda aprobada por unanimidad.*

***66. Moción del Grupo municipal del Partido Popular transaccionada con el Grupo municipal de los Socialistas de Galicia-PSOE relativa a la Cooperativa de Xuxán.***

**Acuerdo**

*Instar a la Xunta de Galicia a:*

*- Dirigirse al Gobierno de España para que aclare, flexibilice y garantice que los términos de financiación propuesta para las viviendas en alquiler social de Xuxán (A Coruña) no malogren las expectativas de los cooperativistas de acceder a una vivienda a un precio asequible y el carácter social de la promoción.*

*- Dirigirse al Gobierno de España para que, con carácter general, establezca unas condiciones de acceso a la financiación de*

liña de crédito ICO que permita que o convenio entre o Instituto de Crédito Oficial (ICO) e o Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana sexa un instrumento real e áxil de financiación de vivenda protexida, tanto para promotores como para cooperativistas; todo elo coa finalidade de avanzar no exercicio efectivo do dereito a unha vivenda digna e adecuada, facilitar o acceso ás persoas e fogares de menores recursos económicos, así como aos colectivos que teñen maiores dificultades de acceso no mercado.

*la línea de crédito ICO que permita que el convenio entre el Instituto de Crédito Oficial (ICO) y el Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana sea un instrumento real y ágil de financiación de vivienda protegida, tanto para promotores como para cooperativistas; todo ello con la finalidad de avanzar en el ejercicio efectivo del derecho a una vivienda digna y adecuada, facilitar el acceso a las personas y hogares de menores recursos económicos, así como a los colectivos que tienen mayores dificultades de acceso en el mercado.*

- Recibir, á maior brevidade posible, as persoas que forman parte da cooperativa, do mesmo xeito que foron recibidas polo concelleiro de Urbanismo do Concello da Coruña, para coñecer de primeira man a súa situación e amosar a empatía e proactividade necesarias para poder axudalas/os a solventar o problema.

*- Recibir, a la mayor brevedad posible, las personas que forman parte de la cooperativa, al igual que fueron recibidas por el concejal de Urbanismo, del Ayuntamiento de A Coruña, para conocer de primera mano su situación y mostrar la empatía y proactividad necesarias para poder ayudarlas/os a solventar el problema.*

- Reunirse, á maior brevidade, coa xerencia da cooperativa para coñecer a situación actual da mesma e os problemas que, segundo afirman, xurdiron no proceso de financiamento, realizando todas as comprobacións documentais que sexan necesarias.

*- Reunirse, a la mayor brevedad, con la gerencia de la cooperativa para conocer la situación actual de la misma y los problemas que, según afirman, surgieron en el proceso de financiación, realizando todas las comprobaciones documentales que sean necesarias.*

- Exercer a súa responsabilidade como titular do solo no que se vai edificar a promoción da cooperativa Galivivienda, para que esta cumpra cos requisitos estipulados no dereito de superficie adquirido e, deste xeito, as/os súas/seus cooperativistas vexan garantido o acceso a unha vivenda digna a un prezo accesible.

*- Ejercer su responsabilidad como titular del suelo en el que se va a edificar la promoción de la cooperativa Galivivienda, para que esta cumpla con los requisitos estipulados en el derecho de superficie adquirido y, de este modo, sus cooperativistas vean garantizado el acceso a una vivienda digna a un precio accesible*

**3º. Preguntas de resposta oral.**

***3º. Preguntas de respuesta oral.***

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

**Primeira. Pregunta de resposta oral sobre iniciar o procedemento de creación da Área metropolitana da Coruña**.

***Primera. Pregunta de respuesta oral sobre iniciar el procedimiento de creación del área metropolitana de A Coruña.***

**Presidencia**

*Presidencia*

Pasamos ás preguntas de resposta oral. Primeira pregunta do BNG sobre a creación da área metropolitana. Señor Jorquera.

*Pasamos a las preguntas de respuesta oral. Primera pregunta del BNG sobre la creación del área metropolitana. Señor Jorquera.*

**Señor Jorquera Caselas**

*Señor Jorquera Caselas*

Grazas señora alcaldesa.

*Gracias señora alcaldesa.*

¿Vai facer algo o Goberno local para iniciar o procedemento de creación da Área metropolitana da Coruña?

*¿Va a hacer algo el Gobierno local para iniciar el procedimiento de creación del área metropolitana de A Coruña?*

**Señor Lage Tuñas**

*Señor Lage Tuñas*

Bo día a todos e todas.

*Buenos días a todos y todas.*

Señor Jorquera pois si, a resposta é si e creo, coido que a vocación metropolitana de este goberno está fora de toda dúbida e creo que o movemento se demostra andando.

*Señor Jorquera pues sí, la respuesta es sí y creo, pienso que la vocación metropolitana de este gobierno está fuera de toda duda y creo que el movimiento se demuestra andando.*

Acabamos de modificar unha ordenanza para facilitar trámites ao Concello de Oleiros, tamén ao Concello de Arteixo e a nosa alcaldesa vén de asinar un convenio inédito no ámbito da administración local en Galicia de colaboración interadministrativa co Concello de Arteixo, por citar dous exemplos.

*Acabamos de modificar una ordenanza para facilitar trámites al Ayuntamiento de Oleiros, también al Ayuntamiento de Arteixo y nuestra alcaldesa acaba de firmar un convenio inédito en el ámbito de la administración local en Galicia de colaboración interadministrativa con el Ayuntamiento de Arteixo, por citar dos ejemplos.*

Creo que como primeiro flash si e ademais o movemento demostrase andando no *marxe* de competencias que temos. A maiores profundarei no seguinte turno establecendo un compromiso sobre esta cuestión.

*Creo que como primer flash sí y además el movimiento se demuestra andando en el margen de competencias que tenemos. Además de esto profundizaré en el siguiente turno estableciendo un compromiso sobre esta cuestión.*

**Señor Jorquera Caselas**

*Señor Jorquera Caselas*

Pois a ver se desta vai, señor concelleiro.

Por que digo isto? Pois digo isto porque no Pleno do 3 de outubro de 2019, a comezos do pasado mandato, acordouse a iniciación do procedemento de creación da área metropolitana da Coruña e encomendar á Comisión Especial da Área Metropolitana a elaboración da correspondente proposta de anteproxecto de lei para o seu traslado á Xunta de Galiza e ao Parlamento de Galiza no primeiro semestre de 2020. Un acordo da parte resolutiva do Pleno, non estamos a falar dunha moción.

20 meses despois, o 3 de xuño de 2021, o Pleno aprobaba por unanimidade unha moción do BNG na que se instaba ao Goberno municipal a que se dese cumprimento a ese acordo. Dous meses e medio despois, o 19 de agosto de 2021, os grupos municipais do PSOE e da Marea Atlántica anunciaban o acordo para activar o procedemento para constituír a área metropolitana da Coruña comprometéndose a presentar un anteproxecto no mes de setembro de 2021.

**Ás doce horas e cincuenta e nove minutos sae do Salón de Sesións o señor Castro Prado.**

O 7 de xullo de 2022 o Pleno volvía a aprobar por unanimidade outra moción do BNG na que se instaba de novo ao Goberno local a dar cumprimento a estes acordos, e xa no presente mandato, no pacto entre o PSOE e o BNG para a investidura de Inés Rey figura a redacción do proxecto de lei da área metropolitana como unha das medidas a concretar na primeira metade do mandato e quero lembrar que a primeira metade do mandato está a piques de rematar. Por iso digo: a ver se desta vai señor concelleiro. Estará de acordo que con estes

*Pues a ver si de esta va, señor concejal.*

*¿Por qué digo esto? Pues digo esto porque en el Pleno de 3 de octubre de 2019, a comienzos del pasado mandato, se acordó la iniciación del procedimiento de creación del área metropolitana de A Coruña y encomendar a la Comisión Especial del Área Metropolitana la elaboración de la correspondiente propuesta de anteproyecto de ley para su traslado a la Xunta de Galicia y al Parlamento de Galicia en el primero semestre de 2020. Un acuerdo de la parte resolutiva del Pleno, no estamos hablando de una moción.*

*20 meses después, el 3 de junio de 2021, el Pleno aprobaba por unanimidad una moción del BNG en la que se instaba al Gobierno municipal a que se diese cumplimento a ese acuerdo. Dos meses y medio después, el 19 de agosto de 2021, los grupos municipales del PSOE y de la Marea Atlántica anunciaban el acuerdo para activar el procedimiento para constituir el área metropolitana de A Coruña comprometiéndose a presentar un anteproyecto en el mes de septiembre de 2021.*

***A las doce horas y cincuenta y nueve minutos sale del Salón de Sesiones el señor Castro Prado.***

*El 7 de julio de 2022 el Pleno volvía a aprobar por unanimidad otra moción del BNG en la que se instaba de nuevo al Gobierno local a dar cumplimiento a estos acuerdos, y ya en el presente mandato, en el pacto entre el PSOE y el BNG para la investidura de Inés Rey figura la redacción del proyecto de ley del área metropolitana como una de las medidas a concretar en la primera mitad del mandato y quiero recordar que la primera mitad del mandato está a punto de finalizar. Por eso digo: a ver si de esta va señor concejal. Estará de*

precedentes, se ao final é, non vai ser sen tempo.

*acuerdo que con estos precedentes, si al final es, no va a ser sin tiempo.*

A alcaldesa tense manifestado escéptica sobre a viabilidade da área metropolitana, avogando pola creación dun consorcio para a prestación de servizos a escala comarcal, máis o certo e que nin se fixo nada para impulsar a área metropolitana nin tampouco para a creación dun consorcio.

*La alcaldesa se ha manifestado escéptica sobre la viabilidad del área metropolitana, abogando por la creación de un consorcio para la prestación de servicios a escala comarcal, pero lo cierto y que ni se hizo nada para impulsar el área metropolitana ni tampoco para la creación de un consorcio.*

O pasado 23 de abril —vostede fixo mención na súa resposta inicial— a Xunta de Goberno Local aprobou un convenio marco co Concello de Arteixo para cooperar en materias como o transporte público, a xestión da auga e dos residuos, ou na planificación estratéxica territorial e urbanística, e parécenos moi ben, pero, que vai facer o Goberno local? Asinar convenios con Oleiros, con Culleredo, con Cambre, con todos e cada un dos Concellos da nosa comarca? non sería máis eficaz articular a área metropolitana?

*El pasado 23 de abril —usted hizo mención en su respuesta inicial— la Junta de Gobierno Local aprobó un convenio marco con el Ayuntamiento de Arteixo para cooperar en materias como el transporte público, la gestión del agua y de los residuos, o en la planificación estratégica territorial y urbanística, y nos parece muy bien, pero, ¿qué va a hacer el Gobierno local? ¿firmar convenios con Oleiros, con Culleredo, con Cambre, con todos y cada uno de los Ayuntamientos de nuestra comarca? ¿no sería más eficaz articular el área metropolitana?*

En novembro de 2022 os concellos da Coruña e Oleiros acordaron facer un estudo sobre a implantación del transporte marítimo de ría. A Coruña analizaría cuestións como a demanda de usuarios mentres o Concello de Oleiros correría a cargo do estudo económico e dos proxectos de infraestructuras. En xaneiro de este ano o Concello da Coruña deu a coñecer as súas conclusións, pero o Concello de Oleiros manifestou non ter ningunha información sobre as mesmas. Non sería mellor abordar cuestións como esta a escala metropolitana?

*En noviembre de 2022 los ayuntamientos de A Coruña y Oleiros acordaron hacer un estudio sobre la implantación del transporte marítimo de ría. A Coruña analizaría cuestiones como la demanda de usuarios mientras el Ayuntamiento de Oleiros correría a cargo del estudio económico y de los proyectos de infraestructuras. En enero de este año el Ayuntamiento de A Coruña dio a conocer sus conclusiones, pero el Ayuntamiento de Oleiros manifestó no tener ninguna información sobre las mismas ¿No sería mejor abordar cuestiones como esta a escala metropolitana?*

Señor concelleiro, como temos dito moitas veces, A Coruña non remata na ponte da Pasaxe. A pasada semana coñecíamos as conclusións dun estudo do INE que indicaba que das 126.000 persoas que traballan na Coruña 66.000,

*Señor concejal, como hemos dicho muchas veces, A Coruña no finaliza en el puente de A Pasaxe. La pasada semana conocíamos las conclusiones de un estudio del INE que indicaba que de las 126.000 personas que*

máis da metade, residían noutros concellos, a inmensa maioría nos concellos da nosa contorna. Do mesmo xeito que preto de 40.000 residentes na Coruña tiñan o seu centro de traballo noutros concellos. Tamén coñecíamos que case o 60 % das persoas de máis de 16 anos que estudan na Coruña residen noutros concellos. Esta é a realidade da área da Coruña, non se pode pretender deseñar a Coruña do futuro sen articular esta **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** na área metropolitana.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas señor Jorquera.

Turno de resposta, señor Lage.

**Señor Lage Tuñas**

Grazas señora alcaldesa.

Bueno, creo que neste tema cómpre ser precisos e falar, non só de vontade, senón tamén de competencias, señor Jorquera. Creo que vostede fixo unha intervención que é facilmente compartible nalgún, nalgún dos seus tramos, pero creo que omiteu algo que eu creo que tamén é relevante, que é quen ten a competencia neste marco.

Bueno, vostede, entendo que intenta dicirnos que o BNG acredita nas áreas metropolitanas, entendo que esa é a posición que ten, e falou do escepticismo. Bueno, eu creo que a alcaldesa o que ten falado é en términos realistas. É dicir, polo menos dende aquí non temos a capacidade de crear a área metropolitana, o que temos é a capacidade de poder presentar unha iniciativa, que ese é o compromiso, creo que ese compromiso sabe que está establecido, podemos

*trabajan en A Coruña 66.000, más de la mitad, residían en otros ayuntamientos, la inmensa mayoría en los ayuntamientos de nuestro entorno. Al igual que cerca de 40.000 residentes en A Coruña tenían su centro de trabajo en otros ayuntamientos. También conocíamos que casi el 60 % de las personas de más de 16 años que estudian en A Coruña residen en otros ayuntamientos. Esta es la realidad del área de A Coruña, no se puede pretender diseñar a Coruña del futuro sin articular esta* ***(se oye una señal acústica indicativo de la finalización del tiempo de intervención)*** *en el área metropolitana.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias señor Jorquera.*

*Turno de respuesta, señor Lage.*

***Señor Lage Tuñas***

*Gracias señora alcaldesa.*

*Bueno, creo que en este tema procede ser precisos y hablar, no solo de voluntad, sino también de competencias, señor Jorquera. Creo que usted hizo una intervención que es fácilmente compartible en algún, en alguno de sus tramos, pero creo que omitió algo que yo creo que también es relevante, que es quién tiene la competencia en este marco.*

*Bueno, usted, entiendo que intenta decirnos que el BNG cree en las áreas metropolitanas, entiendo que esa es la posición que tiene, y habló del escepticismo. Bueno, yo creo que la alcaldesa lo que ha hablado es en términos realistas. Es decir, por lo menos desde aquí no tenemos la capacidad de crear el área metropolitana, lo que tenemos es la capacidad de poder presentar una iniciativa, que ese es el compromiso, creo*

adoptar aquí un compromiso de ter unha proposta, un borrador, un texto, antes de que remate o ano 2025, creo que lo podemos articular a través da comisión correspondente, pero creo que o que non se pode omitir é que hoxe quen ten a capacidade de poder dicir si ou non á área metropolitana da Coruña, e leva dicindo non durante moito tempo, é o Partido Popular de Galicia coa súa maioría absoluta no, no, no Parlamento de Galicia. Iso non nos ten impedido dar determinados pasos.

Nos pregunta si vamos a chegar a acordos con concellos da área metropolitana? Bueno, eu creo que a mellor proba de que non creemos que o marco conceptual sexa limitativo na ponte Pasaxe é precisamente os pasos que ten dado esta alcaldesa e este goberno en relación cos concellos da área. Creo que hai unha visión de Coruña metropolitana, unha visión aberta, incluínte, cooperativa e colaborativa e creo que esa proposta de área metropolitana, imos dando pasos e efectivizando.

Vostede dixo que non se fixera nada con respecto ao Consorcio. Bueno, eu o que lle podo dicir é que fai ben pouco tempo a miña compañeira Noemí Díaz, concelleira de Mobilidade, entre outras cousas, o ten plantexado e o ten formulado na xuntanza sectorial correspondente co resto de concellos e coa propia Consellería. Nós formulamos as propostas porque nos parece razoable que algo que forma parte do día a día debe de pasar a realizade administrativa. Cremos que o tema da mobilidade é un tema esencial e nese sentido a alcaldesa ten avogado por un consorcio de transportes porque entre outras cousas, cando se fala de deseños, de planificación, hai que mirar o que funcionou e o que non funcionou. Si vemos Barcelona, por coller un exemplo,

*que ese compromiso sabe que está establecido, podemos adoptar aquí un compromiso de tener una propuesta, un borrador, un texto, antes de que termine el año 2025, creo que lo podemos articular a través de la comisión correspondiente, pero creo que lo que no se puede omitir es que hoy quien tiene la capacidad de poder decir sí o no al área metropolitana de A Coruña, y lleva diciendo no durante mucho tiempo, es el Partido Popular de Galicia con su mayoría absoluta en el, en el, en el Parlamento de Galicia. Eso no nos ha impedido dar determinados pasos.*

*Nos pregunta si vamos a llegar a acuerdos con ayuntamientos del área metropolitana? Bueno, yo creo que la mejor prueba de que no creemos que el marco conceptual sea limitativo en el puente de A Pasaxe es precisamente los pasos que ha dado esta alcaldesa y este gobierno en relación con los ayuntamientos del área. Creo que hay una visión de Coruña metropolitana, una visión abierta, incluyente, cooperativa y colaborativa y creo que esa propuesta de área metropolitana, vamos dando pasos efectivizando.*

*Usted dijo que no se había hecho nada con respecto al Consorcio. Bueno, yo lo que le puedo decir es que hace bien poco tiempo mi compañera Noemí Díaz, concejala de Movilidad, entre otras cosas, lo ha planteado y lo ha formulado en la reunión sectorial correspondiente con el resto de ayuntamientos y con la propia Consellería. Nosotros formulamos las propuestas porque nos parece razonable que algo que forma parte del día a día debe de pasar la realizad administrativa. Creemos que el tema de la movilidad es un tema esencial y en ese sentido la alcaldesa ha abogado por un consorcio de transportes porque entre otras cosas, cuando se habla de diseños, de planificación, hay que mirar lo que funcionó y lo que no funcionó. Si vemos Barcelona, por coger un ejemplo, sabemos*

sabemos que si hai algo que funcionou en Barcelona foi o Consorcio de Transportes, e entón nós dicimos: bueno, centrémonos en dar pasos **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** e abordar —remato, señora alcaldesa— e abordar asuntos tanxibles.

*que si hay algo que funcionó en Barcelona fue el Consorcio de Transportes, y entonces nosotros decimos: bueno, centrémonos en dar pasos* ***(se oye una señal acústica indicativo de la finalización del tiempo de intervención)*** *y abordar —termino señora alcaldesa— y abordar asuntos tangibles.*

E despois, con respecto a área metropolitana, está ben que fagamos isto, pero iso significa definir un novo marco en Galicia e que alguén ten que decidir ceder competencias, ceder competencias.

*Y después, con respecto a área metropolitana, está bien que hagamos esto, pero eso significa definir un nuevo marco en Galicia y que alguien tiene que decidir ceder competencias, ceder competencias.*

Entón, entendo que o que está propoñendo o BNG é que a Xunta de Galicia ceda competencias a unha área metropolitana que se ocupe, por exemplo, da mobilidade, entendo dada a súa proposta. A nós o que nos parece é que non hai vontade por parte do Goberno galego de ir nin a área metropolitana nin ao consorcio, pero, podemos establecer o compromiso co BNG de ter unha proposta, elevar unha proposta a unha comisión e elevala ao Parlamento de Galicia? Si podemos establecelo, agora, iso non significa resolver problemas, significa fijar unha posición e podemos facelo, mentres tanto o que temos é un exemplo claro onde a alcaldesa chega a un acordo co Concello de Arteixo, se firma un convenio **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** e ó mellor —remato— ao mellor iso é un exemplo para facer con máis concellos. Bueno, si a Xunta non dá pasos pois ao mellor tómase a Coruña de exemplo. Creo que hai algúns concellos que están mirando o que se está facendo, é o que lle podo dicir.

*Entonces, entiendo que lo que está proponiendo el BNG es que la Xunta de Galicia ceda competencias a un área metropolitana que se ocupe, por ejemplo, de la movilidad, entiendo dada su propuesta. A nosotros lo que nos parece es que no hay voluntad por parte del Gobierno gallego de ir ni al área metropolitana ni al consorcio, pero, ¿podemos establecer el compromiso con el BNG de tener una propuesta, elevar una propuesta a una comisión y elevarla al Parlamento de Galicia? Sí podemos establecerlo, ahora, eso no significa resolver problemas, significa fijar una posición y podemos hacerlo, mientras tanto lo que tenemos es un ejemplo claro donde la alcaldesa llega a un acuerdo con el Ayuntamiento de Arteixo, se firma un convenio* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *y a lo mejor —termino—, a lo mejor eso es un ejemplo para hacer con más ayuntamientos. Bueno, si la Xunta no da pasos pues a lo mejor se toma a A Coruña de ejemplo. Creo que hay algunos ayuntamientos que ya están mirando lo que se está haciendo, es lo que le puedo decir.*

Nada máis e moitas grazas.

*Nada más y muchas gracias.*

**Presidencia**

Moitas grazas.

***Presidencia***

Segunda pregunta do BNG sobre espazo público. Señora Veira.

**Segunda. Pregunta de resposta oral sobre espazo público.**

**<u>Señora Veira González</u>**

Si. Considera o Goberno local que cumpriu co seu compromiso co BNG de ter lista a ordenanza de terrazas no curto prazo de mandato?

**Ás trece horas e sete minutos sae do Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres.**

**<u>Señora Díaz Vázquez</u>**

Grazas señora alcaldesa.

A ordenanza está en fase de últimos retoques e estará lista nas vindeiras semanas.

**<u>Señora Veira González</u>**

Claro, o problema é que esta ordenanza tiña que estar aprobada nos seis primeiros meses de mandato e estamos no ecuador do mandato, precisamente, e aínda non vimos a proposta do Goberno municipal, esa é a realidade. Polo tanto, non cumpriron co acordado co BNG que está no acordo de investidura e que é público, está colgado en internet e é accesíbel absolutamente a todo o mundo. O problema é que o Goberno municipal non fixo por cumprir nin o que está recollido nese acordo nin tampouco co calendario que está recollido tamén nese acordo.

Na Coruña o que é evidente é que hai moitas terrazas, que hai barrios e zonas da Coruña onde hai moita concentración, onde é un auténtico descontrol, onde teñen tomadas as zonas peonís e apenas

*Muchas gracias.*

*Segunda pregunta del BNG sobre espacio público. Señora Veira.*

***Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre espacio público.***

***<u>Señora Veira González</u>***

*Sí ¿Considera el Gobierno local que cumplió con su compromiso con el BNG de tener lista la ordenanza de terrazas en el corto plazo de mandato?*

***A las trece horas y siete minutos sale del Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres.***

***<u>Señora Díaz Vázquez</u>***

*Gracias señora alcaldesa.*

*La ordenanza está en fase de últimos retoques y estará lista en las próximas semanas.*

***<u>Señora Veira González</u>***

*Claro, el problema es que esta ordenanza tenía que estar aprobada en los seis primeros meses de mandato y estamos en el ecuador del mandato, precisamente, y aun no vimos la propuesta del Gobierno municipal, esa es la realidad. Por lo tanto, no cumplieron con lo acordado con el BNG que está en el acuerdo de investidura y que es público, está colgado en internet y es accesible absolutamente a todo el mundo. El problema es que el Gobierno municipal no hizo por cumplir ni lo que está recogido en ese acuerdo ni tampoco con el calendario que está recogido también en ese acuerdo.*

*En A Coruña lo que es evidente es que hay muchas terrazas, que hay barrios y zonas de A Coruña donde hay mucha*

se pode camiñar, pasar con una cadeira de rodas ou co carro de un bebé, que hai terrazas na nosa cidade que invaden o acceso aos portais, que as concesións de María Pita están en precario xa desde hai un tempo. A realidade é que vostedes non están tomando decisións para poñer orde no asunto das terrazas, e non me veñan por favor, prégollo, prégollo, non me veñan co asunto de que vostedes agora cobran a taxa. Moi ben, estupendo, mal por quen non o fixo, ben por que o fagan vostedes, ero esa non é a solución, porque que paguen unha taxa ou que paguen efectivamente un prezo público por ter unha terraza na rúa non fai menos complicado camiñar polas rúas, non resolve o problema de mobilidade, non resolve o descontrol, non resolve, pois efectivamente, que haxa portais aos que non se pode acceder por isto, non? nin a proliferación nin que haxa, efectivamente, terrazas que non teñen permiso etcétera, etcétera, etcétera e tampouco resolve o feito de que as concesións de María Pita estean en precario.

Cobrar unha taxa non resolve todo iso. O que resolve todo iso é unha nova ordenanza, unha ordenanza que diga claramente onde se pode poñer unha terraza e onde no, que se controle, efectivamente, si a hostalaría está colocando ben as terrazas e que desde logo ten que haber un equilibrio na ocupación do espazo público. Iso é o fundamental, que haxa un equilibrio, porque a todos nos gusta ir as terrazas, a min tamén, evidentemente, pero o que non me gusta é percorrer unha rúa con dificultades porque haxa unha terraza aí instalada, iso non me gusta, e póñome na pel dunha persoa que vaia en cadeira de rodas e póñome na pel, evidentemente, porque estiven nesa pel dunha nai que vai empurrando un carro de bebé e non colle nunha beirarrúa por culpa das terrazas, ou póñome, evidentemente, na pel da xente

*concentración, donde es un auténtico descontrol, donde tienen tomadas las zonas peatonales y apenas se puede caminar, pasar con una silla de ruedas o con el carro de un bebé, que hay terrazas en nuestra ciudad que invaden el acceso a los portales, que las concesiones de María Pita están en precario ya desde hace un tiempo. La realidad es que ustedes no están tomando decisiones para poner orden en el asunto de las terrazas, y no me vengan por favor, se lo ruego, se lo ruego, no me vengan con el asunto de que ustedes ahora cobran la tasa. Muy bien, estupendo, mal por quien no lo hizo, bien por que lo hagan ustedes, pero esa no es la solución, porque que paguen una tasa o que paguen efectivamente un precio público por tener una terraza en la calle no hace menos complicado caminar por las calles, no resuelve el problema de movilidad, no resuelve el descontrol, no resuelve, pues efectivamente, que haya portales a los que no se puede acceder por esto, no? ni la proliferación ni que haya, efectivamente, terrazas que no tienen permiso etcétera, etcétera, etcétera y tampoco resuelve el hecho de que las concesiones de María Pita estén en precario.*

*Cobrar una tasa no resuelve todo eso. Lo que resuelve todo eso es una nueva ordenanza, una ordenanza que diga claramente dónde se puede poner una terraza y dónde no, que se controle, efectivamente, sí la hostelería está colocando bien las terrazas y que desde luego tiene que haber un equilibrio en la ocupación del espacio público. Eso es el fundamental, que haya un equilibrio, porque a todos nos gusta ir las terrazas, a mí también, evidentemente, pero lo que no me gusta es recorrer una calle con dificultades porque haya una terraza ahí instalada, eso no me gusta, y me pongo en la piel de una persona que vaya en silla de ruedas y me pongo en la piel, evidentemente, porque estuve en esa piel, de una madre que va empujando un carro*

que quere acceder ao seu portal e ten mesas diante dos portais que é, a verdade, o colmo, non?

Eu creo que a señora Rey e o seu goberno teñen que cumprir co acordado co BNG e teñen que amosar de unha vez por todas a súa proposta de ordenanza de terrazas e comprometerse a controlar as terrazas na nosa cidade para evitar todas estas situacións. Isto foi o acordado co BNG, isto é o que teñen que cumprir e van con máis de un ano e medio de retraso.

Nada máis.

**Presidencia**

Grazas señora Veira.

Pode saír. Pode pasar.

**Ás trece horas e dez minutos sae do Salón de Sesións a señora Neira Fernández e entra o señor Castro Prado.**

Señora Díaz.

**Señora Díaz Vázquez**

Si, grazas.

Bueno pois como lle digo traballamos na ordenanza de terrazas, así como traballamos na ordenanza de mobilidade, pero o de que me fala vostede non ten que ver cunha nova ordenanza, senón co cumprimento da actual ordenanza. Vostede fala de planos de distribución, de ocupación indebida e bueno voulle explicar.

As terrazas son un uso privativo do dominio público. Como tal require, precisa, dunha autorización expresa anual a partir da solicitude dun local de

*de bebé y no cabe en una acera por culpa de las terrazas, o me pongo, evidentemente, en la piel de la gente que quiere acceder a su portal y tiene mesas delante de los portales que es, la verdad, el colmo, no?*

*Yo creo que la señora Rey y su gobierno tienen que cumplir con lo acordado con el BNG y tienen que mostrar de una vez por todas su propuesta de ordenanza de terrazas y comprometerse a controlar las terrazas en nuestra ciudad para evitar todas estas situaciones. Esto fue lo acordado con el BNG, esto es lo que tienen que cumplir y van con más de un año y medio de retraso.*

*Nada más.*

***Presidencia***

*Gracias señora Veira.*

*Puede salir. Puede pasar.*

***A las trece horas y diez minutos sale del Salón de Sesiones la señora Neira Fernández y entra el señor Castro Prado.***

*Señora Díaz.*

***Señora Díaz Vázquez***

*Sí, gracias.*

*Bueno pues cómo le digo trabajamos en la ordenanza de terrazas, así como trabajamos en la ordenanza de movilidad, pero lo de que me habla usted no tiene que ver con una nueva ordenanza, sino con el cumplimiento de la actual ordenanza. Usted habla de planos de distribución, de ocupación indebida y bueno le voy a explicar.*

*Las terrazas son un uso privativo del dominio público. Como tal, requiere,*

hostalaría e esa autorización faise en base a un plano de distribución que ten que cumprir a normativa vixente, é dicir, a normativa de accesibilidade, o PXOM, Regulamento electrotécnico para baixa tensión e, por suposto, a Ordenanza vixente que xa regula, porque a Ordenanza vixente xa impide esa ocupación de espazos fronte aos portais e, por suposto, todos os atrancos. É mais, como contaba noutro pleno, a Ordenanza asegura un itinerario peonil de 1,50 pero a novidade desde 2025 é que o que era optativo é que fora de 1,80 e xa estamos a aplicar nas novas autorizacións ese itinerario peonil obrigatorio de 1,80.

Como novidade, tamén no 2025 é obrigatorio que estea visible o plano de distribución de cada terraza para que deste xeito, tanto a cidadanía como a Policía Local poidan comprobar esa autorización de espazo.

Entón, estamos a falar doutra cousa, estamos a falar de incumprimentos da Ordenanza, e aquí co que contamos é coa inestimable colaboración da Policía Local que precisamente son os que a partir de unha solicitude que se fai desde o Departamento de Actividade de Policía, que está na Área de Mobilidade, mándaselle mensualmente unha listaxe con aquelas terrazas que, ou ben incumpren algún deses aspectos citados, ou directamente non teñen autorización, co cal se procedería ao seu levantamento.

Ademais, quero poñer de relevo que como plan de choque acabamos de poñer en funcionamento un programa temporal de persoal precisamente para actualizar á normativa todos eses expedientes, que son máis de 6.000 expedientes **(óese o ruído dun golpe)** —como estamos hoxe, eh?, cos escritorios— todos eses expedientes que son máis de 6.000, que non só de terrazas, senón de reservas de

*precisa de una autorización expresa anual a partir de la solicitud de un local de hostelería y esa autorización se hace en base a un plano de distribución que tiene que cumplir la normativa vigente, es decir, la normativa de accesibilidad, el PGOM, Reglamento electrotécnico para baja tensión y, por supuesto, la Ordenanza vigente que ya regula, porque la Ordenanza vigente ya impide esa ocupación de espacios frente a los portales y, por supuesto, todos los atrancos. Es más, como contaba en otro Pleno, la Ordenanza asegura un itinerario peatonal de 1,50 pero la novedad desde 2025 es que lo que era optativo es que fuera de 1,80 y ya estamos aplicando en las nuevas autorizaciones ese itinerario peatonal obligatorio de 1,80.*

*Como novedad, también en el 2025 es obligatorio que esté visible el plano de distribución de cada terraza para que de este modo, tanto la ciudadanía como la Policía Local puedan comprobar esa autorización de espacio.*

*Entonces, estamos hablando de otra cosa, estamos hablando de incumplimientos de la Ordenanza, y aquí con el que contamos es con la inestimable colaboración de la Policía Local que precisamente son los que a partir de una solicitud que se hace desde el Departamento de Actividad de Policía, que está en el Área de Movilidad, se le manda mensualmente una relación con aquellas terrazas que, o bien incumplen alguno dieras aspectos citados, o directamente no tienen autorización, con lo cual se procedería a su levantamiento.*

*Además, quiero poner de relieve que como plan de choque acabamos de poner en funcionamiento un programa temporal de personal precisamente para actualizar a la normativa todos esos expedientes, que son más de 6.000 expedientes* ***(se oye el ruido de un golpe)*** *—cómo estamos hoy, ¿eh?, con los escritorios— todos esos*

espazo, de obras, etcétera, e esta actualización, por suposto, e xa sei que non lle gusta, pero leva aparellada unha maior recadación, porque esa maior xestión xa se viu no 2024 que se recadou o dobre que no ano 2023.

Así que simplemente dicir que na Área de Mobilidade traballamos na ordenanza, pero sobre todo traballamos no cumprimento de esas terrazas para asegurar precisamente o bo uso do dominio público, a accesibilidade e, aínda que non lle pareza importante, tamén a recadación.

Nada máis. Grazas.

**Presidencia**

Grazas señora Díaz.

Pode pasar.

**Ás trece horas e catorce minutos entra no Salón de Sesións o señor Lorenzo Torres.**

**Terceira. Pregunta de resposta oral sobre a fenda dixital no Concello.**

**Presidencia**

Terceira e última pregunta do BNG sobre a fenda dixital no Concello. Señor Soto.

**Señor Soto Díaz**

Grazas señora alcaldesa.

Como pensa atallar o Goberno municipal o problema da fenda dixital da Administración local da Coruña?

**Señor Lage Tuñas**

Bueno, creo que temos varias políticas públicas en marcha para atallar a fenda

*expedientes que son más de 6.000, que no solo de terrazas, sino de reservas de espacio, de obras, etcétera, y esta actualización, por supuesto, y ya sé que no le gusta, pero lleva aparejada una mayor recaudación, porque esa mayor gestión ya se vio en el 2024 que se recaudó el doble que en el año 2023.*

*Así que simplemente decir que en el Área de Movilidad trabajamos en la ordenanza, pero sobre todo trabajamos en el cumplimiento de esas terrazas para asegurar precisamente el buen uso del dominio público, la accesibilidad y, aunque no le parezca importante, también la recaudación.*

*Nada más. Gracias.*

***Presidencia***

*Gracias señora Díaz.*

*Puede pasar.*

***A las trece horas y catorce minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lorenzo Torres.***

***Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre la brecha digital en el Ayuntamiento.***

***Presidencia***

*Tercera y última pregunta del BNG sobre la brecha digital en el Ayuntamiento. Señor Soto.*

***Señor Soto Díaz***

*Gracias señora alcaldesa.*

*¿Como piensa atajar el Gobierno municipal el problema de la brecha digital de la Administración local de A Coruña?*

***Señor Lage Tuñas***

dixital na Administración local. Creo que debemos de potenciar a administración dixital e ao mesmo tempo garantir as canles presenciais para que todos aqueles que prefiren esta forma de relacionarse coa Administración, pois tamén o poidan facer. Eu creo que pasou o tempo, digamos, de excepcionalidade, creo que, por un lado están as medidas positivas tendentes á universalización do, digamos, da administración en términos dixitais, pero mantendo a posibilidade de que calquera persoa poida facer a súa actuación desde o punto de vista presencial.

Sen ir máis lonxe, sen ir máis lonxe, e quero apuntar con isto, xa o anunciou a nosa alcaldesa no seu momento, estamos diante dunha nova fase de aproximar tamén a propia atención cidadá aos veciños e veciñas, non?, e de aquí ao ano 27 coa apertura das oficinas de atención cidadá en cada distrito que precisamente son para iso, para evitar tamén a fenda dixital e facilitar dalgún xeito que moitos trámites que a xente ten que facer, ou ben dixitalmente ou desprazándose, os poida facer da mellor forma posible e con un trámite presencial. Polo tanto, creo que debemos de combinar avanzar na administración dixital con garantizar a atención presencial.

**Ás trece horas e quince minutos saen do Salón de Sesións os señores Deus Álvarez e Amado de la Fuente.**

**<u>Señor Soto Díaz</u>**

Alégrame que compartan, dende logo, o diagnóstico connosco, pero a verdade é que nos gustaría que esas medidas fosen efectivas á maior brevidade e non queden simplemente nun desexo.

Mire, segundo o Instituto Galego de

*Bueno, creo que tenemos varias políticas públicas en marcha para atajar la brecha digital en la Administración local. Creo que debemos de potenciar la administración digital y al mismo tiempo garantizar los canales presenciales para que todos aquellos que prefieren esta forma de relacionarse con la Administración, pues también lo puedan hacer. Yo creo que pasó el tiempo, digamos, de excepcionalidad, creo que, por un lado están las medidas positivas tendentes a la universalización del, digamos, de la administración en términos digitales, pero manteniendo la posibilidad de que cualquier persona pueda hacer su actuación desde el punto de vista presencial.*

*Sin ir más lejos, sin ir más lejos, y quiero apuntar con esto, ya lo anunció nuestra alcaldesa en su momento, estamos ante una nueva fase de aproximar también la propia atención ciudadana a los vecinos y vecinas, ¿no?, y de aquí al año 27 con la apertura de las oficinas de atención ciudadana en cada distrito que precisamente son para eso, para evitar también la brecha digital y facilitar de alguna manera que muchos trámites que la gente tiene que hacer, o bien digitalmente o desplazándose, los pueda hacer de la mejor forma posible y con un trámite presencial. Por lo tanto, creo que debemos de combinar avanzar en la administración digital con garantizar la atención presencial.*

***A las trece horas y quince minutos salen del Salón de Sesiones los señores Deus Álvarez y Amado de la Fuente.***

***<u>Señor Soto Díaz</u>***

*Me alegra que compartan, desde luego, el diagnóstico con nosotros, pero la verdad es que nos gustaría que esas medidas fuesen efectivas a la mayor brevedad y no queden simplemente en un deseo.*

Estatística na Coruña hai preto dun 25 % de fogares sen ordenador nin acceso a internet; pouco máis dun 13 % das coruñesas e coruñeses non accederon a internet nos últimos tres meses, en fin; máis de un 15 % da nosa veciñanza non realizou durante o ano 20-23 ningún tipo de trámite electrónico. Estamos a falar de persoas maiores, pero tamén persoas con escasos recursos ou con impedimentos para utilizar as tecnoloxías informáticas. Á vez que isto sucede, a Administración local da Coruña exixe cada vez máis que certos trámites se realicen unicamente de forma telemática. É o caso dos orzamentos participativos, pero tamén da reserva de espazos, xa nos centros cívicos, nos Teus, etcétera.

Sobre a reserva dos espazos Teus de Novo Mesoiro, a web do Concello advirte literalmente: a solicitude farase sempre a través do sistema xenérico de cita previa, o mesmo que se utiliza para numerosos procedementos municipais; unicamente será necesario dispoñer dun terminal telefónico móbil, unha tablet ou dun ordenador e ter unha conta de correo electrónico. E, e cal é —pregúntome eu— a consecuencia disto? Pois a exclusión, a exclusión dunha parte, dun importante porcentaxe da poboación desta cidade, do desfrute dos seus dereitos como parte, digo, da veciñanza desta cidade. Isto contravén non só o disposto na Lei de procedemento administrativo común, que recolle o dereito da cidadanía de optar pola atención presencial ou dixital, senón tamén no caso, sobre todo, que ten que ver cos orzamentos participativos, o dereito fundamental de participar nos asuntos públicos, por iso a verdade é que revisando a Ordenanza da administración dixital da Coruña eu creo que tería sido unha moi boa ocasión para recoller aí o dereito de que todas as persoas administradas puidesen optar entre unha atención presencial ou telemática, igual que se fai en outras leis similares, noutras

*Mire, según el Instituto Gallego de Estadística en A Coruña hay cerca de un 25 % de hogares sin ordenador ni acceso a internet; poco más de un 13 % de las coruñesas y coruñeses no accedieron a internet nos últimos tres meses, en fin; más de un 15 % de nuestro vecindario no realizó durante el año 20-23 ningún tipo de trámite electrónico. Estamos hablando de personas mayores, pero también personas con escasos recursos o con impedimentos para utilizar las tecnologías informáticas. A la vez que esto sucede, la Administración local de A Coruña exige cada vez más que ciertos trámites se realicen únicamente de forma telemática. Es el caso de los presupuestos participativos, pero también de la reserva de espacios, ya en los centros cívicos, nos Teus, etcétera.*

*Sobre la reserva de los espacios Teus de Novo Mesoiro, la web del Ayuntamiento advierte literalmente: la solicitud se hará siempre a través del sistema genérico de cita previa, el mismo que se utiliza para numerosos procedimientos municipales; únicamente será necesario disponer de un terminal telefónico móvil, una tablet o de un ordenador y tener una cuenta de correo electrónico. Y ¿cuál es —me pregunto yo— la consecuencia de esto? Pues la exclusión, la exclusión de una parte, de un importante porcentaje de la población de esta ciudad, del disfrute de sus derechos como parte, digo, del vecindario de esta ciudad. Esto contraviene no solo lo dispuesto en la Ley de procedimiento administrativo común, que recoge el derecho de la ciudadanía de optar por la atención presencial o digital, sino también en el caso, sobre todo, que tiene que ver con los presupuestos participativos, el derecho fundamental de participar en los asuntos públicos, por eso la verdad es que revisando la Ordenanza de la administración digital de A Coruña yo creo que habría sido una muy buena ocasión para recoger ahí el derecho de que todas las personas administradas pudieran*

normas xurídicas similares.

Para atallar este problema xa no pasado mandato, dende o Grupo municipal do BNG propuxemos crear un servizo de atención especializada a persoas maiores de 65 anos en materia de asesoramento sobre trámites e actuacións municipais e tal servizo hoxe non existe. Nós consideramos que o Goberno debe poñer fin a esta situación inmediatamente. O Concello é, o Concello da Coruña é, xunto co Sergas seguramente a administración que máis eivas pon aos trámites presenciais, a pesar de ser, paradoxicamente, a administración máis próxima á veciñanza. Por iso eximos unha aposta decidida por permitir a atención presencial para todo tipo de trámites, por establecer un procedemento especializado, un servizo especializado, perdón, na asistencia as persoas maiores e con poucos recursos para garantir a atención personalizada e presencial na administración pública, pero tamén para a asistencia noutros trámites ante entidades públicas ou privadas. Tamén apostamos por aumentar a oferta formativa no ámbito da habilitación dixital e, en fin, por eliminar o requisito da cita previa para persoas de determinada idade.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Grazas señor Soto.

Señor Lage.

**Señor Lage Tuñas**

Si, grazas.

Señor Soto, mire, quero recordarlle que aprobamos definitivamente a Ordenanza de administración dixital o 4 de maio de

*optar entre una atención presencial o telemática, igual que se hace en otras leyes similares, en otras normas jurídicas similares.*

*Para atajar este problema ya en el pasado mandato, desde el Grupo municipal del BNG propusimos crear un servicio de atención especializada a personas mayores de 65 años en materia de asesoramiento sobre trámites y actuaciones municipales y tal servicio hoy no existe. Nosotros consideramos que el Gobierno debe poner fin a esta situación inmediatamente. El Ayuntamiento es, el Ayuntamiento de A Coruña es, junto con el Sergas seguramente la administración que más trabas pone a los trámites presenciales, a pesar de ser, paradójicamente, la administración más próxima al vecindario. Por eso exigimos una apuesta decidida por permitir la atención presencial para todo tipo de trámites, por establecer un procedimiento especializado, un servicio especializado, perdón, en la asistencia las personas mayores y con pocos recursos para garantizar la atención personalizada y presencial en la administración pública, pero también para la asistencia en otros trámites ante entidades públicas o privadas. También apostamos por aumentar la oferta formativa en el ámbito de la habilitación digital y, en fin, por eliminar el requisito de la cita previa para personas de determinada edad.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Gracias señor Soto.*

*Señor Lage.*

***Señor Lage Tuñas***

*Sí, gracias.*

2023 e nesa ordenanza xa contemplamos que simultaneamente á implantación da administración dixital, o Concello da Coruña reforzará de forma intensa a atención presencial e telefónica e a relación directa cara a cara con aquelas persoas e entidades que non están obrigadas a relacionarse de maneira electrónica e que por diferentes razóns elixen as canles non virtuais; esta entidade local comprométese a seguir reforzando o servizo de atención telefónica 010 así como a atención presencial, combinando a cita previa coa modalidade de asistencia sen cita, unha vez superada xa a conxuntura máis dramática da pandemia.

Iso non só é o que escribimos, foi o que fixemos, de feito, fomos das primeiras administracións que eliminamos a cita previa como obrigatorio. A cita previa é un elemento tamén de organización, non de obrigación, pero si unha posibilidade para mellorar tamén que os propios cidadáns se poidan organizar e poidan optar por iso. É obrigatorio? Non. Mantemos a presencialidade? Non, reforzámola. Pode haber algún caso concreto? Vostede aludiu a un caso concreto, revisarémolo, pero en calquera caso, quero dicirlle que seguramente teñamos moitas cousas que mellorar, pero fomos das primeiras administracións que onde había unha cita previa obrigatoria, foi eliminada. Eu aínda sigo lendo nos xornais que hai administracións que seguen exixindo esa cita previa, cousa, bueno, pues que nin comparto nin vou a compartir nunca porque non entendo ese nivel de excepcionalidade. Igual que creo que hai que revisar outras cuestións que viñeron na pandemia e que a día de hoxe tamén son revisables. Ao mellor son máis politicamente incorrectas, pero son revisables, eh?, porque non podemos acabar pensando que a presencialidade debe de ser a excepción, senón que a virtualidade pode ser unha alternativa. E

*Señor Soto, mire, quiero recordarle que aprobamos definitivamente la Ordenanza de administración digital el 4 de mayo de 2023 y en esa ordenanza ya contemplamos que simultáneamente a la implantación de la administración digital, el Ayuntamiento de A Coruña reforzará de forma intensa la atención presencial y telefónica y la relación directa cara a cara con aquellas personas y entidades que no están obligadas a relacionarse de manera electrónica y que por diferentes razones eligen los canales no virtuales; esta entidad local se compromete a seguir reforzando el servicio de atención telefónica 010 así como la atención presencial, combinando la cita previa con la modalidad de asistencia sin cita, una vez superada ya la coyuntura más dramática de la pandemia.*

*Eso no es solo lo que escribimos, fue lo que hicimos, de hecho, fuimos de las primeras administraciones que eliminamos la cita previa como obligatorio. La cita previa es un elemento también de organización, no de obligación, pero sí una posibilidad para mejorar también que los propios ciudadanos se puedan organizar y puedan optar por eso ¿Es obligatorio? No. ¿Mantenemos la presencialidad? No, la reforzamos ¿Puede haber algún caso concreto? Usted aludió a un caso concreto, lo revisaremos, pero en cualquier caso, quiero decirle que seguramente tengamos muchas cosas que mejorar, pero fuimos de las primeras administraciones que donde había una cita previa obligatoria, fue eliminada. Yo aún sigo leyendo en los periódicos que hay administraciones que siguen exigiendo esa cita previa, cosa, bueno, pues que ni comparto ni voy a compartir nunca porque no entiendo ese nivel de excepcionalidad. Igual que creo que hay que revisar otras cuestiones que vinieron en la pandemia y que a día de hoy también son revisables. A lo mejor son más políticamente incorrectas, pero son revisables, ¿eh?, porque no podemos*

me refiro, e o digo abertamente, a que seguramente as administracións deberíamos de revisar todas as instrucións que temos sobre o teletraballo, por exemplo, porque, xa sei que habitualmente non se **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** (...) destas cousas ao mellor. Si queren falar pois tamén podemos falar e falar en serio.

Entonces, creo que a presencialidade á que vostede alude creo que é unha reflexión que hai que trasladar a todos os marcos, agora este concello reforzou, non só a presencialidade, senón que combateu esa fenda dixital derivada tamén dunha circunstancia, como foi a pandemia.

Dito iso, loxicamente comprometémonos a remover calquera obstáculo que poida haber ou calquera situación que se poida ter producido. Creo que hai que poder facer os trámites dixitalmente e cantos máis se poidan facer e canta máis xente o faga, mellor para poder ser máis áxiles, pero hai que manter **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** —e remato señora alcaldesa—, hai que manter a presencialidade e hai que darlle a oportunidade a calquera cidadán de que poida dirixirse a un rexistro, a unha oficina, a un empregado, a unha empregada municipal para poder facer un trámite. Creo que son cuestións, non só compatibles, senón desexables.

Nada máis e moitas grazas.

**Presidencia**

Ben, moitas grazas, moitas grazas ao BNG. Rematan aquí as preguntas orais e pasamos ás do Partido Popular.

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ORAL PRESENTADAS POLO GRUPO**

*acabar pensando que la presencialidad debe de ser la excepción, sino que la virtualidad puede ser una alternativa. Y me refiero, y lo digo abiertamente, a que seguramente las administraciones deberíamos de revisar todas las instrucciones que tenemos sobre el teletrabajo, por ejemplo, porque, ya sé que habitualmente no se* ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** *(...) de estas cosas a lo mejor. Si quieren hablar pues también podemos hablar y hablar en serio.*

*Entonces, creo que la presencialidad a la que usted alude creo que es una reflexión que hay que trasladar a todos los marcos, ahora este ayuntamiento reforzó, no solo a presencialidad, sino que combatió esa brecha digital derivada también de una circunstancia, como fue la pandemia.*

*Dicho eso, lógicamente nos comprometemos a remover cualquier obstáculo que pueda haber o cualquier situación que se pueda haber producido. Creo que hay que poder hacer los trámites digitalmente y cuantos más se puedan hacer y cuanta más gente lo haga, mejor para poder ser más ágiles, pero hay que mantener* ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** *—y finalizo, señora alcaldesa—, hay que mantener la presencialidad y hay que darle la oportunidad a cualquier ciudadano de que pueda dirigirse a un registro, la una oficina, a un empleado, a una empleada municipal para poder hacer un trámite. Creo que son cuestiones, no solo compatibles, sino deseables.*

*Nada más y muchas gracias.*

***Presidencia***

*Bien, muchas gracias, muchas gracias al BNG. Finalizan aquí las preguntas orales y pasamos a las del Partido Popular.*

**MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

**Primeira. Pregunta de resposta oral sobre inseguridade.**

**Presidencia**

A primeira delas relativa a inseguridade. Señora Catalán.

Señora Neira pode pasar.

**Ás trece horas e vinte e dous minutos sae do Salón de Sesións o señor Jorquera Caselas e sae a señora Neira Fernández e os señores Deus Álvarez e Amado de la Fuente.**

***Señora Catalán Morcillo***

*Moitas grazas señora alcaldesa, bos días a todos.*

*Que opina Inés Rey da proliferación de puntos de tráfico de drogas en diferentes barrios da nosa cidade?*

***Señora Paz Romero***

*Desde o Goberno municipal tómanse medidas dentro das súas competencias e máis aló delas.*

***Señora Catalán Morcillo***

*Imos ver, señora Paz, e por enésima vez, e por moito que insistan en adulterar os datos, a realidade é iso que existe máis aló das portas dos seus despachos, porque falamos do día a día que viven e relatan os cidadáns que sofren os narcopisos e narconegocios nas súas veciñanzas mentres que vostede, señora Paz, e a súa alcaldesa son incapaces de sentar a traballar por atopar unha solución coordinada* e *multidisciplinar a este problema. Despois de tantos meses escoitando a mesma cantilena da súa*

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR***

***Primera. Pregunta de respuesta oral sobre inseguridad.***

***Presidencia***

*La primera de ellas relativa a inseguridad. Señora Catalán.*

*Señora Neira, puede pasar.*

***A las trece horas y veintidós minutos sale del Salón de Sesiones el señor Jorquera Caselas y entran la señora Neira Fernández y los señores Deus Álvarez y Amado de la Fuente.***

**Señora Catalán Morcillo**

Muchas gracias señora alcaldesa, buenos días a todos.

¿Qué opina Inés Rey de la proliferación de puntos de tráfico de drogas en diferentes barrios de nuestra ciudad?

**Señora Paz Romero**

Desde el Gobierno municipal se toman medidas dentro de sus competencias y más allá de ellas.

**Señora Catalán Morcillo**

Vamos a ver, señora Paz, y por enésima vez, y por mucho que insistan en adulterar los datos, la realidad es eso que existe más allá de las puertas de sus despachos, porque hablamos del día a día que viven y relatan los ciudadanos que sufren los narcopisos y narconegocios en sus vecindarios mientras que usted, señora Paz, y su alcaldesa son incapaces de sentarse a trabajar por

*boca, señora Paz, o único que temos claro é que a seguridade nunca foi unha prioridade para Inés Rey, para o BNG tampouco, evidentemente. Non hai máis que ver a cidade que nos está deixando este goberno co beneplácito dos seus solícitos socios, sobre todo nalgúns barrios que polas súas declaracións deben de ser doutra dimensión.*

*Os datos son os que son e mal que lles a pesar de Coruña continúa sendo a cidade de toda Galicia con maior índice de criminalidade. Iso si, a señora Rey falou nalgunha ocasión de sensación de inseguridade, algo que está totalmente superado, parece ser, un ano despois de que esas caceroladas saísen á rúa. Pero, por que ese afán tan seu de pintar a realidade de cores falseando os datos ou negando a realidade? Lembren que facer trilerismo aos cidadáns non está ben, señora Rey aínda que, polo que se ve, van vostedes polo mesmo camiño que o seu amado líder, o señor Sánchez, converter en mentira todo o que di.*

*A realidade, de portas fóra, repito, é que a presenza dos narcopisos en rúas como por exemplo Laracha, Benito Blanco-Rajoy, Vizcaia, Rolda de Outeiro ou praza de Pintor Colmeiro, entre outros, non dá tranquilidade precisamente aos veciños, comerciantes e hostaleiros, e non, non estamos no Bronx, ninguén usa, sen vostedes usaron eses termos porque cando desde o Grupo Popular falamos de inseguridade real, facémolo porque o coñecemos de primeira man. Nós se falamos cos veciños.*

*Porque non falamos só de ocupación ilegal de inmobles que creceu exponencialmente na Coruña desde que vostede é alcaldesa, sobre todo as inquiocupaciones, unha forma escandalosa de facer vulnerables aos propietarios mentres que o Estado protexe ao ocupa e refórzao baixo ese*

encontrar una solución coordinada y multidisciplinar a este problema. Después de tantos meses escuchando la misma cantinela de su boca, señora Paz, lo único que tenemos claro es que la seguridad nunca ha sido una prioridad para Inés Rey, para el BNG tampoco, evidentemente. No hay más que ver la ciudad que nos está dejando este gobierno con el beneplácito de sus serviciales socios, sobre todo en algunos barrios que por sus declaraciones deben de ser de otra dimensión.

Los datos son los que son y mal que les pese A Coruña continúa siendo la ciudad de toda Galicia con mayor índice de criminalidad. Eso sí, la señora Rey ha hablado en alguna ocasión de sensación de inseguridad, algo que está totalmente superado, parece ser, un año después de que esas caceroladas salieran a la calle. Pero ¿por qué ese afán tan suyo de pintar la realidad de colores falseando los datos o negando la realidad? Recuerden que hacer trilerismo a los ciudadanos no está bien, señora Rey, aunque, por lo que se ve, van ustedes por el mismo camino que su amado líder, el señor Sánchez, convertir en mentira todo lo que dice.

La realidad, de puertas afuera, repito, es que la presencia de los narcopisos en calles como por ejemplo Laracha, Benito Blanco-Rajoy, Vizcaya, Ronda de Outeiro o plaza de Pintor Colmeiro, entre otros, no da tranquilidad precisamente a los vecinos, comerciantes y hosteleros, y no, no estamos en el Bronx, nadie usa, sin ustedes han usado esos términos porque cuando desde el Grupo Popular hablamos de inseguridad real, lo hacemos porque lo hemos conocido de primera mano. Nosotros si hablamos con los vecinos.

Porque no hablamos solo de ocupación ilegal de inmuebles que ha crecido exponencialmente en A Coruña desde que usted es alcaldesa, sobre todo las

*halo vitimista totalmente intolerable. Pois ben, a este fenómeno súmaselle tamén a propagación de pisos ocupados ou en propiedade onde se comercia con drogas. E outro dato señora Rey, señora Paz, os delitos relacionados co tráfico de drogas escalaron na cidade un 33,3 % desde 2019, con todo, a señora Paz ten a desvergoña de afirmar que o tráfico de drogas e outros delitos relacionados como os roubos con violencia e intimidación, tamén chamados atracos, lémbrolle, derivan de problemas de saúde mental e non se solucionan soamente coa acción policial. Como diría Manquiña, profesional, moi profesional señora Paz. Tan profesional que parece que se está rindo vostede dos cidadáns que sofren regularmente incendios, pelexas, tiróns, molestias por berros, trasfega permanente de persoas alleas ás súas veciñanzas, xiringas nas súas caixas de correos, restos de sangue nos interruptores da luz dos seus portais, lixo ou feces nos relanzos, etcétera, etcétera, etcétera.*

*Mire, señora Paz, entendo que vostede ten as mans atadas polo seu partido e que lles custa moito traspasar esas portas para ver a realidade, pero de verdade, déixense xa de demagoxias, de contar mentiras aos coruñeses, aposten por un traballo integral e coordinado, ademais dun* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *maior número de efectivos policiais efectivos nas rúas porque isto non vai de conceptos, senón de vontade política que, polo que se ve, agora mesmo non ten.*

*Moitas grazas.*

***<u>Señora Paz Romero</u>***

*Boas tardes.*

*Os datos obxectivos que se poden extraer*

inquiocupaciones, una forma escandalosa de vulnerabilizar a los propietarios mientras que el Estado protege al ocupa y lo refuerza bajo ese halo victimista totalmente intolerable. Pues bien, a este fenómeno se le suma también la propagación de pisos ocupados o en propiedad donde se mercadea con drogas. Y otro dato señora Rey, señora Paz, los delitos relacionados con el tráfico de drogas han escalado en la ciudad un 33,3 % desde 2019, sin embargo, la señora Paz tiene la desfachatez de afirmar que el tráfico de drogas y otros delitos relacionados como los robos con violencia e intimidación, también llamados atracos, le recuerdo, derivan de problemas de salud mental y no se solucionan solamente con la acción policial, como diría Manquiña, profesional, muy profesional señora Paz. Tan profesional que parece que se está riendo usted de los ciudadanos que sufren regularmente incendios, peleas, tirones, molestias por gritos, trasiego permanente de personas ajenas a sus vecindarios, jeringuillas en sus buzones, restos de sangre en los interruptores de la luz de sus portales, basura o heces en los descansillos, etcétera, etcétera, etcétera.

Mire, señora Paz, entiendo que usted tiene las manos atadas por su partido y que les cuesta mucho traspasar esas puertas para ver la realidad, pero de verdad, déjense ya de demagogias, de contar mentiras a los coruñeses, apuesten por un trabajo integral y coordinado, además de un ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** mayor número de efectivos policiales efectivos en las calles porque esto no va de conceptos, sino de voluntad política que, por lo que se ve, ahora mismo no tiene.

Muchas gracias.

**<u>Señora Paz Romero</u>**

*da comparativa publicada polo Ministerio do Interior do ano 2024 con respecto a 2023, lanza un descenso dun 24 % en delitos contra a saúde pública. Xa sinalamos no Pleno do mes pasado que no relativo a delitos contra o Patrimonio constátase tamén unha incidencia á baixa e esa é a percepción de comerciantes e cidadanía, quen manifestaba na prensa esta semana a situación cambiou positivamente.*

*Desde este equipo de Goberno non nos conformamos e imos seguir mellorando a calidade dos servizos que se prestan á cidadanía, traballamos para que os equipos en materia de seguridade cidadá desde a proximidade, a convivencia comunitaria e a resolución de conflito a pé de rúa mellore cada día. Estamos en contacto permanente con entidades veciñais e sociais para incrementar e adecuar a operativa policial ao mapa de seguridade e froito do reforzo policial e da coordinación constante coa Policía Nacional adaptamos os protocolos de actuación ás demandas que nos trasladan veciños e veciñas.*

*En relación ás medidas adoptadas polo Goberno en relación á súa pregunta, asinarase este mes un convenio co colexio de avogados para asesorar ás comunidades de veciños e veciñas, por unha banda, das actuacións para realizar respecto a actividades insalubres ou que perturben a convivencia da comunidade, así como tamén asesorar aos propietarios e propietarias dos trámites para realizar cando a súa vivenda foi ocupada. Neste contexto, o servizo de mediación en Policía Local integrado por axentes que contan con formación especializada, ten como obxectivo facilitar a resolución adecuada de conflitos veciñais especialmente dos que xeran malestar na comunidade, e para finalizar, o consumo de tóxicos está detrás destas actividades insalubres e*

Buenas tardes.

Os datos objetivos que se pueden extraer de la comparativa publicada por el Ministerio del Interior del año 2024 con respecto a 2023, arroja un descenso de un 24 % en delitos contra la salud pública. Ya señalamos en el Pleno del mes pasado que en lo relativo a delitos contra el Patrimonio se constata también una incidencia a la baja y esa es la percepción de comerciantes y ciudadanía, quienes manifestaban en la prensa esta semana la situación ha cambiado positivamente.

Desde este equipo de Gobierno no nos conformamos y vamos a seguir mejorando la calidad de los servicios que se prestan a la ciudadanía, trabajamos para que los equipos en materia de seguridad ciudadana desde la cercanía, la convivencia comunitaria y la resolución de conflicto a pie de calle mejore cada día. Estamos en contacto permanente con entidades vecinales y sociales para incrementar y adecuar la operativa policial al mapa de seguridad y fruto del refuerzo policial y de la coordinación constante con la Policía Nacional adaptamos los protocolos de actuación a las demandas que nos trasladan vecinos y vecinas.

En relación a las medidas adoptadas por el Gobierno en relación a su pregunta, se firmará este mes un convenio con el colegio de abogados para asesorar a las comunidades de vecinos y vecinas, por un lado, de las actuaciones a realizar respecto a actividades insalubres o que perturben la convivencia de la comunidad, así como también asesorar a los propietarios y propietarias de los trámites a realizar cuando su vivienda ha sido ocupada. En este contexto, el servicio de mediación en Policía Local integrado por agentes que cuentan con formación especializada, tiene como objetivo facilitar la resolución adecuada de conflictos vecinales

*problemas de convivencia en comunidades veciñais, así como de boa parte dos delitos que se cometen na nosa cidade e noutras.*

*A saúde mental e a intervención terapéutica en drogodependentes, con drogodependentes é competencia, como xa saben, da Xunta de Galicia. Este goberno municipal non desiste das súas competencias, nin desaparece nin as delega e requirimos da Xunta de Galicia a asunción responsable das súas competencias en saúde porque a súa incompetencia pagámola todos e todas.*

*Grazas.*

**<u>Presidencia</u>**

Moitas grazas.

**Segunda. Pregunta de resposta oral sobre vivenda.**

**<u>Presidencia</u>**

Segunda pregunta do Partido Popular sobre vivenda.

***<u>Señor Lorenzo Torres</u>***

*Grazas señora alcaldesa.*

*Que obxectivos pretende alcanzar Inés Rey para mellorar a situación da vivenda na Coruña coa declaración de zona tensionada?*

***<u>Señor Diaz Gallego</u>***

*Frear a subida dos prezos do alugueiro, dotar de maiores incentivos a propietarios e inquilinos e captar un maior número de fondos relacionados coa política de vivenda a nivel estatal.*

***<u>Señor Lorenzo Torres</u>***

especialmente de los que generan malestar en la comunidad, y para finalizar, el consumo de tóxicos está detrás de estas actividades insalubres y problemas de convivencia en comunidades vecinales, así como de buena parte de los delitos que se cometen en nuestra ciudad y en otras.

La salud mental y la intervención terapéutica en drogodependientes, con drogodependientes es competencia, como ya saben, de la Xunta de Galicia. Este gobierno municipal no desiste de sus competencias, ni desaparece ni las delega y requerimos de la Xunta de Galicia la asunción responsable de sus competencias en salud porque su incompetencia la pagamos todos y todas.

Gracias.

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias.*

**Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre vivienda .**

***<u>Presidencia</u>***

*Segunda pregunta del Partido Popular sobre vivienda.*

**<u>Señor Lorenzo Torres</u>**

Gracias señora alcaldesa.

¿Qué objetivos pretende alcanzar Inés Rey para mejorar la situación de la vivienda en A Coruña con la declaración de zona tensionada?

**<u>Señor Diaz Gallego</u>**

Frenar la subida de los precios del alquiler, dotar de mayores incentivos a propietarios e inquilinos y captar un mayor número de fondos relacionados con la política de

*Grazas señora alcaldesa.*

*Ben, imos ver, eu creo que vostedes mesmos non se cren nin o que están a facer, non? porque dada a súa resposta, vostede sabe tan ben como eu que todos os expertos nesta materia están a advertirnos de que a declaración de zona tensionada non vai conseguir eses obxectivos que vostede aquí mencionou. E voulle dicir mesmo porque teño datos que vostedes non cren en todo isto que están a facer.*

*O primeiro, en outubro do ano 23, en outubro do ano 23, hai dous anos case, vostedes mandaron a primeira carta á Xunta pedindo a declaración de zona tensionada, ao día seguinte a Xunta contestoulles requiríndolle unha serie de documentación. Tardaron vostedes un ano, un ano, en crear a mesa técnica, a mesa técnica de vivenda, e tardaron un ano e medio, un ano e medio, en mandar toda esa documentación, e iso que a alcaldesa despois á Xunta pedíalle celeridade, vaia contradición. É verdade que a Xunta aos 15 días devolveulles o expediente pedindo, dicindo que rectificasen algún dos documentos, anunciando que seguramente, por suposto que ía cumprir a lei e que A Coruña podía ter conforme a esa lei a declaración de zona tensionada.*

*Pero mire, xa lle digo, tardaron vostedes un ano e medio, pero o que máis me chama a atención que crearon vostedes esa mesa da vivenda e nesa mesa da vivenda, mesmo nas alegacións que ten, que constan no expediente, tanto o Colexio de Axentes da propiedade inmobiliaria como o Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos da Coruña, como a Asociación de Promotores Inmobiliarios, mesmo nun informe do Banco de España, din, din, que non tomen vostedes esta medida, aconséllanlle que non tomen vostedes esta medida porque é unha*

vivienda a nivel estatal.

**<u>Señor Lorenzo Torres</u>**

Gracias señora alcaldesa.

Bueno, vamos a ver, yo creo que ustedes mismos no se creen ni lo que están haciendo, ¿no? porque dada su respuesta, usted sabe tan bien como yo que todos los expertos en esta materia nos están advirtiendo de que la declaración de zona tensionada no va a conseguir esos objetivos que usted aquí ha mencionado. Y le voy a decir incluso porque tengo datos que ustedes no creen en todo esto que están haciendo.

El primero, en octubre del año 23, en octubre del año 23, hace dos años casi, ustedes mandaron la primera carta a la Xunta pidiendo la declaración de zona tensionada, al día siguiente la Xunta les contestó requiriéndole una serie de documentación. Tardaron ustedes un año, un año, en crear la mesa técnica, la mesa técnica de vivienda, y tardaron un año y medio, un año y medio, en mandar toda esa documentación, y eso que la alcaldesa después a la Xunta le pedía celeridad, vaya contradicción. Es verdad que la Xunta a los 15 días les devolvió el expediente pidiendo, diciendo que rectificaran alguno de los documentos, anunciando que seguramente, por supuesto que iba a cumplir la ley y que A Coruña podía tener conforme a esa ley la declaración de zona tensionada.

Pero mire, ya le digo, tardaron ustedes un año y medio, pero lo que más me llama la atención que crearon ustedes esa mesa de la vivienda y en esa mesa de la vivienda, incluso en las alegaciones que tiene, que constan en el expediente, tanto el Colegio de Agentes de la propiedad inmobiliaria como el Colegio Oficial de Arquitectos Técnicos de la Coruña, como la Asociación de Promotores Inmobiliarios, incluso en un

*medida que produce sobre todo efectos contrarios aos desexados, sobre todo a longo prazo e a medio prazo.*

*Eu linme ben o expediente, un expediente a verdade que profundo, e onde vostedes, á parte de declarar zona tensionada e que non sei que resultados pretenden obter e algúns explicarei o por que non se van a conseguir, falan vostedes dunha serie de medidas a curto, a medio e a longo prazo e a min chamoume a atención, chamoume a atención que vostedes falen de que construír vivendas en Xuxán no prazo de tres anos cando tardaron máis de cinco anos, cinco anos, desde o ano 2019, en cumprir o acordo de construír vivendas de alugueiro social en Xuxán. Ou sexa, vostedes contradinse a si mesmos, ou sexa, non son capaces de ser realistas á hora de interpretar a súa forma de traballar. Xa non digamos de, por exemplo, as Percebeiras. Falamos das Percebeiras, estamos a falar que alí vai haber 180 vivendas de protección oficial. Cantos anos leva paralizado ese proxecto? Cando pensan vostedes dar, por fin, vía ás licenzas para que se poidan construír esas vivendas? Porque no seu informe póñeno, pero as licenzas téñenas paralizadas. E por certo, que me chamou a atención, non vin, non vin que en As Xubias fosen todo ese proxecto de futuro na zona de As Xubias, falen vostedes de construír vivenda con algún tipo de protección oficial.*

*Mire, cal foi a súa política de vivenda? Porque tamén isto hai que poñelo en evidencia. Canto tempo levamos esperando polo edificio de Pontejos? Más de 33 meses de atraso, xa dicía antes do que pasou co edificio de Xuxán. Que pasou coas 67 vivendas que anunciaron vostedes —acórdanse?— en campaña electoral do Sareb para A Coruña? Xa sen falar das 180.000 que anunciou Pedro Sánchez que ninguén sabe onde están.* **(Óese un sinal acústico indicativo**

informe del Banco de España, dicen, dicen, que no tomen ustedes esta medida, le aconsejan que no tomen ustedes esta medida porque es una medida que produce sobre todo efectos contrarios a los deseados, sobre todo a largo plazo y a medio plazo.

Yo me leí bien el expediente, un expediente la verdad que profundo, y donde ustedes, aparte de declarar zona tensionada y que no sé qué resultados pretenden obtener y algunos explicaré el por qué no se van a conseguir, hablan ustedes de una serie de medidas a corto, a medio y a largo plazo y a mí me llamó la atención, me llamó la atención que ustedes hablen de que construir viviendas en Xuxán en el plazo de tres años cuando tardaron más de cinco años, cinco años, desde el año 2019, en cumplir el acuerdo de construir viviendas de alquiler social en Xuxán. O sea, ustedes se contradicen a sí mismos, o sea, no son capaces de ser realistas a la hora de interpretar su forma de trabajar. Ya no digamos de, por ejemplo, las Percebeiras. Hablamos de las Percebeiras, estamos hablando que allí va a haber 180 viviendas de protección oficial ¿Cuántos años lleva paralizado ese proyecto? ¿Cuándo piensan ustedes dar, por fin, vía a las licencias para que se puedan construir esas viviendas? Porque en su informe lo ponen, pero las licencias las tienen paralizadas. Y por cierto, que me llamó la atención, no vi, no vi que en As Xubias fueran todo ese proyecto de futuro en la zona de As Xubias, hablen ustedes de construir vivienda con algún tipo de protección oficial.

Mire, ¿cuál ha sido su política de vivienda? Porque también esto hay que ponerlo en evidencia. ¿Cuánto tiempo llevamos esperando por el edificio de Pontejos? Más de 33 meses de retraso, ya decía antes de lo que pasó con el edificio de Xuxán ¿Qué pasó con las 67 viviendas que anunciaron ustedes —¿se acuerdan?— en campaña

**da finalización do tempo de intervención**).

*A declaración que pretenden facer, xa lle digo, non vai solucionar o problema da vivenda, e é máis, está testado tanto a nivel nacional como a nivel internacional que esta non é a solución, porque o que se produciu é que ao final con este tipo de medidas, con este tipo de medidas, hai cada vez menos vivendas en alugueiro, hai máis demanda e por tanto soben os prezos.*

*Aquí o problema que ten esta cidade, como ten Galicia, como ten España, é que hai máis de 30.000 vivendas baleiras, máis de 350.000 en toda Galicia, e sabe por que? Porque hai unha lei de vivenda, de vivenda, que fixo o Goberno central que deixa totalmente desprotexido e dá unha inseguridade xurídica tremenda aos propietarios, por iso non as poñen en alugueiro. Eu creo que hoxe todos lemos o xornal, saía en todos os xornais, que hai unha señora nesta cidade que leva catro anos coa vivenda alugada e que non lle pagaron a renda e que mesmo o usuario ou o inquilino negábase a aceptar as propostas que facían os servizos sociais e que ao final lle deben 22.000 € que non va cobrar. Cando un le esta noticia* **(óense dous sinais acústicos indicativas da finalización do tempo de intervención)** *o sábado pasado, unha señora leva 14 anos sen cobrar as rendas é aquí hai un problema, e entón, o que temos que facer é tomar medidas como está a facer por exemplo o Concello de Vigo, que podían copiarlle, para que estas vivendas baleiras darlle seguridade aos arrendadores para que as poñan en alugueiro. Esa sería un dos das medidas que hai que tomar para que o mercado de vivenda, xa digo, aumente o número de vivendas e ao haber maior oferta e menos demanda, por suposto, baixarán os prezos.*

electoral del Sareb para La Coruña? Ya sin hablar de las 180.000 que anunció Pedro Sánchez que nadie sabe donde están. ***(Se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)***.

La declaración que pretenden hacer, ya le digo, no va a solucionar el problema de la vivienda, y es más, está testado tanto a nivel nacional como a nivel internacional que esta no es la solución, porque lo que se ha producido es que al final con este tipo de medidas, con este tipo de medidas, hay cada vez menos viviendas en alquiler, hay más demanda y por lo tanto suben los precios.

Aquí el problema que tiene esta ciudad, como tiene Galicia, como tiene España, es que hay más de 30.000 viviendas vacías, más de 350.000 en toda Galicia, y ¿sabe por qué? Porque hay una ley de vivienda, de vivienda, que hizo el Gobierno central que deja totalmente desprotegido y da una inseguridad jurídica tremenda a los propietarios, por eso no las ponen en alquiler. Yo creo que hoy todos leímos el periódico, salía en todos los periódicos, que hay una señora en esta ciudad que lleva cuatro años con la vivienda alquilada y que no le habían pagado la renta y que incluso el usuario o el inquilino se negaba a aceptar las propuestas que hacían los servicios sociales y que al final le deben 22.000 euros que no va a cobrar. Cuando uno lee esta noticia ***(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención)*** el sábado pasado, una señora lleva 14 años sin cobrar las rentas es aquí hay un problema, y entonces, lo que tenemos que hacer es tomar medidas como está haciendo por ejemplo el Ayuntamiento de Vigo, que podían copiarle, para que estas viviendas vacías darle seguridad a los arrendadores para que las pongan en alquiler. Esa sería uno de los de las medidas que hay que tomar para que el mercado de vivienda, ya digo, aumente el

*Xa lle digo, a declaración de zona tensionada eu sei que é por unha petición do Bloque Nacionalista Galego, vostedes non cren neste medida, pero xa lle digo, ao final o tempo vai dar a razón e asegúrolle que esta declaración non vai solucionar para nada o tema, o tema do prezo das rendas dos alugueiros nesta cidade e non vai baixar para nada as rendas dos alugueiros, e por suposto, o problema de vivenda, que hoxe estivo moi presente, moi presente neste pleno, seguirá nesta cidade se non se tomen solucións efectivas.*

*Moitísimas grazas pola súa atención.*

***Señor Díaz Gallego***

*Si, grazas señora alcaldesa.*

*Antes de nada, señor Lorenzo, bo, non sei, se cadra é que non sei sumar correctamente. A mesa de traballo da zona tensionada creouse o 29 de novembro, creouna, presidiuna a señora alcaldesa no Salón Dourado o 29 de novembro e a documentación remitiuse á Xunta de Galicia o 7 de abril. Entón, anos e medio..., aclaro: 29 de novembro de 2024 e remitiuse a documentación o 7 de abril de 2025. Eu non se onde está o ano e medio, pero bo, se vostedes non saben sumar eu recoñézolles o ano e medio, eu non o vexo por ningún lado. Se cadra medio ano, ano e medio desde logo non.*

*En todo caso, o seu papel, señores do Partido Popular xa o coñecemos todos, refírome, falan de Vigo, pero falen das cidades que gobernan, podemos falar de Madrid, por exemplo, non?, que é o modelo de vivenda do Partido Popular. En Madrid o alugueiro subiu en 2024 un 18 % e podemos contrapoñelo a un modelo de vivenda do Partido Socialista como pode ser Barcelona declarada ademais de zona tensionada, no ano no*

número de viviendas y al haber mayor oferta y menos demanda, por supuesto, bajarán los precios.

Ya le digo, la declaración de zona tensionada yo sé que es por una petición del Bloque Nacionalista Galego, ustedes no creen en esta medida, pero ya le digo, al final el tiempo nos va a dar la razón y le aseguro que esta declaración no va a solucionar para nada el tema, el tema del precio de las rentas de los alquileres en esta ciudad y no va a bajar para nada las rentas de los alquileres, y por supuesto, el problema de vivienda, que hoy estuvo muy presente, muy presente en este pleno, seguirá en esta ciudad si no se tomen soluciones efectivas.

Muchísimas gracias por su atención.

**Señor Díaz Gallego**

Si, gracias señora alcaldesa.

Antes de nada, señor Lorenzo, bueno, no sé, a lo mejor es que no sé sumar correctamente. La mesa de trabajo de la zona tensionada se creó el 29 de noviembre, la creó, la presidió la señora alcaldesa en el Salón Dorado el 29 de noviembre y la documentación se remitió a la Xunta de Galicia el 7 de abril. Entonces, años y medio..., aclaro: 29 de noviembre de 2024 y se remitió la documentación el 7 de abril de 2025. Yo no sé dónde está el año y medio, pero bueno, si ustedes no saben sumar yo les reconozco el año y medio, yo no lo veo por ningún lado. A lo mejor medio año, año y medio desde luego no.

En todo caso, su papel, señores del Partido Popular ya lo conocemos todos, me refiero, hablan de Vigo, pero hablen de las ciudades que gobiernan, podemos hablar de Madrid, por ejemplo ¿no?, que es el modelo de vivienda del Partido Popular. En Madrid el alquiler subió en 2024 un 18 %

*que foi declarada zona tensionada Barcelona o alugueiro baixou en Barcelona preto dun 7 % . Entón bo, temos eses dous modelos, Barcelona baixa un 7 % o alugueiro, Madrid sobe un 18 % o alugueiro. Non sei, se cadra hai algo que se nos escapa a nós.*

*E virán vostedes co tema da vivenda que se oferta ou non se oferta desde que está a zona tensionada, pero bo, eu onte mesmo entrei nunha coñecida plataforma inmobiliaria —da cal non vou facer publicidade, creo que todos, imaxínome que saben cal é— a comprobar cantas vivendas hai en alugueiro neste momento en Barcelona e cantas hai en Madrid e resulta que hai máis oferta de alugueiro en Barcelona en proporción que en Madrid, bastante máis. Hai 5.000 vivendas, 5.004 vivendas en alugueiro neste momento Madrid, en Barcelona fronte a 10.000 en Madrid pero é que Madrid ten seis veces maior superficie o termo municipal, co cal, unha cidade declarada zona tensionada ten maior oferta de alugueiro que unha cidade que non o é e a maiores o alugueiro baixou un 7 % en Barcelona e subiu un 18 % en Madrid. Polo tanto non sei que leccións pódennos dar vostedes de política de vivenda e desde logo paréceme que ten bastante callo cando fala en tardar en construír vivenda pública despois de que só entregasen 40 vivendas en 15 anos, 40 vivendas en 15 anos é o balance do Partido Popular do Goberno de señor Feijóo*

*Recoñézolle e non me desbasten pezas en recoñecelo publicamente que desde que houbo o cambio na Conselleria de Vivenda, non se se por crenza ou por interese, cambiou a política de vivenda da Xunta de Galicia e estanse tomando medidas acertadas en materia de vivenda. Non son suficientes, pero son acertadas. Pero a realidade é que os 15 anos do Partido Popular co señor Feijóo*

y podemos contraponerlo a un modelo de vivienda del Partido Socialista como puede ser Barcelona declarada además de zona tensionada, en el año en el que fue declarada zona tensionada Barcelona el alquiler bajó en Barcelona cerca de un 7 %. Entonces bueno, tenemos esos dos modelos, Barcelona baja un 7 % el alquiler, Madrid sube un 18 % el alquiler. No sé, a lo mejor hay algo que se nos escapa a nosotros.

Y vendrán ustedes con el tema de la vivienda que se oferta o no se oferta desde que está la zona tensionada pero bueno, yo ayer mismo entré en una conocida plataforma inmobiliaria —de la cual no voy a hacer publicidad, creo que todos, me imagino que saben cuál es— a comprobar cuantas viviendas hay en alquiler en este momento en Barcelona y cuantas hay en Madrid y resulta que hay más oferta de alquiler en Barcelona en proporción que en Madrid, bastante más. Hay 5.000 viviendas, 5.004 viviendas en alquiler en este momento Madrid, en Barcelona frente a 10.000 en Madrid pero es que Madrid tiene seis veces mayor superficie el término municipal, con lo cual, una ciudad declarada zona tensionada tiene mayor oferta de alquiler que una ciudad que no lo es y a mayores el alquiler ha bajado un 7 % en Barcelona y ha subido un 18 % en Madrid. Por lo tanto no sé qué lecciones nos pueden dar ustedes de política de vivienda y desde luego me parece que tiene bastante cuajo cuando habla en tardar en construir vivienda pública después de que solo entregasen 40 viviendas en 15 años, 40 viviendas en 15 años es el balance del Partido Popular del Gobierno de señor Feijóo.

Le reconozco y no me duelen prendas en reconocerlo públicamente que desde que ha habido el cambio en la Conselleria de Vivienda, no sé si por creencia o por interés, ha cambiado la política de vivienda de la Xunta de Galicia y se están tomando

*tiveron como balance en Coruña 40 vivendas. Se iso é política de vivenda, desde logo que baixe Deus e o vexa.*

*Desde logo pola nosa banda estamos no camiño correcto en materia de vivenda nesta cidade, e non o digo eu, tampouco o di a alcaldesa, dio vosa, a súa propia Conselleira de Vivenda que recoñece publicamente cada vez que vén a esta cidade os esforzos que se están facendo e o seu propio Instituto Galego de Vivenda e Solo que ademais non só recoñece os seus esforzos, senón que ademais senón que recoñece no último requirimento que a cidade cumpre cos requisitos para ser zona tensionada, ademais estanse tomando todas as medidas que están na nosa man para solucionar o problema da vivenda na cidade, todas, e tamén o di, non eu nin a alcaldesa, senón a FEMP que preside o Partido Popular e que nos felicitou tamén polas nosas boas prácticas nesta materia a nivel nacional.*

*Estamos a construír vivenda pública por primeira vez en décadas, a primeira vez en décadas que constrúe vivenda pública o Concello, non foi este partido, o seu partido, señor Lorenzo, tampouco foron aqueles que chegaban aquí a solucionar o mundo, foi este goberno socialista. Estamos a traballar en poñer en marcha no mercado vivenda baleira inmobles en ruínas, tanto mediante o Plan de ruínas que está a ser, desde logo, un éxito, aínda que teña os tempos que teña que ter porque son un tema complexo como é o de poñer en marcha ruínas na cidade, como con esas bolsas de EMVSA que están planificadas agora e que xa estiveron en marcha tamén no mandato pasado. Non hai que irse a Vigo, a bolsa de EMVSA xa dá garantías aos propietarios sobre a cobranza das rendas de alugueiro se poñen esas vivendas* **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** *a disposición da Empresa Municipal de*

medidas acertadas en materia de vivienda. No son suficientes, pero son acertadas. Pero la realidad es que los 15 años del Partido Popular con el señor Feijóo tuvieron como balance en Coruña 40 viviendas. Si eso es política de vivienda, desde luego que baje Dios y lo vea.

Desde luego por nuestra parte estamos en el camino correcto en materia de vivienda en esta ciudad, y no lo digo yo, tampoco lo dice la alcaldesa, lo dice vuestra, su propia Conselleira de Vivienda que reconoce públicamente cada vez que viene a esta ciudad los esfuerzos que se están haciendo y su propio Instituto Galego de Vivenda e Solo que además no solo reconoce sus esfuerzos, sino que además sino que reconoce en el último requerimiento que la ciudad cumple con los requisitos para ser zona tensionada, además se están tomando todas las medidas que están en nuestra mano para solucionar el problema de la vivienda en la ciudad, todas, y también lo dice, no yo ni la alcaldesa, sino la FEMP que preside el Partido Popular y que nos ha felicitado también por nuestras buenas prácticas en esta materia a nivel nacional.

Estamos construyendo vivienda pública por primera vez en décadas, la primera vez en décadas que construye vivienda pública el Ayuntamiento, no ha sido este partido, su partido, señor Lorenzo, tampoco han sido aquellos que llegaban aquí a solucionar el mundo, ha sido este gobierno socialista. Estamos trabajando en poner en marcha en el mercado vivienda vacía inmuebles en ruinas, tanto mediante el Plan de ruinas que está siendo, desde luego, un éxito, aunque tenga los tiempos que tenga que tener porque son un tema complejo como es el de poner en marcha ruinas en la ciudad, como con esas bolsas de EMVSA que están planificadas ahora y que ya estuvieron en marcha también en el mandato pasado. No hay que irse a Vigo, la bolsa de EMVSA ya da garantías a los propietarios sobre el cobro de las rentas de

*Vivenda.*

*Estamos a investir en rehabilitación, 5,2 millóns de euros en subvencións municipais en rehabilitación financiadas integramente polo Concello e 6 millóns de euros en subvencións cofinanciadas co Ministerio de Vivenda e nas que por primeira vez, ademais, a Xunta de Galicia non pon un euro. Estamos a ceder, como dicía o seu compañeiro o señor Rodríguez, parcelas ao IGVS para que promova vivenda pública na Coruña, catro parcelas con máis, para máis de 100 vivendas, sacando por primeira vez na historia desta cidade parcelas municipais a cesión de superficie a cooperativas no barrio de Xuxán e sentándonos co Ministerio de Vivenda para a análise dos chans do Estado e da Sareb na cidade do cal terán noticias moi pronto.*

*E como non podía ser doutro xeito, tamén traballando na regulación, ordenanza VUT que traeremos a este pleno o máis axiña posible e a declaración da cidade como zona tensionada que a próxima semana mesmo remitiremos o documento emendado á Xunta de Galicia. Ademais, tamén, como foi unha..., a pedimento do sector esa nova ordenanza de licenzas para axilizar os procedementos.*

*Por tanto, construción de vivenda pública protexida, fomento da rehabilitación e da ocupación da vivenda baleira e regulación. En todas estas frontes este goberno municipal está a traballar.*

*Grazas.*

**Terceira. Pregunta de resposta oral sobre a xestión municipal.**

**<u>Presidencia</u>**

alquiler si ponen esas viviendas ***(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)*** a disposición de la Empresa Municipal de Vivienda.

Estamos invirtiendo en rehabilitación, 5,2 millones de euros en subvenciones municipales en rehabilitación financiadas íntegramente por el Concello y 6 millones de euros en subvenciones cofinanciadas con el Ministerio de Vivienda y en las que por primera vez, además, la Xunta de Galicia no pone un euro. Estamos cediendo, como decía su compañero el señor Rodríguez, parcelas al IGVS para que promueva vivienda pública en A Coruña, cuatro parcelas con más, para más de 100 viviendas, sacando por primera vez en la historia de esta ciudad parcelas municipales a cesión de superficie a cooperativas en el barrio de Xuxán y sentándonos con el Ministerio de Vivienda para el análisis de los suelos del Estado de y de la Sareb en la ciudad del cual tendrán noticias muy pronto.

Y como no podía ser de otro modo, también trabajando en la regulación, ordenanza VUT que traeremos a este pleno a la mayor brevedad y la declaración de la ciudad como zona tensionada que la próxima semana mismo remitiremos el documento subsanado a la Xunta de Galicia. Además, también, como ha sido una..., a petición del sector esa nueva ordenanza de licencias para agilizar los procedimientos.

Por lo tanto, construcción de vivienda pública protegida, fomento de la rehabilitación y de la ocupación de la vivienda vacía y regulación. En todos estos frentes este gobierno municipal está trabajando.

Gracias.

***Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre***

Moitas grazas, señor Díaz, e imos xa coa pregunta ómnibus do Partido Popular.

Señor Lorenzo.

**<u>Señor Lorenzo Torres</u>**

*Grazas señora alcaldesa. É unha pregunta máis.*

*Como valora Inés Rey a xestión do seu Goberno municipal para solucionar os problemas do día a día dos coruñeses?*

**<u>Señor Lage Tuñas</u>**

Gracias, señor Lorenzo, non podía faltar a pregunta escoba do Pleno.

Pois seguramente vostede o valora dunha maneira, nós de outra e cada cidadán de forma diferente, porque claro, como valora un mesmo o traballo que fai? Pois intentando facelo o mellor posible sabendo que comete erros. Eso supoño que todos os humanos. Que quere preguntar concretamente ou quere facer o batiburrillo este que fai ao final do Pleno? Díganos e contestámoslle, pero, *como valora a xestión para solucionar o día a día*? Pois traballando todos os días, señor Lorenzo, unhas veces facéndoo mellor e outras veces, pois seguramente sendo mellorable.

***<u>Señor Lorenzo Torres</u>***

Mire, señor Lage, traballarán, traballarán, pero non se lles nota eh, xa llo digo agora, *porque a verdade, eu a pregunta que lle fago é a que nos facemos todos os coruñeses: que están vostedes facendo para mellorar o día a día dos coruñeses?*

*E mira, voulle poñer un exemplo e ademais un exemplo moi actual de todo o que pasou hoxe neste pleno, para que vexan como teñen a fama que teñen **la gestión municipal.***

***<u>Presidencia</u>***

*Muchas gracias, señor Díaz, y vamos ya con la pregunta ómnibus del Partido Popular.*

*Señor Lorenzo.*

***<u>Señor Lorenzo Torres</u>***

Gracias señora alcaldesa. Es una pregunta más.

¿Cómo valora Inés Rey la gestión de su Gobierno municipal para solucionar los problemas del día a día de los coruñeses?

***<u>Señor Lage Tuñas</u>***

*Gracias, señor Lorenzo, no podía faltar la pregunta escoba del Pleno.*

*Pues seguramente usted lo valora de una manera, nosotros de otra y cada ciudadano de forma diferente, porque claro, ¿cómo valora uno mismo el trabajo que hace? Pues intentando hacerlo lo mejor posible sabiendo que comete errores. Eso supongo que todos los humanos. ¿Qué quiere preguntar concretamente o quiere hacer el batiburrillo este que hace al final del Pleno? Díganos y contestamos, pero ¿cómo valora la gestión para solucionar el día a día? Pues trabajando todos los días, señor Lorenzo, unas veces haciéndolo mejor y otras veces, pues seguramente siendo mejorable.*

**<u>Señor Lorenzo Torres</u>**

*Mire, señor Lage, trabajarán, trabajarán, pero no se les nota, ¿eh?, ya se lo digo ahora,* porque la verdad, yo la pregunta que le hago es la que nos hacemos todos los coruñeses: ¿qué están ustedes haciendo para mejorar el día a día de los coruñeses?

*vostedes de xestionar. Hoxe trouxo a este pleno o Bloque Nacionalista Galego unha moción repetindo unha moción do 2019, pedindo o mesmo que se pedía no 2019, que vostedes aprobaron esa moción, sobre un barrio da Silva. Non fixeron nada sobre esa moción.*

*Hoxe, o señor, tamén do Bloque Nacionalista Galego, o señor Jorquera, falaba da área metropolitana, falou da noite dos tempos, de canto levamos esperando iniciativas respecto á área metropolitana. É un exemplo da execución que ten este goberno municipal. Este pleno foi un claro exemplo de todo iso.*

*Falamos agora de zona tensionada. Por suposto que A Coruña está tensionada, pero están tensionados, sobre todo, os cidadáns, do que teñen que vivir no día a día, sobre todo nos barrios, onde hai unha falta total de investimento e unha falta total por parte deste concello de preocuparse por toda esa situación, e sobre todo, xa digo, de investimento na execución do orzamento.*

*Falamos de temas de seguridade. Dicía o señor Castro que el apatrullaba a cidade toda a noite as 24 horas, o cal me chamou a atención, no barrio de Monte Alto. Eu pregúntolle que vaia á rúa Vizcaya, ou que vaia a aqueles barrios onde existen pisos onde se venden drogas, os problemas que teñen de seguridade e o medo que pasan os cidadáns ás veces pola noite porque, entre outras cousas, porque hai pouca Policía Local, porque hai poucos efectivos.*

*Isto é unha realidade, unha realidade desta cidade, o que pasa é que vostedes viven noutro país, vostedes viven no país das marabillas, no país de Walt Disney e crense vostedes que todo o que fan fano ben. Hoxe, por certo, vinlle un xesto de humildade, por primeira vez, dixo: bo*

Y mira, le voy a poner un ejemplo y además un ejemplo muy actual de todo lo que pasó hoy en este pleno, para que vean como tienen la fama que tienen ustedes de gestionar. Hoy trajo a este pleno el Bloque Nacionalista Galego una moción repitiendo una moción del 2019, pidiendo lo mismo que se pedía en el 2019, que ustedes aprobaron esa moción, sobre un barrio de La Silva. No han hecho nada sobre esa moción.

Hoy, el señor, también del Bloque Nacionalista Galego, el señor Jorquera, hablaba del área metropolitana, habló de la noche de los tiempos, de cuánto llevamos esperando iniciativas respecto al área metropolitana. Es un ejemplo de la ejecución que tiene este gobierno municipal. Este pleno ha sido un claro ejemplo de todo ello.

Hablamos ahora de zona tensionada. Por supuesto que La Coruña está tensionada, pero están tensionados, sobre todo, los ciudadanos, de lo que tienen que vivir en el día a día, sobre todo en los barrios, donde hay una falta total de inversión y una falta total por parte de este ayuntamiento de preocuparse por toda esa situación, y sobre todo, ya digo, de inversión en la ejecución del presupuesto.

Hablamos de temas de seguridad. Decía el señor Castro que él apatrullaba la ciudad toda la noche las 24 horas, lo cual me llamó la atención, en el barrio de Monte Alto. Yo le pregunto que vaya a la calle Vizcaya, o que vaya a aquellos barrios donde existen pisos donde se venden drogas, los problemas que tienen de seguridad y el miedo que pasan los ciudadanos a veces por la noche porque, entre otras cosas, porque hay poca Policía Local, porque hay pocos efectivos.

Esto es una realidad, una realidad de esta ciudad, lo que pasa es que ustedes viven en otro país, ustedes viven en el país de las

*cometemos fallos. Muchos fallos, pero saben cal é o maior fallo que teñen vostedes? O non escoitar. Eu por exemplo agradecinlle ou lle agradezo publicamente que hoxe polo menos as tres mocións que presentou o Partido Popular vostedes as aprobasen por unanimidade, agradézollo, porque son propostas, son propostas que facemos. Eu cando me din que non somos unha oposición construtiva digo: ir ao Pleno, mirar as mocións que presentamos e veredes como o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista apóianas. É certo, é certo que ao final estas mocións vostedes apóianas porque lles dá igual, porque ao final saben, como pasou hoxe coa da Silva do ano 2019, que non a van a cumprir.*

*Vostedes o que lles interesa é o discurso, a demagoxia, o quedar ben, pero o que é executar, o que é cumprir, iso desde logo non o fan.*

*E por suposto que oxalá, oxalá... Vostede diciáme o outro día que agradecía moito noso labor, que ás veces lle mandabamos ou lle contabamos cousas que pasaban nos barrios que vostedes non tiñan coñecemento, que faciamos un labor colaboradora, como dicía vostede, oxalá por exemplo, que no tema dos orzamentos, estes que van executar, como hai moitas partidas orzamentarias que descoñecemos a finalidade, oxalá que teñan en conta todas as propostas que fixo o Partido Popular, porque nós aos orzamentos si que fixemos propostas, propostas que recollemos dos barrios e propostas que recollemos dos distintos sectores da cidade, sectoriais.*

*Dito isto, oxalá, oxalá, dígolle que a revisen, que as miren e como hai aí partidas que non se sabe onde vai ese diñeiro, nin está... non ten unha finalidade pois se cadra algunha delas poden ser tidas en conta, porque nós, a*

maravillas, en el país de Walt Disney y se creen ustedes que todo lo que hacen lo hacen bien. Hoy, por cierto, le vi un gesto de humildad, por primera vez, dijo: bueno, cometemos fallos. Muchos fallos, pero ¿saben cual es el mayor fallo que tienen ustedes? El no escuchar. Yo por ejemplo le agradecí o le agradezco públicamente que hoy al menos las tres mociones que presentó el Partido Popular ustedes las hubieran aprobado por unanimidad, se lo agradezco, porque son propuestas, son propuestas que hacemos. Yo cuando me dicen que no somos una oposición constructiva digo: ir al Pleno, mirar las mociones que presentamos y veréis como el Partido Socialista y el Bloque Nacionalista las apoyan. Es cierto, es cierto que al final estas mociones ustedes las apoyan porque les da igual, porque al final saben, como pasó hoy con la de La Silva del año 2019, que no la van a cumplir.

Ustedes lo que les interesa es el discurso, la demagogia, el quedar bien, pero lo que es ejecutar, lo que es cumplir, eso desde luego no lo hacen.

Y por supuesto que ojalá, ojalá... Usted me decía el otro día que agradecía mucho nuestra labor, que a veces le mandábamos o le contábamos cosas que pasaban en los barrios que ustedes no tenían conocimiento, que hacíamos una labor colaboradora, como decía usted, ojalá por ejemplo, que en el tema de los presupuestos, estos que van a ejecutar, como hay muchas partidas presupuestarias que desconocemos la finalidad, ojalá que tengan en cuenta todas las propuestas que hizo el Partido Popular, porque nosotros a los presupuestos sí que hicimos propuestas, propuestas que recogimos de los barrios y propuestas que recogimos de los distintos sectores de la ciudad, sectoriales.

Dicho esto, ojalá, ojalá, le digo que la revisen, que las miren y como hay ahí

*nosa función é colaborar. Eu creo que hai outra forma de gobernar e pode haber nun futuro outra forma de gobernar, porque levamos dous anos de goberno socialista apoiado por un Bloque que está calado en moitos temas, e hoxe non toca falar diso, pero que está calado en moitos temas, que non di nada porque... non sei porque, porque están a lles apoiar a vostedes que lles lembro que non teñen maioría.*

*Hoxe falaban vostedes dos fondos Next Generation, que se podían perder no tema das cooperativas. Gustaríame saber cantos temas, cuantos, perdón, cantas partidas orzamentarias ou subvencións por parte deses fondos Next-Generation están a perderse nesta cidade por non, vostedes non investilos no prazo establecido, porque sabe que son fondos que teñen determinados prazos e se non se cumpren ao final ten que ser o cidadán da Coruña que perde eses fondos porque as cousas fanse cos impostos de todos os cidadáns. Iso tamén vostedes son os que teñen que facer unha reflexión, de todo o que está a pasar.*

*E, por último, falando tamén da zona tensionada. Mire, eu os datos que lle dei son os que saco do expediente, e no expediente pon que, no ano 2023, no ano 2023, en outubro, vostedes o 23 de outubro mandaron a carta á Xunta pedindo zona tensionada e pon que o 29 de outubro do 2024, perdón 29 de novembro do 2024, un ano despois, constituíron a mesa sectorial de vivenda. Eu non estou a mentir, eu refírome ao que pon este expediente, un ano tardaron en convocar esa mesa e un ano e medio en mandar os documentos —mal enviados, por certo— á Xunta de Galicia, e logo pídenlle celeridade. Eu non minto nunca, pódome equivocar, non o dubido, pero non minto nunca, non son como vostedes, que vostedes se agarran sempre ao relato* ***(óese un sinal acústico indicativo da***

partidas que no se sabe donde va ese dinero, ni está... no tiene una finalidad pues a lo mejor alguna de ellas pueden ser tenidas en cuenta, porque nosotros, nuestra función es colaborar. Yo creo que hay otra forma de gobernar y puede haber en un futuro otra forma de gobernar, porque llevamos dos años de gobierno socialista apoyado por un Bloque que está callado en muchos temas, y hoy no toca hablar de ello, pero que está callado en muchos temas, que no dice nada porque... no sé por qué, porque están apoyándoles a ustedes que les recuerdo que no tienen mayoría.

Hoy hablaban ustedes de los fondos Next Generation, que se podían perder en el tema de las cooperativas. Me gustaría saber cuántos temas, cuantos, perdón, cuantas partidas presupuestarias o subvenciones por parte de esos fondos Next-Generation se están perdiendo en esta ciudad por no, ustedes no invertirlos en el plazo establecido, porque sabe que son fondos que tienen determinados plazos y si no se cumplen al final tiene que ser el ciudadano de A Coruña que pierde esos fondos porque las cosas se hacen con los impuestos de todos los ciudadanos. Eso también ustedes son los que tienen que hacer una reflexión, de todo lo que está pasando.

Y, por último, hablando también de la zona tensionada. Mire, yo los datos que le he dado son los que saco del expediente, y en el expediente pone que, en el año 2023, en el año 2023, en octubre, ustedes el 23 de octubre mandaron la carta a la Xunta pidiendo zona tensionada y pone que el 29 de octubre del 2024, perdón 29 de noviembre del 2024, un año después, constituyeron la mesa sectorial de vivienda. Yo no estoy mintiendo, yo me refiero a lo que pone este expediente, un año tardaron en convocar esa mesa y un año y medio en mandar los documentos —mal enviados, por cierto— a la Xunta de Galicia, y luego le piden celeridad. Yo no

***finalización do tempo de intervención)****, pero o relato ao final cae pola verdade, e a verdade que vive esta cidade é outra, porque desde logo a xente sente abandonada, a cidade non prospera, a cidade non está a evolucionar e os únicos grandes proxectos que se están sacando adiante, xa lle digo, é porque hai outras administracións que os lideran.*

*Moitísimas grazas pola súa atención.*

**Señor Lage Tuñas**

Señor Lorenzo, a verdade, cada vez me da mais pereza contestarlle a este tipo de cousas porque me parece que hai unha falta de rigor, de seriedade, é dicir, pero é permanente. Si se entende que se poda facer, non só oposición, senón que é imprescindible en calquera régimen democrático e que poida ser construtiva. Ao final, cal é a pregunta, señor Lorenzo? En que se concreta? Veu a facer, digamos, o seu spot publicitario. Eu non lle vou dicir que minta, que falta a verdade si. Xa lle contestou o meu compañeiro o señor Díaz. Vostede o que omiteu, o que omiteu, é algo que eu creo que é básico. Eu non lle vou virar a cara ás cousas que dice, eh? Este claro que foi o primeiro concello en Galicia en intentar facer aquelo que xa iban a facer en Barcelona. Quen decideu, quen decideu ter outra actitude, como explicou antes o meu compañeiro, foi o Goberno galego e dende ese día que este goberno se dirixeu á Xunta de Galicia, tivemos que escoitar cousas como que unha conselleira... É dicir, unha persoa pode formar parte do Goberno galego e dicir cousas como o seguinte: *é unha norma de dubidosa aplicación mentres non haxa unha resolución xudicial ao respecto*, decindo de porque a Lei estaba recorrida no Tribunal Constitucional, unha conselleira da Xunta de Galicia dixo que non se podía aplicar.

miento nunca, me puedo equivocar, no lo dudo, pero no miento nunca, no soy como ustedes que ustedes se agarran siempre al relato **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)**, pero el relato al final cae por la verdad, y la verdad que vive esta ciudad es otra, porque desde luego la gente se siente abandonada, la ciudad no prospera, la ciudad no está evolucionando y los únicos grandes proyectos que se están sacando adelante, ya le digo, es porque hay otras administraciones que los lideran.

Muchísimas gracias por su atención.

***Señor Lage Tuñas***

*Señor Lorenzo, la verdad, cada vez me de la mas pereza contestarle a este tipo de cosas porque me parece que hay una falta de rigor, de seriedad, es decir, pero es permanente. Si se entiende que se pueda hacer, no solo oposición, sino que es imprescindible en cualquiera régimen democrático y que pueda ser constructiva. Al final, ¿cuál es la pregunta, señor Lorenzo? ¿en qué se concreta? Vino a hacer, digamos, su spot publicitario. Yo no le voy a decir que mienta, que falta la verdad sí. Ya le contestó mi compañero el señor Díaz. Usted lo que omitió, lo que omitió es algo que yo creo que es básico. Yo no le voy a torcer la cara a las cosas que dice, ¿eh? Este claro que fue el primer ayuntamiento en Galicia en intentar hacer aquello que ya iban a hacer en Barcelona. Quien decidió, quien decidió tener otra actitud, como explicó antes mi compañero, fue el Gobierno gallego y desde ese día que este gobierno se dirigió a la Xunta de Galicia, tuvimos que escuchar cosas como que una conselleira... Es decir, una persona puede formar parte del Gobierno gallego y decir cosas como lo siguiente*: es una norma de dudosa aplicación mientras no haya una resolución judicial al respecto, *diciendo de porque la Ley estaba recurrida en el Tribunal Constitucional, una*

Vostede, de dereito, todo o mundo coincide que algo entende, verdade? Non o dixo ningún membro de este goberno, eh?. No Goberno de Galicia hai personas que aínda se sentan hoxe que dixeron que unha norma que estea recorrida no Constitucional non saben si se pode aplicar ou non. Si, si, está por escrito e recollido. Non me estraña que haxa xente que se asuste ao escoitalo. E durante todo ese tempo decidiron que non facían nada cando se lles pideu que tomaran iniciativa, que estudiaran. Non sabían nin quen tiña que ocuparse de iso, e ao final, como fan con todo, acaban trasladándolle a responsabilidade ao Concello cando vostedes xa tiñan os datos ou á Administración central. Bueno, teñen a santa jeta de pedirlle explicacións ao Goberno central despois de dar 10 millóns de euros a fondo perdido para construír vivendas. É dicir, quítanse do medio, non son responsables de nada.

É dicir, un pouco de rigor a hora de abordar as cuestións. Quere falar do balance? quere facer un balance cada pleno do Goberno de Inés Rey? Fagámolo, fagámolo, non hai ningún problema. Mire, cando Inés Rey chegou á Alcaldía da Coruña esta cidade estaba parada, niso coinciden tirios e troyanos e coinciden incluso os do seu partido, e había un mantra que era que non había entendemento con nadie, con ningunha administración. Vostede, que me dixo a min se eu levaba aquí moito tempo, no Pleno pasado, non sei si se acorda, eu non sei se vostede estaba ou non estaba, pero iso era o que se comentaba permanentemente. Hoxe podemos coller...

Vostede fala de como está a cidade, eu podo dicirlle o que dicían cando chegamos ao Goberno e tamén lle podo dicir todos os anuncios que facían vostedes. Xa lle expliquei no Pleno pasado que co seu goberno, o Goberno do conselleira de la Xunta de Galicia dijo que no se podía aplicar.

*conselleira de la Xunta de Galicia dijo que no se podía aplicar.*

*Usted, de derecho, todo el mundo coincide que algo entiende, ¿verdad? No lo dijo ningún miembro de este gobierno, ¿eh?. En el Gobierno de Galicia hay personas que aún se sientan hoy que dijeron que una norma que esté recurrida en el Constitucional no saben si se puede aplicar o no. Sí, sí, está por escrito y recogido. No me extraña que haya gente que se asuste al escucharlo. Y durante todo ese tiempo decidieron que no hacían nada, cuando se les pidió que tomaran iniciativa, que estudiaran. No sabían ni quién tenía que ocuparse de eso, y al final, como hacen con todo, acaban trasladándole la responsabilidad al Ayuntamiento cuando ustedes ya tenían los datos o a la Administración central. Bueno, tienen la santa jeta de pedirle explicaciones al Gobierno central después de dar 10 millones de euros a fondo perdido para construir viviendas.*

*É decir, se quitan del medio, no son responsables de nada. É decir, un poco de rigor a la hora de abordar las cuestiones. ¿Quiere hablar del balance? ¿quiere hacer un balance cada pleno del Gobierno de Inés Rey? Hagámoslo, hagámoslo, no hay ningún problema. Mire, cuando Inés Rey llegó a la Alcaldía de A Coruña esta ciudad estaba parada, en eso coinciden tirios y troyanos y coinciden incluso los de su partido, y había un mantra que era que no había entendimiento con nadie, con ninguna administración. Usted, que me dijo a mí si yo llevaba aquí mucho tiempo, en el Pleno pasado, no sé sí se acuerda, yo no sé si usted estaba o no estaba, pero eso era lo que se comentaba permanentemente. Hoy podemos coger...*

*Usted habla de cómo está la ciudad, yo puedo decirle lo que decían cuando*

señor Negreira, iban a empezar as obras de Alfonso Molina no 2014. Tivo que chegar unha alcaldesa socialista e un goberno socialista a España para que a actuación en Alfonso Molina se licitase, se adxudicase e comezase. Dez anos de diferencia entre os seus anuncios e os feitos.

Pero mire, quere que vaiamos aos datos? Podemos falar do que queira. Transporte público? Hoxe hai mais de 27 millóns de usos por parte de coruñeses e coruñesas dos buses da cidade. Ah! hai un cambio, hai un cambio importante, aparte de incrementar os usos do transporte público e unha valoración que volvo a repetir pleno tras pleno que é unha valoración óptima, mellorable pero óptima do servicio. Será froito da xestión do Goberno municipal e de Inés Rey, ou non ten nada que ver que hoxe o coste medio do billete de transporte sexa inferior ó do resto de cidades de España é unha xestión de este Goberno ou cae do ceo, señor Lorenzo?

Hoxe hai cinco veces mais bolsas comedor que cando gobernaban vostedes, cando vostede era concelleiro de servicios sociais **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)**, cinco veces máis, pero hoxe podo dicirlle que todas aquelas cuestións das que se falaba, había páginas que inundaban os periódicos, estaba atascado Alfonso Molina, non se sabía nada de la obra a pesar de que iba a empezar no 2014, anunciado polo seu goberno. Gobernaban na Xunta, na Diputación, no Concello e no Goberno de España, gobernaban en todos os sitios, anunciaron todo, pero non fixeron nada. Hoxe a ampliación de Alfonso Molina está en marcha; hoxe a estación intermodal... Cando se desbloquea a estación intermodal? Desbloquéase con Inés Rey como alcaldesa. Cando se remata a estación intermodal? Con Inés

*llegamos al Gobierno y también le puedo decir todos los anuncios que hacían ustedes. Ya le expliqué en el Pleno pasado que con su gobierno, el Gobierno del señor Negreira, iban a empezar las obras de Alfonso Molina en el 2014. Tuvo que llegar una alcaldesa socialista y un gobierno socialista a España para que la actuación en Alfonso Molina se licitara, se adjudicara y comenzara. Diez años de diferencia entre sus anuncios y los hechos.*

*Pero mire, ¿quiere que vayamos a los datos? Podemos hablar de lo que quiera ¿Transporte público? Hoy hay mas de 27 millones de usos por parte de coruñeses y coruñesas de los buses de la ciudad. ¡Ah!, hay un cambio, hay un cambio importante, aparte de incrementar los usos del transporte público y una valoración que vuelvo a repetir pleno tras pleno que es una valoración óptima, mejorable pero óptima del servicio. Será fruto de la gestión del Gobierno municipal y de Inés Rey ¿o no tiene nada que ver que hoy el coste medio del billete de transporte sea inferior al del resto de ciudades de España es una gestión de este Gobierno o cae del cielo, señor Lorenzo?*

*Hoy hay cinco veces mas becas comedor que cuando gobernaban ustedes, cuando usted era concejal de servicios sociales* ***(se oye una señal acústica indicativo de la finalización del tiempo de intervención)****, cinco veces más, pero hoy puedo decirle qué todas aquellas cuestiones de las que se hablaba, había páginas que inundaban los periódicos, estaba atascado Alfonso Molina, no se sabía nada de lana obra a pesar de que iba a empezar en el 2014, anunciado por su gobierno. Gobernaban en la Xunta, en la Diputación, en el Ayuntamiento y en el Gobierno de España, gobernaban en todos los sitios, anunciaron todo, pero no hicieron nada. Hoy la ampliación de Alfonso Molina está en marcha; hoy la estación intermodal...*

Rey como alcaldesa. Para cando vai a estar a estación intermodal? Para xuño do 2026. Por certo, do tren a Punta Langosteira levamos 16 anos escoitando que se iba a poñer en marcha. Cando se licitou? cando se adxudicou? Con este goberno.

Por certo, algúns dos que están aquí ríanse, ríanse da aposta por BiciCoruña, xa non se acordan que se rían da aposta por BiciCoruña? e cando dicíamos que a ver si conseguiamos que houbese 5.000 abonados para o 2027 tomábano a chufla. Hoxe estamos en mais de 14.000 abonados que se moven a diario en BiciCoruña. Hoxe hai un modelo de cidade onde se actuou en mais de 40 rúas e prazas con humanizacións e con espazos simbólicos que hoxe son recoñecibles e levan premios en toda España. Hoxe ha un modelo **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención)** —remato señora alcaldesa—, hoxe hai un modelo de cidade pero hai unha forma de gobernar, sin sectarismos, chegando a acordo con outras administracións, co Estado, coa Deputación, coa Xunta, con outras institucións.

Hoxe está en marcha un proxecto como Coruña Marítima que supón a maior transformación que vai a ter a cidade nos próximos 50 anos e se fai baixo o liderazgo de Inés Rey. Hoxe desatáscase algo que xa iba resolverse con vostedes, como era o mercado de Santa Lucía. Iban a facer tamén o mercado de Monte Alto, abrirase seguramente antes de que acabe o fin de este ano 2025, e en calquera caso creo que hai exemplos sobrados, sexa con sanidade, sexa con vivenda, sexa coa Xunta, sexa co Estado, de que esta cidade ten un modelo, ten un liderazgo e ten, desde logo, un rumbo...

**Presidencia**

*¿Cuándo se desbloquea la estación intermodal? Se desbloquea con Inés Rey como alcaldesa. ¿Cuándo se finaliza la estación intermodal? Con Inés Rey como alcaldesa. ¿Para cuándo va a estar la estación intermodal? Para junio de 2026. Por cierto, del tren a Punta Langosteira llevamos 16 años escuchando que se iba a poner en marcha. ¿cuándo se licitó, cuándo se adjudicó? Con este gobierno.*

*Por cierto, algunos de los que están aquí se reían, se reían de la apuesta por BiciCoruña, ¿ya no se acuerdan que se reían de la apuesta por BiciCoruña? y cuando decíamos que a ver si conseguíamos que hubiera 5.000 abonados para 2027 lo tomaban a chufla. Hoy estamos en mas de 14.000 abonados que se mueven a diario en BiciCoruña. Hoy hay un modelo de ciudad donde se actuó en mas de 40 calles y plazas con humanizaciones y con espacios simbólicos que hoy son reconocibles y se llevan premios en toda España. Hoy ha un modelo* ***(se oyen dos señales acústicas indicativos de la finalización del tiempo de intervención)*** *—finalizo señora alcaldesa—, hoy hay un modelo de ciudad pero hay una forma de gobernar, sin sectarismos, llegando a acuerdo con otras administraciones, con el Estado, con la Diputación, con la Xunta, con otras instituciones.*

*Hoy está en marcha un proyecto como Coruña Marítima que supone la mayor transformación que va a tener la ciudad nos próximos 50 años y se hace bajo el liderazgo de Inés Rey. Hoy se desatasca algo que ya iba resolverse con ustedes, como era el mercado de Santa Lucía. Iban a hacer también el mercado de Monte Alto, se abrirá seguramente antes de que acabe el fin de este año 2025, y en cualquier caso creo que hay ejemplos sobrados, sea con sanidad, sea con vivienda, sea con la Xunta, sea con el Estado, de que esta*

Señor Lage, ten que ir rematando por favor.

**Señor Lage Tuñas**

Remato.

Cal é, cal é a alternativa que teñen señor Lorenzo? Que vostedes fan propostas? Claro que as recollemos. Que aprobamos mocións? Por suposto, son declaracións de intencións, de boa vontade de cousas que se deben de facer e vanse ordenando como, pois como calquera, cando hai recursos faise e cando no espera para o seguinte, e é moi fácil pedir pero é mais difícil xestionar, vostede debería de sabelo.

Vostede fala dos barrios? É a primeira vez que esta cidade vai a ter un plan de barrios. É dicir, este ano 2025 marca un punto de inflexión. Baixo que mandato, baixo que dirección e baixo que goberno? Baixo o Goberno de Inés Rey. Antes do 30 de xuño este goberno presentará o plan de barrios na súa primeira fase 2025-2027, e iso que supón? Investimento con accións concretas en cada barrio.

Recollemos as propostas? Si. Somos sectarios? No. Nos parecen ben algunhas cousas que propoñen vostedes? Pois por que non, por que non? E por certo, humildade non neste pleno, sempre. Nós somos os primeiros que recoñecemos que un non acerta sempre. Ogallá todo o mundo o vira así, só os iluminados creen que acertan sempre, nós nos equivocamos como calquera, agora, traballo, todo o día, sen descanso.

Bueno, eu nas cuestións que se comentaron da noite e do día non entro. Agora, o que si digo é que o Goberno, todos os compañeiros e compañeiras de este goberno, traballan e están comprometidos para facer o mellor

*ciudad tiene un modelo, tiene un liderazgo y tiene, desde luego, un rumbo...*

***Presidencia***

*Señor Lage, tiene que ir finalizando por favor.*

***Señor Lage Tuñas***

*Finalizo.*

*¿Cuál es, cuál es la alternativa que tienen señor Lorenzo? ¿Que ustedes hacen propuestas? Claro que las recogemos. ¿Que aprobamos mociones? Por supuesto, son declaraciones de intenciones, de buena voluntad de cosas que se deben de hacer y se van ordenando como, pues como cualquiera, cuando hay recursos se hace y cuando no espera para lo siguiente, y es muy fácil pedir pero es mas difícil gestionar, usted debería de saberlo.*

*¿Usted habla de los barrios? Es la primera vez que esta ciudad va a tener un plan de barrios. Es decir, este año 2025 marca un punto de inflexión. ¿Bajo qué mandato, bajo qué dirección y bajo qué gobierno? Bajo el Gobierno de Inés Rey. Antes de 30 de junio este gobierno presentará el plan de barrios en su primera fase 2025-2027, y ¿eso que supone? Inversión con acciones concretas en cada barrio.*

*¿Recogemos las propuestas? Sí. ¿Somos sectarios? No. ¿Nos parecen bien algunas cosas que proponen ustedes? Pues ¿por qué no? Y por cierto, humildad no en este pleno, siempre. Nosotros somos los primeros que reconocemos que uno no acierta siempre. Ojalá todo el mundo lo viera así, solo los iluminados creen que aciertan siempre, nosotros nos equivocamos como cualquiera, ahora, trabajo, todo el día, sin descanso.*

*Bueno, yo en las cuestiones que se comentaron de la noche y del día no entro.*

posible por esta cidade e todas as aportacións da oposición son sempre ben recollidas. Nós temos...

**Presidencia**

Ben, está claro, quedou clarísimo. Moitísimas grazas.

**Señor Lage Tuñas**

Ben, remato. Gracias, señora alcaldesa.

**Presidencia**

Si, veña, estupendo.

Grazas a todos, rematan as preguntas.

**4º. Preguntas de resposta escrita.**

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ESCRITA PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

**Primeira. Pregunta de resposta escrita relativa ao incumprimento do Regulamento do Consello de Memoria Democrática por parte do Goberno local.**

1. Por que está a ignorar o Goberno local o Regulamento do Consello de Memoria Democrática como órgano consultivo, de participación e de recuperación da memoria das vítimas do franquismo e de atención e apoio aos seus descendentes directos?

2. Por que leva catro anos o Goberno local sen reunir ao Consello de Memoria Democrática?

3. Por que non responde o Goberno local á solicitude de novembro de 2024 de convocatoria dun pleno ordinario para a actualización do Consello Municipal de Memoria por parte da Comisión pola

*Ahora, lo que sí digo y que el Gobierno, todos los compañeros y compañeras de este gobierno, trabajan y están comprometidos para hacer lo mejor posible por esta ciudad y todas las aportaciones de la oposición son siempre bien recogidas. Nosotros tenemos...*

***Presidencia***

*Bien, está claro, quedó clarísimo. Muchísimas gracias.*

***Señor Lage Tuñas***

*Ben, finalizo. Gracias, señora alcaldesa.*

***Presidencia***

*Sí, venga, estupendo.*

*Gracias a todos, finalizan las preguntas.*

***4º. Preguntas de respuesta escrita.***

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ESCRITA PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

***Primera. Pregunta de respuesta escrita relativa al incumplimiento del Reglamento del Consejo de Memoria Democrática por parte del Gobierno local.***

*1. ¿Por qué ignora el Gobierno local el Reglamento del Consejo de Memoria Democrática como órgano consultivo, de participación y de recuperación de la memoria de las víctimas del franquismo y de atención y apoyo a sus descendientes directos?*

*2. ¿Por qué lleva cuatro años el Gobierno local sin reunir al Consejo de Memoria Democrática?*

*3. ¿Por qué no responde el Gobierno local*

Recuperación da Memoria Histórica da Coruña?

4. Cando prevé convocar a próxima reunión?

5. Como e cando ten previsto planificar o calendario de reunións periódicas que determina o Regulamento?

6. Por que anuncia o Goberno local decisións vinculadas á memoria histórica negándolle a participación previa ao movemento memorialista coruñés?

7. Considera o Goberno local que é democrático ignorar o movemento memorialístico no desenvolvemento de políticas públicas de memoria?

8. Entende o Goberno local que pode haber avances efectivos nas políticas públicas de memoria ignorando a sociedade civil organizada no movemento memorialístico e a propia composición do Consello de Memoria Democrática?

9. Por que está a incumprir o Goberno local os acordos da moción impulsada polo BNG no Pleno de xaneiro de 2025 que o comprometía a actualizar a composición do Consello de Memoria Democrática e convocar un pleno á maior brevidade conforme ás normas do Regulamento?

10. Por que o Goberno local segue sen aplicar o informe elaborado polo Instituto José Cornide para restaurar a memoria democrática eliminando o franquismo e o recoñecemento dos represores da Ditadura franquista do espazo público da Coruña?

**Segunda. Pregunta de resposta escrita sobre o plan de formación do persoal do Concello.**

*a la solicitud de noviembre de 2024 de convocatoria de un pleno ordinario para la actualización del Consejo Municipal de Memoria por parte de la Comisión por la Recuperación de la Memoria Histórica de A Coruña?*

*4. ¿Cuándo prevé convocar la próxima reunión?*

*5. ¿Cómo y cuándo tiene previsto planificar el calendario de reuniones periódicas que determina el Reglamento?*

*6. ¿Por qué anuncia el Gobierno local decisiones vinculadas a la memoria histórica negándole la participación previa al movimiento memorialista coruñés?*

*7. ¿Considera el Gobierno local que es democrático ignorar el movimiento memorialístico en el desarrollo de políticas públicas de memoria?*

*8. ¿Entiende el Gobierno local que puede haber avances efectivos en las políticas públicas de memoria ignorando la sociedad civil organizada en el movimiento memorialístico y la propia composición del Consejo de Memoria Democrática?*

*9. ¿Por qué está incumpliendo el Gobierno local los acuerdos de la moción impulsada por el BNG en el Pleno de enero de 2025 que lo comprometía a actualizar la composición del Consejo de Memoria Democrática y convocar un pleno a la mayor brevedad conforme a las normas del Reglamento?*

*10. ¿Por qué el Gobierno local sigue sin aplicar el informe elaborado por el Instituto José Cornide para restaurar la memoria democrática eliminando el franquismo y el reconocimiento de los represores de la Dictadura franquista del espacio público de A Coruña?*

1. Cales son as causas do retraso na aprobación do devandito plan?

2. Prevé o Goberno local que se poda executar o plan de forma íntegra durante o ano 2025?

**Terceira. Pregunta de resposta escrita sobre estatística dous accidentes de tráfico.**

Que criterios se seguen á hora de incluír nas estatísticas oficiais os accidentes de tráfico acontecidos no termo municipal?

**Cuarta. Pregunta de resposta escrita sobre incendios urbanos no ano 2024.**

A que considera a Concellería de Seguridade Cidadá que se debe o considerábel aumento dos incendios urbanos durante o ano 2024?

**PREGUNTAS DE RESPOSTA ESCRITA PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

**Primeira. Pregunta de resposta escrita relativa ao Plan Director do Parque de Santa Margarida.**

*Cantas actuacións se levaron a cabo do Plan Director do Parque de Santa Margarita valorado en 3M de € no ano 2021?*

**Segunda. Pregunta de resposta escrita sobre as árbores da nosa cidade.**

*Ten a Concellería de Infraestruturas un catálogo das árbores da nosa cidade, así como informes actualizados do seu estado?*

**Terceira. Pregunta de resposta escrita relativa á rúa Sinagoga, 4.**

***Segunda. Pregunta de respuesta escrita sobre el plan de formación del personal del Ayuntamiento.***

*1. ¿Cuáles son las causas del retraso en la aprobación de dicho plan?*

*2. ¿Prevé el Gobierno local que se pueda ejecutar el plan de forma íntegra durante el año 2025?*

***Tercera. Pregunta de respuesta escrita sobre estadística de los accidentes de tráfico.***

*¿Qué criterios se siguen a la hora de incluir en las estadísticas oficiales los accidentes de tráfico ocurridos en el término municipal?*

***Cuarta. Pregunta de respuesta escrita sobre incendios urbanos en el año 2024.***

*¿A qué considera la Concejalía de Seguridad Ciudadana que se debe el considerable aumento de los incendios urbanos durante el año 2024?*

***PREGUNTAS DE RESPUESTA ESCRITA PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR***

***Primera. Pregunta de respuesta escrita relativa al Plan Director del Parque de Santa Margarida.***

¿Cuántas actuaciones se han llevado a cabo del Plan Director del Parque de Santa Margarita valorado en 3M de € en el año 2021?

***Segunda. Pregunta de respuesta escrita sobre los árboles de nuestra ciudad.***

¿Tiene la Concejalía de Infraestructuras un catálogo de los árboles de nuestra ciudad, así como informes actualizados de su

*Cantos proxectos, traballos técnicos e intervencións se encargaron, por parte da Concellería de Urbanismo e Rehabilitación da rúa Sinagoga 4, desde o ano 2019 ata o día de hoxe?*

**Cuarta. Pregunta de resposta escrita sobre a varanda de madeira do parque do barrio de Novo Mesoiro.**

*1. Ten o Goberno municipal pensado reparar a varanda de madeira do parque que mira cara ao polígono de Pocomaco?*

*2. Ten algunha memoria valorada do que supoñería a súa reparación ou substitución?*

*3. En caso positivo, cal é o importe da actuación indicada?*

*4. Que prazo ten a actuación sinalada?*

**Quinta. Pregunta de resposta escrita sobre convenios coas entidades deportivas.**

*1. A data do 2 de maio do 2025, iniciáronse as xestións coas entidades deportivas para asinar os convenios?*

*2. En caso positivo, con cantas entidades se contactou?*

*3. Cales son estas entidades coas que se contactou?*

**Sexta. Pregunta de resposta escrita sobre a Gala do Deporte da Opinión da Coruña**.

*1. O Goberno de Inés Rey colaborará na Gala do Deporte deste xornal nesta edición que se celebrará o 28 de maio?*

*2. No caso de que colabore, que*

estado?

***Tercera. Pregunta de respuesta escrita relativa a la calle Sinagoga, 4.***

¿Cuántos proyectos, trabajos técnicos e intervenciones se han encargado, por parte de la Concejalía de Urbanismo y Rehabilitación de la calle Sinagoga 4, desde el año 2019 hasta fecha de hoy?

***Cuarta. Pregunta de respuesta escrita sobre la barandilla de madera del parque del barrio de Novo Mesoiro.***

1. ¿Tiene el Gobierno municipal pensado reparar la barandilla de madera del parque que mira hacia el polígono de Pocomaco?

2. ¿Tiene alguna memoria valorada de lo que supondría su reparación o sustitución?

3. En caso positivo ¿cuál es el importe de la actuación indicada?

4. ¿Qué plazo tiene la actuación señalada?

***Quinta. Pregunta de respuesta escrita sobre convenios con las entidades deportivas.***

1. A fecha de 2 de mayo del 2025 ¿se han iniciado las gestiones con las entidades deportivas para firmar los convenios?

2. En caso positivo ¿con cuantas entidades se ha contactado?

3. ¿Cuáles son estas entidades con las que se ha contactado?

***Sexta. Pregunta de respuesta escrita sobre la Gala del Deporte de la Opinión de A Coruña.***

1. ¿El Gobierno de Inés Rey colaborará en la Gala del Deporte de este periódico en

*departamento asumirá dita colaboración?*

*3. Que cantidade será a destinada a esta gala?*

**Sétima. Pregunta de resposta escrita sobre o Plan de Igualdade no Deporte.**

*1. Que tipo de accións emprenderon para poder promocionar este plan?*

*2. Que partida orzamentaria destinaron no exercicio 2025 para o desenvolvemento do Plan?*

**Oitava. Pregunta de resposta escrita sobre a planificación de seguridade e emerxencias do aparcadoiro dos Cantóns.**

*1. Que plan de seguridade se estableceu para o aparcadoiro dos Cantóns, tendo en conta que se estima o peche dos accesos e saídas intermedios do mesmo?*

*2. Considerouse que, coa eliminación de ambos accesos, os usuarios do aparcadoiro van ter que percorrer máis distancia no interior do aparcadoiro, o que supón ter un plan de evacuación e emerxencias adecuado e consensuado coas FFCCS e servizos de vixilancia, en casos de continxencias como un apagamento, un incendio no interior, etc.?*

*3. Redactáronse eses plans?*

*4. Se así fose, que administracións participaron na súa redacción?*

**Novena. Pregunta de resposta escrita sobre o programa Coruña no Mar.**

*1. Cal é o motivo para que non se execute o programa Coruña no Mar?*

*2. No caso de que non se execute, que tipo*

esta edición que se celebrará el 28 de mayo?

2. En el caso de que colabore ¿qué departamento asumirá dicha colaboración?

3. ¿Qué cantidad será la destinada a esta gala?

***Séptima. Pregunta de respuesta escrita sobre el Plan de Igualdad en el Deporte.***

1. ¿Qué tipo de acciones han emprendido para poder promocionar este plan?

2. ¿Qué partida presupuestaria han destinado en el ejercicio 2025 para el desarrollo del Plan?

***Octava. Pregunta de respuesta escrita sobre la planificación de seguridad y emergencias del parking de Los Cantones.***

1. ¿Qué plan de seguridad se ha establecido para el parking de Los Cantones, toda vez que se estima el cierre de los accesos y salidas intermedios del mismo?

2. ¿Se ha considerado que, con la eliminación de ambos accesos, los usuarios del parking van a tener que recorrer más distancia en el interior del parking, lo que supone tener un plan de evacuación y emergencias adecuado y consensuado con las FFCCS y servicios de vigilancia, en casos de contingencias como un apagón, un incendio en el interior, etc.?

3. ¿Se han redactado esos planes?

4. Si así fuese, ¿qué administraciones han participado en su redacción?

***Novena. Pregunta de respuesta escrita sobre el programa Coruña en el Mar.***

*de plans dispón o Goberno de Inés Rey para promocionar o deporte vinculado ao mar na nosa cidade?*

**Décima. Pregunta de resposta escrita sobre o control das prazas para persoas con mobilidade reducida (PMR).**

*1. Considera o Goberno municipal suficiente o número de prazas de estacionamento PMR existente na actualidade, tendo en conta a demanda actual deste tipo de prazas?*

*2. Cantas persoas hai actualmente en lista de espera para que se lles outorgue a tarxeta no Concello da Coruña?*

*3. Das 1.427 denuncias interpostas pola Policía Local en 2024, cantas se tramitaron plenamente?*

*4. Cal foi a cifra económica ingresada polas arcas municipais a partir da cobranza desas denuncias?*

*5. Considera o Goberno municipal que o control dos estacionamentos debería exceder da presenza dun vehículo estacionado indebidamente nun momento puntual e considerar a opción de vixiar os abusos ou malos usos das tarxetas dun modo máis categórico?*

**Décimo primeira. Pregunta de resposta escrita sobre o convenio do Concello coa Xunta para o mantemento da Rede de Acollida.**

*1. A que accións concretas vai destinar o diñeiro achegado pola Xunta?*

*2. É coñecedora a Xunta da situación actual que está a vivir a CAM da Coruña, tras as preguntas formuladas por este grupo o pasado mes de abril e que aínda non foron contestadas?*

**Décimo segunda. Pregunta de resposta**

1. ¿Cuál es el motivo para que no se ejecute el programa Coruña no Mar?

2. En el caso de que no se ejecute ¿qué tipo de planes dispone el Gobierno de Inés Rey para promocionar el deporte vinculado al mar en nuestra ciudad?

***Décima. Pregunta de respuesta escrita sobre el control de las plazas para personas con movilidad reducida (PMR).***

1. ¿Considera el Gobierno municipal suficiente el número de plazas de estacionamiento PMR existente en la actualidad, teniendo en cuenta la demanda actual de este tipo de plazas?

2. ¿Cuántas personas hay actualmente en lista de espera para que se les otorgue la tarjeta en el Concello de A Coruña?

3. De las 1.427 denuncias interpuestas por la Policía Local en 2024 ¿cuántas se han tramitado plenamente?

4. ¿Cuál ha sido la cifra económica ingresada por las arcas municipales a partir del cobro de esas denuncias?

5. ¿Considera el Gobierno municipal que el control de los estacionamientos debería exceder de la presencia de un vehículo estacionado indebidamente en un momento puntual y considerar la opción de vigilar los abusos o malos usos de las tarjetas de un modo más categórico?

***Décima primera. Pregunta de respuesta escrita sobre el convenio del Ayuntamiento con la Xunta para el mantenimiento de la Red de Acogida.***

1. ¿A qué acciones concretas se va a destinar el dinero aportado por la Xunta?

2. ¿Es conocedora la Xunta de la situación actual que está viviendo la CAM de A Coruña, tras las preguntas formuladas por

**escrita sobre formación dos servizos de emerxencia en intervención con vehículos eléctricos.**

*1. Dado que este tipo de sucesos xa se deron noutras ocasións, considera o Goberno municipal que os servizos de emerxencia municipais, primeiros en atender ás vítimas nun caso como este, teñen formación suficiente en intervención de emerxencias con este tipo de vehículos?*

*2. Está dentro do Plan Municipal de Formación?*

**Décimo terceira. Pregunta de resposta escrita sobre plan local de inspección de terrazas anunciado en novembro de 2023.**

*1. Onde se atopa publicado o citado plan?*

*2. Que tipo de obxectivos, ferramentas e informes realizáronse desde 2023 en materia de ocupación de vía pública por terrazas de locais de hostalería?*

*3. Que tipo de órgano levou a cabo a inspección?*

*4. Por que non se publicou a memoria de xestión deste servizo, onde conste o número de intervencións realizadas, obxecto das mesmas e accións realizadas, cos seus correspondentes resultados?*

**Décimo cuarta. Pregunta de resposta escrita sobre o protocolo de coordinación seguridade en caso de circunstancias excepcionais como o apagamento eléctrico.**

*1. Activouse o Plan de Emerxencias Municipal (PEMU), dada a gravidade da situación, tendo en conta que Galicia solicitou o nivel de emerxencia 3?*

este grupo el pasado mes de abril y que aún no han sido contestadas?

***Décima segunda. Pregunta de respuesta escrita sobre formación de los servicios de emergencia en intervención con vehículos eléctricos.***

1. Dado que este tipo de sucesos ya se han dado en otras ocasiones, ¿considera el Gobierno municipal que los servicios de emergencia municipales, primeros en atender a las víctimas en un caso como este, tienen formación suficiente en intervención de emergencias con este tipo de vehículos?

2. ¿Está dentro del Plan Municipal de Formación?

***Décima tercera. Pregunta de respuesta escrita sobre plan local de inspección de terrazas anunciado en noviembre de 2023.***

1. ¿Dónde se haya publicado el citado plan?

2. ¿Qué tipo de objetivos, herramientas e informes se han realizado desde 2023 en materia de ocupación de vía pública por terrazas de locales de hostelería?

3. ¿Qué tipo de órgano ha llevado a cabo la inspección?

4. ¿Por qué no se ha publicado la memoria de gestión de este servicio, donde conste el número de intervenciones realizadas, objeto de las mismas y acciones realizadas, con sus correspondientes resultados?

***Décima cuarta. Pregunta de respuesta escrita sobre el protocolo de coordinación seguridad en caso de circunstancias excepcionales como el apagón eléctrico.***

1. ¿Se activó el Plan de Emergencias

*2. A que hora se convocou o "gabinete de crise" municipal?*

*3. Quen formaron parte do mesmo?*

*4. Cantos axentes da PL formaron parte de dispositivo especial? Deuse aviso aos axentes fóra de servizo para acudir a prestar servizo extraordinario? Había suficientes medios e vehículos para cubrir os postos necesarios? Cantos vehículos había dispoñibles no momento de poñer en marcha o dispositivo?*

*5. Cantos equipos de bombeiros (SEIS) formaron parte do dispositivo especial? Deuse aviso aos que non se atopaban de servizo para formar parte do dispositivo especial?*

*6. Cantas dotacións de Protección Civil se comisionaron para o dispositivo especial polo apagamento? Tiñan medios suficientes para levar a cabo as súas funcións con plenas garantías?*

*7. Que protocolo de continxencia municipal se activou durante as horas do apagamento? Quen coordinou as accións dos diferentes servizos de emerxencia que operan na cidade? Por que medio/-s?*

*8. En caso de existir o devandito protocolo, o Goberno municipal realizou previamente algunha campaña de concienciación social ou algún simulacro para poñer en marcha o mesmo no momento que se precise, como pode ser un apagamento xeral como o acontecido?*

*9. Cantos xeradores posúe o Concello? Estiveron todos os xeradores municipais a pleno rendemento durante as horas posteriores ao apagamento?*

*10. Quen forneceu de gasóleo ao Concello para encher os depósitos*

Municipal (PEMU), dada la gravedad de la situación, habida cuenta que Galicia solicitó el nivel de emergencia 3?

2. ¿A qué hora se convocó el "gabinete de crisis" municipal?

3. ¿Quiénes formaron parte del mismo?

4. ¿Cuántos agentes de la PL formaron parte de dispositivo especial? ¿Se dio aviso a los agentes fuera de servicio para acudir a prestar servicio extraordinario? ¿Había suficientes medios y vehículos para cubrir los puestos necesarios? ¿Cuántos vehículos había disponibles en el momento de poner en marcha el dispositivo?

5. ¿Cuántos equipos de bomberos (SEIS) formaron parte del dispositivo especial? ¿Se dio aviso a los que no se encontraban de servicio para formar parte del dispositivo especial?

6. ¿Cuántas dotaciones de Protección Civil se comisionaron para el dispositivo especial por el apagón? ¿Tenían medios suficientes para llevar a cabo sus funciones con plenas garantías?

7. ¿Qué protocolo de contingencia municipal se activó durante las horas del apagón? ¿Quién coordinó las acciones de los diferentes servicios de emergencia que operan en la ciudad? ¿Por qué medio/-s?

8. En caso de existir dicho protocolo ¿el Gobierno municipal ha realizado previamente alguna campaña de concienciación social o algún simulacro para poner en marcha el mismo en el momento que se precise, como puede ser un apagón general como el acontecido?

9. ¿Cuántos generadores posee el Concello? ¿Estuvieron todos los generadores municipales a pleno rendimiento durante las horas posteriores al apagón?

*municipais que fornecen aos xeradores?*

*11. Entón, pode explicar o Goberno municipal por que fallou o xerador situado no Cuartel da Policía Local?*

*12. Dito xerador, atopábase en condicións óptimas de utilización? En que data foi a última revisión do mesmo?*

*13. Dentro do ámbito da prevención de riscos laborais, por que non consta na avaliación de riscos realizada no cuartel a incidencia por localización de obxectos e substancias próximas ao xerador, acumuladas durante anos no lugar, sen que ninguén fixese nada por cambiar esta situación? Son conscientes do risco que iso leva consigo para os axentes e a veciñanza da contorna?*

*14. Considera normal o Goberno municipal que todo o Corpo da PL queda practicamente incomunicado por unha situación como a do apagamento eléctrico? Existe unha alternativa á caída da comunicación nos corpos de emerxencia, tendo en conta de que pode darse a mesma situación nun futuro?*

*15. Tívose en conta durante o apagamento que moitas familias quedaron sen auga nalgúns barrios da nosa cidade?*

*16. Que fixo o Goberno municipal para abastecer as persoas afectadas?*

*17. Que tipo de medidas dentro do Plan de Saúde Mental Municipal se tiveron en conta en relación con persoas con problemas de saúde mental durante o apagamento?*

*18. Que tipo de medidas de carácter social se tomaron durante o apagamento para atender a persoas vulnerables, na rúa ou nos seus domicilios? Púxose en marcha algún protocolo específico?*

10. ¿Quién surtió de gasoil al Concello para rellenar los depósitos municipales que suministran a los generadores?

11. Entonces, ¿puede explicar el Gobierno municipal por qué falló el generador situado en el Cuartel de la Policía Local?

12. Dicho generador, ¿se encontraba en condiciones óptimas de utilización? ¿En qué fecha fue la última revisión del mismo?

13. Dentro del ámbito de la prevención de riesgos laborales ¿por qué no consta en la evaluación de riesgos realizada en el cuartel la incidencia por ubicación de objetos y sustancias próximas al generador, acumuladas durante años en el lugar, sin que nadie haya hecho nada por cambiar esta situación? ¿Son conscientes del riesgo que ello conlleva para los agentes y el vecindario del entorno?

14. ¿Considera normal el Gobierno municipal que todo el Cuerpo de la PL quedase prácticamente incomunicado por una situación como la del apagón eléctrico? ¿Existe una alternativa a la caída de la comunicación en los cuerpos de emergencia, habida cuenta de que puede darse la misma situación en un futuro?

15. ¿Se ha tenido en cuenta durante el apagón que muchas familias quedaron sin agua en algunos barrios de nuestra ciudad?

16. ¿Qué hizo el Gobierno municipal para abastecer a las personas afectadas?

17. ¿Qué tipo de medidas dentro del Plan de Salud Mental Municipal se han tenido en cuenta en relación con personas con problemas de salud mental durante el apagón?

18. ¿Qué tipo de medidas de carácter social se tomaron durante el apagón para atender

**Décimo quinta. Pregunta de resposta escrita sobre o protocolo de coordinación seguridade entre Policía local e vixilancia CHUAC.**

*Existe algún protocolo asinado co CHUAC por parte do Concello da Coruña, no que se establezan pautas de intervención de seguridade de forma coordinada entre os servizos de vixilancia do complexo, servizos sanitarios e Policía Local, sobre todo nos casos de traslado de pacientes con motivo da súa detención ou polo seu estado de agresividade, por exemplo, en brotes psicóticos?*

**Décimo sexta. Pregunta de resposta escrita sobre a situación do edificio sito en rúa Vizcaya 58.**

*1. Que tipo de accións se levaron a cabo desde o Goberno municipal para acometer os problemas de convivencia e de tráfico de drogas que están a volver a producirse no inmoble?*

*2. Realizouse algún tipo de informe técnico sobre as circunstancias de habitabilidade, salubridade, hixiene e seguridade nas que os inquilinos conviven? Lembremos que esta semana, un veciño atopouse varias xiringas na súa caixa de correos, sen capuchón, ademais de manchas de sangue nos interruptores da luz e restos de substancias nos relanzos.*

*3. Buscouse algún tipo de solución ante a desesperación e o medo dalgúns veciños que ven como a presenza de drogas e inseguridade no seu bardo non só deteriora a imaxe senón a convivencia do barrio?*

*4. Cantas chamadas ao 092 se produciron neste ano por problemas de convivencia entre os inquilinos do*

a personas vulnerables, en la calle o en sus domicilios? ¿Se puso en marcha algún protocolo específico?

***Décima quinta. Pregunta de respuesta escrita sobre el protocolo de coordinación seguridad entre Policía local y vigilancia CHUAC.***

¿Existe algún protocolo firmado con el CHUAC por parte del Concello de A Coruña, en el que se establezcan pautas de intervención de seguridad de forma coordinada entre los servicios de vigilancia del complejo, servicios sanitarios y Policía Local, sobre todo en los casos de traslado de pacientes con motivo de su detención o por su estado de agresividad, por ejemplo, en brotes psicóticos?

***Décima sexta. Pregunta de respuesta escrita sobre la situación del edificio sito en calle Vizcaya 58.***

1. ¿Qué tipo de acciones se han llevado a cabo desde el Gobierno municipal para acometer los problemas de convivencia y de tráfico de drogas que están volviendo a producirse en el inmueble?

2. ¿Se ha realizado algún tipo de informe técnico sobre las circunstancias de habitabilidad, salubridad, higiene y seguridad en las que los inquilinos conviven? Recordemos que esta semana, un vecino se ha encontrado varias jeringuillas en su buzón, sin capuchón, además de manchas de sangre en los interruptores de la luz y restos de sustancias en los descansillos.

3. ¿Se ha buscado algún tipo de solución ante la desesperación y el miedo de algunos vecinos que ven cómo la presencia de drogas e inseguridad en su bardo no sólo deteriora la imagen sino la convivencia del barrio?

*edificio ou co resto de persoas que transitan polo lugar?*

**Décimo sétima. Pregunta de resposta escrita sobre a situación do edificio sito en rolda de Outeiro 131.**

*1. Que control ten actualmente o Goberno municipal sobre este edificio desde a área urbanística?*

*2. Realizouse algún tipo de informe técnico sobre as circunstancias de habitabilidade, salubridade, hixiene e seguridade nas que os inquilinos conviven?*

*3. Buscouse algún tipo de solución ante a desesperación e o medo dalgúns veciños que ven como a presenza de drogas e inseguridade no seu barrio non só deteriora a imaxe senón a convivencia do barrio?*

*4. Cantas chamadas ao 092 se produciron neste ano por problemas de convivencia entre os inquilinos do edificio ou co resto de persoas que transitan polo lugar?*

**Décimo oitava. Pregunta de resposta escrita sobre o control de locais comerciais que venden alcol a menores.**

*1. Que tipo de control se realiza destes establecementos por parte da Policía Local e do departamento municipal encargado da tramitación do correspondente procedemento sancionador?*

*2. Cantas actuacións policiais se produciron en 2024 con este tipo de locais?*

*3. Que tipo de medidas se levaron a cabo con eses locais, tendo en conta que continúan exercendo esta actividade con*

4. ¿Cuántas llamadas al 092 se han producido en este año por problemas de convivencia entre los inquilinos del edificio o con el resto de personas que transitan por el lugar?

***Décima séptima. Pregunta de respuesta escrita sobre la situación del edificio sito en ronda de Outeiro 131.***

1. ¿Qué control tiene actualmente el Gobierno municipal sobre este edificio desde el área urbanística?

2. ¿Se ha realizado algún tipo de informe técnico sobre las circunstancias de habitabilidad, salubridad, higiene y seguridad en las que los inquilinos conviven?

3. ¿Se ha buscado algún tipo de solución ante la desesperación y el miedo de algunos vecinos que ven cómo la presencia de drogas e inseguridad en su barrio no sólo deteriora la imagen sino la convivencia del barrio?

4. ¿Cuántas llamadas al 092 se han producido en este año por problemas de convivencia entre los inquilinos del edificio o con el resto de personas que transitan por el lugar?

***Décima octava. Pregunta de respuesta escrita sobre el control de locales comerciales que venden alcohol a menores.***

1. ¿Qué tipo de control se realiza de estos establecimientos por parte de la Policía Local y del departamento municipal encargado de la tramitación del correspondiente procedimiento sancionador?

2. ¿Cuántas actuaciones policiales se produjeron en 2024 con este tipo de locales?

*toda normalidade, dentro e fóra do horario no que poden venderse bebidas alcohólicas segundo a normativa vixente (Lei 11/2010 de Galicia)?*

**Décimo novena. Pregunta de resposta escrita sobre situación sanitaria do edificio de rolda de Outeiro, 131.**

*1. Que tipo de accións se levaron a cabo desde o punto de vista sanitario no edificio, con motivo das condicións de insalubridade, falta de hixiene, de seguridade e habitabilidade en que cohabitan os inquilinos?*

*2. Que tipo de accións se levaron a cabo desde o punto de vista urbanístico e ambiental cos dous locais tipo locutorio que se sitúan a ambos os dous lados do edificio, entre o 131 e o 137 da Rolda de Outeiro, cuxa actividade en materia de tráfico de droga foi denunciada polos veciños e hostaleiros en numerosas ocasións?*

*3. Quizais están a esperar a que ocorra unha desgraza, por exemplo, un incendio, como en Rolda de Nelle, 120, para empezar a tomar medidas?*

**Vixésima. Pregunta de resposta escrita sobre a situación do edificio de r/ Laracha 12.**

*1. Cantas chamadas a 092 se produciron desde abril de 2024 ata o momento actual por problemas de convivencia e outras circunstancias similares no citado inmoble?*

*2. Que accións levou o Goberno municipal en coordinación con CNP para tentar liquidar o problema?*

*3. Ata cando teñen que soportar os veciños a situación mentres o Goberno municipal non fai máis que eludir responsabilidades?*

3. ¿Qué tipo de medidas se han llevado a cabo con esos locales, toda vez que continúan ejerciendo esta actividad con toda normalidad, dentro y fuera del horario en el que pueden venderse bebidas alcohólicas según la normativa vigente (Ley 11/2010 de Galicia)?

***Décima novena. Pregunta de respuesta escrita sobre situación sanitaria del edificio de ronda de Outeiro, 131.***

1. ¿Qué tipo de acciones se han llevado a cabo desde el punto de vista sanitario en el edificio, con motivo de las condiciones de insalubridad, falta de higiene, de seguridad y habitabilidad en que cohabitan los inquilinos?

2. ¿Qué tipo de acciones se han llevado a cabo desde el punto de vista urbanístico y medioambiental con los dos locales tipo locutorio que se ubican a ambos lados del edificio, entre el 131 y el 137 de la Ronda de Outeiro, cuya actividad en materia de tráfico de droga ha sido denunciada por los vecinos y hosteleros en numerosas ocasiones?

3. ¿Quizás están esperando a que ocurra una desgracia, por ejemplo, un incendio, como en Ronda de Nelle, 120, para empezar a tomar medidas?

***Vigésima. Pregunta de respuesta escrita sobre la situación del edificio de c/ Laracha 12.***

1. ¿Cuántas llamadas a 092 se han producido desde abril de 2024 hasta el momento actual por problemas de convivencia y otras circunstancias similares en el citado inmueble?

2. ¿Qué acciones ha llevado el Gobierno municipal en coordinación con CNP para intentar solventar el problema?

3. ¿Hasta cuándo tienen que soportar los

**Vixésimo primeira. Pregunta de resposta escrita sobre a taxa de reposición do SEIS.**

*1. Por que non se cobren as prazas solicitadas polos bombeiros do SEIS, que insisten nas carencias non só en postos de base, senón que tamén realice funcións de carácter técnico?*

*2. Ademais da convocatoria publicada para este ano, tense previsto implementar ata o máximo posible os postos?*

**Vixésimo segunda. Pregunta de resposta escrita sobre vehículos policiais con distintivos doutros concellos.**

*1. Cantos coches se atopan prestando servizo de forma temporal no Concello como vehículos patrulla da PL?*

*2. Por que manteñen a rotulación e os distintivos dos outros concellos?*

*3. Por canto tempo vai manter esta situación fóra da normativa autonómica vixente?*

**Vixésimo terceira. Pregunta de resposta escrita sobre a revisión técnica do edificio da Policía Local.**

*1. Por que non existe un ITE do edificio onde conste a adecuación ou non das diferentes obras de reforma que pesan sobre o mesmo?*

*2. Por que non se realizou unha nova avaliación de riscos laborais no edificio, tendo en conta as carencias en materia de seguridade —xerador de electricidade sen revisar desde 2019, sen ningún tipo de medidas de seguridade nas inmediacións—, de accesibilidade —o acceso pola porta principal e o do*

vecinos la situación mientras el Gobierno municipal no hace más que eludir responsabilidades?

***Vigésima primera. Pregunta de respuesta escrita sobre la tasa de reposición del SEIS.***

1. ¿Por qué no se cubren las plazas solicitadas por los bomberos del SEIS, que insisten en las carencias no solo en puestos de base, sino que también realice funciones de carácter técnico?

2. Además de la convocatoria publicada para este año ¿se tiene previsto implementar hasta el máximo posible los puestos?

***Vigésima segunda. Pregunta de respuesta escrita sobre vehículos policiales con distintivos de otros ayuntamientos.***

1. ¿Cuántos coches se encuentran prestando servicio de forma temporal en el Concello como vehículos patrulla de la PL?

2. ¿Por qué mantienen la rotulación y los distintivos de los otros ayuntamientos?

3. ¿Por cuánto tiempo se va a mantener esta situación fuera de la normativa autonómica vigente?

***Vigésima tercera. Pregunta de respuesta escrita sobre la revisión técnica del edificio de la Policía Local.***

1. ¿Por qué no existe un ITE del edificio donde conste la adecuación o no de las diferentes obras de reforma que pesan sobre el mismo?

2. ¿Por qué no se ha realizado una nueva evaluación de riesgos laborales en el edificio, teniendo en cuenta las carencias en materia de seguridad —generador de electricidad sin revisar desde 2019, sin

*edificio son deficientes e, mesmo, perigosos para os usuarios e traballadores, principalmente, para persoas con mobilidade reducida, así como de habitabilidade —sen espazo suficiente nos vestiarios, por exemplo, entre outros aspectos apuntados por este Grupo en ocasións anteriores?*

*3. Considera o Goberno municipal que a seguridade dos axentes non ten suficiente importancia, tendo en conta que son os garantes da seguridade dos cidadáns?*

**Vixésimo cuarta. Pregunta de resposta escrita sobre a situación de inseguridade nas inmediacións da praza das Conchiñas.**

*1. Ademais dos normais controis de seguridade cidadá realizados pola Policía Nacional, que tipo de actuacións relacionadas cos problemas de convivencia veciñal se levaron a cabo por PL e outros departamentos municipais como Servizos Sociais?*

*2. Realizáronse controis relativos ao mal uso das bicicletas do servizo de alugueiro BiciCoruña por parte dalgúns usuarios, mesmo menores de idade, que infrinxen permanentemente a normativa de seguridade viaria, poñendo en risco a peóns e demais usuarios das vías da contorna?*

*3. Realizouse algún control específico en materia de actividade comercial con determinados locais da praza das Conchiñas?*

*4. Por que non se estableceu maior presenza policial no lugar ante os problemas de inseguridade xerados, sobre todo a determinadas horas do serán?*

*5. Cantas chamadas a 092 se produciron ao longo de 2024 e o que levamos de*

ningún tipo de medidas de seguridad en las inmediaciones—, de accesibilidad —el acceso por la puerta principal y el del edificio son deficientes e, incluso, peligrosos para los usuarios y trabajadores, principalmente, para personas con movilidad reducida, así como de habitabilidad —sin espacio suficiente en los vestuarios, por ejemplo, entre otros aspectos reseñados por este Grupo en ocasiones anteriores?

3. ¿Considera el Gobierno municipal que la seguridad de los agentes no tiene suficiente importancia, habida cuenta que son los garantes de la seguridad de los ciudadanos?

***Vigésima cuarta. Pregunta de respuesta escrita sobre la situación de inseguridad en las inmediaciones de la plaza de As Conchiñas.***

1. Además de los normales controles de seguridad ciudadana realizados por la Policía Nacional ¿qué tipo de actuaciones relacionadas con los problemas de convivencia vecinal se han llevado a cabo por PL y otros departamentos municipales como Servicios Sociales?

2. ¿Se han realizado controles relativos al mal uso de las bicicletas del servicio de alquiler BiciCoruña por parte de algunos usuarios, incluso menores de edad, que infringen permanentemente la normativa de seguridad vial, poniendo en riesgo a peatones y demás usuarios de las vías del entorno?

3. ¿Se ha realizado algún control específico en materia de actividad comercial con determinados locales de la plaza de las Conchiñas?

4. ¿Por qué no se ha establecido mayor presencia policial en el lugar ante los problemas de inseguridad generados, sobre todo a determinadas horas de la tarde-noche?

*2025 por problemas entre particulares na praza das Conchiñas? Cal foi o resultado?*

5. ¿Cuántas llamadas a 092 se han producido a lo largo de 2024 y lo que llevamos de 2025 por problemas entre particulares en la plaza de las Conchiñas? ¿Cuál fue el resultado?

**Vixésimo quinta. Pregunta de resposta escrita sobre cobertura do posto de xefe de servizo da Policía local.**

*1. Iniciouse o proceso de substitución para ocupar o posto da Xefatura do Corpo conforme ao establecido na Lei e o Regulamento do Corpo?*

*2. Cando estima o Goberno municipal ter esta praza cuberta, dada a importancia de ter un servizo como o da Policía Local debidamente xestionado e comandado?*

***Vigésima quinta. Pregunta de respuesta escrita sobre cobertura del puesto de jefe de servicio de la Policía local.***

1. ¿Se ha iniciado el proceso de sustitución para ocupar el puesto de la Jefatura del Cuerpo conforme a lo establecido en la Ley y el Reglamento del Cuerpo?

2. ¿Cuándo estima el Gobierno municipal tener esta plaza cubierta, dada la importancia de tener un servicio como el de la Policía Local debidamente gestionado y comandado?

**Vixésimo sexta. Pregunta de resposta escrita sobre a dotación de material técnico á Policía Local.**

*1. Por que non se dá a posibilidade de ter un almacén con elementos de dotación básica, nun número considerable tendo en conta o número de axentes en persoal, para os axentes que evite que estes teñan que saír á rúa sen eles, poñendo nun posible risco as súas intervencións?*

*2. Os axentes de novo ingreso teñen a súa uniformidade completa no momento de incorporarse ao Corpo? Se é así, por que razón entón os axentes das últimas promocións estiveron traballando na rúa sen elementos básicos de dotación como a gorra ou o polo debidamente identificado o concello no que prestan servizo?*

*3. Quen realiza o control e a responsabilidade sobre o material e as condicións nas que este chega aos axentes?*

*4. Que tipo de control se establece: tempo, forma, calidades etc.? Como*

***Vigésima sexta. Pregunta de respuesta escrita sobre la dotación de material técnico a la Policía Local.***

1. ¿Por qué no se da la posibilidad de tener un almacén con elementos de dotación básica, en un número considerable teniendo en cuenta el número de agentes en plantilla, para los agentes que evite que éstos tengan que salir a la calle sin ellos, poniendo en un posible riesgo sus intervenciones?

2. ¿Los agentes de nuevo ingreso tienen su uniformidad completa en el momento de incorporarse al Cuerpo? Si es así ¿por qué razón entonces los agentes de las últimas promociones han estado trabajando en la calle sin elementos básicos de dotación como la gorra o el polo debidamente identificado el concello en el que prestan servicio?

3. ¿Quién realiza el control y la responsabilidad sobre el material y las condiciones en las que éste llega a los agentes?

*queda rexistrado devandito control?*

*5. En caso de incumprimentos na entrega de material conforme aos citados criterios, que medidas levan a cabo para corrixir e/o penalizalos?*

**Vixésimo sétima. Pregunta de resposta escrita sobre o persoal interino na Área de Seguridade Cidadá.**

*1. Cantas prazas de persoal interino se cubriron na Área desde 2019?*

*2. Que clasificación na RPT teñen os diferentes postos provistos dentro da Área?*

**Vixésimo oitava. Pregunta de resposta escrita relativa ao incendio na rúa Olmos.**

*1. Que medidas pensa tomar o Concello para ordenar a colocación de cables de todo tipo que colgan das fachadas de todos os edificios por toda a cidade?*

*2. Que medidas pensa tomar o Concello para evitar que se repitan situacións como as vividas na rúa dos Olmos polo mal estado dos cables?*

*3. Que contacto mantén o Concello coas diferentes empresas subministradoras ou distribuidoras para organizar e coordinar a rede de cables existente por toda a cidade?*

*4. Nalgún momento o Concello requiriu ás empresas a adecuada colocación, revisión e mantemento destes cables?*

**Vixésimo novena. Pregunta de resposta escrita relativa ao COF de Orillamar.**

Cando pensa o Goberno municipal dar

4. ¿Qué tipo de control se establece: tiempo, forma, calidades, etc.? ¿Cómo queda registrado dicho control?

5. En caso de incumplimientos en la entrega de material conforme a los citados criterios, ¿qué medidas se llevan a cabo para corregir y/o penalizarlos?

***Vigésima séptima. Pregunta de respuesta escrita sobre el personal interino en el Área de Seguridad Ciudadana.***

1. ¿Cuántas plazas de personal interino se han cubierto en el Área desde 2019?

2. ¿Qué clasificación en la RPT tienen los diferentes puestos provistos dentro del Área?

***Vigésima octava. Pregunta de respuesta escrita relativa al incendio en la calle Olmos.***

1. ¿Qué medidas piensa tomar el Ayuntamiento para ordenar la colocación de cables de todo tipo que cuelgan de las fachadas de todos los edificios por toda la ciudad?

2. ¿Qué medidas piensa tomar el Ayuntamiento para evitar que se repitan situaciones como las vividas en la calle de los Olmos por el mal estado del cableado?

3. ¿Qué contacto mantiene el Ayuntamiento con las diferentes empresas suministradoras o distribuidoras para organizar y coordinar la red de cableado existente por toda la ciudad?

4. ¿En algún momento el Ayuntamiento requirió a las empresas la adecuada colocación, revisión y mantenimiento de estos cableados?

***Vigésima novena. Pregunta de respuesta escrita relativa al COF de Orillamar.***

solución á falta de persoal que vén padecendo desde hai tempo o COF de Orillamar?

*¿Cuándo piensa el Gobierno municipal dar solución a la falta de personal que viene padeciendo desde hace tiempo el COF de Orillamar?*

**Trixésima. Pregunta de resposta escrita sobre o cumprimento da Lei de Contratos.**

1. Chegou esta Goberno municipal a un acordo para fixar a cota mínima de reserva de contratación a centros especiais de emprego ou de iniciativa social, como así obriga a Disposición adicional cuarta da Lei de contratos?

2. Se a resposta á pregunta anterior fose afirmativa, cal é a cota fixada por este goberno municipal?

***Trigésima. Pregunta de respuesta escrita sobre el cumplimiento de la Ley de Contratos.***

*1. ¿Llegó esta Gobierno municipal a un acuerdo para fijar la cuota mínima de reserva de contratación a centros especiales de empleo o de iniciativa social, como así obliga la Disposición adicional cuarta de la Ley de contratos?*

*2. Si la respuesta a la pregunta anterior fuese afirmativa ¿cuál es la cuota fijada por este gobierno municipal?*

**Trixésimo primeira. Pregunta de resposta escrita sobre equipamentos de Policía Local para axudar a persoas con mobilidade reducida.**

1. O Goberno municipal ten dotado ao Corpo de Policía Local de equipamento necesario para a mobilización vertical a través de escaleiras de persoas con mobilidade reducida, como poden ser as cadeiras de evacuación, naquelas situacións nas que sexa necesario?

2. Se a resposta á pregunta anterior é afirmativa, con que dispositivos contan: cadeiras de ambulancia, cadeiras de rescate, cadeiras de rescate eléctricas, cadeiras modelo oruga ou dispositivos sobe-escaleiras para cadeiras de rodas?

3. Cantos dispositivos de cada tipo?

***Trigésima primera. Pregunta de respuesta escrita sobre equipamientos de Policía Local para ayudar a personas con movilidad reducida.***

*1. El Gobierno municipal ¿ha dotado al Cuerpo de Policía Local de equipamiento necesario para la movilización vertical a través de escaleras de personas con movilidad reducida, como pueden ser las sillas de evacuación, en aquellas situaciones en las que sea necesario?*

*2. Si la respuesta a la pregunta anterior es afirmativa ¿con qué dispositivos cuentan: sillas de ambulancia, sillas de rescate, sillas de rescate eléctricas, sillas modelo oruga o dispositivos sube-escaleras para sillas de ruedas?*

*3. ¿Cuántos dispositivos de cada tipo?*

**Trixésimo segunda. Pregunta de resposta escrita relativa aos equipamentos do Corpo de Bombeiros para axudar á mobilidade vertical de persoas con mobilidade reducida.**

1. O Goberno municipal ten dotado ao Corpo de Bombeiros de equipamento

***Trigésima segunda. Pregunta de respuesta escrita relativa a los equipamientos del Cuerpo de Bomberos para ayudar a la movilidad vertical de personas con movilidad reducida.***

necesario para a mobilización vertical a través de escaleiras de persoas con mobilidade reducida, como poden ser as cadeiras de evacuación naquelas situacións nas que sexa necesario?

2. Se a resposta á pregunta anterior é afirmativa, con que dispositivos contan: cadeiras de ambulancia, cadeiras de rescate, cadeiras de rescate eléctricas, cadeiras modelo oruga ou dispositivos sobe-escaleiras para cadeiras de rodas?

3. Cantos dispositivos de cada tipo?

**Trixésimo terceira. Pregunta de resposta escrita sobre o Plan de Accesibilidade.**

1. Cando foi posto en marcha o Plan de Accesibilidade do Concello de Coruña?

2. Que orzamento lle foi asignado a dito plan?

3. Que orzamento lle foi asignado a dito plan para o ano 2025?

4. Cales son os obxectivos e accións plantexadas no Plan de Accesibilidade para este ano 2025?

5. Contou o Goberno municipal co Grupo Acceso Coruña para o desenvolvemento do dito plan?

**Trixésimo cuarta. Pregunta de resposta escrita sobre o Plan de Saúde Mental.**

1. Que orzamento lle foi asignado a dito plan no ano 2024?

2. Cales foron os obxectivos e accións plantexadas para o Plan de Saúde Mental para o ano 2024?

3. Que orzamento lle foi asignado a dito

*1. El Gobierno municipal ¿ha dotado al Cuerpo de Bomberos de equipamiento necesario para la movilización vertical a través de escaleras de personas con movilidad reducida, como pueden ser las sillas de evacuación en aquellas situaciones en las que sea necesario?*

*2. Si la respuesta a la pregunta anterior es afirmativa ¿con qué dispositivos cuentan: sillas de ambulancia, sillas de rescate, sillas de rescate eléctricas, sillas modelo oruga o dispositivos sube-escaleras para sillas de ruedas?*

*3. ¿Cuántos dispositivos de cada tipo?*

***Trigésima tercera. Pregunta de respuesta escrita sobre el Plan de Accesibilidad.***

*1. ¿Cuándo fue puesto en marcha el Plan de Accesibilidad del Ayuntamiento de Coruña?*

*2. ¿Qué presupuesto le fue asignado a dicho plan?*

*3. ¿Qué presupuesto le fue asignado a dicho plan para el año 2025?*

*4. ¿Cuáles son los objetivos y acciones planteadas en el Plan de Accesibilidad para este año 2025?*

*5. ¿Contó el Gobierno municipal con el Grupo Acceso Coruña para el desarrollo de dicho plan?*

***Trigésima cuarta. Pregunta de respuesta escrita sobre el Plan de Salud Mental.***

*1. ¿Qué presupuesto le fue asignado a dicho plan en el año 2024?*

*2. ¿Cuáles fueron los objetivos y acciones planteadas para el Plan de Salud Mental para el año 2024?*

plan para o ano 2025?

4. Cales son os obxectivos e accións plantexadas no Plan de Saúde Mental para este ano 2025?

**Trixésimo quinta. Pregunta de resposta escrita sobre o programa para combater as situacións de soidade non desexada.**

1. Que orzamento lle foi asignado a dito programa no ano 2024?

2. Cales foron os obxectivos e accións plantexadas para este programa no ano 2024?

3. Que orzamento lle foi asignado a dito programa no ano 2025?

4. Cales son os obxectivos e accións expostas neste programa para este ano 2025?

5. Existe xa un rexistro elaborado dentro das accións do propio programa de persoas que se atopan no noso concello nunha situación de soidade non desexada e das súas principais necesidades?

**Trixésimo sexta. Pregunta de resposta escrita sobre o Parque de Eirís.**

*1. Adoptáronse as medidas de acondicionamento da área canina?*

*2. Con que frecuencia se realizan as tarefas de limpeza da lagoa onde habitan distintos animais?*

*3. Que previsión se ten para realizar o mantemento da cúpula do parque?*

*4. Que tipo de mantemento xeral está a levarse a cabo por parte do Goberno municipal?*

*3. ¿Qué presupuesto le fue asignado a dicho plan para el año 2025?*

*4. ¿Cuáles son los objetivos y acciones planteadas en el Plan de Salud Mental para este año 2025?*

***Trigésima quinta. Pregunta de respuesta escrita sobre el programa para combatir las situaciones de soledad no deseada.***

*1. ¿Qué presupuesto le fue asignado a dicho programa en el año 2024?*

*2. ¿Cuáles fueron los objetivos y acciones planteadas para este programa en el año 2024?*

*3. ¿Qué presupuesto le fue asignado a dicho programa en el año 2025?*

*4. ¿Cuáles son los objetivos y acciones planteadas en este programa para este año 2025?*

*5. ¿Existe ya un registro elaborado dentro de las acciones del propio programa de personas que se encuentran en nuestro ayuntamiento en una situación de soledad no deseada y de sus principales necesidades?*

***Trigésima sexta. Pregunta de respuesta escrita sobre el Parque de Eirís.***

1. ¿Se han adoptado las medidas de acondicionamiento del área canina?

2. ¿Con qué frecuencia se realizan las tareas de limpieza de la laguna donde habitan distintos animales?

3. ¿Qué previsión se tiene para realizar el mantenimiento de la cúpula del parque?

4. ¿Qué tipo de mantenimiento general se está llevando a cabo por parte del Gobierno

**Trixésimo sétima. Pregunta de resposta escrita sobre mobilidade no barrio de Eirís.**

*1. Adoptáronse as medidas para aumentar o número de prazas de aparcamento?*

*2. Prevense novas rutas e frecuencias dos buses neste barrio?*

**Trixésimo oitava. Pregunta de resposta escrita relativas ao barrio do Castrillón.**

*1. Vai mellorar a iluminación pública nos accesos ao centro cívico?*

*2. Vanse repoñer os sinais de acceso ao aparcadoiro do Gadis e reparar os danos na beirarrúa derivados das caídas dos anteriores?*

*3. Prevese maior frecuencia das liñas de autobuses ata Pablo Iglesias?*

*4. Prevese un aumento de liñas de autobuses ata o barrio?*

*5. Como se vai facilitar o acceso peonil desde Camiño da Igrexa á rúa Antonio Noche? Contémplase a posibilidade de instalación dunha rampla?*

**5º. Rogos.**

**Rogos orais.**

**ROGOS ORAIS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

**Intervencións**

**Presidencia**

Pasamos aos rogos. Turno... rogos orais, turno... Bueno, as preguntas escritas se

municipal?

***Trigésima séptima. Pregunta de respuesta escrita sobre movilidad en el barrio de Eirís.***

1. ¿Se han adoptado las medidas para aumentar el número de plazas de aparcamiento?

2. ¿Se prevén nuevas rutas y frecuencias de los buses en este barrio?

***Trigésima octava. Pregunta de respuesta escrita relativas al barrio del Castrillón.***

1. ¿Se va a mejorar el alumbrado público en los accesos al centro cívico?

2. ¿Se van a reponer las señales de acceso al parking del Gadis y reparar los desperfectos en la acera derivados de las caídas de las anteriores?

3. ¿Se prevé mayor frecuencia de las líneas de autobuses hasta Pablo Iglesias?

4. ¿Se prevé un aumento de líneas de autobuses hasta el barrio?

5. ¿Cómo se va a facilitar el acceso peatonal desde Camino de la Iglesia a la calle Antonio Noche? ¿Se contempla la posibilidad de instalación de una rampa?

***5º. Ruegos.***

***Ruegos orales.***

***RUEGOS ORALES PRESENTADOS POR El GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

***Intervenciones***

***Presidencia***

enviarán antes do próximo pleno. Rogos do BNG.

**Primeiro. Rogo oral relativo ao incumprimento do Regulamento do Consello de Memoria Democrática.**

**Señor Jorquera Caselas**

Ben primeiro informo que decae o rogo que formulamos relativo ao Consello de Memoria Democrática dado que se substanciou o debate na moción que se debateu anteriormente.

**Segundo. Rogo oral relativo ao estado dun piñeiro situado na rúa Camelias**

Na rúa Camelias, no Barrio das Flores, fronte ao bar coñecido como "A cabana do chopo", hai un piñeiro de grande porte do que en distintas ocasións caeron pólas, cuestión que motivou a presentación dun rogo oral do Grupo municipal do BNG no Pleno ordinario de abril de 2024. Porén, nas últimas semanas, volveu producirse a caída dalgunha póla. Ante esta situación, parece evidente que é necesaria unha revisión do estado desta árbore e, en caso de ser necesario, que se proceda á súa poda.

Polas razóns devanditas, o Grupo municipal do BNG formula o seguinte rogo: que o Goberno municipal dea as instrucións necesarias para que se proceda á revisión do estado do piñeiro situado na rúa das Camelias e, en caso de ser necesario, para que se proceda á súa poda.

**Terceiro. Rogo oral relativo á dotación dunha marquesiña á parada do bus situada á altura do número 188 da avenida da Concordia.**

Á altura do número 188 da avenida da Concordia existe unha parada de autobuses urbanos das liñas 1 e 12A. Pese

*Pasamos a los ruegos. Turno... ruegos orales, turno... Bueno, las preguntas escritas se enviarán antes del próximo pleno. Ruegos del BNG.*

***Primero. Ruego oral relativo al incumplimiento del Reglamento del Consejo de Memoria Democrática.***

***Señor Jorquera Caselas***

*Bien primero informo que decae el ruego que formulamos relativo al Consejo de Memoria Democrática dado que se sustanció el debate en la moción que se debatió anteriormente.*

***Segundo. Ruego oral relativo al estado de un pino situado en la calle Camelias***

*En la calle Camelias, en el Barrio de las Flores, frente al bar conocido como "La cabaña del chopo", hay un pino de gran porte del que en distintas ocasiones se cayeron ramas, cuestión que motivó la presentación de un ruego oral del Grupo municipal del BNG en el Pleno ordinario de abril de 2024. Sin embargo, en las últimas semanas, se volvió a producir la caída de alguna rama. Ante esta situación, parece evidente que es necesaria una revisión del estado de este árbol y, en caso de ser necesario, que se proceda a su poda.*

*Por dichas razones, el Grupo municipal del BNG formula el siguiente ruego: que el Gobierno municipal dé las instrucciones necesarias para que se proceda a la revisión del estado del pino situado en la calle de las Camelias y, en caso de ser necesario, para que se proceda a su poda.*

***Tercero. Ruego oral relativo a la dotación de una marquesina a la parada del bus situada a la altura del número 188 de la avenida de la Concordia.***

*A la altura del número 188 de la avenida*

a que recentemente se procedeu á renovación e ampliación da beirarrúa, esta parada carece de marquesiña. Por este motivo, as persoas usuarias dos buses urbanos carecen dun espazo para sentar mentres agardan a chegada do bus e tamén para protexerse da chuvia ou do vento.

Polas razóns devanditas, o Grupo municipal do BNG formula o seguinte rogo: que o Goberno municipal faga as xestións pertinentes para que se dote dunha marquesiña a parada do bus situada á altura do número 188 da avenida da Concordia.

**Cuarto. Rogo oral relativo a solicitude veciñal de crear unha praza de estacionamento prioritario con limitación de tempo na rúa Antonio Ríos.**

No Pleno deste pasado mes de marzo, a través dunha pregunta escrita, este Grupo municipal e este concelleiro preguntamos sobre a posibilidade de estudar a implantación dunha zona de estacionamento prioritario con limitación temporal na rúa Antonio Rios á altura da farmacia situada no número 6. Dita pregunta facíase eco —o mesmo que este rogo— dunha solicitude veciñal amplamente respaldada por veciñas e veciños do barrio. Cal non foi a nosa sorpresa cando comprobamos que a resposta que nos dá o Goberno municipal é que non lles consta tal solicitude. Aclaramos que a mesma foi debidamente presentada a través do Rexistro municipal con data de 29 de outubro de 2024 acompañada dun total de 85 sinaturas de veciñas e veciños.

En consecuencia, o Grupo municipal do BNG realiza o seguinte rogo: que o Goberno municipal estude a posibilidade de implementar unha zona de estacionamento prioritario con limitación

*de la Concordia existe una parada de autobuses urbanos de las líneas 1 y 12A. Pese a que recientemente se procedió a la renovación y ampliación de la acera, esta parada carece de marquesina. Por este motivo, las personas usuarias de los buses urbanos carecen de un espacio para sentarse mientras esperan la llegada del bus y también para protegerse de la lluvia o del viento.*

*Por dichas razones, el Grupo municipal del BNG formula el siguiente ruego: que el Gobierno municipal haga las gestiones pertinentes para que se dote de una marquesina a la parada del bus situada a la altura del número 188 de la avenida de la Concordia.*

***Cuarto. Ruego oral relativo a solicitud vecinal de crear una plaza de estacionamiento prioritario con limitación de tiempo en la calle Antonio Ríos.***

*En el Pleno de este pasado mes de marzo, a través de una pregunta escrita, este Grupo municipal y este concejal preguntamos sobre la posibilidad de estudiar la implantación de una zona de estacionamiento prioritario con limitación temporal en la calle Antonio Ríos a la altura de la farmacia ubicada en el número 6. Dicha pregunta se hacía eco —lo mismo que este ruego— de una solicitud vecinal ampliamente respaldada por vecinas y vecinos del barrio. Cuál no fue nuestra sorpresa cuando comprobamos que la respuesta que nos da el Gobierno municipal es que no les consta tal solicitud. Aclaramos que la misma fue debidamente presentada a través del Registro municipal con fecha de 29 de octubre de 2024 acompañada de un total de 85 firmas de vecinas y vecinos.*

*En consecuencia, el Grupo municipal del BNG realiza el siguiente ruego: que el Gobierno municipal estudie la posibilidad*

temporal á altura do número 6 da rúa Antonio Ríos para favorecer o acceso aos servizos que presta a farmacia alí situada.

**Quinto. Rogo oral relativo a respecto de declaracións de apoio da alcaldesa a proxectos de universidades privadas.**

**Señor Soto Díaz**

Rogo oral a respecto de declaracións de apoio da alcaldesa a proxectos de universidades privadas.

A institución de Alcaldesa-Presidenta do Concello ostenta a máxima representación do municipio. Por iso, a súa participación en actos que teñen por obxectivo promocionar intereses privados debería ser discreta.

Ante a mostra activa de apoio da alcaldesa, Inés Rey, á creación dunha nova universidade privada en Galiza, que se viría a unir á xa existente Universidade Intercontinental da Empresa, nun escenario marcado polo desinvestimento sostido da Xunta no sistema universitario público galego, puntal da creación e transmisión de coñecemento no noso país e garante real da igualdade de oportunidades entre as e os galegos, de todas as clases sociais e procedencias, o Grupo municipal do BNG realiza o seguinte rogo: que a alcaldesa da Coruña evite dar mostras públicas de apoio á creación de universidades privadas en Galiza. Ademais, rogamos que se axuste ao principio fundamental de lealdade interinstitucional que preside a súa función e que se comprometa coa defensa do interese xeral, todo o cal pasa por esixir un mellor trato ao sistema universitario público galego por parte da Xunta, nomeadamente esixindo a reversión do infrafinanciamento histórico ao que somete a Xunta á Universidade da Coruña.

*de implementar una zona de estacionamiento prioritario con limitación temporal a la altura del número 6 de la calle Antonio Ríos para favorecer el acceso a los servicios que presta la farmacia allí ubicada.*

***Quinto. Ruego oral relativo a respecto de declaraciones de apoyo de la alcaldesa a proyectos de universidades privadas.***

***Señor Soto Díaz***

*Ruego oral respecto a declaraciones de apoyo de la alcaldesa a proyectos de universidades privadas.*

*La institución de Alcaldesa-Presidenta del Ayuntamiento ostenta la máxima representación del municipio. Por eso, su participación en actos que tienen por objetivo promocionar intereses privados debería ser discreta.*

*Ante la muestra activa de apoyo de la alcaldesa, Inés Rey, a la creación de una nueva universidad privada en Galicia, que se vendría a unir a la ya existente Universidad Intercontinental de la Empresa, en un escenario marcado por la desinversión sostenida de la Xunta en el sistema universitario público gallego, puntal de la creación y transmisión de conocimiento en nuestro país y garantizador real de la igualdad de oportunidades entre las y los gallegos, de todas las clases sociales y procedencias, el Grupo municipal del BNG realiza el siguiente ruego: que la alcaldesa de A Coruña evite dar muestras públicas de apoyo a la creación de universidades privadas en Galicia. Además, rogamos que se ajuste al principio fundamental de lealtad interinstitucional que preside su función y que se comprometa con la defensa del interés general, todo lo cual pasa por exigir un mejor trato al sistema universitario público gallego por parte de la Xunta, concretamente exigiendo la*

Grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas ao Grupo municipal do BNG.

Turno para os rogos orais do Partido Popular

**ROGOS ORAIS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

**Primeiro. Rogo oral relativo aos equipamentos do Corpo da Policía Local e o de Bombeiros para axudar á mobilidade vertical en procesos de evacuación de persoas con mobilidade reducida.**

**Señora López Sánchez**

Grazas alcaldesa.

Rogo oral relativo aos equipamentos do Corpo da Policía Local e o de Bombeiros para axudar á mobilidade vertical en procesos de evacuación de persoas con mobilidade reducida.

O día 28 de abril foi só un exemplo da necesidade de estes equipamentos para persoas con mobilidade reducida, dillo unha persoa con mobilidade reducida que vive nun noveno.

É fundamental que tanto o Corpo de Policía como o de Bombeiros dispoñan de cadeiras de rodas especiais para escaleiras, tamén chamadas cadeiras de evacuación, por varias razóns claves relacionadas coa seguridade, a eficiencia e a inclusión.

Unha, a evacuación rápida en emerxencias, en situacións como

*reversión de la infrafinanciación histórica a la que somete la Xunta a la Universidad da Coruña.*

*Gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias al Grupo municipal del BNG.*

*Turno para los ruegos orales del Partido Popular*

***RUEGOS ORALES PRESENTADOS POR El GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR***

***Primero. Ruego oral relativo a los equipamientos del Cuerpo de la Policía Local y el de Bomberos para ayudar a la movilidad vertical en procesos de evacuación de personas con movilidad reducida.***

***Señora López Sánchez***

*Gracias alcaldesa.*

*Ruego oral relativo a los equipamientos del Cuerpo de la Policía Local y el de Bomberos para ayudar a la movilidad vertical en procesos de evacuación de personas con movilidad reducida.*

*El día 28 de abril fue solo un ejemplo de la necesidad de estos equipamientos para personas con movilidad reducida, se lo dice una persona con movilidad reducida que vive en un noveno.*

*Es fundamental que tanto el Cuerpo de Policía como el de Bomberos dispongan de sillas de ruedas especiales para escaleras, también llamadas sillas de evacuación, por varias razones claves relacionadas con la seguridad, la eficiencia y la inclusión.*

incendios, terremotos ou ameazas de seguridade, onde os ascensores soen atoparse fora de servizo ou non deben usarse. Estas cadeiras permiten evacuar rapidamente a persoas con mobilidade reducida polas escaleiras.

Dous, o acceso universal ten que ser equitativo. Ter estes equipos asegura que as persoas con discapacidade non queden excluídas dun rescate seguro e digno, cumprindo cos principios de accesibilidade e inclusión.

Tres, a protección tanto para os rescatistas como para as persoas asistidas. Estas cadeiras están deseñadas para permitir un transporte máis seguro e ergonómico reducindo o risco de lesións tanto para quen transporta como para quen é transportado. Moitos países e rexións exixen xa este tipo de equipamento en servizos de emerxencia como parte das súas normativas de accesibilidade e protección civil.

Por todos estes motivos, dende o noso Grupo municipal presentamos o seguinte rogo: solicitamos que o Goberno municipal dote tanto ao Corpo de Policía Local como ao de Bombeiros do equipamento necesario para a mobilización vertical a través de escaleiras daquelas persoas con mobilidade reducida. Dito equipamento deberá constar nomeadamente por cadeiras de evacuación nas súas distintas modalidades: cadeiras de ambulancia, cadeiras de rescate, cadeiras de rescate eléctricas, cadeiras modelo oruga ou dispositivos sube escaleiras para cadeiras de rodas, para seren usadas naquelas situacións nas que sexa preciso a prol da seguridade, a eficiencia e a inclusión no proceso de evacuación.

**Segundo. Rogo oral relativo á convocatoria do Consello de Inclusión Social.**

*Una, la evacuación rápida en emergencias, en situaciones como incendios, terremotos o amenazas de seguridad, donde los ascensores suelen encontrarse fuera de servicio o no deben usarse. Estas sillas permiten evacuar rápidamente a personas con movilidad reducida por las escaleras.*

*Dos, el acceso universal tiene que ser equitativo. Tener estos equipos asegura que las personas con discapacidad no se queden excluidas de un rescate seguro y digno, cumpliendo con los principios de accesibilidad e inclusión.*

*Tres, la protección tanto para los rescatistas como para las personas asistidas. Estas sillas están diseñadas para permitir un transporte más seguro y ergonómico reduciendo el riesgo de lesiones tanto para quien transporta como para quién es transportado. Muchos países y regiones exigen ya este tipo de equipamiento en servicios de emergencia como parte de sus normativas de accesibilidad y protección civil.*

*Por todos estos motivos, desde nuestro Grupo municipal presentamos el siguiente ruego: solicitamos que el Gobierno municipal dote tanto al Cuerpo de Policía Local como al de Bomberos del equipamiento necesario para la movilización vertical a través de escaleras de aquellas personas con movilidad reducida. Dicho equipamiento deberá constar especialmente por sillas de evacuación en sus distintas modalidades: sillas de ambulancia, sillas de rescate, sillas de rescate eléctricas, sillas modelo oruga o dispositivos sube escaleras para sillas de ruedas, para ser usadas en aquellas situaciones en las que sea necesario a favor de la seguridad, la eficiencia y la inclusión en el proceso de evacuación.*

Rogo oral relativo a convocatoria do Consello de Inclusión Social.

O Grupo municipal do Partido Popular presenta o seguinte rogo: convocar canto antes ao Consello de Inclusión Social para coñecer de primeira man as necesidades das entidades e procurar solucións no curto e no medio e longo prazo.

**Terceiro. Rogo oral relativo á convocatoria do Consello de Saúde.**

Rogo oral relativo á convocatoria do Consello de Saúde.

Na actualidade, na nosa cidade, o índice de transmisión de ITS é alarmante, atopámonos ante un verdadeiro problema de saúde pública. Un dos grupos máis afectados por este reponte son os adolescentes e persoas novas adultas, particularmente aquelas que se atopan nas primeiras etapas da súa vida sexual activa. O Goberno municipal non pode vivir dándolle as costas a esta realidade e tendo en conta esta como unha das principais razóns, dende o noso grupo municipal presentamos o seguinte rogo: convocar canto antes ao Consello de Saúde para coñecer de primeira man a realidade ca que nos atopamos na actualidade e procurar medidas preventivas no curto, no medio e no longo prazo dende o eido municipal.

**Cuarto. Rogo oral relativo á necesidade dunha memoria específica do Servizo de Igualdade e Benestar Social.**

Rogo oral relativo a unha memoria específica do Servicio de Igualdade e Benestar Social.

Pedimos que o Goberno municipal realice

***Segundo. Ruego oral relativo a la convocatoria del Consejo de Inclusión Social.***

*Ruego oral relativo a convocatoria del Consejo de Inclusión Social.*

*El Grupo municipal del Partido Popular presenta el siguiente ruego: convocar lo antes posible al Consejo de Inclusión Social para conocer de primera mano las necesidades de las entidades y buscar soluciones en el corto y en medio y largo plazo.*

***Tercero. Ruego oral relativo a la convocatoria del Consejo de Salud.***

*Ruego oral relativo a la convocatoria del Consejo de Salud.*

*En la actualidad, en nuestra ciudad, el índice de transmisión de ITS es alarmante, nos encontramos ante un verdadero problema de salud pública. Uno de los grupos más afectados por este repunte son los adolescentes y personas jóvenes adultas, particularmente aquellas que se encuentran en las primeras etapas de su vida sexual activa. El Gobierno municipal no puede vivir dándole la espalda a esta realidad y teniendo en cuenta esta como una de las principales razones, desde nuestro grupo municipal presentamos el siguiente ruego: convocar cuanto antes al Consejo de Salud para conocer de primera mano la realidad con la que nos encontramos en la actualidad y buscar medidas preventivas en el corto, en medio y en el largo plazo desde el campo municipal.*

***Cuarto. Ruego oral relativo a la necesidad de una memoria específica del Servicio de Igualdad y Bienestar Social.***

*Ruego oral relativo a una memoria específica del Servicio de Igualdad y*

as xestións oportunas para formular a memoria específica correspondente ao Servicio de Igualdade e Benestar Social que permita entender con claridade as prioridades e distribución dos recursos nesta área.

**Quinto. Rogo oral relativo á accesibilidade do Concello.**

E por último, rogo oral relativo á accesibilidade do Concello.

O Grupo municipal do Partido Popular realiza o seguinte rogo: solicitamos o cambio do elevador da entrada, que non permite o acceso a moitos usuarios de cadeiras de rodas automáticas debido ao seu tamaño, instalando un máis moderno que permita unha maior autonomía; a instalación dun timbre na entrada accesible para usuarios en cadeira de rodas que permita avisar ao persoal correspondente; facilitar a orientación nas salas e no edificio a través de pictogramas ás persoas con discapacidade cognitiva; facilitar os desprazamentos dentro do recinto así como aos contidos e á información usando Braille, audioguías e vídeos audiodescritos a aquelas persoas con discapacidade visual; e instalar un sistema de bucle magnético no Salón de Plenos, así como dispor de equipos de frecuencia modulada para persoas con discapacidade auditiva.

Mais nada pola miña banda, moitas grazas.

**Sexto. Rogo oral relativo ao apoio ao comercio local.**

***<u>Señora No Varela</u>***

*O pasado luns, a nosa cidade quedou ás escuras. Colapsaron os semáforos, fallaron os móbiles, as pantallas apagáronse e con todo, no medio dese*

*Bienestar Social.*

*Pedimos que el Gobierno municipal realice las gestiones oportunas para formular la memoria específica correspondiente al Servicio de Igualdad y Bienestar Social que permita entender con claridad las prioridades y distribución de los recursos en esta área.*

***Quinto. Ruego oral relativo a la accesibilidad del Ayuntamiento.***

*Y por último, ruego oral relativo a la accesibilidad del Ayuntamiento.*

*El Grupo municipal del Partido Popular realiza el siguiente ruego: solicitamos el cambio del elevador de la entrada, que no permite el acceso a muchos usuarios de sillas de ruedas automáticas debido a su tamaño, instalando uno más moderno que permita una mayor autonomía; la instalación de un timbre en la entrada accesible para usuarios en silla de ruedas que permita avisar al personal correspondiente; facilitar la orientación en las salas y en el edificio a través de pictogramas a las personas con discapacidad cognitiva; facilitar los desplazamientos dentro del recinto así como a los contenidos y a la información usando Braille, audioguías y vídeos audiodescritos a aquellas personas con discapacidad visual; e instalar un sistema de bucle magnético en el Salón de Plenos, así como disponer de equipos de frecuencia modulada para personas con discapacidad auditiva.*

*Nada más por mi parte, muchas gracias.*

***Sexto. Ruego oral relativo al apoyo al comercio local.***

***<u>Señora No Varela</u>***

El pasado lunes, nuestra ciudad se quedó a

*silencio dixital, algo brillou con máis forza que nunca: os nosos comercios locais. En cada barrio, mentres todo se detiña, os comerciantes non pecharon as súas persianas. Saíron á porta e alí estaban, alí estivemos, falando cos veciños, acougando os nervios, e regalando luz humana cando a outra fallaba.*

*Por todo iso rogo ao Goberno municipal, que desde este concello poñan en valor, de forma visible e concreta, o papel do comercio local como piar da nosa comunidade, que lles apoiemos non só con palabras, senón con accións e campañas que lembren á cidadanía que cando todo se apaga, eles seguen aí, son parte da alma dos nosos barrios.*

*Para iso, desde o Grupo municipal do Partido Popular reiteramos, reiteramos os rogos realizados durante esta lexislatura en canto ao mantemento das beirarrúas, mellora na iluminación das rúas, máis aparcamentos e mellores accesos a zonas comerciais e por suposto aumento da presenza de Policía Local que vele pola seguridade.*

*Hai 5 anos foi o COVID, o luns pasado o apagamento xeral. Non esperemos outra emerxencia para darnos conta de que o pequeno comercio, os establecementos locais, non é só unha opción de consumo, senón unha rede de coidado, de proximidade e de resistencia. Lugares onde se atopan e abastecen as persoas cando o sistema falla.*

*Moitas grazas.*

**Sétimo. Rogo oral relativo ao barrio do Castrillón.**

***<u>Señora Fariñas Andón</u>***

*Bos días a todos.*

oscuras. Colapsaron los semáforos, fallaron los móviles, las pantallas se apagaron y sin embargo, en medio de ese silencio digital, algo brilló con más fuerza que nunca: nuestros comercios locales. En cada barrio, mientras todo se detenía, los comerciantes no cerraron sus persianas. Salieron a la puerta y allí estaban, allí estuvimos, hablando con los vecinos, calmando los nervios, y regalando luz humana cuando la otra fallaba.

Por todo ello ruego al Gobierno municipal, que desde este ayuntamiento pongan en valor, de forma visible y concreta, el papel del comercio local como pilar de nuestra comunidad, que les apoyemos no sólo con palabras, sino con acciones y campañas que recuerden a la ciudadanía que cuando todo se apaga, ellos siguen ahí, son parte del alma de nuestros barrios.

Para ello, desde el Grupo municipal del Partido Popular reiteramos, reiteramos los ruegos realizados durante esta legislatura en cuanto al mantenimiento de las aceras, mejora en la iluminación de las calles, más aparcamientos y mejores accesos a zonas comerciales y por supuesto aumento de la presencia de Policía Local que vele por la seguridad.

Hace 5 años fue el COVID, el lunes pasado el apagón general. No esperemos otra emergencia para darnos cuenta de que el pequeño comercio, los establecimientos locales, no es sólo una opción de consumo, sino una red de cuidado, de cercanía y de resistencia. Lugares donde se encuentran y abastecen las personas cuando el sistema falla.

Muchas gracias.

***Séptimo. Ruego oral relativo al barrio del Castrillón.***

**<u>Señora Fariñas Andón</u>**

*O Grupo municipal do Partido Popular presenta o seguinte rogo oral relativo ao barrio do Castrillón.*

*Nesta primeira parte coincido co rogo presentado polo señor Jorquera. Na avenida da Concordia, á altura do número 184, realizáronse obras de mantemento na beirarrúa e os veciños demandan unha marquesiña na parada do bus na que só instalaron un banco.*

*Por outra banda, colocáronse dous contedores diante da terraza dun local de hostalería, nesta mesma beirarrúa que estabamos a comentar, o que lles está ocasionando diferentes problemas como a recollida de lixos que coincide, en ocasións, co horario no que o local está aberto e os clientes están na terraza.*

*Por todo o exposto, e debido a que estas peticións están a manifestalas os veciños de forma reiterada, rogo que o Goberno municipal dea as ordes oportunas e se proceda coa instalación da marquesiña e o cambio de localización dos dous contedores.*

*Grazas.*

**Oitavo. Rogo oral relativo ao incendio na rúa Olmos**

***Señor Coira Andrade***

*Rogo oral relacionado co incendio ocorrido hai uns días na rúa de Os Olmos.*

*O pasado venres, dous de maio, os coruñeses residentes na rúa dos Olmos espertáronse cun incendio iniciado polo mal estado dos cables da fachada do número 9. As características das edificacións desta rúa, desta mazá, da zona de Peixaría, estrutura e fachada de madeira, galería habitualmente, son de*

Buenos días a todos.

El Grupo municipal del Partido Popular presenta el siguiente ruego oral relativo al barrio del Castrillón.

En esta primera parte coincido con el ruego presentado por el señor Jorquera. En la avenida de la Concordia, a la altura del número 184, se han realizado obras de mantenimiento en la acera y los vecinos demandan una marquesina en la parada del bus en la que solo han instalado un banco.

Por otra parte, se han colocado dos contenedores delante de la terraza de un local de hostelería, en esta misma acera que estábamos comentando, lo que les está ocasionando diferentes problemas como la recogida de basuras que coincide, en ocasiones, con el horario en el que el local está abierto y los clientes están en la terraza.

Por todo lo expuesto, y debido a que estas peticiones las están manifestando los vecinos de forma reiterada, ruego que el Gobierno municipal dé las órdenes oportunas y se proceda con la instalación de la marquesina y el cambio de ubicación de los dos contenedores.

Gracias.

***Octavo. Ruego oral relativo al incendio en la calle Olmos***

**Señor Coira Andrade**

Ruego oral relacionado con el incendio ocurrido hace unos días en la calle de Los Olmos.

El pasado viernes, dos de mayo, los coruñeses residentes en la calle de los Olmos se despertaron con un incendio iniciado por el mal estado del cableado de la fachada del número 9. Las características

*rápida combustión en caso de conato de incendio. O Grupo municipal do Partido Popular, noutras ocasións preguntou e pediu que medidas que pensaba tomar o Concello para evitar esta situación destes cables colgados polas fachadas que as atravesan, moitas veces as rúas dun lado a outro e que ocasionan e que poden ocasionar perigo.*

*Por todo iso, o Grupo municipal do Partido Popular roga ao Concello que tome de maneira urxente as medidas oportunas para solucionar e definir de colocación dos cables dado o perigo que, neste momento representan e que pode provocar a repetición dunha situación de perigo de incendio como a que se sufriu hai uns días. Os cables están mal suxeitos ás fachadas, ao aire, atravesan e cruzan rúas dun inmoble a outro etc. Desde un punto de vista de seguridade e estético, é urxente, mellorar a situación e colocación dos cables, especialmente nas zonas de Peixaría e Cidade Vella, e moi especialmente polas características destas edificacións, cunhas estruturas de madeira, sen esquecer o resto da zona, das zonas a cidade nas que esta situación tamén se repite. Anéxanse unhas fotografías nas que se ve o cable colgando das fachadas dos inmobles.*

**Noveno. Rogo oral relativo aos contedores da rúa Torreiro.**

*Rogo oral relacionado cos contedores situados na rúa Torreiro.*

*Os veciños da rúa Galera libráronse duns contedores que supoñían un foco de sucidade permanente e unha visión desagradable para os usuarios dos locais de hostalería da zona e dos seus moitos paseantes. A solución dada polo Concello foi trasladalos da rúa Galera á rúa Torreiro, pasando así o problema dunha rúa a outra. Á altura do n°13, na*

de las edificaciones de esta calle, de esta manzana, de la zona de Pescadería, estructura y fachada de madera, galería habitualmente, son de rápida combustión en caso de conato de incendio. EL Grupo municipal del Partido Popular, en otras ocasiones ha preguntado y pedido qué medidas que pensaba tomar el Ayuntamiento para evitar esta situación de estos cables colgados por las fachadas que las atraviesan, muchas veces las calles de un lado a otro y que ocasionan y que pueden ocasionar peligro.

Por todo ello, el Grupo municipal del Partido Popular ruega al Ayuntamiento que tome de manera urgente las medidas oportunas para solucionar y definir de colocación del cableado dado el peligro que, hoy por hoy representa y que puede provocar la repetición de una situación de peligro de incendio como la que se ha sufrido hace unos días. El cableado está mal sujeto a las fachadas, al aire, atraviesa y cruza calles de un inmueble a otro, etc. Desde un punto de vista de seguridad y estético, es urgente, mejorar la situación y colocación del cableado, especialmente en las zonas de Pescadería y Ciudad Vieja, y muy especialmente por las características de estas edificaciones, con unas estructuras de madera, sin olvidar el resto de la zona, de las zonas la ciudad en las que esta situación también se repite. Se adjuntan unas fotografías en las que se ve el cable colgando de las fachadas de los inmuebles.

***Noveno. Ruego oral relativo a los contenedores de la calle Torreiro.***

Ruego oral relacionado con los contenedores situados en la calle Torreiro.

Los vecinos de la calle Galera se libraron de unos contenedores que suponían un foco de suciedad permanente y una visión desagradable para los usuarios de los locales de hostelería de la zona y de sus muchos paseantes. La solución dada por el

*rúa Torreiro, instaláronse os contedores, que poden apreciarse na fotografía, e que anteriormente estaban situados na rúa da Galera á altura dun baixo sen actividade comercial, que hoxe ten un restaurante. A solución dada polo Concello de cambialos de lugar prexudica a activade comercial doutra zona, neste caso da rúa da beira, a rúa Torreiro, un local de hostalería ten xusto pegado aos seus contedores unha terraza que soporta a presenza destes contedores, a acumulación de lixo diario e xeración de malos cheiros que todo isto provoca. Os responsables deste local de hostalería solicitaron reiteradamente por escrito ao Concello un cambio de localización e unha maior frecuencia na recollida para evitar que os clientes teñan que soportar estes malos cheiros e esta permanente presenza de contedores e lixo.*

*Por todo iso o Grupo municipal do Partido Popular roga a Inés Rey que solicite aos servizos municipais, responsables da supervisión da recolleita de lixos, a procura dunha nova localización de ditos contedores nun espazo e cuns horarios de recollida que non entorpezan e non dificulten a actividade comercial e o bo paseo dos nosos cidadáns.*

**Presidencia**

Ben, moitas grazas ao Partido Popular.

**Rogos escritos.**

**ROGOS ESCRITOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**

**Primeiro. Rogo escrito sobre a dotación duns sanitarios á pista de chave do Parque de Santa Margarida.**

Ayuntamiento fue trasladarlos de la calle Galera a la calle Torreiro, pasando así el problema de una calle a otra. A la altura del n°13, en la calle Torreiro, se instalaron los contenedores, que pueden apreciarse en la fotografía, y que anteriormente estaban situados en la calle de la Galera a la altura de un bajo sin actividad comercial, que hoy tiene un restaurante. La solución dada por el Ayuntamiento de cambiarlos de lugar perjudica la activad comercial de otra zona, en este caso de la calle de al lado, la calle Torreiro, un local de hostelería tiene justo pegado a sus contenedores una terraza que soporta la presencia de estos contenedores, la acumulación de basura diaria y generación de malos olores que todo esto provoca. Los responsables de este local de hostelería han solicitado reiteradamente por escrito al Ayuntamiento un cambio de ubicación y una mayor frecuencia en la recogida para evitar que los clientes tengan que soportar estos malos olores y esta permanente presencia de contenedores y basura.

Por todo ello el Grupo municipal del Partido Popular ruega a Inés Rey que solicite a los servicios municipales, responsables de la supervisión de la recogida basuras, la búsqueda de una nueva ubicación de dichos contenedores en un espacio y con unos horarios de recogida que no entorpezcan y no dificulten la actividad comercial y el buen paseo de nuestros ciudadanos.

***Presidencia***

*Bien, muchas gracias al Partido Popular.*

***Ruegos escritos.***

***RUEGOS ESCRITOS PRESENTADOS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO***

***Primero. Ruego escrito sobre la dotación***

Que o Goberno Municipal dea as instrucións oportunas para que se proceda á instalación dun sanitario portátil nas inmediacións da pista de chave do Parque de Santa Margarida.

**Segundo. Rogo escrito sobre o estado das beirarrúas entre os números 55 e 59 da rúa Vicente Aleixandre.**

Que o Goberno Municipal dea as instrucións oportunas para que se proceda á reparación das beirarrúas da rúa Vicente Aleixandre entre os números 55 e 59.

**ROGOS ESCRITOS PRESENTADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

**Primeiro. Rogo escrito relativo ao área canina de Novo Mesoiro.**

*Que o Goberno municipal proceda á limpeza da área canina de Novo Mesoiro e dea as ordes oportunas para a limpeza habitual e continuada de dita área.*

**Segundo. Rogo escrito relativo á billa de auga potable da fonte sita na pista Johan Cruyff.**

*Que o Goberno municipal dea as ordes oportunas e proceda canto antes á súa reparación.*

**Terceiro. Rogo escrito relativo á varanda de madeira do parque do barrio de Novo Mesoiro.**

*Que o Goberno municipal proceda á reparación ou substitución total da varanda de madeira perimetral que serve como elemento de seguridade no barrio de Novo Mesoiro, na súa cara cara a Pocomaco.*

**Intervencións**

***de unos sanitarios a la pista de llave del Parque de Santa Margarita.***

*Que el Gobierno municipal dé las instrucciones oportunas para que se proceda a la instalación de un sanitario portátil en las inmediaciones de la pista de llave del Parque de Santa Margarita.*

***Segundo. Ruego escrito sobre el estado de las aceras entre los números 55 y 59 de la calle Vicente Aleixandre.***

*Que el Gobierno municipal dé las instrucciones oportunas para que se proceda a la reparación de las aceras de la calle Vicente Aleixandre entre los números 55 y 59.*

***RUEGOS ESCRITOS PRESENTADOS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL PARTIDO POPULAR***

***Primero. Ruego escrito relativo al área canina de Novo Mesoiro.***

Que el Gobierno municipal proceda a la limpieza del área canina de Novo Mesoiro y dé las órdenes oportunas para la limpieza habitual y continuada de dicha área.

***Segundo. Ruego escrito relativo al grifo de agua potable de la fuente sita en la pista Johan Cruyff.***

Que el Gobierno municipal dé las órdenes oportunas y proceda lo antes posible a su reparación.

***Tercero. Ruego escrito relativo a la barandilla de madera del parque del barrio de Novo Mesoiro.***

Que el Gobierno municipal proceda a la reparación o sustitución total de la barandilla de madera perimetral que sirve como elemento de seguridad en el barrio de Novo Mesoiro, en su cara hacia Pocomaco.

**Presidencia**

Ata aquí o Pleno ordinario correspondente ao mes de maio.

Ó non haber máis asuntos que tratar, e ás catorce horas y doce minutos, a Presidencia levanta a sesión, e se redacta a presente acta que asinan e autorizan a Alcaldía Presidencia e o secretario xeral; todo elo consonte co disposto no artigo 110.2 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

***Intervenciones***

***Presidencia***

*Hasta aquí el Pleno ordinario correspondiente al mes de mayo.*

*No habiendo más asuntos que tratar, a las catorce horas y doce minutos, la Presidencia levanta la sesión, y se redacta la presente acta que firman y autorizan la Alcaldía Presidencia y el secretario general; todo ello de conformidad con lo dispuesto en el artículo 110.2 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, por el que se aprueba el Reglamento de organización, funcionamiento y régimen jurídico de las entidades locales.*

**Anexo**

## ESTATUTOS DO *INSTITUTO «JOSÉ CORNIDE» DE ESTUDIOS CORUÑESES*

## DISPOSICIÓNS XERAIS

O Excmo. Concello da Coruña, en sesión plenaria do 3 de xullo de 1964 resolveu crear o *Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses,* baixo o patrocinio do Excmo. Concello da Coruña.

En aplicación do artigo 124 da lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o citado Instituto configúrase como un órgano especial de administración, sen personalidade xurídica independente do Concello, que se integra na estrutura municipal como un servizo de carácter cultural e de investigación que non implica exercicio de autoridade, desconcentrado, que actúa con amplo marxe de autonomía en canto se refire á actividade cultural, científica e investigadora. Esta actividade será levada a cabo por personalidades relevantes do mundo intelectual, científico, académico, artístico e universitario fortemente vencelladas á Coruña.

Baixo a dependencia orgánica da Alcaldía, que o preside, o Instituto se encardina funcionalmente na Área de Cultura, onde contará con persoal específico ao que poder dirixirse, de forma que a xestión económica e administrativa do Instituto sexa máis eficaz e áxil.

Ao longo destes anos, a realidade demostra a necesidade de perfeccionar os seus Estatutos para un mellor funcionamento do citado Instituto, o que supón a derrogación dos vixentes Estatutos de 11 de xaneiro de 1988 e a aprobación duns novos unidos á presente proposta, cuxo texto é o que a continuación se insire.

Art. 1. O Instituto «José Cornide» ten os seguintes fins:

a. Realizar, publicar, impulsar e coordinar estudos, investigacións e actividades de natureza histórica, xeográfica, socio-económica, literaria, artística e científico-técnica, prestando especial atención á realidade socio-cultural e científica da cidade, da súa área de influencia e de Galicia.

b. Custodiar, conservar e poñer ao servizo dos investigadores os fondos documentais e bibliográficos procedentes de legados e doazóns cedidos á Institución, con especial atención ao Fondo Salvador de Madariaga.

c. Establecer e manter relacións con universidades, institucións e organismos científicos e culturais —españois e estranxeiros tanto públicos coma privados— para a realización conxunta de programas e actividades que contribúan ao mellor cumprimento dos seus fins.

Art. 2. O Instituto utiliza como emblema o escudo familiar de D. José Cornide que está na fachada da casa que habitou na Coruña o ilustre polígrafo que dá nome ao Instituto, acompañado da inscrición *Instituto «José Cornide» de Estudios Coruñeses*. Este emblema será usado en medallas, condecoracións, distintivos, publicacións, etc. As medallas levarán no anverso o emblema citado e no reverso o escudo da Coruña.

Art. 3. A sede do Instituto radica na Coruña, na Casa da Cultura «Salvador de Madariaga», na rúa Durán Loriga 10. O Concello poderá cambiar esta ubicación, oído previamente o Plenario do Instituto.

## OS MEMBROS DO INSTITUTO

Art. 4. Os membros do Instituto son de tres categorías: de Honra, de Número e Colaboradores. Todos eles son propostos pola Xunta de Goberno e elixidos, mediante votación secreta, polo Plenario do Instituto para a súa ratificación e nomeamento por parte da presidencia.

O seu nomeamento ten carácter vitalicio, agás que presenten a súa renuncia.

Art. 5. Os membros de Honra son elixidos entre as persoas de máxima relevancia social e cultural, e que contribuísen ao enriquecemento e potenciación da Institución.

Art. 6. Os membros de Número son elixidos entre aquelas persoas que destacasen no ámbito da investigación, a divulgación ou o estudo, que teñan obra ou traballos relacionados coa actividade da Institución. O seu número máximo é de 30.

Todo/a Numerario/a electo/a ten a obriga de presentar, dentro do prazo dun ano desde a súa elección (prorrogable en casos xustificados a xuízo da Xunta de Goberno), un traballo escrito de ingreso que versará sobre algún dos temas relacionados cos fins da Institución. Os artistas poderán optar pola entrega dunha obra orixinal existindo, neste caso, un único discurso que será o do Numerario/a encargado de facer a biografía de quen ingresa.

O discurso do membro electo, previamente presentado á Xunta de Goberno, será obxecto de contestación por parte doutro Numerario/a que se designe, quen deberá presentar a súa resposta no prazo de tres meses a partir da entrega do primeiro. Os dous discursos serán lidos en sesións públicas e solemnes, e publicados.

Art. 7. Os membros Colaboradores poderán utilizar os medios de investigación do Instituto e asistir ás reunións das Seccións ás que pertenzan. O seu número máximo é de 30.

## OS ÓRGANOS DE GOBERNO

Art. 8. Os órganos de goberno do Instituto «José Cornide» son: o Plenario do Instituto e a Xunta de Goberno.

## O PLENARIO DO INSTITUTO

Art. 9. O Plenario do Instituto está formado polo presidente/a, cargo que ostenta a persoa que desempeñe a Alcaldía da Coruña; o vicepresidente/a, que será o concelleiro/a que teña ao seu cargo a área de Cultura; os membros Numerarios e os de Honra, estes últimos con voz pero sen voto. Actuará como secretario/a quen exerza o cargo de director/a na Xunta de Goberno, que levantará acta do tratado e acordado.

Art. 10. As atribucións do Plenario do Instituto son:

a. Elixir ao director/a.

b. Elixir e nomear os membros de Honra, de Número e Colaboradores.

c. Aprobar as contas de ingresos e gastos ao remate de cada exercicio presentadas pola Xunta de Goberno, así como aos orzamentos previstos de cada exercicio.

d. Aprobar a memoria anual de actividades e o plan de actividades para o seguinte exercicio.

e. Propoñer as reformas do Estatuto.

f. Propoñer a disolución do Instituto.

g. Calquera outra misión referida ao funcionamento do Instituto a proposta da Xunta de Goberno.

Art. 11. O Plenario do Instituto reunirase con carácter ordinario unha vez ao ano e cantas extraordinarias sexan precisas cando a propoña a Xunta de Goberno ou un terzo dos Numerarios mediante escrito no que expoñan os motivos da mesma e os temas a tratar. Neste caso, o Instituto será convocado no prazo de quince días contados a partir da entrada da petición no Instituto.

Art. 12. O Plenario do Instituto quedará constituído en primeira convocatoria cando concorran maioría dos seus membros, ademais do presidente/a e secretario/a. Na segunda convocatoria, que se celebrará media hora despois da primeira, será suficiente coa presenza do presidente/a, o secretario/a e un terzo dos seus membros.

Art. 13. Os acordos serán adoptados pola maioría simple de votos. As votacións poderán ser secretas.

Art. 14. Son competencias da presidencia do Instituto:

a. Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións do Plenario do Instituto, así como dirixir as súas deliberacións e resolver os posibles empates co seu voto de calidade.

b. Ordenar a execución dos acordos adoptados polos órganos colexiados de goberno.

c. Asinar no nomeamento dos membros de Honra, de Número e Colaboradores e dar posesión dos mesmos.

d. Dar o visto e prace ás actas das sesións e aos balances e orzamentos do Instituto.

e. Representar ao Instituto en todos os actos públicos e nas relacións con outros organismos.

f. Calquera outra que non estean atribuídas expresamente á Xunta de Goberno ou á Dirección do Instituto.

En caso de ausencia será substituída pola vicepresidencia.

**A XUNTA DE GOBERNO**

Art. 15. A Xunta de Goberno está formada polo presidente/a do Instituto, o vicepresidente, o director/a e catro membros de Número, estes últimos elixidos para un período de catro anos. Todos os cargos da Xunta de Goberno son gratuítos.

Reunirase mensualmente en sesión ordinaria, e en extraordinaria cantas veces sexa preciso, convocadas pola presidencia.

Art. 16. Os catro membros de Número desempeñarán as seguintes funcións:

-Secretario/a-conservador/a.

-Tesoureiro/a.

-Vogal de publicacións.

-Vogal de Actos e Extensión Cultural.

Art. 17. As atribucións da Xunta de Goberno son as seguintes:

a. Presentar ao Plenario do Instituto os plans de traballo.

b. Confeccionar o orzamento anual e as contas de cada exercicio.

c. Redactar a memoria anual e establecer as previsións para o seguinte exercicio.

d. Coordinar as publicacións da Institución, fixando os traballos que se vaian a publicar.

e. Determinar os traballos do persoal do Instituto «José Cornide».

f. Manter relacións con outras institucións.

g. Organizar las actividades e actos da Institución.

h. Propoñer ao Plenario do Instituto a elección de novos membros.

i. Propoñer ao Plenario do Instituto a adscrición dos membros de Número e Colaboradores ás seccións.

O DIRECTOR/A

Art. 18. O director/a será elixido/a polo Plenario do Instituto entre os seus membros Numerarios. Desempeñará as seguintes funcións:

a. Propoñer os membros da Xunta de Goberno entre os Numerarios.

b. Cumprir e facer cumprir os Estatutos e os acordos dos órganos colexiados.

c. Coordinar o funcionamento das seccións do Instituto e dar conta das actuacións das mesmas podendo, se o considera preciso, reunir os seus presidentes.

d. Propoñer ao Plenario do Instituto as cuestións que lle competa resolver.

f. Coordinar os aspectos que afecten á vida cultural da Institución.

g. Encauzar as discusións e dirimir nas votacións con voto de calidade, cando non asistan a presidencia nin a vicepresidencia.

h. Actuar como secretario/a do Plenario do Instituto.

En caso de ausencia, enfermidade ou outras causas, será substituído/a polo membro Numerario de maior idade.

O SECRETARIO/A-CONSERVADOR/A

Art. 19. Correspóndelle as seguintes funcións:

a. Actuar como secretario/a da Xunta de Goberno, levantando actas e expedindo as certificacións necesarias.

b. Velar e custodiar os documentos da Institución, os libros de actas, diplomas,

premios, obxectos artísticos e históricos e todo tipo de documentos depositados na Institución.

c. Controlar o tratamento técnico dos fondos documentais e bibliográficos do Instituto «José Cornide».

En caso de ausencia, enfermidade ou outras causas, será substituído polo membro Numerario de menor idade.

O TESOUREIRO/A

Art. 20. Correspóndelle as seguintes funcións:

a. Confeccionar o orzamento anual para o seguinte exercicio.

b. Controlar ingresos e gastos do Instituto.

c. Dar conta do balance de gastos á Xunta de Goberno.

VOGAL DE PUBLICACIÓNS

Art. 21. Será quen se encargue de propoñer e coordinar as publicacións da Institución, tanto as de carácter periódico —a Revista anual do Instituto— como as puntuais que xurdan a proposta da Xunta de Goberno.

VOGAL DE ACTOS E EXTENSIÓN CULTURAL

Art. 22. Terá como misión presentar e coordinar todo tipo de actos de carácter cultural programados pola Xunta de Goberno.

## AS SECCIÓNS DO INSTITUTO

Art. 23. As seccións deben ser os principais axentes de actividade do Instituto e delas formarán parte os membros de Honra, de Número e os Colaboradores. Son as seguintes:

-Sección de Historia e Arquivos.

-Sección de Arte, Patrimonio e Literatura.

-Sección de Ciencias Sociais, Económicas e Xurídicas.

-Sección de Ciencias Físicas, Naturais e da Saúde.

Art. 24. En todas as seccións haberá un coordinador/a designado pola Xunta de Goberno, a proposta da sección respectiva, que se encargará de propoñer e organizar os traballos dos seus membros.

Art. 25. A proposta da Xunta de Goberno poderán crearse Comisións Científicas

interdisciplinares para realizar estudos dese carácter que poderán contar con colaboradores externos puntuais.

## O PERSOAL DO INSTITUTO

Art. 26. O Concello da Coruña proveerá ao Instituto «José Cornide» do persoal necesario para a realización dos seus fins. Este persoal municipal realizará a súa actividade de forma coordinada coa Dirección e a Secretaría do Instituto. Para o seu correcto funcionamento precísase, como mínimo:

a. Un coordinador/a de xestión.

b. Un técnico/a de arquivos.

c. Un funcionario/a auxiliar administrativo

## O RÉXIME ECONÓMICO

Art. 27. As fontes de financiamento son as achegas proporcionadas polo Concello da Coruña incluídas no seu orzamento ordinario.

Art. 28. A contabilidade do Instituto estará controlada e fiscalizada pola Intervención municipal.

## DISOLUCIÓN DO INSTITUTO

Art. 29. Acordada a disolución do Instituto «José Cornide», todo o patrimonio do mesmo será entregado ao Concello, agás aquelas doazóns ou legados nos que os respectivos doadores especificasen por escrito, no momento da entrega, outro destino, caso do Fondo Salvador de Madariaga.

Art. 30. Para a operación de liquidación nomearase unha comisión formada por seis membros, tres nomeados polo Concello da Coruña e outros tres pola Xunta de Goberno. Estará presidida por un dos representantes do Concello, que resolverá co seu voto de calidade calquera diferenza que se presente.

## DISPOSICIÓN FINAL

Art. 31. A Xunta de Goberno do Instituto «José Cornide» ou un terzo dos seus membros Numerarios poderá solicitar a modificación dos presentes Estatutos, que deberán ser aprobados polo Pleno do Concello da Coruña.